A dotación de tres profesionais, entre os que contamos con persoal de enfermería e persoal facultativo especialistas en urxencias e emerxencias, garante a atención e o manexo de calquera tipo de doente en situación crítica, ademais de aumentar a supervivencia dos pacientes que sufran un infarto agudo de miocardio, un ictus ou mesmo unha parada cardiorrespiratoria. Precisamente, outras comunidades autónomas como Euskadi, Illas Baleares, Andalucía, Cataluña, Illas Canarias, Murcia, Valencia e o Samur de Madrid levan tempo traballando na atención ás urxencias e ás emerxencias sanitarias con este mesmo modelo coa mesma dotación de persoal, cuns resultados que avalan a calidade asistencial na atención a calquera tipo de patoloxía urxente extrahospitalaria e interhospitalaria.

Reiterar que o dimensionamento da Rede de Transporte Sanitario Urxente faise de acordo aos estudos periódicos que realiza a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, polo que a ambulancia de soporte vital básico de reforzo diúrno mantense nos períodos do ano nos que a demanda asistencial asi o xustifica.

É indiscutible que unha ambulancia dotada con persoal facultativo e de enfermería ten maior capacidade de resolución e garante a atención e o manexo de calquera tipo de patoloxía crítica, ademais de aumentar a supervivencia dos pacientes que sufran un infarto agudo de miocardio ou unha parada cardiorrespiratoria. Este recurso pola súa dotación e capacidade de resolución pode abarcar unha maior variedade de patoloxías**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2019 12:12:41
Nº Rexistro: 51458
Data envío: 13/06/2019 12:12:41.767

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/06/2019 12:12:21

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2019 11:31:11
Nº Rexistro: 51168
Data envio: 11/06/2019 11:31:11.133
Data 11/06/2019 11:30

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **49930**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre "**as razóns da supresión, no concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente, dun técnico de Emerxencias Sanitarias na ambulancia medicalizada de Foz e as previsións da Xunta de Galicia respecto da modificación do prego de condicións técnicas do concurso para a súa reposición, así como a recuperación do servizo de vinte e catro horas da ambulancia asistencial de Foz**", (publicada no BOPG número 479 do 22 de maio de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

*Remitímonos á resposta facilitada polo conselleiro de Sanidade á pregunta n.º 50029 que tivo lugar no pleno do 28 de maio de 2019, pregunta formulada polo mesmo grupo parlamentario.*

*Tal resposta pode consultarse no seguinte enderezo:*

*http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-05-29?part=89c526cc-c1af-4e0e-8967-fdbf037a6387&start=8044*

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 11/06/2019 11:30:45

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2019 11:31:11
Nº Rexistro: 51168
Data envio: 11/06/2019 11:31:11.133

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/06/2019 11:30:45**

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 51507
Data envío: 13/06/2019 14:31:31.532
Data 13/06/2019 14:31

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 50306,** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da aprobación do proxecto de circunvalación de Carballo no ano 2019, a inclusión nos orzamentos de 2020 dunha partida para a súa licitación e o inicio da súa execución, así como como o mantemento dalgunha conversa co alcalde ao respecto"**, (publicada no BOPG número 483 do 5 de xuño de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

**"**A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade en resposta á pregunta oral urxente en Pleno número 50486, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da sesión plenaria celebrada o 11 e 12 de xuño, á que os remitimos.

Na súa resposta, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade sinalou, entre outras cuestións, que a Xunta impulsará a variante de Carballo dividindo a súa execución en fases, co fin de facilitar un investimento que supera os 25 millóns de euros. Así mesmo, indicou que a Xunta vai afrontar esta infraestrutura con seriedade, falando co alcalde, e paso a paso, e adiantou que os Orzamentos da Xunta do vindeiro ano reservarán unha partida específica e concreta para a variante de Carballo.

A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-06-12?part=5e197c67-db57-4884-8e4b-b7e18ac685c7&start=389

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



163978
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 13/06/2019 14:31:06

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 51507
Data envío: 13/06/2019 14:31:31.532

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-06-12?part=5e197c67-db57-4884-8e4b-b7e18ac685c7&start=713

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asinado dixitalmente por:

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/06/2019 14:31:06**

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
12 XUÑ. 2019
SAÍDA
Num. 126

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
13 XUÑ. 2019
Núm. 51476

Achégolle copia, en formato dixital, *da **Memoria de Servizo Público da Corporación RTVG correspondente ao exercicio 2018*** que será presentada polo director xeral da CRTVG na súa próxima comparecencia, na sesión da Comisión de Control da CRTVG coa finalidade da súa distribución entre os grupos parlamentarios representados na *Comisión Permanente non lexislativa de Control da Corporación de RTVG.*

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

ANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 11/06/2019 11:29:25

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

# MEMORIA DE SERVIZO PÚBLICO 2018

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA


INTRODUCIÓN ........ 7

CAPÍTULO 1. As relacións laborais na CRTVG ........ 15
1.1. Negociacións coa parte social ........ 15
1.2. Renovación tecnolóxica ........ 19
1.3. Seguridade e saúde laboral ........ 20
1.4. Formación e selección ........ 22

CAPÍTULO 2. O panorama dos medios de comunicación ........ 27
2.1. Audiencias xerais das canles da CRTVG ........ 29
2.2. Referencia informativa ........ 36
2.3. Referencia para o entretemento ........ 39
2.4. Conclusións ........ 42

CAPÍTULO 3. Os servizos informativos da CRTVG ........ 45
3.1. Informativos da Televisión de Galicia........ 46
3.2. Informativos da Radio Galega........ 58
3.3. Informativos nas canles dixitais........ 66

CAPÍTULO 4. Os contidos e emisións da CRTVG........ 69
4.1. Programación televisiva ........ 70
4.2. Produción allea ........ 88
4.3. Emisións televisivas ........ 93
4.4. Dobraxe e subtitulación ........ 98
4.5. Programación radiofónica ........ 99
4.6. Contidos dixitais ........ 113
4.7. Dixitalización na área de Contidos ........ 115
4.8. Dinamización da web e redes sociais........ 116

CAPÍTULO 5. Relación co sector audiovisual ........ 119
5.1. Proxectos recibidos........ 119
5.2. Proxectos aprobados no 2018........ 121
5.3. Relación global co sector audiovisual........ 122
5.4. Promoción e presenza exterior das producións galegas........ 123

CAPÍTULO 6. O desenvolvemento tecnolóxico........ 125
6.1. Implementación do Sistema de Produción e Arquivo Dixital ........ 125
6.2. Adecuación dun set de directos na nova redacción da televisión........ 126
6.3. Actualización e ampliación do sistema de subtitulación da emisión........ 126
6.4. Actualización do sistema de xeración de caracteres........ 127
6.5. Renovación de cámaras ENG nas delegacións........ 127
6.6. Nova mochila para a realización de directos........ 127
6.7. Modernización do parque de receptores profesionais de satélite........ 127
6.8. Renovación dos equipos de monitoramento para adaptación ao novo formato de vídeo en alta definición........128
6.9. Adaptación do equipamento do programa O Tempo para os estándares da emisión en HD........128


CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

6.10. Subministración de mesas de mestura de son para a RG nas delegacións de Lugo e Ourense ........ 128
6.11. Equipamento para retransmisión e directos na Radio Galega........ 128
6.12. Adaptación dos estudios das delegacións da Radio Galega para realización de programas de debate ........ 129
6.13. Renovación do sistema de alimentación ininterrompida para a área técnica da televisión........ 129

**CAPÍTULO 7 Canles dixitais ........ 131**
7.1. Datos estatísticos ........ 132
7.2. Datos demográficos e xeográficos ........ 132
7.3. Provedores de servizo e dispositivos ........ 132
7.4. Canles principais de conversión ........ 133
7.5. Proxectos destacados ........ 135
7.6. Redes sociais,as novas canles de comunicación da CRTVG........ 136

**CAPÍTULO 8. O servizo de Documentación e Arquivo ........ 139**
8.1 Traballos previos para a conversión do Arquivo dixital ........ 139
8.2. Servizo público e apoio á sociedade galega ........ 140
8.3. O Arquivo histórico en liña "pasouoquepasou.crtvg.es" ........ 141
8.4. Datos de explotación do arquivo en 2018 ........ 141
8.5. Arquivo Sonoro da Radio Galega ........ 144

**CAPÍTULO 9. Normalización lingüística ........ 153**
9.1. Adaptación ao proceso de transformación dixital da CRTVG ........ 153
9.2. Equipo de asesores lingüistas ........ 154
9.3. Principais cometidos ........ 154
9.4. Colaboracións de normalización lingüística........ 155
9.5. Formación de asesores lingüistas........ 155

**CAPÍTULO 10. A Proxección Social da CRTVG ........ 157**
10.1. Accións de Responsabilidade Social Corporativa........ 157
10.2. Coordinación Creativa ........ 159
10.3 Comunicación e conversa co público ........ 160
10.4. Igualdade e tratamento da violencia de xénero ........ 162
10.5. Apoio ás persoas con discapacidade ........ 165
10.6. Accións internacionais ........ 166
10.7. Eventos no eido da Responsabilidade Social Corporativa........ 169
10.8. Convenios e colaboración con organismos........ 170
10.9. Responsabilidade social na publicidade........ 170
10.10. Visitas á CRTVG........ 171
10.11. A CRTVG en FORTA: a campaña Lo Veo ........ 172

**CAPÍTULO 11. O control sobre a CRTVG ........ 173**
11.1. O Consello de Administración da CRTVG ........ 173
11.2. Funcionamento do Consello de Administración ........ 179
11.3. Parlamento de Galicia........ 228

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## INTRODUCIÓN 2019

O 1 de xaneiro de 2016 nacía a Corporación Radio e Televisión de Galicia, participada ao 100% pola Xunta de Galicia, despois de que o 4 de decembro de 2015 o Diario Oficial de Galicia publicara o decreto polo que se extinguía a entidade de dereito público Compañía de Radio-Televisión de Galicia, unificándose as tres entidades instrumentais existentes ata aquel momento (Compañía de Radio-Televisión de Galicia, Radiotelevisión Galicia, S.A. e Televisión de Galicia S.A.).

A creación da Corporación RTVG encádrase no novo marco regulamentario do sector da comunicación audiovisual, que parte da aprobación da Lei 7/2010, de 31 de marzo, xeral de Comunicación Audiovisual, a cal persegue adecuar a prestación do servizo público de comunicación audiovisual ás novas esixencias dun sector e un mercado cada vez máis innovador e que, por outra parte, non resultou alleo á crise económica.

A configuración do ente público aplica o establecido na Lei 9/2011 de Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia, na que tamén se establecen os mecanismos de control correspondentes, como os procesos de rendición de contas que, con carácter anual, ten que seguir a CRTVG. Entre elas, a edición e presentación desta Memoria de Servizo Público que xa foi primeiramente trasladada ao Consello de Administración da Corporación.

Por outra banda, o Mandato Marco da Corporación Radio e Televisión de Galicia, publicado no DOG o 29 de decembro de 2015, no seu artigo 7 de "Control polo Parlamento", explicita que, de conformidade co previsto na Lei 9/2011, o Parlamento de Galicia desenvolverá as funcións de control da Corporación mediante, entre outras medidas, o control da xestión e do cumprimento da función de servizo público a través da Comisión Permanente non lexislativa de Control da CRTVG.

A lei prevé a existencia dese Mandato Marco no que o Parlamento de Galicia reflicte os termos e criterios que definen, por un período de nove anos, as liñas básicas para a prestación do servizo que lle cómpre á CRTVG. Deste xeito, ese instrumento contén as indicacións suficientes como para informar da estratexia da Corporación.

O preámbulo dese Mandato Marco sinala como fundamental garantir que o servizo público de comunicación audiovisual de Galicia cubra as necesidades de información, cultura, educación e entretemento da sociedade galega, e contribúa a preservar o pluralismo nos medios de comunicación, así como á normalización da lingua galega, ao reforzamento da identidade de Galicia, á promoción da cultura galega e ao impulso da súa industria audiovisual. Todo isto coa finalidade de que a entidade prestadora se consolide como un instrumento eficaz de vertebración social, cultural e económica de Galicia, así como de promoción e dinamización da lingua galega.

Con ese obxectivo, a Lei 9/2011 encomenda á Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (Corporación RTVG) a xestión do servizo público de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, sometendo a súa actividade a unha serie de valores que emanan do respecto e da defensa dos principios

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que informan a Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia, e dos dereitos e liberdades que neles se recoñecen e garanten.

O mandato marco emanado do Parlamento é, polo tanto, a ferramenta estratéxica para a concreción do modelo de radio-televisión de Galicia e, en fin, para o cumprimento dos obxectivos xerais da función de servizo público da Corporación RTVG. A este respecto, merece especial atención o principio de eficiencia na prestación do servizo público da Corporación RTVG, orientado a cumprir coas exixencias de consolidación fiscal e estabilidade orzamentaria.

Á luz de todo o anterior, este mandato marco configúrase como o instrumento de orientación estratéxica para desenvolver o servizo público audiovisual de Galicia, adaptándoo aos cambios tecnolóxicos, económicos e de usos sociais que impoñen a evolución da sociedade da información e do coñecemento, as políticas audiovisuais europeas e nacionais, as directivas comunitarias de servizos audiovisuais e a Axenda Dixital 2020.

De conformidade co previsto na Lei 9/2011, o Parlamento de Galicia desenvolve as funcións de control da Corporación RTVG mediante a elección dos membros do Consello de Administración; a elección e, de ser o caso, a revogación do seu director; o coñecemento do informe anual sobre a execución e resultado do contrato programa, e o control da xestión e do cumprimento da función de servizo público a través da Comisión Permanente non lexislativa de Control da CRTVG.

Teimando no corpo normativo que rexe a actuación da Corporación, desde principios de 2017 existe un Plan de Actuación xeral da CRTVG 2017-2019, que se atopa publicado no Portal de Transparencia do portal crtvg.gal. Este documento traza as liñas de actuación estratéxicas da corporación, e nese marco teórico se encadra a edición e presentación desta memoria anual. Ao respecto deste Plan de Actuación 2017-2019, o Portal de Transparencia recolle tamén o informe de seguimento anual no que se detalla o grao de cumprimento das medidas, o que reflicte a proxección da actividade da Corporación.

Coa presente memoria preténdese ao tempo dar conta da execución do Mandato Marco da Corporación Radio e Televisión de Galicia, do que os principios inspiradores constitúen unha verdadeira guía da misión de servizo público encomendada á CRTVG.

A CRTVG retransmite as 24 horas do día en dúas canles de TDT, dúas por satélite para Europa e América, e tres da Radio Galega. A isto súmanse outras fiestras en dixital, entre elas varias canles temáticas en soporte IP, como enserie.gal, vivea.gal ou pasouoquepasou, o arquivo en liña dos medios públicos. Cuns servizos informativos líderes, a TVG pechou 2018 cunha audiencia media do 10%, encabezando as televisións rexionais e apoiada por un destacado crecemento da Radio Galega e dos medios dixitais.

## A contorna audiovisual europea

É precisa tamén unha ollada á contorna audiovisual na que se inscribe a CRTVG para entender os formulamentos de futuro que se están a acometer na canle galega. En

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

outubro de 2018, o Parlamento Europeo aprobou o texto definitivo da revisión da Directiva 13/2010/EU de Servizos de Medios Audiovisuais cun prazo de transposición de 21 meses, e o sector afronta tamén a emigración das frecuencias da televisión dixital terrestre da banda de 700 megahercios para deixar espazo libre para o despregue da tecnoloxía telefónica de 5G, ao cal pode engadirse as continuas transformacións no ámbito dos medios de comunicación, tanto públicos como privados.

Noutra liña, son globais xa os cambios de uso e consumo de contidos audiovisuais na sociedade europea e global a nivel xeral con respecto aos medios de comunicación, tamé os galegos. E todo iso marca o paso da CRTVG, que chega a 2019 saneada economicamente e modernizada tecnoloxicamente, pero que aínda ten que cambiar máis, vixiar de preto a súa coxuntura económica e sectorial, innovar e avanzar para adaptarse a ese novo ecosistema dixital de medios de comunicación se queremos que a lingua e a cultura galegas sigan dispoñendo dunha plataforma competitiva a nivel local e global, segundo as nosas capacidades.

Fronte a un dominante panorama internacional liderado polas grandes redes dixitais e as megaplataformas de comunicación que teñen millóns de usuarios en todos os lugares –aquí tamén- como son as chamadas GAFAN (Google, Amazon, Facebook, Apple e Netflix), a nova normativa europea trata de preservar a pluralidade dos medios públicos e privados para soster a diversidade cultural e lingüística no novo ecosistema da sociedade de Internet. Isto significa tamén que os medios audiovisuais públicos non só teñen que desenvolver contidos tradicionais de radio e televisión senón tamén innovar e multiplicarse máis para estar presentes nas novas redes dixitais e plataformas de Internet.

A pretensión en 2015 dos operadores de telefonía europeos era que no 2020 se producise a supresión da TDT para deixar liberado todo o espectro radioeléctrico para as comunicacións móbiles. Pero a Comisión Europea logrou atopar unha solución de consenso 20/25/30 para repartir a banda de 700 MHz para telefonía móbil e a de 470-694 para a radiodifusión a partir de 2020 e ata 2030, cunha revisión da situación en 2025, para planificar a cuarta década. Así que a televisión dixital terrestre seguirá viva durante a próxima década a través da banda sub 700 MHz.

A supresión da rede de TDT como sistema de difusión da televisión dixital terrestre tería un impacto enorme en países como España, Italia, Grecia, Francia, Reino Unido, República Checa, Hungría, Lituania, Letonia, Lituania, Malta e Suecia. A cobertura da TDT na Unión Europea, como sistema primario e secundario, chega a 100 millóns de fogares e 230 millóns de cidadáns. En Galicia, se todo o sistema de recepción da televisión xeral en aberto quedase cortado a partir de 2020 e todos os televisores tivesen que conectarse ao cable, satélite ou Internet, moitas zonas e lugares do noso país quedarían sen televisión de pronto.

E neste contexto é no que radiotelevisións públicas europeas tanto estatais como rexionais están a prepararse para garantir a súa supervivencia nun escenario no que a distribución de servizos audiovisuais desde a nube está máis preto cada día. A dixitalización é o foco principal en todas as corporacións audiovisuais e algunhas delas xa destinan o 30% dos seus orzamentos para producir contidos para as novas plataformas de difusión de Internet, sen deixar de desatender a radiotelevisión tradicional, producir e

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

difundir contidos a través da creación de plataformas propias e doutras alleas, mesmo a través das grandes redes dixitais. E nesta liña se traballa, na medida das posibilidades e recursos, na CRTVG, para adaptarse aos cambios que requiren as próximas décadas.

Eses cambios nas formas de consumo e acceso aos contidos audiovisuais por parte das audiencias requiren a modificación en consecuencia das rutinas e oficios profesionais, mediante a achega de máis talento creativo e innovación por parte dos recursos externos e internos. Nestes obxectivos só se pode avanzar se todas as partes internas e externas da organización comprenden a trascendencia desas tendencias de cambio que se anticipan para as próximas décadas. E eses cambios empezaron a implementarse coa reorganización acometida no 2017, e que se consolidou no 2018.

## Diálogo aberto coa audiencia e novos soportes

Desde maio de 2017, a CRTVG está organizada en cinco grandes áreas: área de Xestión Corporativa, área de Información e Documentación, área de Contidos, área de Soporte Tecnolóxico e Medios, e área de Innovación e Negocio. Xunto ao nomeamento dunha Adxunta ao director xeral creouse a Oficina do/a Director/a Xeral, na que se integra o departamento de Proxección Social.

Baixo esta reorganización tivo lugar plenamente toda a actividade da CRTVG no 2018, actividade que se detalla nos seguintes capítulos que se planificou e implementou tendo como referenza o mandato de servizo público de remarcar a identidade galega e xogar un papel normalizador da lingua galega, o que da razón de ser aos medios públicos.

2018 foi anunciado como o ano da implantación do novo sistema de produción dixital, e así foi. Todos os ámbitos da Corporación viviron un gran cambio organizativo e operativo, acompañado dun intenso proceso formativo para os profesionais da CRTVG en todos os seus niveis. O obxectivo disto: completar a dixitalización da Corporación e preparala para a chegada da alta definición (HD) á TVG, prevista para o primeiro trimestre de 2019.

## Proceso de produción dixital completado en outubro de 2018

Cun investimento total de 12,8 millóns de euros, ese proceso de dixitalización dos sistemas, relocalización de equipos e espazos de traballo e unha inxente migración de datos, así como a citada formación do persoal supuxo un gran esforzo para a Corporación, e o seu éxito reside en grande medida, na resposta dos traballadores e traballadoras e a súa implicación.

Xa no primeiro semestre do ano quedaron definidos os principais novos procesos de traballo, para o cal elaborouse un mapa de procesos que foi a base do denominado Plan de Pre-arranque, posto en marcha nas catro semanas anteriores á saída ó aire do primeiro informativo en formato 100% dixital.

O proceso estivo acompañado en todo momento dun programa formativo de reforzo da formación de todo o persoal implicado, que supuxo un intenso período de prácticas no

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sistema, probas técnicas, ensaios mecánicos e a edición de programas pilotos. A principal dificultade estribou en manter as emisións habituais en sistema analóxico ao mesmo tempo que se desenvolvían as probas e se reforzaba a formación do plantel da TVG, que respondeu con máxima profesionalidade e implicación ao reto.

Isto foi clave para o cumprimento dos obxectivos, en prazo, e para que o 29 de setembro se puidera emitir co novo sistema “A Revista Fin de Semana”, espazo que estreou o formato dixital. O martes 2 de outubro emitíanse nel os telexornais e ao día seguinte, 3 de outubro, completouse o proceso coa emisión do “Bos Días” e “A Revista”.

Deste xeito, na última semana de outubro quedaron integradas no sistema de produción dixital as catro delegacións de Galicia, mentres que a Delegación de Madrid se incorporou na primeira semana de novembro. Desde ese momento, iniciouse un proceso de revisión continua e de análise da eficiencia dos novos fluxos, para implementar as melloras precisas na calidade do servizo público e na eficiencia e responsabilidade empresarial. Xa en novembro tivo lugar a integración no sistema de produción dixital dos contidos de Produción Propia Externa e Produción Allea coa dificultade engadida de integrar tecnicamente os múltiples formatos en que chegan eses contidos á CRTVG.

A posta en marcha da plataforma de produción dixital na TVG implicou un novo plantexamento da organización do traballo na Área de Información e Documentación. A redacción de informativos articúlase agora en torno a unha Mesa Central na que se integran tamén as áreas de Documentación, Produción e Realización, e Contidos Web, nun *pool* de responsables que coordina a produción dos contidos. Ao seu redor, os redactores/as organízanse en áreas temáticas, para mellorar o seguimento da actualidade e vertebrar os contidos coas demais áreas da casa. Neste sentido, o avance é significativo xa que se traballa cunha única escaleta de previsións no que se refire á produción informativos.

Así mesmo, coa reorganización dos servizos informativos xurdiron novas figuras como os operadores de inxesta PAM e os operadores de Media, que desenvolven o seu traballo na propia redacción, integrados nas rutinas de traballo diario.

O modelo de organización nos servizos informativos conta coa área de Contidos Web na Mesa Central, coa finalidade de integrar en tempo real a web e as redes sociais no abano de canles para os contidos únicos. A filosofía responde ao plantexamento de que os medios públicos galegos sexan produtores de contidos non só para televisión senón para todos os soportes o cal supón un cambio no xeito de traballar, non so un cambio tecnolóxico, e unha nova forma de narrar e de adaptación das funcións dos redactores/as, imprescindibles para acadar a verdadeira transformación dixital.

O servizo de Arquivo e Documentación é fundamental no novo modelo de traballo, e se escenifica coa presenza dun documentalista nesa Mesa Central e no feito de que se poida acceder dende calquera posto aos contidos do Arquivo, o que repercute positivamente na eficacia do proceso de traballo e calidade dos contidos. Ademais, a dixitalización do arquivo histórico da CRTVG estase acometendo segundo o plan previsto, coa progresiva inxesta no novo sistema dos materiais, e coa previsión de que parte do

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

material de Arquivo deberá dixitalizarse externamente, cun tratamento específico, para o que haberá que plantexar no futuro un procedemento admistrativo *ad hoc.*

Xa desde o inicio da temporada, á volta do verán, nas redaccións da TVG e a Radio Galega traballase transversalmente, centrando a atención no produto e no público, e non na canle na que é distribuído como ata hai pouco máis dun ano, e esa relación coa audiencia faise cada vez máis próxima e directa grazas ás redes sociais, do que se falará máis adiante neste informe.

## Nova etapa nos informativos

No 2018, os servizos informativos da TVG e da Radio Galega estrearon nova etapa con cambios notables nos seus formatos, a integración das redaccións e a máxima atención ás redes sociais. A información de proximidade e a aposta pola cultura poderían ser o titular de resumo do ano.

Así, naceu unha coordinación conxunta de todos os contidos culturais, a estratexia #cultura365, que se aplica a todos os espazos e contidos de televisión, radio e Internet. A estratexia definida para o “Diario Cultural”, que tanta polémica ten levantado nalgúns eidos, foi apoiada maioritariamente pola audiencia, xa que chega, segundo o último Estudo Xeral de Medios (EXM) do ano, a máis de 45.000 oíntes diarios de luns a venres e 100.000 na fin de semana, con catro edicións diarias de luns a venres e tres na fin de semana. Así, “Diario Cultural”, que na anterior onda do EXM alcanzara os 3.000 oíntes, acadou o seu mellor dato na faixa da mañá, onde é seguido por 35.000 persoas. E a traxectoria segue medrando de cara ao inicio do 2019.

O mesmo acontece nos informativos de televisión, sobre o que se abonda no capítulo correspondente, que son líderes en Galicia, tanto na faixa de mediodía coma na do serán. De feito, o “Telexornal Serán” foi ampliado e chega agora desde as 20.45 ata as 21.45h, hai novos espazos para 'O tempo' e máis información local ao longo do día. E tamén houbo cambios na cultura: “Zigzag”, o programa máis galardoado da historia dos premios da Academia Galega do Audiovisual, pasou a emitirse tamén na fin de semana na primeira canle da TVG, antes do "Telexornal Mediodía", polo que se achega ao público os sete días das semana.

Tamén foi reestruturado o equipo que edita contidos tanto para o portal web crtvg.gal, como para as redes sociais. No 2018, preto de 400.000 persoas seguiron os contidos da CRTVG nas redes sociais de forma habitual, o que supuxo un incremento do 80% con respecto a 2017. Esta aposta polas novas linguaxes e soportes dixitais foi posible gracias ao equipo de informativos de “Mesa de Tempo Real”, no que se afonda máis adiante tamén, e que traballa para alimentar a web e as redes sociais.

A audiencia apoia a nova etapa dos medios galegos. Televisión de Galicia acadou unha cota de 10% no acumulado anual de 2018, cifra que sobe ata o 10,8% durante o *prime time*. A canle pública galega seguiu a actuar como un dos principais motores da rede de televisións autonómicas de FORTA ao situarse dous puntos por riba da media e mantén a segunda posición, sendo, xunto coa catalá TV3, a única que supera unha cifra de dous

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

díxitos entre as canles da FORTA. Os espazos informativos e os do entretemento do *prime time* son os máis seguidos pola audiencia galega, que valora a información de proximidade que achega a Galega, especialmente na faixa do mediodía, os sete días da semana.

No terceiro e último EXM do ano, a Radio Galega viuse reforzada, xa que incrementou a súa audiencia, situándose como a única emisora que sobe de luns a domingo en Galicia, con 133.000 oíntes diarios de luns a domingo, e 131.000 de luns a venres. Ademais, é salientable a subida de Radio Galega Música, que aumentou a súa audiencia nun 67% e chega aos 20.000 oíntes. O estudo tamén recolle que crece o liderado da Radio Galega durante a madrugada e durante a emisión do "Galicia en Goles", do "Convivir Deportivo" e do "Galicia por Diante" do sábado.

## Obxectivos para 2019

O primeiro obxectivo do ano 2019 será completar os trámites necesarios para o inicio das emisións en HD polas dúas canles, no primeiro trimestre do ano, de forma que todos os informativos, o deporte, a cultura e o entretemento chegarán aos fogares na máxima calidade.

Tamén, consolidar a integración das redaccións e a transversalidade dalgunhas funcións, como as que desenvolven os equipos de contidos web, tanto en informativos, na "Mesa de Tempo Real" como no eido dos contidos de entretemento, unha área esencial nesta nova etapa na que os soportes dixitais son a principal vía de acceso da audiencia máis nova, a que segue a elixir a televisión e a radio galegas pero que se achega a través das canles dixitais e consume os contidos á carta a través de dispositivos móbiles.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# 1. AS RELACIÓNS LABORAIS NA CRTVG

Ao respecto da política socio-laboral da CRTVG durante o ano 2018, podemos salientar os seguintes aspectos:

## 1.1 Negociacións coa parte social

Unha das principais características nas relacións laborais da CRTVG baséase na interlocución entre a parte social e a empresa, existindo na actualidade diferentes foros de negociación abertos, relativos a aspectos diversos relacionados coa actividade habitual da empresa e doutras cuestións organizativas e técnicas.

O obxectivo da apertura destas comisións de negociación parte da vontade de chegar a acordos beneficiosos para a empresa e os traballadores, así como obter a perspectiva e análise dos representantes dos traballadores/as. Neste caso, debemos mencionar as xuntanzas dos diferentes comités e os principais acordos aos que se chegaron ao longo do 2018.

**Comité Intercentros**

Este comité ten competencia naqueles asuntos que afecten máis dun centro de traballo (artigo 114 do Convenio Colectivo).

No ano 2018 realizáronse 19 xuntanzas. Delas, podemos destacar os seguintes acordos e cuestións:

- Análise do cadro de persoal para o ano 2018, así como as previsións a futuro relativas a xubilacións, vacantes netas e necesidades previstas.
- Acordo sobre o uso dos teléfonos móbiles para a captación de imaxes e para a súa emisión.
- Estudo sobre a posibilidade de que os/as traballadores/as con contratos de xubilación parcial poidan concentrar nun único período ininterrompido as horas de traballo que deban realizar ata a súa xubilación plena.
- Adxudicacións de códigos do cadro de persoal.
- Proceso de constitución do grupo soporte, unha nova unidade orgánica da corporación que xurdiu con motivo do proceso de dixitalización.
- Creación dunha Comisión paritaria de igualdade, co obxectivo da negociación dun Plan de Igualdade para a CRTVG en setembro de 2018.

En xeral, tamén se trataron nestas reunións os modelos de organización dos departamentos, a posta en marcha do proceso de dixitalización e as modificacións horarias como resultado da programación e da dixitalización, entre outros.

**Comisión de Clasificación Profesional**

Esta comisión constituíuse en outubro de 2015 en relación ao previsto na Disposición Adicional Primeira do Convenio Colectivo da CRTVG e ten carácter paritario. O seu obxectivo fundamental é o acordo para a reorganización da estrutura das categorías

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

profesionais existentes na actualidade para adecualas ás novas funcións e necesidades do contorno global dos medios audiovisuais.

A comisión reuniuse 22 veces ao longo do 2018 co obxecto de consensuar as definicións das categorías profesionais e analizar as propostas da nova clasificación profesional no contexto actual de cambio tecnolóxico empresarial.

**Comisión Paritaria**

Segundo o disposto no artigo 11 do Convenio Colectivo da CRTVG, a comisión paritaria ten como principal función a interpretación do disposto no convenio. Neste senso, nas diferentes reunións do ano 2018, que foron un total de 7, analizáronse os seguintes puntos:

- Estudo sobre os festivos traballados no horario intensivo de fin de semana e de se resulta de aplicación no artigo 39.5.1 do Convenio Colectivo.
- Interpretación do artigo 31.1 do Convenio Colectivo relativo á elevación á Comisión da xestión das listaxes de contratación temporal da proposta de contratacións de persoal en prácticas ou en formación.
- Interpretación do art. 42 do Convenio Colectivo en canto aos criterios de denegación provisional da licenza non retribuída e a reincorporación ao posto de traballo.
- Interpretación do art. 31.7 do Convenio Colectivo relativo aos contratos en prácticas. Empresa e parte social chegan ao acordo de respectar o tope do 20% sen incluír os laborais indefinidos non fixos.
- En relación coa realización de horas extraordinarias, acórdase estudar coa parte social a súa comunicación e control, así como das xornadas realizadas por cada traballador.
- Interpretación do art. 33.4.3 do Convenio Colectivo relativo ás modificacións horarias. A Comisión, por unanimidade, interpreta que esta será compatible coa flexibilidade por motivos familiares sempre e cando non implique modificar horarios doutros traballadores.
- Dereito á elección de horario por conciliación da vida familiar e laboral, en aplicación do artigo 33.4.2 do Convenio Colectivo, a persoal afectado polas novas necesidades horarias derivadas da dixitalización da TVG e as mudanzas na programación da RG.
- Acumulación da xornada dos xubilados parciais.
- Interpretación do aviso das horas sindicais ao Departamento de Recursos Humanos.
- Aplicación do artigo 67.1 do Convenio Colectivo relativo ao complemento de pantalla.

En todas as xuntanzas procúrase conseguir unha interpretación acorde ao espírito da norma do convenio, ao beneficio dos traballadores/as e a lexislación vixente.

**Comité CRTVG**

O Comité CRTVG ten competencia sobre os asuntos relativos ao centro de traballo de San Marcos. No ano 2018 reuniuse 6 veces co obxecto de abordar cuestións relativas á situación dos traballadores/as e a operativas habituais e excepcionais no centro de traballo.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Comisión de Listaxes de Contratación**

Ao longo de 2018 mantivéronse 13 reunións da Comisión de Listaxes de Contratación, nas que se trataron temas tales como a contratación en prácticas e os contratos de revezamento froito das xubilacións parciais, así como outros asuntos como os criterios de contratación de bolseiros ou a ampliación das listaxes de contratacións temporais.

**Comité de Seguridade e Saúde**

O Comité de Seguridade e Saúde Laboral asume as competencias que a Lei de Prevención de Riscos Laborais establece no seu artigo 39. Trátase dun órgano colexiado e paritario composto por todos os delegados/as de prevención e en igual número por representantes da empresa. Os/as delegados/as de prevención son nomeados polos sindicatos atendendo a súa representación.

Durante o ano 2018 producíronse un total de 15 reunións, nas que se levaron a cabo diferentes análises, protocolos e avaliacións das diferentes actividades nestas materias que afectan os traballadores/as da CRTVG. As máis salientables neste senso son a realización dun protocolo contra o acoso laboral e a consecución dun estudio psico-social para avaliar e mellorar a seguridade e saúde laboral.

**Comisión de Igualdade**

No mes de setembro do ano 2018 constituíuse esta Comisión paritaria entre a Corporación e a parte social, a cal se reuniu nese ano en 5 ocasións. Estas xuntanzas versaron sobre o establecemento dun regulamento interno de funcionamento da comisión e sobre as diferentes propostas de cara ao comezo da elaboración dun plan de igualdade empresarial para a Corporación.

**Comisión de Formación**

A Comisión paritaria de programación e seguimento da formación está integrada por un membro de cada sindicato ou agrupación electoral con representación no Comité Intercentros, e o mesmo número de representantes da empresa. Esta comisión reúnese polo menos unha vez cada trimestre.

No ano 2018 nas diferentes xuntanzas da comisión de formación, catro en total, tratáronse as seguintes formacións:

- Formación extraordinaria que veu dada polo Plan de formación "Sistema de produción dixital", iniciado no ano 2017 e que rematou o 30 de setembro de 2018, destinada tanto ao persoal usuario da ferramenta como ao persoal técnico.
- Formación ordinaria destinada a todos os colectivos profesionais da Corporación.
- Así mesmo no seo da Comisión de formación informouse das prácticas educativas procedentes das universidades e centros de formación profesional. Igualmente das bolsas existentes para os recén titulados, tanto FEUGA como máster.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Comité de Folga**

- En 2018 existiron dúas convocatorias de folga que afectaron a CRTVG:
- A do 8 de marzo de 2018, convocatoria de folga xeral.
- A dos paros parciais do 20 de novembro ao 2 de decembro de 2018, e a folga 24 horas para os días 19 e 22 de decembro de 2018. Convocatoria de folga empresarial na CRTVG.

Debido a que a CRTVG ten consideración de servizo mínimo esencial recoñecido no artigo 2 do Decreto 155/1988, do 9 de xuño (DOG núm. 116, do 20 de xuño); previamente a estas convocatorias de folga, mantivéronse reunións cos representantes sindicais de cara á fixación dos efectivos para o cumprimento destes servizos mínimos, así como no caso dos paros de novembro e decembro, da negociación coa parte social convocante dos obxectivos da folga, producíndose neste último caso máis de 10 xuntanzas, onde se achegaron posicións entre os puntos discordantes.

Ao longo do ano 2018 producíronse máis de 100 xuntanzas dos comités ou comisións para informar e negociar coas seccións sindicais diferentes puntos de interese para os traballadores/as da CRTVG. Esta vontade negociadora de ambas partes acadou diferentes acordos a prol da paz social e para fomentar o diálogo entre os diferentes axentes sociais corporativos.

Os procedementos de información cos representantes dos traballadores son as propias comisións e comités, ademais das vías habituais de comunicación interna como as notas e os correos electrónicos. Estas xuntanzas son pre-avisadas con polo menos 48 horas de antelación, a non ser que sexan de urxencia.

A representación sindical é informada de xeito puntual de materias como contratación, conciliacións, chamamentos de listaxes, xubilacións, materias de seguridade e saúde e eventos especiais, entre outras cuestións. Os traballadores poden acceder por diferentes vías a comunicados e novas a través da intranet da empresa, onde se publicitan algunhas medidas e acordos en diferentes materias que atinxen aos traballadores.

O Convenio Colectivo propio da CRTVG, vixente desde o ano 2015, marca os prazos de pre-aviso aos representantes dos traballadores de diferentes situacións administrativas, así como os casos nos que unha modificación substancial das condicións de traballo debe ser negociada coa representación sindical e pre-avisada cun prazo mínimo aos traballadores/as. Toda a normativa nesta materia recóllese no Convenio Colectivo, e de non facer referencia no mesmo, remítese a lexislación xeral vixente sobre a materia.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 1.2. Renovación tecnolóxica – Sistema de información de Recursos Humanos

No ano 2017, o Departamento de Recursos Humanos iniciou un proceso de avaliación interna para renovar as ferramentas informáticas en materia de xestión de recursos humanos. O obxectivo establecido foi implantar un modelo integral de xestión de recursos humanos baseado na filosofía de dato único para comezar no 2017 os traballos de implantación do mesmo.

O obxectivo do proxecto é o servizo de unificación e consolidación de aplicacións e datos nunha aplicación integral de recursos humanos que teña, como mínimo, as seguintes funcionalidades:

1. Organigrama e xestión do cadro de persoal

2. Xestión do persoal

3. Xestión das listas de contratación temporais

4. Xestión da formación

5. Xestión do tempo

6. Portal do empregado e do responsable

7. Definición de procedementos

8. Xestión da nómina

9. Cadro de mando e xeración de informes

10. Xestión da prevención

11. Convocatorias de OPE e promoción interna

Estas funcionalidades asumirán as tarefas que estaban a realizar outras aplicacións, de forma que a solución substitúa determinadas aplicacións e se integre con outras. Deste xeito alcanzarase unha unificación e consolidación de datos residentes en varias aplicacións.

O contrato foi adxudicado á empresa Carlos Castilla Ingenieros, S.A., cun prazo de execución para a realización dos traballos encomendados dende o 18 de setembro de 2017 ata o 29 de novembro de 2018.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O proxecto está dividido en 4 fases que se encontran na seguinte situación:

| Fase | Estado da implantación |
|---|---|
| Fase I: organigrama, cadro de mando económico, simulacións e orzamentos. | En produción desde marzo/2018. |
| Fase II: xestión do tempo, procedementos e situacións administrativas. | Portal do empregado: en fase de probas - arranque previsto xaneiro/2019. |
| | Expedientes administrativos: en fase de probas - arranque previsto abril/2019. |
| | Xestión do tempo e procedementos: en fase de análise, desenvolvemento e probas. |
| Fase III: formación e PRL. | Módulo de formación: en produción. |
| | Módulo de PRL: en fase de probas. |
| Fase IV: nómina, cadro de persoal e listaxes de contratación. | En fase de análise. |

## 1.3 Seguridade e Saúde Laboral

A Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., dende a súa orixe estivo moi implicada na protección das súas traballadoras e traballadores e na prevención dos riscos que lles poderían afectar. Simplemente cabe indicar que o Comité de Seguridade e Saúde Laboral, antigamente Comité de Seguridade e Hixiene, foi constituído hai mais de vinte anos.

Como servizo público de comunicación audiovisual, a CRTVG é unha organización complexa que dispón dunha multiplicidade de lugares de traballo, cunha localización xeográfica dispersa e cun elevado número de traballadoras e traballadores, pertencentes a colectivos diferenciados, tanto na actividade desenvolvida coma no réxime legal aplicable á súa relación contractual. A complexidade da CRTVG e o seu carácter de servizo público, desde o punto de vista da seguridade e a saúde laboral, evidénciase tamén na multiplicidade de factores de risco presentes nos seus centros de traballo.

A CRTVG deseñou, ao longo do tempo, diversas e variadas accións co obxectivo de aumentar a sensibilidade e a participación de todos os niveis da empresa no ámbito da seguridade e a saúde empezando pola Dirección Xeral, que promulga unha política particular para unha cuestión fundamental no transcurso do día a día da empresa.

Entre as actividades que se realizan para protexer ao persoal cabe destacar o deseño, aplicación e coordinación dos plans e programas de actuación preventiva, a avaliación dos factores de risco que poidan afectar a seguridade e saúde do persoal da CRTVG; a determinación das prioridades na adopción das medidas preventivas axeitadas

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e a vixilancia da súa eficacia; o seguimento das accións preventivas; a información e formación dos traballadores e traballadoras da CRTVG; a prestación dos primeiros auxilios; os manuais de autoproteción; a vixilancia da saúde do persoal da CRTVG en relación cos riscos derivados do traballo; o rexistro e as estatísticas de accidentes de traballo, a xestión da documentación que se xere relacionada coa prevención de riscos laborais; o fomento dunha cultura preventiva e a promoción da prevención; así como calquera outra función que poida ser encomendada e asumida en función da lexislación en materia de prevención de riscos laborais vixente e da política de seguridade e saúde da CRTVG.

Tendo en conta todo o anterior, dentro das posibilidades de organización preventiva que recolle a lexislación de aplicación, a CRTVG conta cun servizo de prevención propio.

A seguridade e a saúde laboral das traballadoras e traballadores, no exercicio da súa actividade profesional, son prioritarias sobre calquera outras nas actividades que como servizo público desenvolve o grupo de empresas da CRTVG. Querendo chegar máis alá das esixencias legais vixentes, deseñáronse diversas accións co obxectivo de aumentar a sensibilidade e a participación da CRTVG como servizo público no ámbito da seguridade e da saúde laboral. As traballadoras e traballadores teñen á súa disposición todos os medios necesarios de protección para desenvolver o seu traballo, sendo a empresa a responsable de proporcionar tal protección.

A OMS cualifica así os seguintes termos: a saúde é un estado de completo benestar físico, mental e social, e non soamente a ausencia de afeccións ou enfermidades. O "Traballo" pode definirse como toda actividade de transformación da natureza, para satisfacer as necesidades humanas. O "Perigo" é aquela fonte ou situación con capacidade de producir dano en termos de lesións, danos á propiedade, danos ao medio ambiente ou unha combinación deles. O "Risco Laboral" consiste na posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo que é unha combinación da frecuencia e a probabilidade e das consecuencias que poderían derivarse da materialización dun perigo (LPRL, art.4º)

Dentro da preocupación pola saúde dos seus traballadores, a CRTVG no ano 2011 acreditou o seu servizo médico fronte á Consellería de Sanidade, que o inclúe no rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia. No ano 2015, dito servizo médico, despois das adaptacións e cos medios solicitados postos a súa disposición, foi adscrito ao programa galego de vacinacións, converténdose así en punto de vacinación da Comunidade Autónoma.

No ano 2018 vacináronse contra a gripe 50 traballadores/as de CRTVG e de empresas que traballan no complexo de Bando - San Marcos.

Seguindo coa disciplina preventiva da vixilancia da saúde no ano 2018, leváronse a cabo 380 recoñecementos médicos (171 traballadoras e 209 traballadores). Ademais, realizáronse 129 revisións xinecolóxicas e 181 probas de PSA.

Na CRTVG, como servizo público, a seguridade, a hixiene, a ergonomía e a psicosocioloxía no traballo encárganse do recoñecemento, avaliación e control dos factores de risco provocados no lugar de traballo que poidan ocasionar accidentes ou enfermidades, alterar a saúde, o benestar ou crear algún malestar significativo entre as



CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

traballadoras e traballadores. Coa finalidade de eliminar e minimizar os riscos laborais neste servizo público de comunicación audiovisual entregáronse 834 equipos de protección individual.

Durante o ano 2018, no servizo público de comunicación audiovisual galego houbo un total de 16 baixas laborais propiciadas por accidentes de traballo, todas de carácter leve. Segundo o lugar onde se producen os accidentes, cabe destacar que a incidencia sobre os traballadores ten na causa principal os sobre-esforzos e as caídas , e xa cunha menor incidencia están os golpes con ou contra obxectos e a manipulación de cargas. Ditos accidentes xeraron seiscentos oitenta e sete días de baixa. Continuando coa análise dos accidentes, conclúese que a duración media dos accidentes foi de corenta e tres días.

Durante o transcurso do ano tiveron lugar quince reunións do Comité de Seguridade e Saúde Laboral, co fin de mellorar a protección e a saúde dos traballadores, tendo en conta que é un obxectivo básico e prioritario das partes asinantes do vixente convenio colectivo. O traballo de carácter inminentemente técnico deste Comité foi a realización dun protocolo contra o acoso laboral e a consecución dun estudio psicosocial para avaliar e mellorar a seguridade e saúde laboral.

### 1.4 Formación e selección

A actividade da Corporación RTVG en materia de formación continua en 2018 atendeu a dous niveis, un deles de oferta convencional, reiterando contidos básicos de orde xeral que ano tras ano veñen sendo de interese do persoal e demandan as diferentes áreas, departamentos e servizos, e un segundo nivel de carácter extraordinario iniciado en outubro de 2017 e concluído en setembro de 2018 vinculado á contratación do arrendamento dun sistema de produción dixital.

A formación recollida no **Plan de formación ordinario** foi destinada aos diversos colectivos profesionais da Corporación, no marco da formación continua establecido polo capítulo XIII do Convenio Colectivo, o emanado do Estatuto dos Traballadores no seu artigo 23, o deber de planificación do departamento de Recursos Humanos de formar o persoal (art. 69.1.d) e mais polo deber dos traballadores de manter actualizada a formación e cualificación (art. 54.8). Os principais datos desta formación foron os seguintes:

- Número de cursos: 20
- Número de accións formativas: 44
- Número de categorías formadas: 28
- Número de asistentes: 298
- Número de horas impartidas: 156
- Número de horas lectivas: 817

O segundo nivel, de carácter extraordinario, veu dado polo Plan de Formación "Sistema de Produción Dixital", actuación formativa destinada a dotar o persoal das capacitacións, aptitudes e actitudes precisas para o funcionamento pleno, eficaz e eficiente do novo sistema de produción e xestión dixital dos contidos. Este Plan de Formación



CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

supuxo o maior investimento en formación desde a fundación dos medios públicos galegos de información aos que dá continuidade a Corporación.

O obxectivo desta formación consistiu en que os/as diferentes profesionais da CRTVG puidesen adquirir un conxunto de capacitacións necesarias para poder operar e manter a plataforma do novo sistema de produción coa conseguinte repercusión na regularidade do servizo e na mellora da produtividade e na eficiencia na xestión. Este proceso formativo terá continuidade no tempo en orde á consolidación e mellora dos seus resultados e dos novos fluxos operacionais implantados.

Os datos que caracterizan o Plan extraordinario poden resumirse, atendendo á participación por parte do persoal, do seguinte xeito:

**Formación obrigatoria**

Destinada ao persoal usuario da plataforma dixital e ao persoal técnico. O período de impartición desta formación abarcou desde o 2 de outubro de 2017 ata o 19 de abril de 2018, comprendendo dous colectivos:

- Traballadores/as do Centro emisor de San Marcos e delegacións territoriais
- Integrantes das listaxes de contratación: redactor/a, reporteiro/a gráfico/a e axudante de realización.

**Formación voluntaria**

- Formación Operador de media: formación especializada impartida ao persoal da categoría de operador/a montador/a de vídeo. O período de impartición desta formación foi desde o 8 de xaneiro ata o 25 de abril de 2018.
- Formación para os integrantes do Grupo Soporte encargado do mantemento técnico da Plataforma. Impartida desde o 7 de novembro de 2017 ata o 30 de setembro de 2018.

Atendendo á modalidade asistencial, pódese diferenciar:

- Formación presencial impartida nas aulas do centro emisor de San Marcos e delegación territorial de Madrid
- Formación remota interactiva e presencial nas delegacións territoriais: A Coruña, Lugo, Ourense, Vigo

Os datos finais do proceso formativo extraordinario son:

- Número de capacitacións impartidas: 57
- Número de accións formativas: 360
- Número de categorías formadas: 31
- Número de asistentes: 673
- Número de horas impartidas: 2.096
- Número de horas lectivas: 23.363

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Selección**

En 2018 realizáronse os seguintes procesos de selección para contratos en prácticas:

- Relacións públicas (abril)
- Grafista titulador (abril)
- Oficial administrativo (xuño)
- Titulado superior (xullo)
- Enxeñeiro superior de telecomunicacións (setembro)
- Analista programador (agosto)
- Técnico de sistemas (agosto)
- Documentalista (outubro)
- Reporteiro gráfico (outubro)
- Titulado superior (novembro)
- Redactor (novembro)

**Bolseiros**

A CRTVG é referencia inevitable do sector audiovisual en Galicia e, polo tanto, destino solicitado para a realización de prácticas educativas en todas as súas modalidades. Na acollida de bolseiros, a CRTVG asume como responsabilidade de servizo público os deberes previstos no sistema educativo para a realización de prácticas en empresas, obrigadas no caso da Formación Profesional e optativas no caso da universidade, onde poden ser de curriculares ou extracurriculares.

Ademais, estas prácticas supoñen para a CRTVG un observatorio que permite coñecer o sistema educativo e comprobar a adecuación dos seus perfís e as súas competencias aos postos de traballo.

Todas as prácticas están reguladas por convenios subscritos cos centros de procedencia e cumprindo coa lexislación vixente. A CRTVG non participa na selección dos alumnos que van realizar prácticas na CRTVG.

Ao inicio das prácticas, o/a bolseiro/a recibe un manual de acollida e dáselle a opción de asinar nota de protección dos seus datos persoais. O titor das prácticas, que sempre é un director ou xefe de servizo, recibe unha nota indicando as datas de comezo e remate das prácticas, as horas semanais que pode facer e unha copia das competencias de ciclo formativo ou titulación universitaria. Os/as bolseiros/as reciben un curso obrigatorio de dúas horas sobre prevención e saúde laboral.

As procedencias para as prácticas na CRTVG son:

**1. Formación profesional**

Existe o módulo Formación en Centros de Traballo (FCT) en todos os ciclos, cun mínimo de 380 horas a realizar en tres meses (segundo ou cuarto trimestre). A CRTVG ten un formulario de solicitude que deben cubrir os centros que teñan interese en que os seus alumnos realicen o módulo de Formación en Centros de Traballo na CRTVG.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Estes alumnos deben cursar ciclos relacionados coas actividades e requisitos das categorías laborais existentes nos medios públicos e proceder de centros do sistema educativo de Galicia.

Os bolseiros de 2018 procedían dos seguintes ciclos:

- Sistemas de telecomunicación e informáticos.
- Iluminación, captación e tratamento da imaxe
- Son para audiovisuais e espectáculos.
- Produción de audiovisuais e espectáculos.
- Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos.
- Xestión de vendas e espazos comerciais.

Os centros de procedencia de FCT's foron:

- CIFP Politécnico de Santiago.
- CPR Estudios Marcote (Vigo).
- IES Audiovisual de Vigo.
- CIFP A Farixa (Ourense)
- CPR O Raio Verde (Santiago).
- IES Imaxe e Son (A Coruña).
- EFA Piñeiral (Arzúa)

## 2. Universidade

Estas prácticas oscilan entre un mínimo de 15 horas e un máximo de 25 horas semanais. A duración vai dun a seis meses. As prácticas de verán son de tres meses. Os bolseiros de 2018 procedían dos seguintes graos universitarios:

- Comunicación Audiovisual.
- Xornalismo.
- Relacións Laborais e Recursos Humanos.

As súas facultades de procedencia foron:

- Ciencias da Comunicación (UDC)
- Ciencias Sociais (UVIGO)
- Ciencias da Comunicación (USC)
- Relacións laborais (USC)

## 3. Recén titulados

As prácticas desta modalidade fixéronse a través de bolsas FEUGA e Máster.
As titulacións de bolseiros recén titulados foron:

- Xornalismo
- Relacións laborais e recursos humanos
- Comunicación audiovisual
- Publicidade e relacións públicas
- Belas artes

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 2. O PANORAMA DOS MEDIOS

O ano 2018 no panorama de medios de comunicación audiovisuais estivo marcado polo importante avance na transformación dixital das empresas, polo uso masivo e predominante dos dispositivos móbiles, pola reapertura do debate entre o modelo de prescrición ou de subscrición dos medios de comunicación e polo aumento incesante de acceso á información a través de plataformas de redes sociais, con comportamentos cada vez máis compulsivos, intensos e efémeros dos usuarios.

Nos últimos anos, o eixe principal da transformación dixital das empresas instalouse na xestión dos datos achegados polos propios usuarios, ben dun xeito inconsciente ou ben conscientemente, así como a instalación de métodos, fluxos de traballo e incluso perfís profesionais capaces de xestionar un novo paradigma onde as decisións se toman a partir da análise de lagos de datos, unha sorte de metáfora que define á inmensa cantidade de información que se xera cada minuto.

Nese sentido, informes internacionais de tendencias, coma o *Technology, Media and Telecommunications Predictions 2018* de Deloitte, advirte da aplicación constante e intensa da comparación de datos, o denominado *Machine Learning.* Este tipo de ferramentas crece a un ritmo do 50% cada ano no sector da comunicación e centrou a súa estratexia no 2018 en catro grandes accións: a automatización na explotación de datos; a redución do tempo necesario para a aprendizaxe no uso destas ferramentas, así como a mellora da usabilidade dos sistemas de Machine Learning; fomentar a explotación de resultados para poder tomar decisións dun xeito moito máis obxectivo, tanto no eido informativo coma no entretemento ou a xestión; e mellorar a captura de datos en contornos hiperlocais e íntimos, como por exemplo os sistemas de asistencia domótica, liderados polos altofalantes intelixentes coma Alexa de Amazon, Google Home, ou mesmo HomePod de Apple.

Con este novo escenario, os medios de comunicación, especialmente os audiovisuais, buscan coñecer e anticipar os gustos dos usuarios, tanto nos intereses informativos de cada persoa coma no entretemento. O uso do Big Data e o Machine Learning, acompañados de mecanismos de seguridade coma o BlockChain, abre un novo escenario na relación entre medios e usuarios que afondan, aínda máis, na filosofía da recomendación de contidos, coñecida baixo o termo inglés *Curator.*

Pero no ano 2018, ademais da expansión do Big Data, tamén se consolidaron os dispositivos móbiles como as principais interfaces de contacto cos contidos informativos e de entretemento. Máis alá da eclosión das APP, de hai tres anos, no 2018 definiuse mellor a tendencia de usar o teléfono móbil intelixente como o elemento central da experiencia audiovisual complexa, que decote está formada por varias pantallas. Así, o móbil convértese na ferramenta que xestiona o control remoto doutras pantallas, no complemento de información ao emitido noutras pantallas, e mesmo no dispositivo preferido para consumir os elementos máis destacados dunha grella de programación.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Porén, neste novo escenario, aparecen vellos debates, que lonxe de ser superados, abren posibilidades diferentes de modelo de negocio. Nese sentido, aparece de novo a discusión entre o modelo de negocio da prescrición, baseado en contidos gratuítos, e o modelo de subscrición, onde a sustantibilidade económica xorde do propio interese do usuario que debe pagar polos contidos que consome. No entretemento, este debate quedou superado coa aparición das plataformas como Netflix, HBO ou mesmo Amazon Prime Video, pero no entanto no campo da información de actualidade o modelo da subscrición non avanzará ata o ano 2018, onde moitos medios de comunicación optaron por modelos dixitais de pago, coma o caso de Sky.

Por último, pero non menos importante, o ano 2018 pasará á historia por ser o ano por excelencia das Fake News, con escándalos constantes fundamentados na manipulación informativa e que supuxeron unha marea de sombras sobre actividades democráticas consolidados, como as eleccións nacionais de países coma o Brasil ou referendos transcendentais coma o *brexit.*

Sen dúbida, a maior cadea de transmisión deste tipo de informacións erróneas foron as redes sociais, pero a diferenza do ano 2017, o eixe central non está nas redes sociais públicas como Facebook ou Twitter, ou mesmo Instagram, senón nas redes sociais pechadas, como os grupos de Whatsapp. Esta situación coloca de novo os medios de comunicación profesionalizados nun escenario de constante cuestionamento e, polo tanto, na necesidade de aumentar os recursos destinados á verificación dos contidos.

Neste panorama, a TVG consolídase como un medio de comunicación audiovisual e dixital de referencia para a cidadanía galega. Nese sentido, a Televisión de Galicia chega ao 98% dos fogares galegos e no 2018, case 800.000 persoas contactaron co medio ao longo dun día. Iso supón que máis dun 30% dos espectadores consomen nalgún momento do día os contidos emitidos pola TVG a través do televisor por calquera das súas canles.

No ano 2018 a TVG fixo un importante esforzo para mellorar a calidade dos seus produtos, tanto na produción coma na emisión, e a principios de 2019 logrará o fito de converterse na primeira televisión de España en emitir todas as súas canles en alta definición.

No espazo radiofónico os datos tamén avalan a importancia que lle outorga a poboación galega. Cada día, a Radio Galega e Radio Galega Música achega contidos informativos e de entretemento a 159.000 persoas, segundo o Estudio Xeral de Medios, converténdose habitualmente na canle de referencia nos momentos de maior tensión informativa en Galicia.

Un dos principais cambios produciuse nas canles dixitais co contundente aumento do consumo e seguimento da información e do entretemento a través de redes sociais, nalgún caso con ratios que superan o 200%, como foi no caso de Instagram, e co descenso de visitas na web, unha tendencia acorde co panorama internacional, onde se produce unha desaceleración no consumo a través das webs e aumenta en relación ás redes sociais.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sen dúbida, boa parte da explicación deste fenómeno radica nos cambios de algoritmos das principais redes sociais, que cada vez penalizan máis a contribución de tráfico da rede social cara a un determinado sitio web e, sobre todo, penalizan a todos aqueles que producen información de xeito direccional en comparación cos que fomentan a bidireccionalidade.

Ademais, no ano 2018 a CRTVG iniciou unha senda de exploración cara aos novos xeitos de consumo, como a participación activa do proxecto Dico Mindset, de Amtega, que permitiu licitar a construción dunha plataforma intelixente para a mellora das experiencias audiovisuais fóra do televisor, o denominado PetisGo!

Con estas iniciativas, xunto coa construción dun lago de datos propio e a colaboración con diferentes organismos externos, permite que a CRTVG aumente a súa capacidade de innovación e logre sumarse ás tendencias que están consolidándose no resto de países.

En definitiva, CRTVG asumiu no ano 2018 o reto de actualización do concepto de servizo público para adaptalo ás novas necesidades sociais, creando unha oferta informativa, formativa e de entretemento que pode ser consumida en todos os soportes existentes e co rigor e profesionalidade que permite ter altas as cotas de fidelidade, satisfacción e recoñecemento por parte da sociedade en xeral, e galega en particular, tal e como o confirman os diferentes premios outorgados.

## 2.1 Audiencias xerais das canles de CRTVG

Os contidos emitidos no 2018 pola Corporación RTVG chegaron aos usuarios a través da televisión, da radio e dos dispositivos dixitais.

Neste capítulo analízanse os tres soportes agrupados polos tres grandes grupos de análise: as audiencias xerais, os informativos e o entretemento. Todos os datos utilizan como fonte Kantar Media, EGM, Google Analytics, Comscore e os datos internos da CRTVG. A Televisión de Galicia é a cuarta canle máis vista en Galicia, despois de Telecinco, Antena3 e La 1, acadando unha cota de *share* do 10% no conxunto do ano.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

*Gráfico 1. Audiencia en Galicia da TVG e a competencia. Ano 2018 (cota de pantalla). Fonte: Kantar Media*




Se se analiza a evolución dos últimos cinco anos, obsérvase como TVG está consolidando a senda de estabilización iniciada no ano 2016 e que lle permitiu non baixar dos 10 puntos porcentuais nin no ano 2017 nin no ano 2018.

*Gráfico 2. Evolución da audiencia TVG e competencia (cota de pantalla). Fonte: Kantar Media*




Esta tendencia de estabilidade é tamén habitual en boa parte do resto das televisións autonómicas, cun crecemento reducido pero constante, agás Tv3, onde se percibe unha ampla subida no último ano, vinculada sen dúbida á alta intensidade de preocupación política que tivo Cataluña no último ano.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

*Gráfico 3. Evolución da audiencia das televisións autonómicas (cota de pantalla). Fonte: Kantar Media*




Un 26,5% dos galegos maiores de 4 anos contactan diariamente con TVG, o que a converte nunha das televisións autonómicas con maior impacto en España. No caso da TVG, está case catro puntos por riba da media de contactos das televisións autonómicas, cun índice de 22,8%

*Gráfico 4. Evolución da audiencia das televisións autonómicas por media de contactos diarios sobre o total de poboación (datos en porcentaxes). Fonte: Kantar Media*

| | Ano 2008 | Ano 2009 | Ano 2010 | Ano 2011 | Ano 2012 | Ano 2013 | Ano 2014 | Ano 2015 | Ano 2016 | Ano 2017 | Ano 2018 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| TVG | 48,6 | 42,9 | 36,8 | 35,2 | 34,4 | 32,2 | 31,8 | 30 | 30,9 | 29,3 | 26,5 |
| C.SUR | 51,8 | 47,2 | 42,2 | 37,5 | 38,1 | 36,8 | 33,3 | 29,2 | 26,8 | 26,2 | 24,2 |
| TV3 | 46,3 | 43 | 40,8 | 38,9 | 40,5 | 38,3 | 34,9 | 31,5 | 29,1 | 28,2 | 27,7 |
| ETB2 | 51,7 | 48,6 | 40,5 | 36,4 | 37,5 | 36,3 | 34,5 | 31,1 | 29 | 28,7 | 27,3 |
| TVM | 42,4 | 38,5 | 32 | 28,5 | 26,2 | 22 | 22,2 | 21,5 | 22,3 | 20,9 | 19,4 |
| C9 | 43,6 | 40,6 | 33,7 | 30,6 | 28,6 | 23,5 | | | | | |
| TVCAN | 42,4 | 42,2 | 36,9 | 34,8 | 32,9 | 29,9 | 29 | 24,5 | 22,1 | 22,5 | 20,5 |
| CMM | 42,6 | 39,5 | 33,6 | 30 | 28,9 | 26,3 | 25 | 24,6 | 24,3 | 23,7 | 20,6 |
| ATV | 40,7 | 40,3 | 40,7 | 40,2 | 38,7 | 38,7 | 36,5 | 34,3 | 32,3 | 31,3 | 30,1 |
| FORTA | 47,8 | 44,3 | 39,3 | 37,1 | 36 | 32,2 | 27,5 | 25,4 | 24,6 | 24,1 | 22,8 |

Na radio, a audiencia xeral das emisoras da CRTVG tivo un leve retroceso na audiencia para o tramo de luns a venres, moi lonxe da caída sufrida no ano 2016. A diferenza con 2017 é de 6.000 ouvintes para a suma de Radio Galega e Radio Galega Música. As emisoras CRTVG lograron pechar o ano cunha audiencia acumulada de 159.000 ouvintes diarios.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

*Gráfico 5. Evolución da audiencia acumulada de luns a venres 2008-2017 en miles de persoas. Fonte: EXM*




Sen embargo, ese leve descenso non se mantén no tramo de luns a domingo, onde se percibe un incremento de 3.000 ouvintes no acumulado de Radio Galega e Radio Galega Música.

*Gráfico 6. Evolución da audiencia acumulada de luns a domingo 2008-2017 en miles de persoas. Fonte: EXM*




Nos soportes dixitais produciuse un novo fenómeno no consumo que foi común á maioría de webs de medios de comunicación no mundo. O efecto de cambio de algoritmos en ferramentas moi usadas, como Facebook, provocou un descenso da contribución do tráfico das redes sociais cara á web de referencia. Este fenómeno é o que explica a caída



CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nos datos estatísticos entre o ano 2017 e 2018, especialmente no que se refire ao número de usuarios que visitaron a web, cun descenso do 17%.

*Gráfico 7. Audiencia global de crtvg.gal. Fonte: Google Analytics*




No detalle da evolución, obsérvase unha mellora nos contidos da Radio Galega e un equilibrio na información deportiva. No resto de sección prodúcese unha baixada no número de páxinas vistas.

*Gráfico 8. Comparativa 2018/2019 de servizos web en crtvg.gal. Evolución de páxinas vistas por áreas temática. Fonte: Google Analytics*




CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O segundo dos elementos de importancia na medición de audiencias en soportes dixitais son as redes sociais, nomeadamente Twitter, Facebook, Instagram, Youtube e servizos de mensaxería (Messenger, Whatsapp, ...). En todos eles se produciu un incremento, destacando os contidos xerados sobre a marca TVG nas redes sociais.

*Gráfico 9. Uso de Twitter, e variación con respecto ao 2017. Fonte: propia*




*Gráfico 10. Uso de Facebook e variación con respecto a 2017. Fonte: propia*




CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

*Gráfico 11. Uso de Instagram e Youtube e variación con respecto a 2017. Fonte: propia*




A audiencia desta plataforma é fundamentalmente galega, sendo residuais os accesos de fóra da comunidade autónoma. No eido internacional, os accesos proveñen maioritariamente de Europa e menos dun 1% de Arxentina, ao igual que no ano 2017.

*Gráfico 12. Principais países de orixe dos usuarios da crtvg.gal*
*Fonte: Google Analytics*




CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 2.2 Referencia informativa

A TVG é referencia informativa televisiva para a poboación galega. A media de consumo diario demostra que os galegos e as galegas contan coa TVG para informarse nos espazos de información xeral diaria (Bos Días, A Revista, Galicia Noticias e Telexornais).

Destácase o mantemento do share medio da información diaria, cun 13,7% nos anos 2017 e 2018, así como a baixada do share medio de contidos informativos de Telecinco, que baixou o 0,8% no último ano. Tamén é destacable a subida de 1,2% do share dos programas informativos de Antena3, que acadou os 13 puntos no ano 2018.

*Gráfico 13. Evolución da audiencia da TVG e competencia.*
*Cota de pantalla da información xeral diaria. Fonte: Kantar Media*




Na análise utilizando como referencia a audiencia media (en miles de persoas) obsérvase como tan só dúas cadeas lograron mellorar os resultados no ano 2018: TVG e Antena 3, ambas as dúas cun incremento medio de 3.000 espectadores diarios. En Galicia, 60.000 persoas infórmanse todos os días a través dos programas informativos de TVG.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

*Gráfico 14. Evolución da audiencia da TVG e competencia. Audiencia media (000) da información xeral diaria. Fonte: Kantar Media*




Na Radio Galega, tamén se aprecia un incremento da audiencia dos programas informativos. O maior tramo de audiencia acumulada céntrase no tramo da mañá (09.00h-14.00h), no que se oferta a maior carga informativa radiofónica do día e onde se produce tamén o maior consumo radiofónico, cunha maior competencia. Así mesmo, obsérvase un incremento na audiencia acumulada no tramo que nace nas 23h, momento protagonizado polos espazos informativos xeralistas, de información deportiva e as tertulias.

*Gráfico 15. Audiencia acumulada dos programas informativos de luns a venres da Radio Galega (Miles de oíntes). Fonte: EXM*




CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nos soportes dixitais, e como consecuencia do cambio de modelo de contribución de Facebook cara os sitios web, obsérvase unha caída no número de páxinas visitadas. Este decrecemento é do 12%

*Gráfico 16. Evolución das páxinas vistas de noticias informativas de crtvg.gal*
*Fonte: Google Analytics*




As informacións deportivas tamén sufriron un incremento no ano 2018 do 0,34% con respecto ao ano 2017, destacando as emisións en directo por *streaming* de video. Así mesmo, as informacións do tempo e os directos tiveron un incremento do 4 e 2% respectivamente.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 2.3 Referencia para o entretemento

A maior aposta polo entretemento da TVG concéntrase no horario de *prime time*, desde as 20.30h. ata as 24h. Nesa franxa, os programas de entretemento da TVG acadan unha media superior aos da competencia, agás Telecinco e Antena 3, cunha cota de 10,8%, lixeiramente inferior aos 11,3% do ano 2017.

*Gráfico 17. Evolución da audiencia do prime time (cota de pantalla). Fonte: Kantar Media*




CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Na radio, tamén se produce unha evolución positiva na franxa de entretemento da mañá e da noite. So o programa “ A tarde” sofre un decrecemento, especialmente no tramo que vai de 17:00 a 19:00h.

*Gráfico 18. Audiencia acumulada dos programas de entretemento de luns a venres da Radio Galega (En miles de oíntes). Fonte: EXM*




CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Con respecto ás canles dixitais, os contidos de entretemento tamén sufriron unha leve caída, establecida nun 5%.

*Gráfico 19. Porcentaxes de variación no consumo das páxinas vistas das canles dixitais temáticas. Fonte: Google Analytics*




No caso do Xabarín Club destácase tamén un descenso, cunha conta de decrecemento do 10%

*Gráfico 20. Tipo de acceso aos contidos do Xabarín (número de visualizacións) Fonte: Google Analytics*




CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 2.4 Conclusións

Confírmase a tendencia cara á estabilidade en todas as canles de comunicación da CRTVG, se ben é certo que se producen migracións de audiencia que denotan os cambios de consumo dos que se viña alertando nos informes mundiais. O maior expoñente é a migración do consumo desde o sitio web cara ás redes sociais, así como a pequena redución no consumo de TV fronte ao consumo nas plataformas dixitais. No caso da radio, confírmase de novo o éxito da nova programación, con leves incrementos que apuntan cara a estabilidade da audiencia coa nova programación.

As canles da CRTVG seguen a ser a referencia informativa local por excelencia. A franxa do mediodía segue sendo unha preferencia para a poboación galega, notándose tamén un incremento do consumo dos informativos do serán. No caso da Radio Galega, mantense, con leves incrementos, a importancia das franxas informativas para a poboación galega e no referido ao dixital, a información tamén segue sendo un dos eixes principais na comunicación a través de redes e crtvg.gal.

Por último, o entretemento segue sendo tamén referencia nos medios públicos de Galicia. A TVG consolida o grupo de cabeza que lidera o entretemento televisivo en aberto, xunto a Telecinco a Antena3. Se ben se produciu unha leve baixada no consumo, segue sendo referencia para Galicia e a segunda máis vista das televisións autonómicas. O mesmo ocorre coas canles dixitais, onde a pesares de producirse un leve descenso a CRTVG segue sendo referencia en Galicia.

De media, 760.000 galegos consumen diariamente TVG e preto de 500.000 ao día escollen os programas de entretemento de TVG. De media, 286.000 galegos de catro e máis anos entreténense diariamente coa programación da TVG e os maiores fitos nas canles dixitais proveñen de contidos de entretemento. E, por último, conclúese que os dispositivos móbiles estanse convertendo no instrumento de consumo máis habitual nos medios dixitais da CRTVG. A estes datos cómpre sumarlle que máis de 150.000 galegos e galegas escollen cada día a Radio Galega como medio de comunicación radiofónico de referencia, converténdose na radio de proximidade máis importante de Galicia.

Por último, cómpre engadir tamén que 3,8 millóns de persoas visitan cada ano e preto de 350.000 persoas escollen as redes sociais da CRTVG como ferramentas de información e de entretemento. Neste escenario, confírmase que a CRTVG cumpre a súa función de servizo público no que á audiencia se refire, cun claro protagonismo en calquera das canles de emisión accesibles á cidadanía.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 3. OS SERVIZOS INFORMATIVOS DA CRTVG

Despois da transición que supuxo 2017 no proceso de transformación dixital da Corporación, o ano 2018 foi o da implementación da nova configuración e dos novos sistemas de traballo, o que afectou de pleno a área de Información e Documentación, que integra o servizo de Documentación e Arquivo, do que se informa nun capítulo posterior deste informe.

Estes servizos informativos comparten recursos pero manteñen equipos de dirección e redacción independentes para a televisión e a radio. A televisión conta con dous redactores xefes e coordinadores de área, e a Radio Galega cunha Dirección Operativa e dúas xefaturas de servizo: a Xefatura de Planificación Informativa e a Xefatura Operativa de Programas. Nalgunhas áreas, como a de Cultura, creouse no 2018 unha coordinación conxunta, que leva a estratexia #cultura365 a todos os espazos e contidos de televisión, radio e Internet.

Á volta do verán, os servizos informativos estrearon novidades, nunha nova etapa informativa e co compromiso de ofrecer a actualidade dun xeito máis próximo, coa responsabilidade de ser a canle de referencia informativa en Galicia, o que revalidan cada mes segundo os datos de audiencia. Os informativos da Televisión de Galicia experimentaron notables cambios nos seus formatos nesta etapa, en que a modernización dos contidos, a integración das redaccións e a máxima atención ás redes sociais supoñen un novo fito para a empresa.

Cambios de presentadores, reestruturación das seccións e mesmo de prolongación de horarios -o “Telexornal Serán” chega agora desde as 20.45 ata as 21.45h-, novos espazos para 'O tempo' e máis información local son algúns destes cambios. Unha das novidades máis salientables dase no eido cultural, xa que “Zigzag”, o programa máis galardoado da historia dos premios da Academia Galega do Audiovisual, pasou a emitirse tamén na fin de semana na primeira canle da TVG, antes do "Telexornal Mediodía", polo que se achega ao público os sete días da semana.

Pola súa parte, a Radio Galega fixo unha transformación total da súa grella e apostou claramente polos contidos dixitais e unha nova páxina web. Afondarase páxinas máis adiante nestes cambios que se resumen aquí: ampliáronse os informativos de toda a semana, dase protagonismo á información local, estruturouse a información cultural a través da creación da marca “Diario Cultural, que está presente en toda a grella de programación cun formato moderno e renovado que ten como obxectivo achegar a cultura galega a toda a audiencia da radio pública, explorando novas fórmulas radiofónicas e captando novos públicos, e incrementouse a oferta de programas especializados nos eidos temáticos vertebradores da sociedade galega: agro, mar, literatura, novas tecnoloxías, ciencia, cine e migracións.

Tamén foi reestructurado o equipo que edita contidos tanto para o portal web crtvg.gal, como para as redes sociais. No 2018, preto de 400.000 persoas seguiron os contidos da CRTVG nas redes sociais de forma habitual, o que supuxo un incremento do 80% con respecto a 2017.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Esta aposta polas novas linguaxes e soportes dixitais foi posible gracias ao equipo de informativos de "Mesa de Tempo Real", no que se afonda máis adiante tamén, e que traballa para alimentar a web da CRTVG e as súas redes sociais de contido informativo de última hora.

## 3.1 Informativos da Televisión de Galicia

Dentro do formulamento estratéxico do conxunto da Corporación de Radio e Televisión de Galicia para o exercicio 2018, o Departamento de Informativos e Deportes da Televisión de Galicia tratou de estar á altura da esixencia do servizo público encomendado, o que lles dá a súa razón de ser aos medios audiovisuais públicos galegos.

A Área de Información da TVG é a responsable da produción de máis de sete horas diarias de contidos informativos, na faixa matinal, do mediodía e do serán, e que se emiten en directo. Este esforzo increméntase durante a fin de semana, tendo en conta a menor dispoñibilidade de medios humanos e materiais para a produción e emisión da programación informativa, e a presenza practicamente continua de deportes na TVG-2.

Os esforzos de todos os equipos profesionais e dos responsables deste departamento estiveron enfocados neste 2018, e seguindo a liña de períodos anteriores, en ampliar e mellorar no posible a grella de programación para facela máis competitiva en relación ao resto da oferta das canles xeralistas e temáticas. Un ano máis, o reto centrouse en facer que a oferta dos medios públicos galegos resultase atractiva para unha audiencia en permanente remuda, por razóns demográficas e sociolóxicas, e cun nivel de esixencia que non deixa de medrar constantemente. Neste sentido, a TVG revalidou o ambicioso obxectivo de que a maioría dos telespectadores galegos confíen na "súa" televisión de proximidade á hora de informarse do que pasa na súa contorna inmediata, en Galicia, en España e no resto do mundo.

A Televisión de Galicia prioriza por riba de todo a atención á actualidade do país. O pasado ano, coma sempre, a teima do equipo de Informativos no seu traballo cotián, tanto na redacción central de San Marcos, en Santiago, coma nas unidades territoriais da Coruña, Lugo, Ourense, Vigo e Madrid, foi que os telespectadores tiveran a seguridade de que se algo relevante acontecía en calquera punto de Galicia, a TVG contaríallelo nese mesmo momento ou no seguinte informativo, ademais de avanzárllelo na páxina web.

Os Servizos Informativos dos medios públicos intentan compatibilizar esa vocación polo máis próximo e inmediato coa achega en cada un dos espazos de información dunha escolma de noticias que dean unha visión de conxunto do que ten relevancia informativa alén da xeografía galega. Tampouco decaeu no 2018 o esforzo por facer cada vez máis atractiva e moderna a envoltura das noticias e as reportaxes, incorporando todo tipo de recursos gráficos dentro das posibilidades que, grazas aos avances tecnolóxicos, ofrecen actualmente os equipamentos técnicos dispoñibles no centro de produción de San Marcos. Nese senso, continuamos coa práctica do *scroll* implantado hai un par de anos nos nosos telexornais, para a actualización permanente de titulares, divididos por seccións, e a incorporación de novas de alcance ou de última hora nos programas netamente

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

informativos que se emiten en directo ao longo do día, desde o “Bos Días”, pola mañá, ata o “Telexornal Noite”.

Tamén se seguiu avanzando na utilización dunha liña gráfica propia e na unificación dos distintos tipos de rótulos que aparecen na pantalla, coa aplicación dunha norma de obrigado cumprimento para as lendas, os subtítulos e o resto dos *printers*, entre outros formatos. Isto contribúe a reforzar a imaxe corporativa da canle, perfectamente identificable para o público. Esa normativa está, porén, en constante revisión perante as necesidades da propia redacción e os requirimentos específicos dos diferentes formatos.

Como en anteriores temporadas, fundamentalmente na medida das posibilidades que ofrece o cadro do persoal propio, en 2018 houbo remudas dalgúns dos presentadores para chamar a atención da audiencia, sempre buscando o perfil máis axeitado para cada un dos espazos. A norma é que os programas informativos teñan un único presentador ou presentadora, mais o correspondente condutor, no seu caso, do apartado dos Deportes. Case todos son caras coñecidas e recoñecidas polos telespectadores habituais, que, non obstante, os poden atopar en horarios e formatos diferentes.

Logo de cinco anos da súa posta en servizo, tamén no 2018 se lle sacou o máximo rendemento posible a cada un dos sets do estudio 300 de San Marcos, no que actualmente xa se desenvolven a case totalidade dos programas informativos e de deportes, tanto diarios coma semanais, da TVG. A única excepción é “A Revista”, que, por razóns organizativas, conta cun espazo propio no estudio 150. Moitas das presentacións aproveitan as pantallas móbiles do estudio para diferenciarse entre elas, achegar dinamismo e chamar a atención da audiencia.

Seguen a dar un resultado, cada vez máis satisfactorio, os mecanismos de coordinación operativa e de contidos dos bloques de programas informativos, sobre todo nas faixas de mediodía e do serán, acadando unha proveitosa sinerxía entre eles á hora de facer o seguimento dos que cada día se consideran os “asuntos troncais da actualidade”. De feito, hai xa establecida, baixo a coordinación dos xefes de redacción, unha serie de protocolos para compartir con normalidade a maioría dos puntos de directo, que, coas novas tecnoloxías e sistemas de transmisión autónoma 4G, se van ampliando. Do mesmo xeito, de programa en programa tamén se actualizan e amplían as novas máis destacadas no que se refire ao relato transversal dos asuntos medulares da actualidade netamente galega.

O éxito dos bos resultados que, nun contexto cada vez máis esixente, conseguiron o ano pasado o conxunto dos informativos da TVG é atribuíble antes de nada aos profesionais que forman os diferentes equipos, non só redactores, editores ou directores, senón tamén o resto do persoal técnico e de apoio, que se esforza cada día por facer o mellor produto posible cos medios cos que conta. A procura da máxima eficiencia conxúgase co rigor e a responsabilidade que supón informar desde un medio de titularidade pública.

Asuntos que centraron a actualidade galega, tan dispares como o conflito laboral de ALCOA, a restauración do Pórtico da Gloria, ou as plataformas construídas por NAVANTIA para un parque eólico no Mar do Norte, recibiron un amplo trato informativo. No que

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

respecta á información nacional, tamén foron obxecto de ampla cobertura acontecementos como o cambio de goberno central, o resultado electoral das eleccións andaluzas ou o conflito en Cataluña.

### 3.1.1. Faixa matinal

Na faixa matinal, o espazo **"Bos Días"** segue a manter o seu formato e enfoque, coa continuidade no 2018 de varias novidades adoptadas o ano anterior. A primeira, e máis destacada, a súa duración, que se ampliou ata os 180 minutos e que se mantivo activa todo o ano. En rigoroso directo e primando a información xeral e a de servizo público, este informativo esténdese desde as 08.00 ás 11.00 horas. Antes de comezar este informativo, redifúndese un espazo informativo local integrado polas principais noticias locais do día anterior, editadas por cada delegación.

Esta temporada continuou a aposta informativa con polo menos unha entrevista diaria e con máis tempo dedicado ao debate. Estes cambios buscan consolidar un espazo que ten por obxectivo converterse na referencia informativa dos galegos nunha faixa, a matinal, cada vez máis competitiva. Isto está a permitir manter a fidelidade do heteroxéneo sector do público ao que vai dirixido, acadando de luns a venres unha cota media de pantalla do 8,9% (10,5% no pase das 8 da mañá, 9.9% no das 9, e 7,2% no das 10 h.)

Durante 2018 continuamos tendo catro comentaristas no "Faladoiro" diario, de luns a venres, sobre a actualidade, que se emite desde 10.05 aproximadamente e ata as 10.45 horas. Os tertulianos están tanto para contar con máis opinións como para manter o interese do debate durante un espazo de tempo máis prolongado. Apóstase porque os convidados sexan sempre os mesmos cada día para que sexan recoñecidos polo público e xeren expectativas sobre as posicións de cada quen.

A audiencia premia coa súa fidelidade este espazo veterano da TVG, nunha faixa na que hai que salientar a competencia de canles nacionais con formatos similares. O "Bos Días" destaca polo ritmo áxil, con pezas breves e máis temas en cada pase, de xeito que se intenta non repetir informacións, agás cando sexan de especial relevancia. A nova compleméntase con diferentes recursos gráficos, que, ao tempo que axudan a comprender mellor o que pasa, contribúen a atraer a atención do espectador que non está de todo atento á pantalla. Do mesmo xeito, inténtase ofrecer en tempo real datos de interese (tempo, tráfico, etc). Así mesmo, está igualmente dando bos resultados a potenciación das ferramentas gráficas que lle axudan ao espectador a comprender e, no caso dos mapas estáticos ou dinámicos, a situar as noticias que se lle están contando con vídeos.

Dada a súa longa duración, o "Bos Días" conta con máis dun presentador ou presentadora, relevándose en dar paso ás noticias de carácter xeral, mais as de deportes, ou en presentar os elementos gráficos, o resumo de prensa e outras pezas. O propósito é facer máis levadío o formato e non saturar o espectador, que se mantén conectado ao programa durante máis dunha hora. A información de proximidade achégase coas catro desconexións locais diarias, ás 9.50 h., unha por provincia, nas que se dá cabida a tres ou catro informacións, procurando que teñan presenza novas das áreas metropolitanas pero tamén do ámbito rural.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Así mesmo, mantense unha sección de resumo de titulares de prensa coas portadas dos xornais galegos e nacionais do día, mais algunha cabeceira portuguesa, salientando infograficamente aquelas informacións que máis poden chamar a atención polo diferente tratamento que lles dá cada un dos medios impresos.

### 3.1.2. Faixa do mediodía

Os programas informativos **"A Revista"**, **"Galicia Noticias"** e **"Telexornal Mediodía"** compoñen a faixa de mediodía na Televisión de Galicia, a que acada a mellor resposta da audiencia dos bloques informativos. Tres formatos diferenciados e, ao mesmo tempo, complementarios que se estenden ao longo de tres horas en directo desde as 12.30h, co inicio de **"A Revista"**, ata ás 15.30h**.** co remate do primeiro telexornal do día, logo das noticias dos deportes. Un bloque que fai a televisión pública galega líder absoluta a esas horas entre as canles xeralistas.

Os tres espazos comparten esforzos e recursos, e traballan de xeito coordinado, especialmente no que se refire a medios técnicos como os equipos de directos en exteriores, isto é, as coñecidas como "mochilas" e as unidades transportables, tanto propias coma alleas, primando sempre a atención e o seguimento dos asuntos que son noticia en Galicia no momento da emisión.

O magazine "**A Revista"** mantén a súa estrutura tradicional, outorgando prioridade aos contidos de carácter social, lúdico e cultural, e a contidos achegados polos equipos de directo que se despregan cada día por toda Galicia para levar ao espectador a voz e as imaxes en vivo dos seus protagonistas. A inmediatez é un dos principais sinais de identidade deste programa, que tamén inclúe unha ou varias entrevistas en directo no plató, e seccións fixas con persoal da propia CRTVG ou colaboradores externos, que se van renovando cada temporada: medicina, nutrición, deporte, moda, asuntos xurídicos, o máis visto nas redes e mundo animal. Tamén cada día hai unha reportaxe elaborada pola redacción do programa. E todos os días tentamos dar un breve resumo das principais noticias do día tanto en Galicia coma España e do resto do mundo.

Dentro de "A Revista", con personalidade propia, segue a ter un oco destacado na faixa do mediodía **"O Agro"**, microprograma monográfico, duns cinco minutos de duración, de moi longa traxectoria na Televisión de Galicia e que entra de cheo no concepto de información útil ou de servizo, algo propio dunha televisión pública nun país onde segue a ter moito peso o mundo agrario e rural.

"O Agro" emítese dous días, os martes e os mércores, por ser aqueles en que se pode ofrecer a información da xornada sobre a evolución dos prezos dos produtos agrarios nas lonxas agropecuarias galegas. Ademais desta información dos mercados, "O Agro" tamén ofrece outras informacións, reportaxes en profundidade que abranguen todos os temas que afectan o sector: investigación, desenvolvemento, axudas, lexislación, investimentos e as últimas técnicas. E, por suposto, sen esquecer a conservación do medio natural e a agricultura ecolóxica. Este espazo informativo/divulgativo é elaborado polo mesmo equipo de traballo especializado que desenvolve o exitoso semanal **"Labranza",** da fin de semana.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ambos espazos, “O Agro” e “Labranza” foron homenaxeados en abril por parte da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, do Campus Terra de Lugo, en agradecemento ao labor de difusión que fan do desenvolvemento dos sectores agroforestal e gandeiro de Galicia e pola súa utilidade pública.

Tomándolle a remuda a “A Revista”, de luns a venres emítese o **“Galicia Noticias”** entre as 13.45 e as 14.20 h. aproximadamente. Con estrutura e enfoque de informativo, este espazo, centrado exclusivamente na actualidade galega, fai especial incidencia nas cuestións sociais, nos problemas cotiáns dos cidadáns na contorna onde viven e contados de primeira man. Isto é, búscase o testemuño directo, case sempre en primeira persoa, dos protagonistas das novas, o que fai que amplos sectores da poboación do país se sintan dalgún xeito reflectidos na pantalla da TVG. O groso da súa estrutura son vídeos duns dous minutos de duración con moitas declaracións obtidas sobre o terreo polos reporteiros do programa, a maioría, veteranos e experimentados redactores, que dominan a gramática e estilo de redacción e visual deste formato.

A temporada 2018 supuxo a consolidación dun cambio experimentado o ano anterior no **“Telexornal Mediodía”** que afectou tanto a súa estrutura coma o modo de entender a información que queremos dar e o modo de facérllela chegar aos nosos espectadores. Cambiou non só o que se conta, senón tamén como se conta. O primeiro dos cambios comezou coa modificación da hora de entrada, que se fixou nas 14.28h. O obxectivo é fidelizar os espectadores nun horario moito máis concreto, a escasos dous minutos das dúas e media, hora que queremos que sirva de referencia, que os nosos espectadores asocien que antes de que o reloxo marque as 14.30 poden conectar co Telexornal Mediodía da TVG.

Os titulares pasaron a ter un formato moito máis áxil e definido. Mantense a estrutura dun primeiro titular á cabeceira de entrada, no que se prioriza a imaxe do día, a de máis impacto de toda a mañá. O formato e o número de titulares previos á entrada da presentadora dependerá desa primeira noticia e das súas ramificacións posibles.

A estrutura do informativo está organizada en bloques temáticos, diferenciados entre si por elementos de ruptura. Cóntase tamén con varios varios bloques de noticias máis breves, cun formato específico, música de fondo e unhas lendas determinadas, que permitan ao espectador identificar inmediatamente que é o que está vendo.

Outras das novidades do Telexornal Mediodía está no xeito de contar as noticias. Prímase a información en directo, con sinais do que está pasando en tempo real e aumentando o número de conexións cando a actualidade da xornada así o require. Os equipos de directo cos que se conta cada día ampliáronse empregando as mochilas para emisión en directo dispoñibles desde este ano nas delegacións de Vigo e Ourense. Priorízase tamén a información en directo desde o Consello da Xunta e desde o Parlamento de Galicia.

Na mesma liña inciden as personalizacións. Nesta última temporada apostouse por darlles máis presenza aos redactores para humanizar as noticias e contalas en primeira persoa. Tamén se fixo un importante esforzo para incrementar os puntos de directo nos nosos informativos, tanto en Galicia como no resto de España, en Bruxelas ou alá onde

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

suceda un feito informativo o suficientemente relevante como para desprazar un equipo de enviados especiais. A TVG conta o que pasa en Galicia e no mundo, desde o punto no que pasa.

Outro aspecto fundamental son o que poderían denominarse elementos clarificadores ou explicativos da noticia, polo que as pantallas do plató pasan a ser un elemento fundamental de cada Telexornal, especialmente para achegar datos de información económica, ou daquelas noticias con demasiados datos, ou outras complexas que con este apoio gráfico resultan máis comprensibles para os espectadores (datas, feitos claves, mapas de situación...). Este apoio esténdese ás propias noticias a través de faldóns ou gráficos aclarativos, coidadosamente pensados e consensuados entre os editores, o propio redactor e os equipos de realización e deseño gráfico.

En canto ao contido, está determinado pola actualidade de cada día, aínda que a máxima é primar a información galega, a de proximidade, intentando ofrecer en tempo real todo o que está sucedendo. E todo sen perder de vista a actualidade nacional. Hai tamén un espazo reservado para aquelas noticias do resto do mundo máis salientables, e para as noticias económicas e dos sectores produtivos, especialmente agro e pesca, que tanto interesan aos espectadores galegos.

A información do Tempo é primordial. Cada mañá, o departamento de Informativos celebra unha reunión cos redactores do departamento de información meteorolóxica para decidir conxuntamente o tratamento que merece o tema ese día e as localizacións idóneas ao longo da xornada para facer as noticias e localizar os puntos de directo. En días especialmente complicados neste eido, o espazo **"O Tempo"**, que adoita ir na franxa final do informativo, gaña presenza e arroupa o resto de vídeos desta temática.

No que respecta aos Deportes, non varía nesta nova temporada a hora de entrada: a partir das 15.10h. os espectadores teñen toda a información de interese, centrada sobre todo nos equipos de elite dos deportes galegos, pero sen descoidar en ningún caso as referencias ás competicións nacionais e internacionais das principais especialidades deportivas, en especial o fútbol, como deporte/espectáculo máis seguido pola audiencia. O equipo da sección de Deportes da TVG aproveita mellor cada día as posibilidades que ofrecen os novos recursos implementados polo Servizo de Infografía á hora de enriquecer algunhas das máis destacadas noticias deportivas.

Para a parte final do informativo, xusto despois dos Deportes, apóstase pola información cultural, coidada e sosegada, con temas reportaxeados, que supoñen o contrapunto da axilidade e a vertixe coa que transcorre a actualidade da primeira parte do informativo.

En xeral, a nova aposta do "Telexornal Mediodía" no 2018 foi clara: un informativo coral, con moitas caras, moitas voces e maior proximidade aos telespectadores. Un informativo coidado, que achega todas as claves aos galegos para que continúen a elixir a Galega e a manter o "Telexornal Mediodía" da Televisión de Galicia entre os informativos máis seguidos en todas as televisións autonómicas.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

### 3.1.3. Faixa do serán

Neste treito da grella emítese o **“Telexornal Serán”,** espazo no que están interconectados os equipos de Local e Galicia, compartindo o equipo editor e de redacción, así como os recursos técnicos que se precisan para a súa produción, nunha estratexia de sinerxías que rexistra unha resposta cada vez máis positiva por parte do persoal afectado.

Nesta nova etapa, o “Telexornal Serán” arranca ás 20.45h. e ten como vocación dar conta dos grandes temas do día con amplitude e dun xeito máis repousado que na edición do mediodía. Aposta sobre todo polas informacións que teñen que ver con Galicia, pero tamén se lle dá cobertura ao que ocorre no resto do mundo. O “Telexornal Serán” contén unha sección de información deportiva, na que priman os deportes galegos. Por último, tamén hai un microespazo do tempo, que en casos de avisos meteorolóxicos se amplía para poder ofrecerlles aos espectadores unha información de servizo público máis completa.

### 3.1.4. Fin de semana

A fin de semana comenza, desde a perspectiva informativa, co “Bos Días” dos sábados pola mañá, cunha duración de media hora entre as 09.30 e as 10.00 h. Este espazo aproveita en boa medida o material emitido nas edicións do serán e da noite do **“Telexornal”** do venres, debidamente actualizado e coa incorporación das novas de última hora e as previsións informativas máis salientables para as seguintes horas. Da súa coordinación e edición encárgase o equipo de Dirección e Redacción dos Informativos da fin de semana.

Os sábados e domingos emítense tamén as dúas edicións do Telexornal, a do mediodía, ás 14.25 horas, e a do serán, ás 21.00 horas, nas que destaca un amplo bloque de Deportes en cada unha delas.

Así mesmo, “A Revista” transfórmase en **“A Revista Fin de Semana”,** os sábados de 12.30 a 13.55 h., aproximadamente, e o domingo de 12.15 a 13.45 h. A oferta de lecer na fin de semana galega, temas sociais e as principais propostas lúdicas e culturais protagonizan este programa no que teñen tamén un peso importante as entrevistas en directo no propio estudio. Conta tamén co recurso dos directos en exteriores para transmitir inmediatez e contacto coa realidade do país. O seu aproveitamento vén condicionado pola estrita actualidade e as necesidades do departamento de Deportes para as súas transmisións en directo. No eido puramente informativo, “A Revista Fin de Semana” actúa os sábados de ponte entre o “Bos Días” e o “Telexornal”, mentres que, o domingo, alixeira o seu contido ao baixar a presión informativa.

Cómpre salientar que **“A Revista Fin de Semana”** foi merecente do premio Mestre Mateo da Academia Galega do Audiovisual ao mellor programa de televisión da temporada 2017, na gala celebrada a principios de 2018.

O traballo de equipo fixo posible un ano máis que telexornais da fin de semana foran, en termos xerais, a principal referencia informativa para os galegos e galegas interesados o sábado e domingo en coñecer a actualidade de Galicia e do mundo, pero especialmente das súas contornas, polo que se aposta pola información de proximidade cos espazos

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**“Reportaxes Locais”**, que se emiten os domingos á hora de xantar, xusto despois do “Telexornal Mediodía”**.** Con 15 minutos de duración, isto recupera para a audiencia do conxunto do país cinco informacións locais, con formato reportaxe e nas que se tratan a fondo temas de carácter político, cultural, social, económico ou lúdico.

### 3.1.5. Outros programas informativos non diarios

O programa semanal de actualidade **“Contraportada”** mantivo a súa estrutura e enfoque no 2018, cunha duración aproximada de 15 minutos repartidos habitualmente en dúas reportaxes de temática galega. Emítese na sobremesa dos sábados logo da primeira edición do “Telexornal”, ás 15.15 horas, aproximadamente, e conta con posteriores redifusións en distintos horarios.

Sacándolle o máximo rendemento aos recursos da Redacción, as pezas son elaboradas ao longo da semana por redactores de quenda, coa coordinación dun editor e aproveitando, no posible, o material de entrevistas, e recursos empregados polos medios públicos, así como do servizo de Arquivo e Documentación da CRTVG. Só excepcionalmente, ben en San Marcos ou nas delegacións, se produce material específico para o programa.

Outra cita informativa da fin de semana é o programa **“Parlamento”,** en emisión case desde que comezaron as emisións da televisión autonómica, e enmarcado no que a CRTVG entende como servizo público. Emítese os domingos pola mañá, entre as 10.30h. e as 11.00h., co obxectivo de achegarlles aos cidadáns galegos, semana a semana e dun xeito sinxelo e sintético, o máis salientable do traballo dos seus representantes na Cámara autonómica. Faise mediante varias pezas, en que se recollen os aspectos máis destacados e de interese xeral que se abordaron nas comisións parlamentarias e, no seu caso, nos plenos da Cámara. Así mesmo, inclúense reportaxes e un faladoiro con ex-parlamentarios, que representan as principais forzas políticas do eido autonómico. Esta sección, nomeada “Café sen gotas”, acadou un perfil propio ao longo da súa emisión.

Tamén, ao longo do ano, a TVG presta unha especial atención a eventos destacados programados pola Cámara, como homenaxes, exposicións dentro e fóra da sede, xornadas, simposios, etc. Tamén son emitidos en directo na súa integridade os debates de investidura e de política xeral ou o Estado da Autonomía, que se redifunden tamén en lingua de signos para facilitar a accesibilidade de colectivos con discapacidade auditiva, ou eventos como a Entrega das Medallas do Parlamento de Galicia.

**“Vivir o mar”** é un clásico da TVG. Programa de emisión semanal, actualmente os domingos, leva xa máis de vinte anos en pantalla, cando comezou co nome de “O Noso Mar”. Con máis de novecentos programas emitidos, o programa “Vivir o mar”, patrocinado pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia, trata de xeito transversal todos os aspectos do mar galego, desde a pesca extractiva á cría en granxa de peixes e mariscos; desde a conserva industrial ata a artesanal, desde o papel da muller no mar ata a formación de diversos colectivos a través das ensinanzas regradas ou das non regradas, desde a conservación do medio mariño e o seu coidado fronte a agresións do propio ser humano ata as tradicións das xentes do mar galego, que constrúen barcos de madeira para a

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pesca ou o lecer, ou tecen redes de pesca para a actividade nas rías ou para a comercialización de produtos artesanais.

As investigacións no eido mariño, tanto traballos de campo (en mar) como no laboratorio, tendo en conta a importancia dos organismos e institucións que en Galicia son salientables no mundo do mar, forman parte das reportaxes que se emiten cada domingo ás once da mañá no programa. As reportaxes de "Vivir o Mar" están pensadas para tratar temas relevantes para o sector pesqueiro galego, pero tratadas desde o punto de vista do documental informativo. Así, imaxes submarinas e aéreas forman parte das reportaxes que se poden gravar no medio mariño e que o programa ofrece a unha audiencia interesada, non soamente do sector do mar, senón tamén a todos aqueles públicos que buscan, a través de imaxes de calidade e precisión, achegarse a unha das maiores riquezas de Galicia: o seu mar, tradicional e innovador, xeneroso pero tamén moi esixente e perigoso, como se recolle semanalmente no programa "Vivir o Mar" durante media hora.

No eido da información agropecuaria, a fin de semana prográmase outro clásico da grella, o programa **"Labranza",** que complementa o espazo irmán que se emite durante a semana, "O Agro". Programado para o mediodía dos domingos, de 14.00 h a 14.25 h., componse habitualmente de dúas ou tres reportaxes amplas, aínda que de cando en vez se centre monograficamente nun só evento. O programa dálle prioridade á información sobre iniciativas públicas e privadas encamiñadas a modernizar a estrutura do sector agrario galego, tanto se xorden no propio país coma se se importan de fóra. Non faltan referencias á información de utilidade para os profesionais, como convocatorias de axudas ou novas regulacións ou cuestións referentes á industria agroalimentaria galega. Así mesmo, tamén intenta recoller a sensibilidade da sociedade pola conservación do medio natural, con reportaxes sobre os espazos protexidos da comunidade, as enerxías renovables ou o auxe da agricultura ecolóxica.

### 3.1.6. Deportes

A sección de Deportes en 2018 tivo como prioridade a cobertura -sempre que os dereitos e a dispoñibilidade de persoal e medios técnicos o permitiu- de todos os eventos posibles, con protagonismo galego, a través de retransmisións en directo, emisións en diferido, reportaxes ou imaxes do día a día tanto nas canles televisivas TVG e tvG2 como na web da CRTVG. Este é o esquema da programación deportiva:

**- De luns a venres, TVG:**

- **"Bos Días":** titulares de deportes e un bloque de información deportiva a partir das 09.45 h. de entre sete e oito minutos, ampliada a entre oito e dez nos días seguintes á competición de Liga.
- **"Telexornal Mediodía"**: dous titulares ás 14.25 h., e un bloque de entre dez e doce minutos ás 15.15 h.
- **"Telexornal Serán":** un bloque de entre sete e dez minutos ás 21.35 h., na franxa de máxima audiencia dentro do Telexornal.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**- Fin de semana, TVG:**

- **"Bos Días":** bloque de información deportiva de entre cinco e sete minutos no último treito do informativo matinal dos sábados, que comeza ás 09.30 h.
- **"Telexornal Mediodía":** tres titulares ás 14.25 h. e un pase logo de información deportiva ás 14.55 h., de entre dez ou doce minutos de media, que se prolonga ata os 15 ou 20 minutos os domingos.
- **"Telexornal Serán":** tres titulares e un bloque longo de 21.30 h. a 21.45 h., aproximadamente.

**- Fin de semana, tvG2:**

- **Sábados:** franxa dedicada a retransmisións deportivas dunhas cinco horas e media de duración, entre as 16.30 e as 22.00 h., logo da redifusión do "Telexornal Mediodía" e de "O Tempo" e ata a redifusión do "Telexornal Serán". A segunda canle ofrece en directo partidos de fútbol de Segunda División B e Terceira División, encontros da Liga LEB de baloncesto, Asobal, Liga nacional de Fútbol Sala, hóckey e outras disciplinas minoritarias. No seu defecto, ofrécense reportaxes de temática deportiva en espazos como "Deporte Extra" ou programas específicos dedicados ao motor, o ciclismo, etc.

  Ademais, na franxa nocturna entre as 00.30 e as 07.00 h. repítense partidos do día ou emítense en diferido outros encontros gravados. Tamén se inclúen na programación partidos históricos emitidos nos 33 anos de vida da TVG. En total, durante a xornada do sábado, ofrécense doce horas de programación deportiva, das cales seis poden ser en directo.

- **Domingos:** durante a temporada, a franxa de 12.00 a 15.30 h. dedícase ás retransmisións de encontros e outras citas de diferentes disciplinas deportivas, como acontece na xornada do sábado.

  Tras a redifusión do "Telexornal Mediodía" e de "O Tempo", a partir das 16.30 h. comeza "A Liga das Cidades", coa retransmisión de fútbol galego de Segunda División B e Terceira, de produción propia ou allea. Ao rematar as retransmisións e conexións en directo e ata ás 22.00 h., emítense resumos da xornada, programas como "Montañas de Aventura" ou "Deporte Extra".

  Durante a temporada de Liga, entre as 22.30 h. e as 00.20 h., ofrécese o programa "En Xogo" de resumo da xornada, con especial atención aos partidos de Primeira e Segunda División, e mais os equipos galegos de Segunda División B e Terceira. Tamén se dedica tempo a outras competicións como a Liga Endesa de baloncesto, a Liga Asobal de balonmán, a liga de hóckey a patíns, e diferentes competicións de atletismo ou motor. Desde as 00.20 h. e ata as 07.00 h., redifúndense programas e transmisións da fin de semana. En total, durante a xornada do domingo, ofrécense 17 horas de programación deportiva, das cales ata 9 horas e media poden ser en directo. De xeito extraordinario, de luns a venres, a segunda canle pode emitir tamén partidos en directo de calquera deporte. Durante 2018 a TVG realizou un total de 305 retransmisións de todo tipo de deportes, a gran maioría delas de produción propia.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Fútbol

**Primeira División e Segunda División**

A TVG non ten os dereitos para a emisión dos partidos desta categoría. Si se conseguiu os dereitos dos resumos tanto de primeira coma de segunda división e dos resumos da Copa do Rei, para utilizar nos distintos espazos. Na emisión do programa "En Xogo" emítense reportaxes de xogadores históricos galegos lembrando cos propios protagonistas os eventos destacados nestes 33 anos de historia da TVG.

**Segunda División B - Grupo Primeiro**

A Televisión de Galicia emite partidos dos 5 equipos galegos da categoría: Pontevedra, Coruxo, Celta B, Rápido de Bouzas e Fabril Deportivo. Ao longo do ano ofrecéronse en directo 63 encontros dos que 48 foron de produción propia.

**Terceira División - Grupo Primeiro (integramente galego)**

No 2018, realizáronse 21 retransmisións, 19 delas de produción propia e numerosas conexións cos campos onde a infraestrutura técnica o permite. O espazo "A Liga das Cidades" inclúe unha retransmisión que adoita ser de Segunda División B, con unidade móbil, e varias conexións en directo cos campos en que se xogan partidos de Segunda División B e de Terceira División. Durante o programa tamén se fan resumos da xornada e hai convidados protagonistas. Ademais, os encontros producidos pola CRTVG emítense tamén a través da web que conta con tres canles.

TVG está utilizando a tecnoloxía 4G para facer conexións e retransmisións de encontros e eventos de diferentes modalidades deportivas. Ata final de 2018, a CRTVG operou con esta teconoloxía en 77 campos onde había equipos ou representantes galegos competindo. Sempre que sexa posible, a TVG continuará cos espazos informativos que se emiten os domingos pola noite coa maioría das imaxes desta categoría, con reportaxes, resultados e clasificacións, coma no caso de "En Xogo", de case dúas horas de duración, que se emite todos os domingos en directo entre as 22.30 h. e as 00.20 h., analizando a xornada futbolística e doutros deportes.

## Outras coberturas deportivas

**Baloncesto**

Durante 2018, a Televisión de Galicia emitiu os resumos dos partidos en que competiu o Mombus Obradoiro e Cafés Candelas Breogán, equipos galegos da Liga ENDESA, ao non ter os dereitos de retransmisión dos partidos de dita competición.

En canto á Liga LEB Ouro, en 2018, a canle autonómica emitiu 7 encontros disputados por algúns dos tres equipos galegos da categoría: Río Ourense Termal e Leyma Coruña. As emisións fanse co visto e prace da Federación Española de Baloncesto, propietaria dos dereitos da competición. Así mesmo, a televisión pública emitiu 7 partidos

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

do Universitario de Baxi Ferrol e Durán Maquinaria Ensino Lugo, representantes galegos da Liga Feminina Día.

**Fútbol Sala**

No ano 2018, a Televisión de Galicia retransmitiu 26 partidos de fútbol sala, 7 masculinos e 19 da liga feminina onde Galicia conta con 4 representantes, Burela FS Pescados Rubén, Poio Pescamar, Viaxes Amarelle FSF e Ourense Envialia FSF.

**Balonmán**

No ano 2018, o deporte do balonmán en Galicia contou con 20 retransmisións, 7 delas da categoría masculina, cos partidos da división de honra e da asobal, onde están Teucro e Cangas, e 13 retransmisións de balonmán feminino, cos dous representantes galegos na máxima categoría Mecalia Atlético Guardés, que xogou tamén competición europea, e o Club Balonmán Porriño.

**Traiñeiras**

A canle pública fixo un seguimento da participación das traiñeiras galegas nas probas da Liga ACT, a Euskotren feminina, o Campionato de España ou a Bandeira da Concha, atendendo ao gran interese que ten este deporte na costa das Rías Baixas. Así, ao longo da temporada, ofreceu 25 probas, catro de produción propia, na categoría masculina e a liga feminina contou co 14 producións. En canto á Liga Galega de Traiñeiras, pola falta de achegas económicas á organización e polos recortes orzamentarios, coma nos últimos anos, alleos á CRTVG, a Televisión de Galicia non puido ofrecer en directo ou diferido as probas pero emitíronse amplas reportaxes e resumos das distintas probas, tanto nacionais coma galegas, e intervencións de adestradores e remeiros.

**Outros deportes**

En 2018, a Televisión de Galicia emitiu 4 probas hípicas, entre elas as que se celebran no hipódromo Casas Novas de Arteixo en xullo e decembro. Ademais, ofreceu probas de diferentes especialidades deportivas con presenza de deportistas ou clubs galegos, compartindo custos con outras canles autonómicas. Así, retransmitíronse probas do campionato de España de cros, 8 probas en total,o campionato galego de balonmán praia, o descenso do Sella, probas de trial, o campionato galego de ximnasia rítmica que se celebrou en Ourense, varios partidos de voleibol, masculino e feminino, encontros doutros deportes como pádel. Televisáronse tamén varios torneos de fútbol base como o torneo alevín da Federación Galega de Fútbol. Mención especial merece a retransmisións que se fixo do ultimo treito do Rallie de Ourense, en directo e con medios propios da CRTVG e un seguimento o campionato de España de Rallys coas probas que se disputaron en Ourense, Ferrol e Lalín.

## O deporte nos informativos

Entre os obxectivos prioritarios marcados para 2018 estivo non descender na capacidade negociadora de adquisición de dereitos e manter os recursos humanos e

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

técnicos que permitisen a supervivencia dos espazos deportivos dos distintos telexornais para promocionar deporte feito por galegos ou en Galicia.

### Espazos deportivos na G2

A grella da tvG2 inclúe espazos de actualidade deportiva dirixida aos amantes dos deportes de aventura como o programa “Montañas de Aventura”, que en inverno se chama “A Neve”, ou piragüismo, producido pola Federación Galega de Piragüismo.

Ademais, realizáronse varios programas monográficos coa presenza de varios deportistas no estudio de gravación, como caso do resumo anual do motor, ou a carreira de montaña de Viveiro ou outro programa sobre o Rally Dakar.

Os espazos “Deporte Extra”, con reportaxes que van dos tres aos dez minutos de media, dan eco a todo tipo de deportes, minoritarios ou non, sempre que o permitan as condicións técnicas e os custos de produción. Esgrima, ximnasia rítmica, vela, atletismo ou canicrós son algunhas das modalidades deportivas que se abordaron nestas emisións.

## 3.2. Informativos na Radio Galega

As estratexias radiofónicas están mudando no contexto xeográfico de España e do conxunto de Europa nos últimos anos para afrontar os novos modelos de consumo de audiencias a través de multidispotivos e multiplataformas de contidos cada vez máis especializados a través de *podcast*. Con todo, estas novas estratexias teñen que combinarse co deseño de grellas de programación atractivas para as audiencias analóxicas.

A Radio Galega na súa misión de servizo público ten a obriga de ofrecer produtos xornalísticos de calidade para a audiencia galega que cubra todos os intereses e responda á misión de servizo público que lle é asignada en canto á proximidade territorial e xeográfica e á difusión da lingua e a cultura galegas.

A radio en España programa de maneira homoxénea, con modelos case idénticos baseados nos mesmos tramos horarios, programas similares e formatos parecidos. A dirección da Radio Galega desenvolveu na temporada 17-18 un espazo de reflexión profundo acerca da reprodución dese mesmo modelo nunha emisora cunha misión diferente ás radios coas que comparte espectro de emisión.

O resultado desa reflexión traduciuse nun cambio de modelo: o posto en práctica na temporada en curso 18-19. Un modelo axeitado ao territorio galego, que pasa por centrar os esforzos humanos e técnicos na posta en marcha dun sistema de traballo próximo á poboación galega para contar as historias que se producen e afectan Galicia dende o lugar en que suceden.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nun contexto de aposta por desprogramación e fragmentación do produto radiofónico, a Radio Galega especializouse no territorio para garantir a súa funcionalidade como medio de servizo público e garantir a súa supervivencia nun novo escenario de incerteza para a radio en FM, caracterizado pola incorporación de públicos con hábitos de consumo diferente.

Os expertos e estudosos en materia radiofónica no ámbito da universidade en España, como os profesores da Universidad de Navarra Ramón Salaverría e Elsa Moreno, advirten de que a especialización será o elemento diferenciador que garantirá o éxito dos proxectos radiofónicos. A Radio Galega goza dunha fortaleza a explotar neste campo, a especialización no territorio, na información galega para Galicia.

A dirección da Radio Galega aspirou tamén a situarse no espazo dixital, polo que se crearon espazos propios para a conversa coa audiencia e a distribución de contidos de interese xeral para a sociedade galega, a partir do aproveitamento dos recursos do maior medio de comunicación de Galicia. A busca de novos públicos e a captación da audiencia máis nova é unha obriga de servizo público que a Radio Galega debe acometer a través dos medios dixitais. Neste senso, desenvolveuse unha estratexia dixital novidosa para converterse en medio de referencia tamén en Internet.

O modelo de radio posto en práctica esta temporada supuxo un cambio histórico da emisora pública de Galicia para a súa renovación e modernización.

Dentro da nova estratexia, a Radio Galega prescindiu da meirande parte da súa produción allea grazas á reorganización do persoal e ao aproveitamento das cualidades e especializacións do seu cadro de persoal.

Os obxectivos que rexen na actual programación son oito:

**1. Desenvolvemento dunha estratexia analóxico-dixital**

A Radio Galega apostou por unha transformación total da súa grella de programación analóxica, coa posta en marcha dunha nova páxina web, máis atractiva e intuitiva para a audiencia, coa actualización puntual dos contidos producidos na redacción e a distribución dos *podcast* (sistema de difusión que xa supón un 5% do consumo de radio en Europa e con crecemento exponencial nos últimos tres anos)

**2. Ampliación dos espazos informativos**

Os espazos informativos da Radio Galega -"Galicia Por Diante", "Crónica das Dúas", "A Crónica", "Galicia por Diante" (sábado e domingo) e "Panorámica"- ampliaron a súa duración, nunha decidida aposta da dirección da Radio Galega para centrar o foco informativo en Galicia e nos feitos sucedidos en todas as cidades e comarcas de Galicia.

**3. Grella de grandes contedores para potenciar as nosas marcas**

A grella de programación da Radio Galega ten como eixo vertebrador grandes buques. Por unha banda, pretendeuse facilitar o recordo da audiencia a respecto das

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

franxas horarias ("Galicia por Diante", "A Tarde" e "Pensando en Ti" durante a semana e "Galicia por Diante", "Galicia en Goles" na fin de semana) e, por outra banda, apostouse pola réplica en toda a grella de marcas que antes ocupaban só nichos como o caso de "Diario Cultural" (trátase dunha estratexia de comunicación aplicada por numerosas emisoras de radio no ámbito xeográfico español que ofrece bos resultados).

**4. Protagonismo da información de proximidade ás 24 horas**

A información local é protagonista as 24 horas do día, en tanto que serán os xornalistas das delegacións os que nutran de contidos de proximidade os grandes contedores da mañá e da tarde -"Galicia por Diante" e "A Tarde"-. Así mesmo, a información local é vertebral nos informativos da emisora, con espazos específicos nas tres edicións diarias do "Galicia por Diante", "Crónica das Dúas" e "A Crónica".

**5. A información cultural é estrutural baixo a marca "Diario Cultural"**

A Radio Galega converteu en información estrutural a cultura a través da creación da marca "Diario Cultural", que está presente en toda a grella de programación cun formato moderno e renovado que ten como obxectivo achegar a cultura galega a toda a audiencia da radio pública, explorando novas fórmulas radiofónicas e captando novos públicos. Esta estratexia completouse coa creación dunha canle dixital propia para converter o "Diario Cultural" no primeiro programa da Radio Galega en ter espazo web propio.

**6. Especialización dos contidos**

A grella da Radio Galega ofrece programas especializados nos ámbitos temáticos que entende vertebradores da sociedade galega: agro, mar, literatura, novas tencnoloxías, ciencia, cine e migracións. Trátase dos produtos "Ferrado e Medio", "Mar de Ardora", "Chamando á Terra", "Lambóns dixitais", "Efervesciencia", "Sala 5" e "Un País mundial".

**7. Ampliación dos espazos deportivos**

A Radio Galega tamén renovou os espazos deportivos co obxectivo de seguir liderando a información deportiva en Galicia, coa incorporación dunha importante aposta pola difusión do baloncesto de ACB como novidade.

Pola semana apareceron dúas novas marcas, "Zona Mixta" e "Ao Contraataque", dous espazos de información deportiva xeralista que se emitirán ás 15:00 e ás 23:00 respectivamente. O buque insignia dos deportes da Radio Galega, o "Galicia en Goles", abriu unha edición nocturna os venres a partir das 21:00 e adiantará a hora de arranque a fin de semana, ás 15:00. Así mesmo, mantívose a edición dos domingo ás 12:00, que se puxo en marcha na temporada 2017/2018.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 8. Potenciación de Radio Galega Música como emisora de referencia

A dirección da Radio Galega, ao par do desenvolvemento da nova estratexia de Radio Galega, segue centrando esforzos en Radio Galega Música, co obxecto de convertela en emisora de referencia no mundo da música.

### 3.2.1. Os espazos informativos

- O “**Galicia por Diante”** mantivo horario de 06:00 a 09:30, pero viu modificada a súa estrutura e formato. Este espazo combina a información xeral e especializada cos espazos de opinión.

- A “**Crónica das Dúas”** ampliou o seu horario ata as 14:45 para sumar outros contidos de carácter local.

- **“A Crónica”** ampliou tamén a súa duración e emitirase de luns a venres entre as 20:00 e as 21:00. A partir das 22:00, de luns a xoves, completa o relato informativo cun faladoiro. Os xoves mantense a emisión compartida RG-TVG2.

- Os **informativos da fin de semana** alteraron tamén a súa estrutura para ofrecer produtos similares aos da semana. Así as cousas, emítense dúas edicións do “Galicia por Diante” o sábado e domingo entre as 08:00 e as 09:00, e dúas edicións da “Crónica das Dúas” entre as 14:00 e as 14:15.

- O programa de reportaxes “**Panorámica”** ampliou a súa duración e modificou o seu horario. Emítese os sábados entre as 14:15 e as 15:00.

- **A información local** trabállase esta temporada dunha forma transversal ao longo da programación con espazos diferenciados en todos os informativos e grandes magacíns. Existen dentro da grella horas de referencia para estes contidos: o último treito do “Galicia por Diante”, a segunda parte da “Crónica das Dúas”, a última hora de “A Tarde” e o segundo bloque de “A Crónica”.

#### -Galicia Por Diante

1. Resumo informativo das últimas horas en clave de previsión da xornada.
2. Coa información de servizo público no centro do relato.
3. Con puntos de directo en todo o territorio.
4. Co resumo da prensa autonómica, nacional e internacional para completar o relato desde outros enfoques.
5. Con entrevistas diarias aos protagonistas da actualidade.
6. Coa mellor análise dos colaboradores habituais da Radio Galega nunha tertulia entre as 08:30 e as 09:30.
7. Con espazos propios para a información especializada: economía, cultura,...
8. Con protagonismo da información local.
9. Con sección destacada para resumir a actualidade deportiva.
10. Cunha fiestra sempre aberta á interacción a través das redes sociais.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

-Crónica das Dúas

1. Resumo informativo das últimas horas.
2. Narrado desde os puntos de directo dentro e fóra de Galicia.
3. Coa información de servizo público no centro do relato.
4. Co resumo dos portais web de prensa autonómica, nacional e internacional para coñecer outros enfoques.
5. Con entrevistas aos protagonistas da actualidade.
6. Con debates en directo sobre asuntos de relevancia.
7. Con protagonismo da información local.

-A Crónica

1. Resumo informativo das últimas horas.
2. Con entrevistas en directo aos protagonistas da noticia.
3. Coa análise dos expertos e dos colaboradores habituais da Radio Galega
4. Coa información de servizo público no centro do relato.
5. Con puntos de directo en todo o territorio.
6. Con debates en directo sobre asuntos de relevancia.
7. Con espazos propios para a información cultural.
8. Con protagonismo da información local.

-Galicia Por Diante Fin de Semana

1. Resumo informativo das últimas horas en clave de previsión da xornada.
2. Coa información de servizo público no centro do relato.
3. Co resumo da prensa autonómica, nacional e internacional para completar o relato desde outros enfoques.
4. Con entrevistas aos protagonistas da actualidade.
5. Coa análise dos colaboradores habituais da Radio Galega.
6. Con sección destacada para resumir a actualidade deportiva.

-Crónica das Dúas Fin de Semana

1. Resumo informativo das últimas horas.
2. Narrado desde os puntos de directo dentro e fóra de Galicia.
3. Coa información de servizo público no centro do relato.
4. Con espazos propios para a información cultural
5. Con protagonismo da información especializada e reportaxeada.

-Información local

A proposta da Radio Galega sobre a información local mudou o seu formato durante esta temporada. Apostouse por un modelo de próximidade que pon en valor a cobertura de todo o territorio, e non só das grandes cidades, a través dos recursos das nosas delegacións. Os distintos centros de traballo ampliaron o seu horario para cubrir a quenda de tarde. O seu persoal está dedicado a facer efectiva esa cobertura da súa área territorial máis aló das grandes urbes.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Os contidos considerados estritamente locais consérvanse na nova grella. Integraranse nos principais informativos e programas. Así as cousas, a información local mantén as horas de referencia nos informativos. A nova estratexia local completouse coa celebración de debates semanais das corporacións municipais e provinciais moderados desde as delegacións e con emisión directa (en forma de desconexión) para a súa área territorial de referencia.

### -Boletíns horarios

Os boletíns consolídanse unha temporada máis como o principal sinal de referencia dunha canle xeralista radiofónica. Se a radio se identifica sempre coa inmediatez informativa, os boletíns horarios son a expresión desa comunicación continua.

Estes espazos renovan os contidos que se lles ofrecen aos oíntes cada hora, prestando especial atención a calquera noticia de servizo público. Nos últimos meses modificaron tamén a súa estrutura formal: integrados nos programas, con novas sintonías e acurtando a súa duración.

## 3.2.2. Os espazos deportivos na Radio Galega

Durante 2018, a información deportiva na programación da Radio Galega volveu ser un piar fundamental. Emítese á semana entre xaneiro e setembro unha media de 28 horas regulares e desde setembro coa nova programación o número de horas aumentou a 33, ademais das emisións extraordinarias cando houbo competición de Liga os luns e Copa do Rei os martes, mércores ou xoves.

### -Programación diaria

De xaneiro a setembro, a programación diaria dividiuse en tres espazos: Galicia en Goles 14.30, Galicia en Goles 20.30 e Galicia en Goles 23 horas. A partir de setembro, coa transformación da programación, as emisións foron "Zona mixta", de 15 a 16 horas, e "Ao Contraataque", a partir das 23 horas e ata as cero horas.

"Zona mixta" tomou o testigo de Galicia en Goles 14.30. Mantén a filosofía de espazo informativo do deporte ao mediodía, pero tamén abre outras ventás á opinión e ás entrevistas en profundidade, contando coa presenza de ex deportistas como Begoña Fernández, Marta Bobo e Pilar Barreiro, ou o piloto Diego Vallejo.

"Ao Contraataque", mentres, é a oferta deportiva nocturna e nos primeiros tres meses de emisión levou o programa á rúa para estar preto dos oíntes. Desde Vigo ofreceuse en setembro unha edición especial dedicada ao R.C Celta na sede da praza de España, coa presenza de Iago Aspas e Brais Méndez, dous xogadores galegos e internacionais absolutos. Desde Santiago de Compostela, nun hotel da cidade, emitiuse un programa dedicado á Supercopa de España de baloncesto, competición disputada na capital de Galicia coa participación do Mombus Obradoiro. En Lugo, en plena pista central do Pazo dos Deportes, dedicouse o espazo ao CB Breogán, despois de disputar un partido de Liga contra o Joventut.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

“Ao Contraataque” foi ademais o único programa de radio que logrou entrevistar a Toni Mohamed despois de ser destituido no Celta de Vigo. En poucas semanas converteuse nun programa de referencia na información deportiva en Galicia.

### -Galicia en Goles

A Radio Galega incrementou en 2018 a cobertura nas retransmisións deportivas. De xaneiro a setembro viaxou co RC Celta de Vigo, o RC Deportivo da Coruña e Club Deportivo Lugo e os equipos galegos da Segunda División B a todos os partidos de Liga e Copa. Desde setembro incorporou no seguimento o Mombus Obradoiro e o Cafés Candelas Breogán na Liga ACB. Na fin de semana, “Galicia en Goles” ocupa un total de 18 horas fixas, ampliables cando hai competición de fútbol o sábado ao mediodía. En setembro aumentou unha hora por día, así os sábados emítese de 15 a 23 horas e os domingos de 12 a 14 horas a edición matinal e de 15 a 23 horas a sesión de tarde.

Ademais das retransmisións dos tres equipos galegos na Liga de Fútbol Profesional e os dous na Liga da Asociación de Clubes de Baloncesto, o programa informa ao momento do que fan os demais conxuntos e deportistas galegos. Equipos como Leyma Basket Coruña, Río Ourense Termal, Baxi Ferrol, Durán Maquinaria Ensino Lugo, Hóckey Club Liceo, SD Teucro de Pontevedra, Club Balonmán Cangas, Mecalia Atlético Guardés, Club Balonmán Porriño, CV Intasa San Sadurniño, O Parrulo Ferrol FS, Burela FS Pescados Rubén, Ourense Envialia, Poio Pescamar, Viaxes Amarelle, Club Voleibol Emevé de Lugo e o C.R.A.T. A Coruña teñen presenza no programa, con resultados cada 15 minutos nas roldas e entrevistas ao final da xornada aos protagonistas. Fóra do deporte de elite, a Radio Galega potenciou o seguimento ao deporte base, coas retransmisións de competicións en Mos, Vilagarcía, Vigo e Pontevedra.

### -Mundial de Fútbol de Rusia 2018

O Mundial de fútbol Rusia 2018 tivo unha presenza moi galega con dous xogadores na selección española. De aí que o Portugal-España se fixera desde Moaña, desde o campo do Casal, xunto aos veciños e aos primeiros adestradores de Iago Aspas na súa vila; e o segundo, Irán-España, retransmitiuse cun programa especial desde Curtis, a vila de Lucas Vázquez. Nos oitavos de final, no Rusia-España, contouse con unidades móbiles nas dúas poboacións durante a retransmisión do partido.

### -Campionato de Europa de Hóckey a Patíns na Coruña

Na Coruña celebrouse do 14 a 22 de xullo o Campionato Europeo de Hóckey a patíns e o programa “Galicia en Goles” informou cada xornada do sucedido no Palacio dos Deportes de Riazor, ademais de facer unha programación especial coas retransmisións das semifinais e final. O campionato gañouno a selección española, na que competiron os xogadores galegos Eduard Lamas, do Liceo, e Nacho Alabart, do FC Barcelona.

### -Galicia en Toquio

O programa olímpico “Galicia en Toquio” continuou emitíndose nas noites do sábado, de once e media a doce. Toni López García, director do espazo, recibiu o premio como

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mellor comunicador na Gala MUDEGA (Mulleres Deportistas Galegas) pola potenciación do deporte feminino.

Neste espazo entrevistou entre outras a Susana Rodríguez, por mor da conquista da medalla de ouro no Mundial de paratriatlón; Melania Rodríguez, medalla de prata no Mundial de ximnasia en trampolín; Solange Pereira, medalla de ouro coa selección española no Europeo de cross; e Támara Echegoyen, tralo anuncio do seu novo proxecto olímpico coa balear Paula Barceló

### -Gas a Fondo

A revista do motor "Gas a fondo" deu cada noite de sábado ás 23.00 h a máis ampla cobertura aos campionatos galegos de rallys, con entrevistas aos primeiros clasificados e gañadores das copas de promoción. Tamén houbo seguimento aos campionatos de España desenvolvidos en Galicia, con entrevistas aos primeiros clasificados e pilotos galegos destacados. A estrela do motor en 2018 foi o piloto de Lugo Jorge Prado, campión do mundo de motocrós. Durante toda a temporada seguíronse as carreiras nas que participou, ao igual que as probas disputadas polo coruñés Borja Sánchez no Mundial de Superbikes.

### -O deporte da Radio Galega nas redes sociais

A conta de Twitter @galiciangoles pechou 2018 preto de alcanzar a cifra histórica de 50.000 seguidores, concretamente conta con 49.900 seareiros. Desde setembro, o equipo de Deportes da Radio Galega abriu dúas novas contas para os programas diarios @zonamixtaRG e @Aocontraataque.

Os oíntes teñen outras canles para comunicar cos programas durante a súa emisión é interactuar. A máis popular é a do Whatsapp de "Galicia en Goles", que cada fin de semana reúne a centos de afeccionados opinando dos resultados e da actualidade dos nosos equipos durante o espazo de opinión "O Faladoiro", que se emite nas noites dos domingos.

### -*Streaming*

Durante 2018, a emisión do *streaming* Mira RG tamén foi unha referencia na programación deportiva da Radio Galega. De xaneiro a setembro ofreceuse á audiencia a opción de ver tamén a emisión dos programas Galicia en Goles 20.30, "Galicia en Goles" 23 horas e "Galicia en Goles Fin de Semana". Desde setembro ofrécense en *streaming* "Galicia en Goles Fin de Semana" e a edición dominical de "Ao Contraataque".

Ademais, cando "Ao Contraataque" sae a exteriores, os oíntes poden ver o programa a través do *streaming* que se activa na conta de Twitter @Aocontraataque. Unha fórmula que deu moi bo resultado na súa primeira emisión, o programa especial do R.C. Celta con Iago Aspas e Brais Méndez, que superou os 5.000 visionados.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

### 3.3 Os informativos nas canles dixitais (web e redes sociais)

O proceso de dixitalización dos sistemas de produción da Corporación propiciou a reestruturación dos equipos que nutrían de contido tanto o portal web crtvg.gal, como as redes sociais corporativas e das súas principais marcas, Televisión de Galicia e Radio Galega, así como dos programas de produción propia da casa.

Este é un servizo esencial na nova etapa da CRTVG, que ten nos novos soportes dixitais unha vía de acceso á audiencia máis nova, a que segue a elixir a televisión e a radio galegas pero que se achega a través das canles dixitais e consome os contidos á carta a través de dispositivos móbiles. No 2018, preto de 400.000 persoas seguiron os contidos da CRTVG nas redes sociais de forma habitual, o que supuxo un incremento do 80% con respecto a 2017.

En canto á reorganización e reforzo desta área, creáronse dous equipos diferentes de traballo, un centrado só en informativos e outro dedicado aos contidos de entretemento, descrito no capítulo 4 deste informe, pero os dous baixo unha única coordinación, para manter a liña de estratexia na comunicación dixital.

En Informativos, creouse unha Mesa de Tempo Real centrada principalmente en alimentar a web da CRTVG e as súas redes sociais de contido informativo de última hora e presentar tanto nela como nas redes sociais, as informacións editadas polos xornalistas das distintas redaccións da CRTVG, tanto de San Marcos como das cinco delegacións.

Cómpre destacar que, desde a implantación do novo sistema de produción dixital, todos os redactores da TVG poden enviar un borrador da noticia que están elaborando ao equipo de Tempo Real, que determina, seguindo as pautas do coordinador e da Mesa Central, como e cando se publica ese contido.

Este servizo está integrado na redacción e conformado por un equipo mixto, para facilitar a colaboración e o intercambio de competencias, con redactores máis veteranos que traballan man a man xunto a xornalistas máis novos, máis afeitos á linguaxe das novas tecnoloxías e aos novos soportes.

A chamada “Mesa de Tempo Real” nutre:

- O ‘site’ crtvg.gal, no que no último ano entraron 3.790.000 usuarios. O equipo ocúpase concretamente das seccións de Informativos, Deportes, #Cultura365, Directos e O Tempo, e os seus espazos inseridos dentro da portada. Tamén se encarga de garantir que estean dispoñibles á carta os programas informativos diarios e non diarios.
- O Facebook da Televisión de Galicia, en coordinación co equipo responsable da área de contidos de entretemento.
- O Twitter da Televisión de Galicia, tamén en coordinación co equipo responsable da área de contidos de entretemento.
- Ocasionalmente tamén se publica contido nas contas de Instagram e Youtube de TVG, aínda que o contido maioritario nestas redes se elabora na área de contidos de entretemento.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

De cara a 2019, o departamento está traballando para desenvolver contas de redes sociais propias ben para contidos informativos ou ben de entretemento. Un dos obxectivos é crear unha canle dixital de informativos chamada G24 ou g24.gal que disporá das súas propias contas en redes sociais e que traballará tamén en quenda de madrugada, atendido polo equipo nocturno da Radio Galega, que traballa en coordinación co equipo nocturno da Televisión de Galicia. Tamén, no 2019, implantarase unha aplicación de publicación coordinada en redes sociais que fará posible a súa xestión integral desde esta área.

Actualmente, nas redes sociais da TVG estanse empregando vídeos cadrados e subtitulados (máis adaptados ao consumo móbil) e traballase nun formato informativo diferente dos vídeos de entretemento. Tamén está en fase de experimentación un novo formato informativo mediante ‘historias’ de vídeo e/ou imaxe, apto para consumir tanto en vertical como en horizontal e empregando unha linguaxe visual máis adaptada aos novos consumos e aos novos públicos. Este formato non o está empregando ningunha outra canle en España, que teñamos coñecemento, nas súas webs informativas.

Un dos principais logros do 2018 no aspecto dixital foi levar á pantalla da televisión boa parte do contido propio dixital elaborado para a web e as redes sociais. Así, destacan as intervencións que fan algúns dos xornalistas do equipo en programas como “A Revista” ou o “Bos Días”, amosando que o importante é o contido e que xa non hai fronteiras entre as canles de distribución. É salientable tamén o traballo en redes sociais levado a cabo en Deportes de fin de semana polo dinamizador das contas do espazo “En Xogo”. Fanse retransmisións deportivas en directo pola web, ás veces ata con catro directos simultáneos. Ningunha outra canle autonómica fai un despregamento *online* destas características.

Na Radio Galega, tamén se experimentou con novos formatos en directo, tanto para á web como para as redes sociais, por exemplo desde a alfombra vermella dos Premios Mestre Mateo ou desde outros actos como as pre-estreas das series da TVG.

Tamén no 2018 se creou en Instagram o espazo #Instagal, unha cita semanal na que se pide a colaboración dos seguidores, preguntándolles como se di unha determinada palabra nos lugares onde viven. Esta acción, na que colabora a área de Normalización lingüística da CRTVG, constitúe unha forma máis de achegarlle á xente novo contido divulgativo en galego a través dos soportes que empregan.

Nesta reorganización, a CRTVG abordou tamén a consolidación da súa propia marca dixital, cunha “mosca” (logo) e unha estética distintiva, cun formato de vídeo que é facilmente identificable como noso.

A maior parte dos vídeos propios tiveron como obxectivo o entretemento, pero tamén se fixeron algúns de carácter informativo ou divulgativo, como por exemplo un sobre o *brexit* británico (https://www.youtube.com/watch?v=mLmd51Y8SEg).

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# 4. CONTIDOS E EMISIÓNS DA CRTVG

A Área de Contidos da CRTVG cumpriu en 2018 o seu primeiro exercicio completo como departamento transversal da Corporación encargado de captar, adquirir, producir, xestionar e difundir contidos distintos dos informativos a través do abano de canles de emisión que compoñen os medios públicos galegos e outras canles complementarias. A súa función consiste en combinar os intereses da cidadanía coas obrigas dun servizo público dentro das limitacións do orzamento dispoñible.

Os medios públicos dependentes da CRTVG deben exercer o seu labor no medio dunha considerable oferta de canles e plataformas e cada vez máis alternativas audiovisuais para atraer a atención do público. Para iso mantiveron un ano máis un principio claro, o da proximidade, apostando activamente polo de aquí, en galego, potenciando aqueles aspectos que diferencian Galicia e a súa sociedade. Potenciando aquelo que a audiencia non pode atopar en ningún outro medio, pantalla, rede social, etcétera, e só nos seus medios públicos autonómicos.

A sociedade semella recoñecer este labor. A maiores dos índices de audiencia obtidos regularmente a través da audimetría e dos informes periódicos do Estudio Xeral de Medios recollidos noutro capítulo desta Memoria, unha enquisa realizada pola Federación de Organismos de Radio e Televisión Autonómicos (FORTA) en 2018 puxo de relevo que o 90% dos galegos considera que a súa televisión autonómica é a que máis contribúe á promoción da cultura e á identidade da súa Comunidade, sendo ademais a que ten mellor valoración da súa audiencia en comparación coas outras canles autonómicas. Este dato sitúa a CRTVG máis de 20 puntos por riba da media da FORTA neste eido, xa que a nivel estatal, e segundo se desprende deste estudo, a maioría dos cidadáns españois (case o 74%) considera que os servizos audiovisuais públicos autonómicos son necesarios.

A esta boa valoración contribuíu o esforzo da CRTVG do último ano con varias accións, entre as que salientamos as seguintes:

- A posta en marcha da canle multimedia #Cultura365, todos os días do ano, cunha web específica e un incremento do 40% do tempo dedicado á programación cultural en televisión e do 142% en radio, acompañado de melloras sensibles nas faixas de emisión desa mesma programación cultural.
- A aposta polas tardes con dous concursos divulgativos e culturais e dous programas en directo que falan do que lles preocupa aos galegos.
- A estrea de tres novas series, unha delas adquirida por Netflix, converténdose así na primeira serie en galego incluída nos contidos desta coñecida plataforma.
- A TVG bótase aos teatros galegos, cun programa de humor itinerante que cada episodio para nun teatro ou auditorio dunha localidade galega.

A TVG aposta de xeito contundente pola cultura, emitindo todos os días o "Zig Zag". De luns a venres pola tarde e en directo, na segunda canle e as fins de semana, na primeira canle e no horario de máxima audiencia, antes do "Telexornal Mediodía".

Para exercer a súa función, a CRTVG debe desenvolver unha política evidente de contención de custos na súa programación, isto sen perder de vista o importante que é ter



CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

produto para poder competir. As series e os programas da TVG custan moito menos que a oferta dos competidores, pero aínda así para poder manter a grella a TVG deseña unha estratexia de programas baseados na posta en valor do seu material de arquivo que se van emitindo ao longo do ano con custos externos escasos ou nulos, aproveitando determinados días sinalados no calendario ou oportunidades que ofrece a programación da competencia, para conseguir chegar a amplos niveis de audiencia.

Nun mundo global onde unha canle xeralista coma a TVG debe competir con formatos internacionais e con orzamentos moito máis modestos, o feito é que a súa programación ten seguidores fieis porque reflicte a realidade galega e ademais as personaxes falan na nosa lingua. Unha característica singular de 2018 foi que as grandes canles de ámbito estatal puxeron especial atención en Galicia, con series recoñecidas como “Fariña” (A-3) ou “Vivir sin permiso” (T5), ou mesmo “El matadero” no comezo de 2019. Isto non impediu que TVG rematase o ano como a 2ª canle autonómica máis vista.

O recoñecemento chegou tamén desde as institucións. No ámbito dos programas foron diversos os galardóns obtidos pola CRTVG e os seus contidos, proxectos e profesionais ao longo do ano. Entre eles pódense sinalar o premio Galicia de Xornalismo Científico a unha reportaxe de Manuel Vicente para o “Diario cultural” da Radio Galega, o Premio Nacional de Xornalismo Cultural do Ministerio de Cultura para a xornalista da RG Ana Romaní ou o premio Apolo da Asociación de Músicos Compositores e Autores nos Medios (Musicaem) para a sintonía de “Serramoura”, serie que ademais e por cuarto ano acadou o Mestre Mateo da Academia Galega do Audiovisual á mellor serie de televisión.

Pero houbo para a TVG un galardón especialmente salientable pola súa compoñente internacional, que foi o premio do Celtic Media Festival para o programa multimedia de slow TV “Destino Santiago”. A proposta galega gañou na categoría de Innovación, superando tres producións da BBC, unha da irlandesa RTÉ e outros tres proxectos independentes, todos eles nomeados para o premio. O galardón foi coñecido e entregado nunha gala ante centos de persoas na localidade galesa de Llanelli.

## 4.1 Programación televisiva

A produción propia interna na primeira canle, xerada desde os propios estudos de San Marcos e as súas delegacións, representou en 2018 o 51,62% das horas totais de emisión. A produción propia externa, caracterizada como aquela na que a Corporación pon en mans de produtoras externas pero mantén unha supervisión editorial, acadou un 45,02%, mentres que a produción allea tan só supuxo un 3,36%. Isto significa que na canle de referencia dos galegos e galegas os contidos xerados na propia Comunidade Autónoma representaron o 96% das horas de emisión, algo practicamente insólito no panorama televisivo do Estado. Na segunda canle, que presenta unha clara segmentación temática e con presenza abondosa de contidos para a infancia e xuventude, a produción propia ten unha menor cota, o 42,34%, mentres que a produción allea ascende ata o 35,57%, quedando a propia externa nun 22,09%.

| 2018 | TVG | G2 |
|---|---|---|

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

| | | |
|---|---|---|
| Produción propia interna | 51,62% | 42,34% |
| Produción propia externa | 45,02% | 22,09% |
| Produción allea | 3,36% | 35,57% |

**% de horas emisión en función do tipo de produción. TVG, ano 2018**




**% de horas emisión en función do tipo de produción. G2, ano 2018**




CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En 2018 a Televisión de Galicia foi fiel ao seu obxectivo de acompañar as galegas e galegos nos grandes eventos institucionais, culturais festivos, etc. da Comunidade, apostou pola música e cultura do país entre outras cousas cun *prime time* de 4 horas os venres poñendo en valor os grupos e artistas galegos, e ofreceulle ao público unha programación moi pegada aos seus particulares gustos.

Co claro obxectivo de contar a realidade do país, a TVG vertebrou as tardes con dous concursos de contido divulgativo e cultural e dous programas en directo. Estes dous últimos espazos, que levan por título un retrouso dunha coñecida canción galega, “Fun polo aire” e “Vin polo vento”, dan conta en rigoroso directo de todo canto acontece en Galicia, dando voz aos testemuños da actualidade social e de entretemento que acontece na comunidade.

Unha serie de época, un *thriller* que se comezou emitir na plataforma Netflix e unha comedia son as apostas de ficción da TVG no último ano. “Lobos e cordeiros” é unha serie de época cun trasfondo histórico e cunha personaxe real como protagonista, a revolucionaria Pepa a Loba. “O sabor das margaridas” relata a investigación dunha moza desaparecida nunha localidade galega e pasará a historia por ser a primeira serie en galego na plataforma Netflix. E dos creadores da exitosa *sitcom* “Era visto!”, chegou “Os Mariachi”, unha historia surrealista protagonizada pola familia dun notario, e por outra familia emigrante procedente de México e que rexenta a taberna da vila. Seguiu en emisión a exitosa “Serramoura”, competindo na noite dos domingos. A TVG tamén emitiu a derradeira temporada de “Pazo de familia”, unha serie que pasará á historia da canle como unha das máis seguidas.

Co lema “Botámonos ao teatro” chegou ás pantallas da TVG “Malo será”, un programa itinerante gravado nos teatros e auditorios espallados pola comunidade. Un espazo de humor que serviu de ventá a novos talentos no mundo da escena e que ademais contou cun elenco de actores habitual e consagrado. Polas táboas do seu escenario xa pasaron un total de 28 actores e actrices, oito deles iniciando as súas carreiras. O programa iniciou a súa andaina en xuño percorrendo na súa primeira temporada oito dos teatros máis importantes de Galicia, pero cando xa entrado 2019 levaba 13 programas contabilizaba xa case sete mil persoas nas súas funcións. Durante a súa emisión, 1,2 millóns de galegos interesáronse nalgún momento polo programa, que chegou a superar o 17 por cento de audiencia. Desde as súas orixes, a TVG ten claro que o humor galego é diferente porque ten un ingrediente xenuíno, a retranca. Por iso un programa de humor lidera a noite dos xoves por riba do resto de ofertas da competencia.

### 4.1.1.- Contidos culturais e de servizo público

Descríbense de seguido os programas máis salientables no ámbito cultural  e de servizo público.

**CULTURA 365, UNHA VERDADEIRA APOSTA POLA CULTURA: “ZIG ZAG” OS SETE DÍAS DA SEMANA**

A nova temporada de setembro do 2018 da CRTVG trouxo máis cultura, trouxo a ampliación de horarios, máis sinaturas de colaboradores, máis ángulos e puntos de vista e

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

máis presenza dixital. Todo isto dentro do proxecto multimedia #Cultura365: Información cultural específica, en directo, nos medios públicos de Galicia os 365 días do ano.

Na TVG, á marxe dos xa coñecidos “Cada día un Libro” ou “Ben Falado” ampliouse a programación cultural, onde o “ZigZag”, o programa máis premiado da historia dos premios da Academia Galega do Audiovisual, pasou a emitirse tamén na fin de semana, aumentando un 40% o seu tempo semanal de duración. Pero ademais fíxose esta ampliación na primeira canle da TVG e en horario gran audiencia.

**ZIGZAG**
XÉNERO: Cultural
DURACIÓN: 25'
FRANXA: Tarde, en directo
A cultura de Galicia diariamente recollida neste espazo que se emite pola G2. Música, cine, libros, tendencias, teatro, unha sección para cada día da semana e un bloque inicial onde se recolle toda a actualidade. Completan estes vinte e cinco minutos diarios de información cultural unha entrevista, tamén diaria, cunha personalidade para tratar en profundidade algúns dos temas que xera a actualidade. Un equipo de especialistas percorre Galicia co obxectivo de dar cobertura a todas as actividades culturais que se desenvolven en calquera vila ou cidade do país.

**ZIG ZAG FIN DE SEMANA**
XÉNERO: CULTURAL
DURACIÓN: 25 MINUTOS
FRANXA: MEDIODÍA DOS SÁBADOS E DOMINGOS
A TVG aposta pola cultura no seu horario de máxima audiencia, no *prime time* do mediodía do sábado e domingo. María Solar presenta este espazo que da conta de todo o acontecido en Galicia arredor do mundo da cultura.

**GALICIA ON**
XÉNERO: DIVULGATIVO / SERVIZO PÚBLICO
DURACIÓN: 30 MINUTOS
FRANXA: MAÑÁS
Innovar é converter as novas ideas en valor. GALICIA ON presenta a cultura innovadora nos sectores produtivos galegos, cunha introdución sobre os seus antecedentes e profundando en dous casos actuais de éxito. O programa inclúe un test coas valoracións dos consumidores ou usuarios.

**CONEXIÓN SOCIAL**
XÉNERO: DIVULGATIVO / SERVIZO PÚBLICO
DURACIÓN: 30 MINUTOS
FRANXA: MAÑÁS
As fundacións e entidades do terceiro sector galegas reflicten, quizais como ningunha outra institución, o crecemento e a maduración que experimentou a sociedade nos últimos anos. É precisamente a súa evolución o que será obxecto de análise na serie de programas e que permitirán dar a coñecer institucións que a pesar da súa destacada relevancia no contorno social, cultural e económico, seguen sendo grandes descoñecidas polo gran público. Un quefacer que propiciaría unha análise pormenorizada e divulgativa

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dun gran grupo de organizacións sen ánimo de lucro, tratando de que a selección das propostas abrangan a maior parte das actividades ás que veñen dedicando o seu ámbito de actuación.

**DOCUMENTAIS EN G2 / SERVIZO PÚBLICO**

A G2 aposta nas franxas de *prime time* pola emisión de documentais en galego, tanto de produción propia coma allea.

**XABARÍN CLUB**

Programa contedor de series de animación, de produción galega coma “Tutú” ou “Os Bolechas” e de produción allea, dobrada ao galego, como “Doraemon”, “DinoTrux” ou “King Julien”. O obxectivo: a promoción e difusión da lingua galega entre os máis cativos da casa.

**CADA DÍA UN LIBRO**

Na franxa de máis consumo televisivo, a TVG aposta pola cultura recomendando todos os días, de luns a venres, un libro en galego.

**COMA UN ALLO**

XÉNERO: CONCURSO
DURACIÓN: 45 MINUTOS
FRANXA: TARDES
Concurso áxil, de probas rápidas, onde se combinan probas de cultura xeral moi enfocada a Galicia, coñecemento da lingua galega e cálculos aritméticos, cun guión divertido, ocorrente e enfiado.
Tres concursantes e emoción ata o final. Todo pode cambiar ata a última proba. Só poden quedar dous... un eliminado. O gañador do día ten opción de lograr o bote acumulado.

**OS NOSOS SABIOS**

XÉNERO: ENTREVISTAS / SERVIZO PÚBLICO
DURACIÓN: 60 MINUTOS
FRANXA: *LATE* DOS MÉRCORES
Os nosos sabios nace como un espazo con vocación de servizo público que pretende achegar aos telespectadores algunhas das personalidades máis notables da comunidade galega. Unha xanela aberta ao coñecemento e as vivencias daqueles galegos que fixeron historia nas disciplinas máis diversas. Persoas cunha envexable memoria a longo prazo que, pola súa idade, o seu esforzo persoal, a súa formación, o seu traballo e a súa actitude positiva ante a vida representan hoxe un exemplo para todos. Mediante entrevistas meticulosamente preparadas, cada semana cóntase co testemuño dun personaxe que supere os 70 anos de idade, que sobresaíse no seu ámbito profesional e que contribuíse ao progreso social da comunidade, do país ou da humanidade.

**TERRA DE ACOLLIDA**

XÉNERO: SERIE DOCUMENTAL / SERVIZO PÚBLICO
DURACIÓN: 60 MINUTOS
FRANXA: *PRIME TIME*
Se algo destaca en Galicia, son os seus movementos migratorios. Historicamente somos unha sociedade que emigrou. Todo isto veu provocado por factores políticos, económicos



CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e sociais. Pero non debemos esquecernos da inmigración. Moitos son os casos de estranxeiros que saen do seu país e aterran aquí. Ao longo do pasado ano foron 30.000 inmigrantes, aproximadamente, os que chegaron a Galicia. Dato positivo para esta terra, que a converte na comunidade con maior porcentaxe de estranxeiros contratados por conta allea. Marroquís, bosníacos, venezolanos, arxentinos, sirios, portugueses, romaneses, senegaleses, brasileiros, cubanos, etc. Moitas son as comunidades estranxeiras que se crean en Galicia. Veñen aquí en busca dunha oportunidade e terminan atopando unha nova vida. Pasan a formar parte da sociedade galega. En "Terra de Acollida" coñeceremos estas comunidades estranxeiras. Cada episodio centrarase na historia dun colectivo distinto, tendo unha persoa encargada de guiarnos por este relato. Esta persoa permitiranos pasar con ela un día da súa vida. Contaranos os motivos polos cales se viu obrigada a deixar o seu país, como foi a viaxe ata chegar aquí ou como foron acollidos, entre outras cousas. Todo isto sen esquecer o máis importante: ver como agora mesmo son unha parte máis da sociedade galega.

### 4.1.2.- Contidos de entretemento con compoñente divulgativo

**VIVIR AQUÍ**
XÉNERO: DIVULGATIVO
DURACIÓN: 30 MINUTOS
FRANXA: TARDE
O programa permite descubrir as pequenas historias que non teñen cabida noutros formatos, as experiencias que lle poden pasar a calquera, as particularidades da vida cotiá. Porque fóra dos grandes acontecementos está a vida. Devece por atopar as historias que chegan non só ao cerebro, senón tamén ao corazón.
Galicia ten case tres millóns de historias que se escriben cada día e o programa quere escoitalas e contalas. De Ribadeo a Tui, do Padornelo a Fisterra, os reporteiros do programa percorren estradas, corredoiras e camiños para coñecer o que lle pasa cada día aos galegos. Na próxima emisión pode saír a nosa aldea, o noso veciño, un familiar; calquera pode ser o vindeiro entrevistado.

**A PEGADA DO INDIANO**
XÉNERO: SERIE DOCUMENTAL
DURACIÓN: 50 MINUTOS
FRANXA: TARDES
A palabra indiano denominaba o emigrante enriquecido que retornaba de América. Ás veces empregábase o termo con certa connotación negativa, como fai Castelao ao describir aquel home que chegou das Américas e "trouxo consigo un negriño cubano, como quen trae unha mona, un papagaio, un fonógrafo". Pero, noutras ocasións, a palabra expresa admiración e recoñecemento cara a aqueles emigrantes, xeralmente de berce humilde, que compartiron a riqueza duramente labrada na diáspora coas súas xentes e a súa terra. A súa contribución ao desenvolvemento de Galicia, aínda non recoñecida en toda a súa amplitude, foi inmensa. E a súa xenerosidade, indiscutible: nada lle debían a un país que lles negou o pan e o traballo, e, non obstante, cando lles sorriu a fortuna, volveron á terra e contribuíron a remover o atraso que causaba a hemorraxia migratoria.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**ADN GALEGO**
XÉNERO: DIVULGATIVO
DURACIÓN: 60 MINUTOS
FRANXA: *PRIME TIME*
O espazo viaxará por todo o territorio español para contar as historias dos galegos e galegas que traballan e desenvolven a súa vida noutros lugares. Os protagonistas serán homes e mulleres, novos e vellos, xente anónima e de sona, urbanos e rurais, expertos no lugar e acabados de chegar. Da súa man, o equipo do programa irá aos sitios máis auténticos e fará o que é máis propio do lugar, mentres vai sabendo da súa vida, do seu traballo, da súa familia, do que os levou alí, do que os fixo quedar, do que a súa nova terra lles deu e do que eles lles achegaron desde Galicia. "ADN Galego" buscará tamén en cada programa contar a pegada histórica que deixaron os galegos nos seus lugares de acollida e a repercusión social que tiveron ao longo dos anos.

**AQUÍ HAI PRAIA**
XÉNERO: DIVULGATIVO
DURACIÓN: 60 MINUTOS
FRANXA: *PRIME TIME*
"Aquí hai praia" é unha serie de docurreportaxes que arranca nos areais do Vao (Vigo), Liméns (Cangas), Baroña (Porto do Son), As Catedrais (Ribadeo) e Boca do Río (Carnota). Pero non serán os únicos, cada semana intentarán achegar ao maior número de areais posibles, cinco durante cada episodio. O principal obxectivo do programa é dar a coñecer un dos grandes valores turísticos, paisaxísticos e ambientais da nosa terra, xa que non se pode esquecer que Galicia está á cabeza de bandeiras azuis en España.
O característico deste programa é que os encargados de contar todo o relativo a cada praia visitada non serán os reporteiros, senón os propios bañistas, que comentarán que é o que máis lles gusta do lugar e que lembranzas de infancia lles trae. "Aquí hai praia", que pretende sacarlle o lado positivo á vida, estará con persoas que o pasan ben descansando, compartindo o día coa súa familia, facendo deporte, lendo ou paseando mentres se broncean. Así pois, os espectadores coñecerán familias de todo tipo: as que chegan á primeira hora a coller mesa para comer, as que veñen dun campionato cos nenos e mesmo aqueles que decidiron que o mellor xeito de gozar da praia é en soidade.

**BRAULIO TUBER**
XÉNERO: DIVULGATIVO
DURACIÓN: 4-6 MINUTOS
FRANXA: MAÑÁ/TARDE
Os Bolechas son, desde hai case dúas décadas, un referente no ámbito escolar de infantil e primaria de Galicia. A acollida que teñen todas as propostas da popular familia creada por Pepe Carreiro entre os máis novos faino idóneos para transmitir calquera ensinanza, mensaxe ou contido dirixidos ao público infantil. De aí que o material dos Bolechas –libros, vídeos etc.– sexan frecuentemente usado nas aulas para complementar determinadas materias e mesmo se puxera en marcha unha sección na web destinada a educadores con unidades didácticas e material pedagóxico específico para o ámbito escolar e familiar. Por iso, a TVG trasládase ata as aulas para dar a coñecer o gran traballo que está a desenvolver o profesorado de infantil e primaria de Galicia e buscou un formato moderno e facilmente recoñecible polas novas xeracións de cativos: o *youtuber*. Deste xeito, Braulio

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Bolechas converteuse en *youtuber* e vai polos centros dando a coñecer propostas do máis variado, ligadas á actualidade e á contorna, sempre cun alto contido pedagóxico.

**EU QUERO SER**
XÉNERO: DIVULGATIVO
DURACIÓN: 60 MINUTOS
FRANXA: *PRIME TIME*
Os persoeiros máis relevantes de Galicia tamén tiveron soños cando eran cativos. "Eu quero ser…" volve con eles ao colexio para coñecer as inquedanzas das novas xeracións, atoparse con antigos mestres e explicar o camiño que tiveron que percorrer ata ver cumpridas as súas ambicións. "Eu quero ser…" é un programa de entrevistas coral no que os nenos son protagonistas e da man do noso convidado asomaranse a unha profesión, ademais de afondar na importancia dunha boa formación para conquistar o futuro.

**GALICIA BONITA**
XÉNERO: DIVULGATIVO
DURACIÓN: 60 MINUTOS
FRANXA: *PRIME TIME*
Un programa de reformas no que un presentador/a percorre a xeografía galega na procura dos feísmos máis comúns, para poñerlles remedio xunto cos veciños e o seu "equipo de arranxos". A idea xeral é moi sinxela, trátase dun docu-reality onde un presentador/a viaxa pola xeografía galega en busca daquelas situacións das que falamos e nos conta a historia do personaxe e do problema dando unha volta pola vila. Unha vez feito isto, poñemos en contacto o protagonista co noso "Equipo de arranxos", volvendo ao lugar dos feitos para valorar as posibles solucións e ver as necesidades.

**HISTORIAS MÍNIMAS**
XÉNERO: DIVULGATIVO
DURACIÓN: 60 MINUTOS
FRANXA: *PRIME TIME*
O programa percorre Galicia cun plató móbil moi sinxelo convidando a xente da rúa a contar unha pequena historia ou a pequena historia das súas vidas. As confesións contadas á cámara serán dinamizadas con recursos de mans, caras, miradas e mesmo silencios. En cada capítulo, aparecerán varias persoas, cada unha delas falará durante aproximadamente catro minutos. As conexións entre as diferentes historias serán imaxes cunha voz en off que reflexiona sobre o trasfondo da historia contada e presenta o seguinte destino.

**IMOS INDO**
XÉNERO: DIVULGATIVO
DURACIÓN: 60 MINUTOS
FRANXA: *PRIME TIME*
Imos Indo rompe as construcións dos programas de entrevistas clásicos, fusionando o xénero *talk show* co divulgativo e empregando localizacións completamente naturais. En cada programa, o presentador e un convidado percorrerán unha das 8 etapas que conforman o Camiño dos Faros, na Costa da Morte. Ao longo do traxecto e a través da conversa entre ambos, os espectadores descubrirán aspectos íntimos da vida do persoeiro

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

elixido e coñecerán a xente da zona, que achegará información sobre a ruta e os lugares por onde discorre.

**ONDE COLLEN DOUS …**
XÉNERO: ENTRETEMENTO
DURACIÓN: 60 MINUTOS
FRANXA: *PRIME TIME*
Formato de entretemento que comparte as vivencias de familias que viven baixo o mesmo teito. O programa achégase a diferentes núcleos familiares nos que os seus membros, comparten, á parte dos metros cadrados da vivenda, experiencias cotiás e extraordinarias dunha convivencia diaria. Hai unha frase dun coñecido economista que di que a familia é igual á "suma de problemas, resta de posibilidades, multiplicación de gastos e división de opinións". Pero diante disto está o entretido que é compartir as vivencias con outras persoas… e neste casa, compartilas con membros da mesma familia.

**OS BOLECHAS**
XÉNERO: ENTRETEMENTO / INFANTIL
DURACIÓN: 8 MINUTOS
FRANXA: MAÑÁS / TARDES
Os Bolechas viven novas e divertidas aventuras no seu día a día. Ao longo dos novos capítulos da serie, xunto aos seis irmáns e o seu inseparable can Chispa, veremos outros personaxes da gran familia dos Bolechas; os seus pais, os avós e outros moitos amigos coma o seu curmán Kofi, que comparten as fermosas historias cotiás dos pequenos da casa. Nesta nova temporada incorpóranse ademais os curmáns Sarela e Ying. Unha serie familiar cun importante compoñente didáctico destinado a achegar aos máis novos unha serie de valores de carácter universal ao mesmo tempo que se divirten.

**DESMONTANDO GALICIA**
XÉNERO: DIVULGATIVO
DURACIÓN: 60 MINUTOS
FRANXA: TARDES / *PRIME TIME*
Desmontar non é so mirar. Desmontar é abrir, entrar, tocar e coñecer. Desmontar é que non haxa segredos, que poidas emocionarte descubrindo todas as historias dos lugares onde vives: “Desmontando Galicia” é un programa de televisión que che ofrece todas esas posibilidades. Utilizando técnicas de integración e 3D que permiten “desmontar” non en sentido figurado, senón real, todo o que nos rodea. Un factual de entretemento divulgativo de 60 minutos que percorrerá en cada capítulo cidades, vilas, bisbarras e os monumentos e obras civís máis importantes de Galicia. Desde os máis antigos ata os contemporáneos, poñendo en valor a creación, a vangarda e o xeito de vida dos galegos.

**SOPA DE FESTA**
XÉNERO: ENTRETEMENTO
DURACIÓN: 30 MINUTOS
FRANXA: TARDES / *PRIME TIME*
Cada programa ofrece un especial monográfico dunha das exaltacións gastronómicas con máis sona da comunidade. Un equipo de reporteiros viaxa ata calquera vila, cidade ou recuncho de Galicia, en que un dos produtos gastronómicos galegos sexa o protagonista da exaltación. Desde a pataca, pasando polo queixo, o marisco, o viño, o pemento ou

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mesmo o mel será unha boa escusa para que ata alí se acheguen as cámaras. Sopa de Festa preséntase como un programa fresco e moi dinámico onde a cámara se converte nos ollos do espectador para que goce do espírito e do ambiente de festa da man dos seus veciños, visitantes, organizadores, e como non, dos cociñeiros e hostaleiros do lugar.

**TENDENCIAS**
XÉNERO: ENTRETEMENTO
DURACIÓN: 25 MINUTOS
FRANXA: TARDES / *PRIME TIME*
Un programa fresco, con ritmo, capaz de espertar o interese do espectador en calquera momento do programa. Dedicado a un *target* global … un programa feito para todos os perfís e idades. A imaxe da nosa terrra, máis cosmopolita, máis fresca, máis *cool,* que amosa o talento das novas xeracións en arte, sector vitivinícola, lugares con encanto, música, gastronomía, novas tecnoloxías e moda.

**VAIA TROULA**
XÉNERO: ENTRETEMENTO
DURACIÓN: 75 MINUTOS
FRANXA: *PRIME TIME*
Todos os domingos, as festas de Galicia son as protagonistas do programa “Vaia Troula”. Os espectadores galegos terán a oportunidade de coñecer de preto e ser tamén os protagonistas das moitas celebracións e festas espalladas por todo o país, todo iso dun xeito moi dinámico e divertido.

**COS PÉS NA TERRA**
XÉNERO: DIVULGATIVO
DURACIÓN: 60 MINUTOS
FRANXA: *PRIME TIME*
En “Cos pés na terra” fálase de homes e mulleres sobradamente preparados que, podendo elixir, optan por vivir da terra e da vida que nela agroma. Todos eles decidíronse por un xeito de vivir, a un ritmo e cun estilo distintos dos da cidade.
Fálase de bos profesionais, de persoas que non tomaron a súa decisión á lixeira ou por puro romanticismo. Son agricultores, gandeiros, artesáns, madeiristas, hostaleiros... con bos argumentos para crer que hai futuro no campo. E procuran demostralo cada día.

**QUE CASAS!**
XÉNERO: DIVULGATIVO
DURACIÓN: 60 MINUTOS
FRANXA: *PRIME TIME*
A TVG entra nas casas máis fascinantes, singulares e orixinais de Galicia da man dos seus propietarios. “Que Casas!” visitará vivendas espectaculares e coñecerá un pouco máis o xeito de vivir dos galegos e galegas. Ademais de amosar elementos arquitectónicos, decorativos ou mesmo as contornas urbanas ou naturais das propias casas, no programa falarase de hábitos de vida, de costumes e de afeccións.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**LUAR**
XÉNERO: ENTRETEMENTO / MUSICAL
DURACIÓN: 180 MINUTOS
FRANXA: *PRIME TIME*
Luar é o único programa do seu xénero en todo o panorama televisión estatal que abrangue entre tres e catro horas en directo. O programa musical e de humor da TVG converteuse tamén nunha plataforma de promoción tanto do novo talento musical como do humorístico de Galicia. Proba disto son os "Recantos" ou "Vai de baile". Ademais, en Luar deron os seus primeiros pasos profesionais cantantes como Lucía Pérez, parellas de humor como Os Tonechos ou Mucha e Nucha, e artistas como Luís Tosar, Paula Vázquez, Luís Zahera ou Patricia Pérez, entre outros.

**TI VERÁS**
XÉNERO: Concurso
DURACIÓN: 60 MINUTOS
FRANXA: TARDES
Concurso diario que combina unha aditiva dinámica de xogo e o aspecto máis humano e interactivo do *talk show.* As parellas concursantes deben responder correctamente oito preguntas, en grande medida enfocadas a aspectos da vida, identidade e cultura de Galicia. A partir das respostas abrirán oito das dez bonecas rusas xigantes para conseguir a maior cantidade de cartos posibles. Dentro de cada boneca pode haber ata cinco máis ou pode non haber ningunha. Para poder xogar cunha boneca e realizar a primeira apertura deben escoller unha categoría entre dez posibles temas e seleccionar a opción correcta entre verdadeiro ou falso.

**GRANDES LUGARES**
XÉNERO: DIVULGATIVO
DURACIÓN: 50 minutos
FRANXA: NOITE
*Docusoap* de entretemento, de 50 minutos, que pretende amosar, desde un punto de vista optimista e particular, a historia afectiva e social de dúas poboacións galegas con moito para contar. A través dun percorrido polos seus habitantes, costumes e peculiaridades, o programa presta atención a lugares especiais, ao seu modo de vida, ás súas iniciativas orixinais, aos aspectos menos coñecidos do seu día a día e tamén ás historias máis persoais. Un mapa de situación indicará o lugar elixido e cada personaxe levará unha ficha de presentación explicando a súa relación coa contorna; así pois, os habitantes do lugar convértense en narradores para facer un retrato o máis fiel posible de cada localidade, da súa vida e da súa xente.

**AQUÍ GALICIA**
XÉNERO: MAGAZINE
DURACIÓN: 150 MINUTOS
FRANXA: TARDES
En continuo directo, coa participación do público a través do teléfono, con reportaxes divertidas, entrevistas curiosas e actuacións musicais. Así é o magazine para as tardes da fin de semana da Televisión de Galicia, "Aquí Galicia". Cada sábado está en directo nunha localidade protagonista. Nunhas ocasións levarano ata alí as súas festas e celebracións, e noutras serán as súas praias ou ríos, punto de reunión de numerosos veciños e turistas, os

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que nos convoquen nesa vila ou cidade. Desde un set instalado na praza central da vila, ou nun paseo marítimo ou nun parque urbano á beira dun río, os presentadores estarán acompañados polos veciños, visitantes e turistas da vila, que tamén participarán no programa. Cada sábado o magazine estará nunha localidade distinta que, pola súa actualidade, teña máis actividades e atractivos que ofrecer.

**A XANTAR**
XÉNERO: DIVULGATIVO
DURACIÓN: 30 MINUTOS
FRANXA: TARDES
Se tivésemos que definir Galicia en base a dous únicos conceptos, choiva e bo comer serían, probablemente, moi atinados. Pouco importan orballo ou choivas torrenciais cando un galego senta diante dun bo cocido, dunha empanada sobordada dos mellores recheos, ou dunha boa caldeirada de peixe da ría. "A Xantar" preséntase como unha guía completa e variada das bicocas gastronómicas. En cada entrega de "A Xantar" o programa demostrará que se pode comer en diferentes restaurantes galegos por unha suma limitada de cartos, para engadirlle substancia a esta receita, tamén afondará nas engrenaxes que manteñen estes negocios en marcha. En cada entrega o programa visita tres establecementos escollidos cun tema central común.

**PESCADORES DE HISTORIAS**
XÉNERO: DIVULGATIVO
DURACIÓN:  30 MINUTOS
FRANXA: TARDES
“Pescadores de historias” amosa a singularidade da cultura mariñeira dos diferentes portos galegos: as artes da pesca, os traballos do mar en terra ou os peixes e mariscos que se capturan na zona. Cada semana explora a vida mariñeira dun novo porto.

**MALO SERÁ!**
XÉNERO: PROGRAMA ITINERANTE DE HUMOR
DURACIÓN: 90 MINUTOS
FRANXA: *PRIME TIME*
Sete actrices e actores, acompañados de convidados e moitas sorpresas, saen de xira polos teatros de Galicia para facer un espectáculo de *sketches* cómicos sobre temas universais que será gravado e emitido ao longo do verán pola TVG. “Malo será!” conta con actores moi coñecidos pero tamén con outros que están a comezar a súa carreira, procedentes da zona onde se está a facer a función teatral, e desta maneira poden chegar a ser coñecidos na pantalla da televisión. A esta viaxe de teatro en teatro súmase unha banda de música en directo e unha vistosa escenografía. Unha oportunidade única para achegar a televisión e o humor televisivo a todos os puntos do país.

**LARPEIROS**
XÉNERO: DIVULGATIVO
DURACIÓN:  30 MINUTOS
FRANXA: ACCESS *PRIME TIME*
Larpeiros pretende chegar aos afeccionados á cociña e, a través do humor, das curiosidades e dos bocados lixeiros de información, a outros públicos máis amplos.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Larpeiros é un programa en que a comida é tamén un pretexto para pasar na tele un tempo divertido, igual que na vida cotiá. Para os galegos producir alimentos, vendelos ou mercalos, cociñalos e comelos son actividades cun marcado carácter social. Ese carácter da cociña e da comida -comer e falar do que comemos- é o punto de partida para un programa que ten receitas, pero trata sobre todo da relación das persoas coas cousas de comer. Por iso, Larpeiros non propón un programa de cociña senón un programa sobre xente que cociña, que se divirte facéndoo. Por todo isto, a cociña do programa está ocupada por varias persoas que cooperan, opinan e divírtense diante do lume, con micro vídeos que achegan informacións, curiosidades, trucos culinarios ou pingas de humor.

**O MELLOR DO MUNDO**
XÉNERO: ENTRETEMENTO
DURACIÓN: 60 MINUTOS
FRANXA: NOITE
En Galicia, temos o mellor do mundo: a mellor empanada, o mellor pan, o mellor percebe, o mellor queixo. Co obxectivo de poñer en valor a marca G, a TVG programou de xeito especial unha nova edición dos mellores produtos do mundo, e ademais con éxito de audiencia.

**HOXE CON MANQUIÑA**
XÉNERO: ENTREVISTAS
DURACIÓN: 60 MINUTOS
FRANXA: SEGUNDO *PRIME TIME*
Manuel Manquiña regresa aos fogares galegos no seu papel de entrevistador e achega a faciana máis íntima e persoal dos galegos e galegas máis famosos e recoñecidos. Ademais de indagar nos aspectos menos coñecidos dos convidados tamén descubre o seu punto de vista sobre fitos do pasado que viviron en primeira persoa e, como non, tamén da actualidade. Roberto Verino, Carlos Núñez, Teresa Portela ou Miguel Costas son algúns dos convidados do programa.

**POLO REGO**
XÉNERO: DIVULGATIVO
DURACIÓN: 30 MINUTOS
FRANXA: DIARIA, NAS TARDES DE LUNS A VENRES
O agro galego é un terreo fértil en saberes. É coma unha grande universidade, chea de homes e mulleres sabios, dispostos a compartir parte do que levan aprendido da terra. Os protagonistas de “Polo rego” son xente que traballa a terra, ben por oficio ou coma unha afección de proveito. Os mestres de “Polo rego” son xente corrente, aínda que cunha especial paixón e experiencia da horta e dos seus froitos. Os espectadores van descubrir moitas cousas do produto: todo canto dá o campo galego, desde os cultivos máis tradicionais ata as incorporacións novas nos regos de Galicia. Tamén aprenderán trucos de horta: como se preparan a terra e a planta, como defenderse das ameazas das pragas, que compostaxes caseiras agradece máis a terra, etc.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**FUN POLO AIRE**
XÉNERO: PROGRAMA DE DIRECTOS
DURACIÓN: 80 MINUTOS
FRANXA: DIARIA DE LUNS A VENRES, AS TARDES
"Fun polo aire" espalla por todo o país un equipo de sete reporteiros que fan que as tardes estean máis vivas ca nunca contándolles aos espectadores todo o que sucede, o que se está facendo en Galicia a esas horas en cada vila, no campo, na cidade, no mar… O programa, que aposta pola actualidade, polos temas dos que fala todo o mundo, ofrece dúas citas aos espectadores. A primeira delas arredor das 17.30 h. e a segunda, ás 19.30h., despois de 'Vin polo vento'. Deste xeito, 'Fun polo aire' está todas as tardes contando o que pasa en Galicia en todo momento sen perder actualidade e frescura.

**VIN POLO VENTO**
XÉNERO: TALK SHOW
DURACIÓN: 80 MINUTOS
FRANXA: AS TARDES DA TVG, DE LUNS A VENRES
"Vin Polo Vento", converterá cada día en protagonistas os veciños dunha vila galega, os habitantes dun barrio dunha cidade ou os integrantes dunha asociación, dunha formación musical ou dun grupo de amigos. En lugar de ir a televisión a esa vila é a vila a que vén ao plató de televisión. Nel vívense entrevistas, xogos, bromas combinados con música e reportaxes feitas no lugar de orixe.

**O CADERNO DE ISABEL**
XÉNERO: FACTUAL
DURACIÓN: 60 MINUTOS
FRANXA: *PRIME TIME*
Isabel, unha cociñeira profesional percorre as vilas galegas buscando as receitas máis tradicionais do lugar, amosando os seus ingredientes e, sobre todo, como se preparan. Con este formato que aposta pola gastronomía galega, percórrense diferentes territorios de Galicia buscando a cociña que xeracións anteriores preparaban á hora do xantar e que aínda hoxe forman parte da idiosincrasia deses lugares. "O caderno de Isabel" é unha viaxe por etapas, percorrendo o territorio galego e contando fundamentalmente a contorna física, histórica e humana dos pratos máis tradicionais e característicos.

**AQUÍ GALICIA TOUR**
XÉNERO: MAGAZINE
DURACIÓN: 80 MINUTOS
FRANXA: TARDES
Unha ventá aberta a Galicia, en continuo directo, coa participación activa do público, entrevistas curiosas, reportaxes, e actuacións musicais de todo tipo. Así é o "Aquí Galicia Tour", o programa que TVG emitiu en todas as tardes do verán. A presentadora contou coa colaboración de varios equipos de reporteiros espallados por distintos puntos da xeografía galega para non perder detalle de todo canto acontece estes meses de verán.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**INIMITABLES**
XÉNERO: MUSICAL
DURACIÓN: 80 MINUTOS
FRANXA: *PRIME TIME*
O acontecemento central deste programa é un concerto conxunto arredor do cal xira todo. Pode ser un concerto dunha orquestra nunha festa ou ben un grupo de amigos que se reúnen a cantar e lembrar un artista contrastado nun lugar emblemático para el.
Ao lugar sinalado non só acudirán grupos para interpretar temas dos artistas.
Durante as actuacións veremos a amigos, expertos musicais, fans, familiares e músicos relacionados con eles, cos que interpretarán temas ao longo do programa. Os fans e seguidores terán un peso específico, pois contarán como ese artista influíu dalgunha maneira nas súas vidas.

**LARPEIROS DIPLOMADOS**
XÉNERO: Reality-ficción
DURACIÓN: 50 MINUTOS
Durante a óptima experiencia co formato "Larpeiros festeiros", no que Adrián coñeceu moitos fans do programa "Larpeiros" que deu en chamar "Larpeiros diplomados", demostrouse que a audiencia de "Larpeiros" é ampla, coñece a linguaxe e as claves do programa e ten historias interesantes que contar, como a señora que traballou na casa de Álvaro Cunqueiro, por exemplo, ou a rapaza que cambiou de vida, se fixo mariscadora e aprendeu tamén a cociñar. Por outro lado, o personaxe de Adrián deixou de ser o "Larpeiro viaxeiro" para ser tamén un entrevistador, un aprendiz de cociña popular e, sobre todo, un verdadeiro condutor televisivo. Velaí a aposta por seguir desenvolvendo esa sección que tan boa acollida tivo por parte do público.

### 4.1.3.- Contidos de ficción

**Series**

SERRAMOURA
DURACIÓN: 70 minutos
FRANXA: *PRIME TIME*
Ambientado no mundo da madeira, este thriller rural, que conta a historia dunha pequena e tranquila vila do interior, levará os espectadores por algunhas das paraxes forestais máis belas e tamén máis misteriosas de Galicia. Serramoura é unha desas vilas orgullosas de vivir cara á natureza e de costas ao ritmo acelerado e insensato das cidades. Pero tamén, como en todas as vilas, en Serramoura as portas péchanse e detrás delas ninguén sabe o que pasa. Porque nesta vila tamén hai segredos, mentiras e dor, os elementos esenciais en que se fragua o rancor e a vinganza. A historia vai desvelando os segredos, as miserias e os conflitos desta pequena vila galega mentres os gardas civís resolven os crimes que se cometen nun lugar tan recoñecible como inquietante.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**O SABOR DAS MARGARIDAS**
XÉNERO: THRILLER
DURACIÓN: 6 CAPÍTULOS DE 70 MINUTOS
FRANXA: *PRIME TIME*
A inminente visita do Papa a Santiago desvía a atención e os medios da desaparición de Marta Labrada, unha moza da que se perde a pista en Muriás. A tenente Rosa Vargas, da policía xudicial da Garda Civil, desprázase ata a localidade para poñer en marcha a investigación e acaba sacando á luz o achado de 10 cadáveres de mulleres. A prioridade do capitán do cuartel, Alberte Figueroa, do cabo Mauro Seoane e da tenente Rosa Vargas é atopar a Marta antes de que poidan asasinala. A plataforma Netflix adquiriu dereitos de emisión desta produción, sendo así a primeira da súa oferta que está rodada en galego.

**LOBOS E CORDEIROS**
XÉNERO: SERIE DE ÉPOCA
DURACIÓN: 15 CAPÍTULOS DE 70 MINUTOS
FRANXA: *PRIME TIME*
Serie de época ambientada en 1898 en Ourense que conta a través de tres clans familiares a historia de Galicia: os fidalgos, co marqués á fronte; a familia de médicos que vén de Madrid; e os campesiños e criados. Cun pazo e un balneario como escenarios, a trama está chea de intriga, de segredos e de amores imposibles entre clases, aderezada cunha homenaxe a Pepa a Loba, a última bandoleira europea.

**OS MARIACHI**
XÉNERO: COMEDIA
DURACIÓN: 8 CAPÍTULOS DE 30 MINUTOS
FRANXA: *ACCESS PRIME TIME*
Os Mariachi retrata en clave de humor a rivalidade entre dúas familias que, aparentemente, non teñen nada en común: un notario recto e os seus veciños os Mariachi, descendentes de emigrantes mexicanos e cun estilo de vida un tanto desordenado.

**PAZO DE FAMILIA**
DURACIÓN: 70 minutos
FRANXA: PRIME TIME
SINOPSE:
Deixando atrás o pasado, Sara e Cosme chegan a un mundo novo, estraño e luxoso, buscando un lugar en que cicatrizar a súas feridas e poder seguir adiante. Ese lugar é a mansión do orgulloso matrimonio formado por César Pardo e Leonor Veiga, a familia máis poderosa, admirada e envexada da cidade. Combinando grandes historias de amor con tramas de poder e intriga e con toques de comedia costumista, a serie introdúcenos no excitante mundo dos Pardo Veiga, amosándonos as grandezas e as miserias dunha saga familiar destinada a marcar unha época.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

### 4.1.4. Outros contidos de entretemento

**LAND ROBER TUNAI SHOW**
XÉNERO: ENTRETEMENTO / HUMOR
DURACIÓN: 120 MINUTOS
FRANXA: *PRIME TIME*
Concibido como un país no que impera o humor, o programa incide nesa forma tan persoal que ten o seu presentador de entender o sentido do humor e de facer unha revisión semanal dos principais temas da actualidade, da grella da TVG e de Internet. Land Rober, un país cheo de colaboradores que cada semana achega a súa visión humorística e singular do que acontece no mundo real e virtual. Un país no que o *show* e o entretemento están servidos valéndose sempre dun humor branco e familiar apto para todos os públicos. O programa ten precisamente unha interesante compoñente interxeracional xa que conseguiu ser relevante para todos os tramos de idade que compoñen a audiencia.

**PEQUENOS FENÓMENOS**
XÉNERO: CONCURSO
DURACIÓN: 140 MINUTOS
FRANXA: MAÑÁS / TARDES
O proxecto componse de tres programas coa música como pretexto e con pequenos cantantes como protagonistas absolutos porque os artistas van ser precisamente os artífices do noso futuro: os nenos. O requisito para o espectador: estar disposto a deixarse sorprender polos máis pequenos de Galicia, os nenos que xa se están preparando a fondo para conseguir o que eles máis desexan, triunfar como cantantes. O requisito para os participantes: ser menores de 12 anos e cantar, ben sexa en solitario ou acompañados.

**CASAMOS!**
XÉNERO: DOCUSOAP
DURACIÓN: 60 MINUTOS
FRANXA: *PRIME TIME*
*Docusoap* sobre historias reais de amor que acaban en casamento. No programa teñen cabida vodas de distintas relixións e razas, vividas sempre de xeito extraordinario en cadansúa contorna. Os espectadores saberán como se coñeceron os protagonistas, as razóns para dar o paso de unirse en matrimonio, as influencias na familia, posibles conflitos e imprevistos, todos os preparativos, e mesmo a celebración da voda.

**O PORQUIÑO POLO QUE VALE**
XÉNERO: CONCURSO
DURACIÓN: 25 MINUTOS
FRANXA: *PRIME TIME*
"O porquiño polo que vale" é un concurso de humor no que o plató será a mesma rúa. Búscanse concursantes ao chou, guiados polas primeiras impresións dos presentadores, que ao mesmo tempo, serán os xuíces á hora de entregar os xamóns. Cada proba terá premio, mais, nalgún caso, pode haber máis dun gañador.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**BAMBOLEO**
XÉNERO: ENTRETEMENTO / MUSICAL
DURACIÓN: 140 MINUTOS
FRANXA: *PRIME TIME*
"Bamboleo" é un programa con música e baile. No estudio de gravación distínguense cinco sets, cunha presenza de público próxima ás 200 persoas, e diferentes actuacións con artistas das máis variadas procedencias e experiencia. Son algo máis de dúas horas de programa, onde destacan ademais enxeñosas seccións: “Agora ou Nunca” ofrece unha última oportunidade para que sobresaian artistas descoñecidos en televisión; “Dirty Dancing” propón un baile interxeracional, con exhibición de bailes de salón; “Ghaliñeiro” son vídeos divertidos extraídos da Rede; “A ITV do Amor” é un test para parellas de namorados que pensan casar ou ir vivir xuntos; “Falabarato” achega bromas con cámaras ocultas, e “Faino Ti” converterase nunha divertida proposta de intercambio de tarefas para parellas consolidadas.

### 4.1.5. Eventos institucionais

No 2018 a TVG puxo os seus medios de produción ao dispor do servizo público coa emisión en directo dos eventos institucionais e de promoción e difusión da cultura galega que se celebran ao longo do ano en Galicia. É de destacar o despregamento de medios audiovisuais para retransmitir para todo o mundo o espectáculo dos Fogos do Apóstolo, que teñen sempre un seguimento amplo de espectadores.

Este ano, ademais, a TVG retransmitiu en directo a inauguración da exposición do Pergamiño Vindel, “Un tesouro en sete cantigas”, despois de que a obra chegase a Vigo dende Nova York. E coma outros anos, a canle pública contribuíu á difusión das artes escénicas e audiovisuais, coa retransmisión da Gala María Casares e da Gala dos Mestre Mateo.

En concreto, os eventos retransmitidos pola TVG durante o 2018, foron:

. Gala Premios Mestre Mateo do audiovisual galego
. Gala María Casares, premios do teatro galego
. Fogos do Apóstolo
. Gala do 25 de Xullo, con música en directo de grupos e solistas galegos
. Actos da Ofrenda ao Apóstolo
. Entrega das Medallas de Galicia
. Entrega das Medallas Castelao
. Entrega das Medallas do Parlamento de Galicia
. Procesión do Cristo da Vitoria de Vigo
. Actos de Traslación dos Restos do Apóstolo

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 4.2. Produción allea

As horas de emisión de produción allea no cómputo global das grellas mantiveron unha liña de continuidade en relación a exercicios anteriores debido á estabilidade das partidas orzamentarias correspondentes a adquisición de contidos, representando arredor dun **39%** en total en relación aos contidos que alimentan as grellas da TVG e da G2.

Pola súa banda, na achega á grella da G2, esta porcentaxe segue sendo notable, superando o 35**%** das horas emitidas, xa que as faixas de programación infantil se alimentan na inmensa maioría de contidos de produción allea. Estamos falando de cerca de 300 horas na TVG e de case 3.000 horas na G2, o que supón unha clara aposta por ofertar contidos audiovisuais de calidade, novidosos moitas veces e sempre pensados para atender as demandas do público. Estas producións internacionais, elaboradas noutras linguas, achéganse á audiencia despois da súa dobraxe ao galego.

Na TVG as longametraxes representan case o 90% dos contidos de produción allea na canle principal. Maioritariamente corresponden ás estreas e *reruns* dos títulos do acordo plurianual Warner. Estamos falando de preto de 300 títulos de películas ao longo do ano. No caso da segunda canle, o 83% dos dereitos de emisión adquiridos desde produción allea corresponden a debuxos animados, que alimentan as tres franxas diarias do Xabarín Club.

O desglose por tipo de programa do contido de produción allea na canle secundaria sería o seguinte: cerca de 2.500 episodios de animación, 165 documentais, 184 longametraxes e 175 episodios de series de ficción.




CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Desde o Servizo de Contidos procúrase manter equilibrio entre a adquisición de contidos audiovisuais que encaixen no espírito da TVG como canle pública, a oferta do mercado e as tendencias de demanda dos espectadores.

Neste sentido, trabállase en posibilitar unha variada oferta de entretemento en galego que abranga títulos de cine con gran éxito de recadación, como é o caso dos títulos de 'First Run' e 'Re–run' do paquete Warner, a *major* das *majors*, coa que existe un acordo plurianual conxunto con FORTA que se estende ata o ano 2020, ou títulos de recente produción europea, como os da distribuidora independente "A Contracorriente" ("Aprendiendo a conducir", "Un hombre perfecto" etc.).

Outro dos obxectivos é manter vantaxosas condicións nos acordos de compra de dereitos, especialmente no caso da animación, con prezos e condicións de emisión moi favorables que permiten optimizar os investimentos. A maior parte dos acordos de animación ofrecen un número ilimitado de pases durante o período de licenza como ferramenta imprescindible para manter as máis de 100 horas de programación semanal cun investimento medio de 370.000 € anuais. Buscamos tamén que exista un equilibrio entre a adquisición de títulos novos que esixen a súa dobraxe ao galego e a relicenza de títulos xa dobrados que son emblemáticos para a nosa audiencia. Tal é o caso de títulos coma *Shin Chan*, *Doraemon* ou *Dragon Ball*.

Grazas a isto podemos manter unha programación infantil e xuvenil de calidade, cun custo que ronda os 100 € por hora en dereitos de emisión que se estenden desde a pantalla tradicional de TV a outros soportes en virtude das condicións de *catch up* acordadas para a web da CRTVG e tamén para a app "Xabarín TVG". Estamos prestando especial atención ao mundo dixital porque sabemos que o público obxectivo, nenos e nenas e adolescentes, xa apenas están na televisión lineal e buscan os seus contidos favoritos nestoutros soportes, aos que están máis afeitos e que forman parte da súa contorna natural.

No caso das series ou o cine, hai que destacar que se manteñen as redifusións gratuítas nos 30 días seguintes á primeira emisión ou a conversión de pases en función da audiencia media da canle (un pase da canle principal poderá converterse en tres pases na canle secundaria). Esta flexibilidade é unha maneira moi efectiva de reducir os custos de consumo dos distintos *slots* da grella e tamén de darlle unha segunda oportunidade a estes productos nun horario preferente na súa redifusión a través da canle secundaria, na que queremos ofrecer contidos alternativos e complementarios aos que se ofertan na primeira canle e que seguen unha liña máis *mainstream* ou de corrente dominante.

Ademais dos contidos habituais, temos que destacar no ámbito das compras de produción allea os acordos con produtores vinculados a outras televisións europeas que empezan a ser máis habituais no marco das relacións internacionais co mundo Celtic Media ou Circom, no que estamos tendo cada vez un papel máis activo:

- AL009/18 : "El festival intercéltico" e "La grande parade de Lorient" con Morgana Productions.
- AL002/18: "Port" é unha serie musical producida por Bees Nees Media para a canle TG4 e BBC Alba, na que dúas coñecidas cantantes e multiinstrumentistas de

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

música celta, a escocesa Julie Fowlis e a irlandesa Muireann Nic Amhlaoibh, recorren diversas rexións de Europa co obxetivo de dar a coñecer a tradición musical de cada lugar. Trátase do primeiro espazo das televisións de todo o ámbito intercéltico que dedica episodios completos aos territorios de Galicia e Asturias coa participación da CRTVG no proxecto.

### 4.2.1. Cine de produción allea

Durante o ano 2018, a Corporación CRTVG emitiu un total de 297 sesións cinematográficas. 174 difundíronse na TVG e 123 emitíronse na G2; case que todas estas últimas emisións foron redifusións dos filmes exhibidos na primeira canle. As 297 sesións corresponderon a 223 filmes diferentes.

**Cine na TVG 2018**

A programación de cine da primeira canle elaborouse basicamente cos contratos *Warner e A Contracorriente*. O contrato de *Video Mercury* (contrato 004/17) serviu para manter a asentada sesión para cinéfilos en VOSG. As grellas do cine completáronse coas distintas longas e tv-movies galegas participadas pola TVG. No *prime-time* emitíronse 14 filmes (todos galegos), cun *share* medio dun (8.8). O número total de emisións de películas galegas foi de 22. Todas as demais emisións foron difundidas na faixa *late-night*, a partir das 00:00 h da noite aproximadamente.

O *share* medio do cine durante o ano 2018 foi dun 3.1. O *share* medio do cinema emitido na VOSG foi dun 1.1 nas madrugadas dos sábados. Houbo un total de 28 estreas cinematográficas; 7 foron filmes galegos.

Entre as estreas internacionais sinalaremos “Mad Max furia na estrada”, “Operación Uncle”, “Argo”, “Jersey boys” (Clint Eastwood), “A gran revancha (Grudge match)”, con Robert De Niro e Sylvester Stallone, “O home de aceiro”, “Inherent vice”, “Pan: viaxe a Nunca Xamais” ou “O Atlas das nubes”; todas estas películas foron estreas en aberto para Galicia, ademais de “Cadea de favores” ou “Godzilla”, que foron estreas para a TVG.

Entre as estreas galegas sobresaen as longas para cine “Lobos sucios” e “Toro”, as *tv-movies* “Contou Rosalía” e “Fillos do sol” e os *docu-reality* con recreacións de ficción “O soño logrado” e “Diana Quer, 500 días”. En “Butaca especial”, a sesión en VOSG da madrugada dos sábados (29 anos de emisión ininterrompida na TVG, é a sesión máis veterana das televisións europeas) destacaron o mini ciclo dedicado aos derradeiros filmes do director Sam Peckinpah e a emisión do clásico antibelicista de Dalton Trumbo “Johnny colleu o seu fusil” (1971), que os espectadores da TVG puideron ver por vez primeira en VO. con lendas en galego.

**Cine na G2 2018**

Un ano máis, a programación cinematográfica da G2 consistiu na redifusión dos filmes emitidos pola primeira canle, nunha grella completada con algunhas producións galegas de reestrea. Na G2 difundíronse 123 sesións cinematográficas. Practicamente todas exhibidas nun segundo *prime time*, excepto os filmes “A tropa de trapo 1”, “A tropa

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de trapo 2", "Paddington" e "Maimiño", animacións orientadas a un público infantil, emitidas nas faixas da mañá e da tarde. Do total das 123 emisións, 17 corresponderon a producións galegas. O *share* medio das emisións cinematográficas da segunda canle estivo en preto dun 0.5 (concretamente un 0.47%).

### 4.2.2. Series de produción allea

O detalle da compra de series de ficción no ano 2018 foi o seguinte:

Paquete de series de *live action*.

- AL007/18 Relicenza de Dawson Creek con Sony Entertainment.
- AL011/18 Relicenza da serie de Content Films con Luk Internacional.

- EX035/18 Mención á parte merece neste apartado "Verão M" producida por Santa Rita Producións para a televisión portuguesa RTP. A serie conta coa participación de CRTVG na produción, e, por tanto, é unha serie contratada como produción propia externa, pero recibirá na práctica un tratamento de produción allea porque foi rodada en portugués e será enviada á dobraxe para elaborar a versión galega da mesma. Trátase dunha ficción xuvenil grabada na praia de Moledo, en Caminha (Portugal) e por tanto veciña de Galicia, que reprensentará unha aposta fresca de verán, enmarcada no xénero de aventuras e dirixida a toda a familia. "Verão M" consta de 13 episodios, realizados pela directora lisboeta Patricia Sequeira, directora de "Morangos com açucar", xa emitida na G2.

### 4.2.3. Programación infantil

A grella infantil representa unha parte moi significativa da programación da segunda canle. Continúa estruturándose ao redor das tres faixas principais en función dos horarios escolares (maña, mediodía e media tarde), e nútrese duns 50 títulos de animación diferentes que supoñen máis de mil novos episodios de animación cada ano. Isto continúa sendo posible grazas ás favorables condicións de emisión negociadas nos últimos anos (pases ilimitados na maioría dos casos, varios anos de licenza e dereitos de *catch up* para a web e os soportes dixitais, como móbiles ou tabletas).

A G2 ofrece sobre 7 horas de animación diarias para o público infantil e xuvenil, de luns a venres, en 3 bloques (almorzo, xantar e merenda), salvo durante as fins de semana, en que a oferta se concentra no horario matinal.

Esta programación infantil nútrese dunhas 2.500 horas anuais que proveñen na súa maioría dos acordos de compra de dereitos vixentes:

- Acordo Planeta Junior AL015/14: onde atopamos clásicos renovados en 3D como a "Abella Maia" ou "Viki o Viquingo" e algunha novidade como "Vipo e os seus amigos" ou "Dream Defenders", "Bondi Band" ou "Zeke´s Pad".
- Dreamworks AL015/15: dentro do marco do acordo plurianual asinado canda as canles de FORTA con idioma propio, seguimos coa emisión de episodios da factoría de animación americana.

O pasado ano 2018 chegaron as seguintes series:



CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Dinotrux (S3)
King Julien (S3)
Noddy (S2)
Puss in Boots (S2,S3)
Veggie Tales (S1)
Home (S1,S2)
Postman Pat (S2,S3)
Voltron

- Luk Entertainment AL007/16. Un imprescindible da grella que nos garante a presenza de personaxes tan populares como “Doraemon” e “Shin Chan”.
- Arait Multimedia AL005/15: Este acordo plurianual que rematará entre agosto e outubro 2019, continúa achegando os máis de 600 episodios da saga ”Dragon Ball”, que xa forma parte do noso ADN.
- Mediatoon AL012/15: “The Crumpets”, serie de animación francesa creada por Virginie Boda en 2013 e “Yakari 1,2,3”, serie en coprodución Francia-Bélxica que narra as aventuras de "Yakari", un pequeno síux co don de entender e falar os idiomas de orixe animal.

- Expressive AL007/15: “Zombie Hotel”.
- Media I.M. AL011/15: ”Kikoriki”, serie de televisión animada infantil rusa dirixida á audiencia infantil entre 3 a 8 anos pero cun toque de humor que funciona tamén co público adulto. A outra serie incluída neste acordo é “Pin Code”; en cada episodio os nenos de 6 a 8 anos aprenderán unha nova lección científica.

E para completar a oferta de programación infantil non podemos esquecer as producións de animación feita en Galicia como “As aventuras de Minchi” de CTV, “Caracois” ou “Os Contos do Camiño”, da Editorial Oqo e as novas entregas das series “Tutu”, de Ficción Producciones ou “Os Bolechas” que xa van pola súa oitava temporada e acaban de lanzar agora un *spin-ojf* dun dos seus personaxes, que é a serie “Braulio Tuber”, que incorpora como novidade a interacción con nenos reais.

Por último, cómpre sinalar que todos estes contidos teñen a misión de traspasar a pantalla tradicional para acompañar o público infantil nos novos hábitos de consumo, estando presentes na palma das súas mans grazas ás novas tecnoloxías, ben a través da web da CRTVG, ben a través da *app* Xabarín TVG.

Novos paquetes de series de animación que se incorporaron ao longo do 2018

- AL008/ 18 e AL013/18, acordo cun dos nosos principais provedores, Luk International, no que se inclúe a adquisición de novos episodios de *Shin Chan* e *Doraemon*; a compra de novos títulos de diferentes procedencias como *Elías*, unha magnífica serie norueguesa da NRK; *O oasis de Óscar*, coprodución francesa con Cataluña; *Osmar*, serie brasileira baseada nunha caricatura; ou *Coco Bill*, serie infantil italiana que parodia o xénero do western; e mais a relicenza de series de anteriores acordos como *Wolverine*, *Banana Cabana*, *Hareport*, *Pirate Express* ou *Farm Kids*.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 4.3 Emisións televisivas

### 4.3.1 Televisión de Galicia

Televisión de Galicia é a canle principal polo seguimento da audiencia e tamén pola variedade de programación que ofrece.

Como se observa nos gráficos, os informativos ocupan boa parte da emisión. Destacan tamén os concursos e os programas de entretemento e musicais. Se miramos o tipo de produción, observamos que gran parte das horas son de produción propia interna. O segundo lugar ocúpano a produción de propia externa e por último a produción allea.







CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/




## 4.3.2 G2

Tamén en G2 a Produción propia interna ocupa a maior parte da emisión pero, a diferenza da canle TVG, en segundo lugar colócase a produción allea, basicamente animación infantil e cine. A canle G2 destaca igualmente pola oferta deportiva que ocupa a fin de semana.




CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

G2 - horas/tipo programa




G2 - horas/tipo produción




CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

### 4.3.3 Canles internacionais

As canles da Televisión de Galicia en Europa e América mantiveron a súa actividade nun escenario cada vez máis acentuado de competencia. É importante esta presenza pola vertente de servizo público e conexión coa emigración que teñen as devanditas emisións fóra de Galicia. Aínda que se renegociaron algúns contratos, seguen sendo positivos os datos económicos que se obteñen e que ademais axudan a financiar os custos dos satélites que transportan o sinal.

Actualmente, en Europa a canle Galicia TV Europa distribúese a través do satélite Astra que, ademais do posible acceso aberto, serve de alimentador a diferentes distribuidoras en varios países. Como novidade do ano 2018, Thema TV, que servía o sinal galego en Francia, serve tamén agora en Suiza.

- En Portugal: Vodafone, Nowo, Meo e Nos Comunicações (que naceu coa fusión de Zon TV e Cabovisão)
- En Suiza: Telegeneve en Xenebra, e Cablecom-Digicom en Zurich. Como se indicou, este ano entrou tamén Thema TV.
- En Francia: Thema TV e NC Numericable.

A oferta para Europa é basicamente a mesma que para a canle TVG agás os produtos que non teñen dereitos de emisión fóra do territorio galego.

En América, a canle Galicia TVG América distribúese a través do satélite Hispasat en aberto. Hispasat alimenta ademais diferentes plataformas de diferentes países:

- En Arxentina e Uruguai: Cablevisión, Equital, Teledifusora San Miguel Arcángel, Ver TV, Red Intercable, Telemás, Motecablevideo, Tractoral, Riselco, Cable Plus, Teledifusora e Paralelo 52 TV
- En México: a través da plataforma Sky e de Cablevisión.
- En Panamá: distribúese TVG a través de Cable Onda, Cable Onda Wireless e Sky Panamá.
- En Centroamérica: a través de Sky chega a Costa Rica, O Salvador, Guatemala, Honduras, Nicaragua e República Dominicana.

En 2018 iniciouse un traballo de recollida de información e interlocución con operadores e axentes locais para coñecer en que e como se pode mellorar a oferta de TVG para América. Información que contempla o escenario de competencia e tamén as demandas da comunidade galega. Con esa información abríronse liñas de traballo que están en curso no momento de redactar esta memoria. A oferta de contidos da canle TVG América traslada o *prime time* de TVG, sempre e cando existan dereitos para iso, pero axustado co horario de *prime time* en Arxentina e Uruguai, países nos que hai unha maior expansión do sinal. Tamén se ofrecen todos os informativos e eventos en directo da programación da canle principal.

O sinal de TVG pode recibirse en liña en todo o mundo a través do dominio www.crtvg.gal en Internet.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

### 4.3.4 Outras canles

O sinal de Televisión de Galicia pode sintonizarse en diferentes plataformas en territorio de Galicia e España.

**Movistar**
- TVG no dial 9 para Galicia.
- TVG Europa no dial 151.

**Vodafone-Ono**
- TVG no 7 para Galicia.
- G2 no 8 para Galicia.
- TVG Europa no 901.

**R**
- TVG no 110.
- G2 no 118.
- Telecable  Asturias
- TVG Europa no 82.

**Orange**
- TVG no 7 para Galicia.
- G2 no 170 para Galicia.
- TVG Europa no 83.

### 4.3.5. Retransmisións

Os fitos principais de 2018 foron os seguintes.

**Utilización da tecnoloxía 3G/4G**. En decembro do 2017 fíxose a primeira transmisión de ordes e retornos a través desta tecnoloxía. Durante o ano 2018 foi realizada a instalación permanente destes equipos en todas as unidades móbiles que habitualmente fan produción multicámara. Este 2018 serviu para testar a fiabilidade e tamén o estudio da cobertura xeográfica segundo o lugar de traballo, quedando para o 2019 a decisión definitiva de abandonar 24 das 32 liñas RDSi permanentes contratadas para TVG con Amtega. Isto representa unha redución dun 75%.

**Satélite**. Nas diferentes capacidades de 4,5, 6 e 9 Mhz. durante o ano 2018 contratáronse 91.975 minutos cun volume de facturación próximo aos 191.000 euros máis impostos.

**Circuítos, conmutación satélite.** Cos diferentes sistemas de envíos de vídeo a través da rede FORTA, satélite, telefonía con mochila, xestión de conmutacións, etc., durante o ano 2018 produciuse un aumento de actividade que ronda o 40% con respecto ás mesmas xestións do ano 2017.

**Atención a telespectadores e radiooíntes.** En 2018 comezou a centralización das incidencias que poidan ter os telespectadores que ven a TVG, G2, TVG Europa e TVG América xa sexa por TDT, satélite en aberto ou a través das platafomas Movistar, Vodafone, R, etc. Tamén no caso da Radio Galega para América xa que o sinal de Radio Galega e Radio Galega Música comparten difusión por satélite en América, coa emisión da

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

televisión. Estas incidencias que chegan por diferentes vías recibiron resposta, chegando a solución no 100% dos casos.

**Guía de traballo.** O servizo ten unha guía de traballo que se actualiza cada vez que se produce un cambio que afecta os procesos operativos. Ao traballar con tecnoloxía e tamén coa dixitalización, a guía experimentou diferentes variacións en 2018. Por unha banda, o persoal está informado de calquera modificación ou cambio de equipamentos; e por outra, un traballador que se incorpore da lista de contratación pode coñecer a operativa máis facilmente. A guía comenzou a elaborarse a finais de 2017 con 28 apartados e ten nestes momentos 46.

**Eliminación do papel nas comunicacións entre departamentos.** A redución da utilización do papel como método de comunicación con outros departamentos (produción, control central, técnicos de explotación, etc.), empresas de servizos e outros con respecto a anos anteriores estímase nun 80%.

## 4.4. Dobraxe e subtitulación

Entre as accións do servizo público da CRTVG figuran a dobraxe e a subtitulación, que contribúen a facer accesibles os contidos para o público galego. No caso da dobraxe permite ademais dar a coñecer producións do mercado internacional, elaboradas noutras linguas, nunha versión netamente galega.

### 4.4.1 Dobraxe

Durante o pasado ano 2018 dobráronse arredor de 373 horas de contidos audiovisuais, que supuxeron un gasto estimado de arredor de 1,327 millóns de euros, moi próximo á contía estimada no concurso público, distribuídos entre os seis estudios de dobraxe que resultaron adxudicatarios. O exercicio do 2018 correspondía á prorroga do segundo ano de adxudicación do concurso do ano 2016.

### 4.4.2 Subtitulación

Durante 2018 emitíronse un total de 3.658 horas de emisión subtitulada, das que 1.232 corresponden á primeira canle e 2.426 á segunda. A oferta de programación dotada con subtítulos abarcou tanto programas informativos e documentais como ficción, con diferentes series ou filmes. Igualmente estiveron en emisión con subtitulado series infantís e xuvenís de animación. En Informativos emitiuse subtitulado "Galicia Noticias Mediodía", xusto antes do "Telexornal Mediodía", cun total de 30 minutos cada día de luns a venres.

Na primeira canle o tipo de programas con maior contido subtitulado é o dedicado ao entretemento, con 327 horas, seguidos dos concursos, con 240 horas, as series, con 190 horas, e os programas divulgativos e informativos, con 186 horas.

Na segunda canle o contido máis subtitulado son os debuxos animados, con 1.168 horas, seguido das series, con 565 horas, os documentais, con 271 horas, e as longametraxes, con 126 horas.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 4.5. Programación radiofónica

A Radio Galega acometeu en 2018 un cambio profundo na súa estratexia de comunicación para transformar as súas narrativas e camiñar cara a novas fórmulas que favorezan a conexión coa audiencia. Isto veu acompañado da renovación da imaxe dixital da emisora coa presentación dunha nova estética web, máis intuitiva e centrada nos contidos de produción propia.

A transformación na grella de programación da radio pública de Galicia produciuse co arranque da temporada 2018-2019, no mes de setembro de 2018, e partiu dun proxecto baseado no despregamento de xornalistas para a cobertura do territorio, a posta en marcha dunha nova estratexia cultural e a ampliación dos espazos deportivos cunha aposta centrada na cobertura total do fútbol e o baloncesto.

Os informativos e principais programas incrementaron a súa duración para integrar a cobertura dos asuntos de carácter local e dos contidos especializados con seis puntos de directo cada mañá e cada tarde. Así, o “Galicia por diante” emitirase entre as 06:00 e as 14:00 combinando a información e o entretemento. O tramo de 06:00 a 09:30 é puramente informativo, mentres que a parte que abrangue de 09:30 a 14:00 convértese nun programa informativo que combina información, entretemento e humor.

O programa “A tarde” cambiou o seu formato para dar maior cobertura ao territorio galego con puntos de directo por toda a xeografía, de luns a venres de 16:00 a 20:00. En consecuencia, a Radio Galega ofrece á audiencia información, entretemento e espazos de participación con persoas expertas en consumo, medicina, dereito, maternidade e seguridade viaria. A configuración do programa complétase con cinco puntos de directo en toda a xeografía galega.

Da programación destaca tamén a forte aposta pola información cultural baixo o paraugas da estratexia #Cultura365 da CRTVG, con programación cultural os 365 días do ano na Radio Galega e na Televisión de Galicia.

O “Diario cultural”, amais de aumentar a súa duración a unha hora e corenta minutos repartidos en horarios de máxima audiencia de mañá e de tarde para chegar a un maior número de persoas, incluíu tamén edicións en directo na fin de semana e contou coa súa propia canle dixital dende o mes de novembro, que albergou contidos audiovisuais, as “caras B” dos programas (como se fan, como se gravan…), os *podcast* e tamén unha achega exclusiva de todas as voces expertas de cultura da nova temporada. O veterano programa da emisora pública cambia de formato para converterse nun elemento estrutural da nova grella.

A Radio Galega reforzou a madrugada de luns a domingo, coa ampliación do programa “Pensando en ti”, que pasou a comezar á unha da madrugada.

A programación especializada da Radio Galega estivo liderada polos programas “Ferrado e medio” e “Mar de Ardora”, sábados e domingos ás 07:00 respectivamente. Continuaron os programas “Un país mundial”, “Arredor de nós”, “Lambóns dixitais”, “Sala

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

5” e “Efervesciencia”. A Radio Galega abriu a veta do humor a partir da medianoite venres e sábado con “Déitate” e o domingo con “Como que non?”.

Da proposta deportiva da nova grella destaca a creación de dúas marcas que estarán vencelladas ao histórico “Galicia en goles”: “Zona mixta” e “Ao contraataque”. O primeiro programa, centrado na información e análise do mundo deportivo, emitiuse de luns a venres entre as 15:00 e as 16:00; o segundo realizouse na franxa nocturna, entre as 23:00 e as 00:00, de domingo a xoves. O “Galicia en goles” incorporou unha edición os venres de 21:00 a 00:00 e mantivo programación os sábados e domingos, a partir das 15:00.

A Radio Galega reforzou a súa aposta polo deporte da canastra e transmitiu en directo todos os partidos xogados polo Mombus Obradoiro e o Cafés Candelas Breogán, Así mesmo, ofreceu novas propostas na programación para informar de toda a actualidade dos equipos galegos. A programación habitual da Radio Galega interrompeuse, dende o inicio da temporada 2018-2019, sempre que xogaron o Obradoiro e o Breogán. Así mesmo, a emisora pública continuará co proxecto “Convivir deportivo”, programa que fai foco na realidade social do deporte, deportes minoritarios, deporte inclusivo e adaptado, a partir da visita a clubs, persoas destacadas do panorama deportivo galego e escolas deportivas escolares.

En novembro de 2018, a Radio Galega deu un xiro á súa estratexia dixital co lanzamento dunha renovación estética baseada na promoción dos contidos de produción propia, especialmente entrevistas e reportaxes. O espazo web conta con tres piares: o directo, o *podcast* e a programación, con tres botóns mediante os cales a audiencia pode acceder a todos os contidos da radio pública de Galicia.

A interacción coa audiencia é unha ferramenta esencial para a creación de comunidades dixitais activas, interesadas e fieis aos contidos da Radio Galega. Pola vía convencional, esta interactuación desenvólvese por medio do teléfono, con chamadas ou mensaxes de Whatsapp. Neste senso, a Radio Galega habilitou en 2017 números para solicitar participación a través desta aplicación móbil para os programas “Galicia por diante”, “A tarde” e “Pensando en ti”.

Así mesmo, a Radio Galega dialoga cos seus públicos a través das redes sociais Facebook e Twitter, tanto a través das súas contas corporativas como polas habilitadas para os programas “Galicia por diante”, “Diario cultural”, “A tarde” e “Pensando en ti”. En 2018 tamén se mantiveron as redes para os programas especializados en novas tecnoloxías, emigración e humor, “Lambóns dixitais”, “Un país mundial” e “E por que non?”. A conversa coas audiencias debe producirse tamén sobre o terreo. Ese é o motivo polo que a Radio Galega afondou na estratexia para incrementar a súa presenza nas localidades galegas con programas en exteriores.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

### 4.5.1. Programación xeral

**“Galicia por diante”**

O programa “Galicia por diante” emitiuse de luns a venres de 06:00 h. a 14:00 h., cun tramo informativo dende primeira hora ata as 09:30 -que se expón no apartado correspondente deste informe- e outro definido como programa informativo ata as 14:00. O segundo tramo sufriu un cambio profundo a respecto das temporadas anteriores. O programa arranca cunha presentación de contidos coral para logo facer conexións con seis puntos do territorio galego para coñecer os temas de actualidade social. Deste xeito, o programa combina información, entretemento, humor e microespazos temáticos.

As seccións temáticas abranguen as seguintes temáticas: deportes, sexo, instrumentos musicais, efemérides, animais e música. Así mesmo, cada día conta cun bloque de humor dunha hora de duración -do mediodía ás 13:00h-. A última hora do programa volve a adquirir ton informativo cunha entrevista de actualidade en profundidade, repaso de sucesos, avance deportivo e o ‘miolo’ do día co desenvolvemento dun tema de interese público e as súas voces protagonistas.

O “Galicia por diante” conta con perfís en Facebook, Twitter e Instagram que se empregan a diario para dar recorrido aos contidos presentados no directo e dialogar coas audiencias ou mesmo poñer en marcha concursos.

**“A tarde”**

“A tarde” emitiuse en horario de 16.00h ás 20.00h con espazos de información, entretemento, actualidade e servizo público a través de entrevistas, reportaxes e emisións en exteriores. Cada tarde, este programa conecta con cinco puntos de directo en todo o territorio galego para tratar temas de interese para a sociedade galega dende o punto de vista social e de ocio.

Por canto as colaboracións, cada día da semana ofrécese un espazo de consulta a expertos, especializados en consumo, seguridade vial, conciliación familiar, medicina e dereito. Así mesmo, desenvólvense microespazos sobre as novidades do mar e o agro galegos. Cómpre destacar a súa presenza nos concellos de Galicia, con saídas a celebracións, feiras sectorais e actos culturais.

As experiencias desenvolvidas neste campo por este e outros programas responden á intención da Radio Galega de incrementar a súa presenza no terreo. “A tarde” é un programa con especial relevancia social en internet e as redes sociais, especialmente Facebook.

**“Galicia por diante fin de semana”**

Na fin de semana, o programa “Somos quen” deu paso ao “Galicia por diante fin de semana” dende o mes de setembro de 2018, no marco da profunda transformación de programación acometida para a temporada 18-19. O novo programa segue a estrutura da

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

semana, é dicir, conta cun primeiro tramo informativo sábado e domingo de 08:00 a 09:00 -exposto noutro apartado deste informe- a un tramo de magacine puro de 09:00 a 12:00.

A estrutura do programa magazine baséase nunha entrada de exposición de avances de temas e unha entrevista de actualidade. Ambos os dous días realízase unha entrevista en profundidade ás once da mañá e reportaxes de temas de actualidade. Por canto ás colaboracións, os sábados fálase de lingua galega na sección 'Apalabradas', de paisaxes galegas en 'Galicia Paraíso' e de gastronomía en 'A gusto de Vieira'. O domingo é o día para falar de viaxes e de dereito. Os contidos deste programa compoñen a cabeceira da páxina web da Radio Galega na fin de semana.

**"Diario cultural"**

A Radio Galega lanzou un proxecto analóxico-dixital na temporada 18-19 para ampliar a programación cultural a través da marca "Diario cultural". O novo "Diario cultural" e a súa canle dixital -diariocultural.gal- forman parte da estratexia da Corporación Radio e Televisión de Galicia en materia de cultura que se enmarca no proxecto #Cultura365.

Despréndese del un modelo baseado na programación cultural especializada os 365 días do ano na radio. Deste xeito, dóbranse os minutos de programación cultural de luns a venres, ao pasar de 50 a 100 diarios e corríxese a eiva das fins de semana, en tanto que a Radio Galega carecía dun programa cultural xeralista os sábados e domingos en directo.

O "Diario cultural" dende o 10 de setembro de 2018 tamén suma cen minutos de programación cultural na fin de semana. En total pasouse de 250 a 605 minutos semanais, o que representa un incremento do 142% acompañado dunha mellora substancial na accesibilidade horaria deses contidos para o público, como se indica de seguido:

De luns a venres

- L-V 13:04 – 13:30
- L-V 14:45 – 15:00
- L-V 18:04 – 18:30
- L-V 20:50 – 21:00

Fin de semana

- S 09:30 – 10:00
- D 09:30 – 10:00
- D 14:15 – 15:00

O cambio de formato que asumiu o "Diario cultural" na Radio Galega co arranque da temporada 18-19 compleméntase cunha estratexia dixital coa apertura dunha canle propia en novembro de 2018. Cun deseño concibido en orixe para dispositivos móbiles, diariocultural.gal ofrece os *podcast* de todas as edicións do "Diario cultural", que tamén poden descargarse en iTunes e Ivoox.

O segundo vértice da estratexia analóxica consiste nos destacados do día, é dicir os temas máis sinalados en cada xornada. O vídeo será outro dos elementos diferenciadores desta canle dixital que prevé converterse en referencia en Galicia nun breve espazo de tempo pola cantidade e calidade dos seus contidos. Para isto, conta cunha canle de

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Youtube na que se colgarán as 'Caras B' dos programas e conversas cos protagonistas dos programas que non poderán escoitarse na emisión en analóxico. Deste xeito, a Radio Galega camiña, a través do "Diario cultural", cara á creación de contidos específicos para o dixital.

A nova estratexia cultural da Radio Galega tamén quixo abrir o abano para dar cobertura a todas as manifestacións culturais de Galicia. Para iso, acaba de dotarse dun elenco de voces expertas en distintos ámbitos. Todos eles nomes recoñecidos no mundo da cultura.

Na procura da cultura-coñecemento, o "Diario cultural" busca o debate en profundidade arredor da cultura nas súas distintas manifestacións cunha mostra da produción e o debate que se produce en Galicia e con diariocultural.gal como nexo e espazo de reflexión. Para isto, ademais do *podcast*, ofrece toda a produción especializada en cultura da Radio Galega a partir de noticias, reportaxes, entrevistas e crónicas.

**"Convivir"**

No apartado da sociedade, a radio pública emitiu o programa "Convivir" de luns a xoves en horario de 21:00 a 22:00. Este programa trata todos os ámbitos informativos que afectan a sociedade, dende os servizos sociais, a medicina, a investigación e as enfermidades ata a natureza, a ecoloxía, a educación e as historias de superación persoal.

A edición dos sábados ás 12:00 do mediodía -de xaneiro a agosto emitiuse os venres ás 21:00- recibe o nome "Convivir deportivo", por tratarse de monográficos sobre o deporte dende a súa vertente social. Neste ámbito dedicáronse programas a figuras relevantes no mundo do deporte galego, clubs históricos ou escolas deportivas de concellos.

**"Pensando en ti"**

"Pensando en ti" de luns a venres e "Pensando en ti fin de semana" nos sábados e domingos foron líderes da noite radiofónica en Galicia en 2018. O programa ten unha duración de cinco horas, de 01:00h a 06:00h, e céntrase na interacción coa audiencia, que participa para relatar as súas vivencias a partir dos temas propostos. Trátase dun programa que se vale de canles de comunicación coas redes sociais para propiciar a participación da audiencia.

### 4.5.2 Programas temáticos

A grella de programas temáticos da radio pública de Galicia está conformada polos seguintes espazos:

- **"Un país mundial"** é un programa especializado na actualidade da emigración e que busca consolidarse na súa segunda temporada.
- **"Arredor de nós"** é un programa especializado en historia.



CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- **“Efervesciencia”** ocúpase de achegar a ciencia ao público xeral, desde o humor e con voces autorizadas e reportaxes sobre descubrimentos científicos de toda índole. O programa conta coa colaboración da Universidade de Santiago e o financiamento da FECYT (Fundación Española para a Ciencia e a Tecnolocía).

- “**Lambóns dixitais**” é un programa de novas tecnoloxías que vive a súa segunda temporada en antena e que trata habitualmente

- **“Déitate”** é un programa de humor que arrancou en setembro de 2018. Combina o relato de noticias graciosas con *sketchs* e imitacións.

- **“Sala 5”**, dedicado ao mundo do cine e o audiovisual.
- **“Mar de Ardora”** é un programa especializado na actualidade do mar que vive a súa segunda temporada en antena.

- **“Ferrado e medio”** é un programa especializado na actualidade do agro que vive a súa segunda temporada en antena.

- **“E por que non?’”** é un programa de humor de media hora de duración que comezou a emitirse en setembro, no marco das novidades da temporada 17/18. En setembro de 2018 pasou a chamarse **“Como que non?”**.

### 4.5.3 Radio Galega Música

Radio Galega Música estreou o 13 de febreiro de 2018, Día da Radio, novo formato como evolución natural ao novo escenario de consumo por parte da audiencia. Para isto, deseñouse unha liña melódica uniforme en todas as franxas horarias con listaxes de reprodución rotatoria de nunca máis de cincocentas cancións.

Sen renunciar aos principios fundacionais de servizo público, enténdese que o obxectivo dun medio de comunicación é o de chegar a unha audiencia ampla para, neste caso, formala e entretela. A Dirección da Radio Galega buscou un espazo propio musical nun ecosistema de radio atomizado, no que se repiten fórmulas clónicas. Ante iso, foi imprescincible apostar por unha radio musical feita dende Galicia para a cidadanía galega, coas particularidades desta terra, na que a música galega se amalgame con naturalidade con temas doutras linguas.

A nova Radio Galega Música busca atender un público maioritario adulto que demanda unha determinada selección musical, como prestar atención a contidos específicos de distintos xéneros musicais, como jazz, folk, indie, electrónica e rock, xusto nun momento no que Galicia está na vangarda pola creatividade e excelencia dos seus produtos musicais.

En tanto que é fundamental definir o estilo e o público obxectivo, Radio Galega Música diríxese a unha audiencia adulta contemporánea cun estilo musical pop coa combinación das linguas galega, castelá, inglesa e portuguesa. Deste xeito, preténdese unha identidade propia e definida para un público que a día de hoxe se considera desasistido de ofertas específicas.



CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A programación articúlase en grandes bloques musicais que acompañan as audiencias nas distintas actividades e ocupacións da súa xornada. As horas laborais do día, é dicir, dende as 07:00 ata as 20:00, apóstase pola radiofórmula sen locutor. Isto, xunto coa ausencia de publicidade, facilita que Radio Galega Música sexa a opción elixida polos establecementos comerciais como fío musical.

Dende as 07:00 ata as 09:00 preséntase a fórmula espertador con ritmos e estilos axeitados para o arranque do día. Dende as 09:00 ata as 14:00 prográmase música para o traballo coa vontade de convertérmonos en banda sonora das actividades laborais. A hora de xantar e as primeiras horas da tarde continúan a mesma tónica cunha selección melódica uniforme, con temas de corte máis relaxado e cadencioso.

No tramo de 18:00 a 20:00, préstase atención á audiencia que escoita Radio Galega Música no coche coa fórmula “RGM na túa volta á casa”. Trátase dunha selección musical tranquila, sen estridencias e con calidez.

De 20:00 a 22:00 de luns a venres emitirase o programa “Estudio 3” en directo, centrado na actualidade e axenda dos grupos musicais galegos en Galicia e no exterior e na visita de grupos de fóra de Galicia á nosa terra.

Despois prográmanse os programas musicais de autor “O lobo urbano”, “Deriva atlántica”, “Notas de jazz”, “Tres peixes voando” e “Fondos reservados”, ademais de “Lume na palleira”, “Concerto popular” e “Allegro moderatto”.

O novo proxecto pretende coidar, primar e potenciar a música galega. Con este obxectivo, as horas de maior atención (horas puntas e medias horas) alcanzaranse sempre con música en lingua galega dentro do formato radiofórmula, seguindo o modelo das grandes canles musicais nas que inmediatamente antes das horas puntas e as medias horas se radian os éxitos.

Así mesmo, estas cancións irán sempre abrigadas antes e despois por éxitos musicais noutras linguas, cunha intencionalidade de dotar de protagonismo e relevancia a música en galego, que combinará con naturalidade con grandes temas mundiais. Isto será o xeito de obter un impacto notable e efectivo na difusión musical en lingua galega.

Radio Galega Música pretende incrementar a porcentaxe do 25 por cento de música galega, entendida esta como aquela que está composta en lingua galega pero tamén a realizada por grupos musicais galegos noutros idiomas.

A radio pública de Galicia, como se indicaba máis arriba, dará espazo á radio de autor, esa radio creativa, orixinal que atende as tendencias e necesidades dun público máis especializado e esixente que pide unha proposta máis alá da radiofórmula.

- ✓ “Estudio 3”. Actualidade de bandas galegas de rock no exterior e de grupos de fóra con actuacións previstas en Galicia.
- ✓ “Fío Condutor”. Rock.
- ✓ “O Lobo Urbano”. Rock.
- ✓ “Notas de Jazz”. Jazz galego.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- ✓ “Tres Peixes Voando”. Música galega combinada con músicas do mundo.
- ✓ “Deriva Atlántica”. Músicas do mundo.
- ✓ “Fondos Reservados”. Éxitos musicais das últimas tres décadas.
- ✓ “Lume na Palleira”. Música tradicional e folk galego.
- ✓ “Concerto popular”. Concertos de bandas de música de Galicia.
- ✓ “Allegro Moderatto”. Música clásica da Real Filharmonía de Galicia e a Orquestra Sinfónica de Galicia.

Estes programas serán os espazos das prescricións musicais, en tanto que os profesionais que os realizan son expertos en distintos xéneros musicais. Estes espazos acollerán o tratamento de temas en profundidade, entrevistas, presentacións, voces de protagonistas, recomendacións e tendencias.

### 4.5.4 Radio Picariña

A Radio Galega lanzou o 21 de xuño de 2018 Radio Picariña, a primeira canle dixital de música infantil e xuvenil da historia da Radio Galega. Con este lanzamento, a emisora pública galega ampliou o seu abano de canles especializadas coas que pretende abranguer todos os públicos. Esta nova canle dixital, integrada na marca Xabarín, pon a disposición dos usuarios unha selección coas mil mellores cancións en lingua galega para os máis pequenos.

Radio Picariña é a primeira experiencia de radio dixital para a CRTVG cun formato similar ao de aplicacións como *Spotify*, que lles ofrece ás persoas a posibilidade de seleccionar a música que desexen escoitar entre todos os temas. Deste xeito, desde o reprodutor pódese navegar por toda a listaxe de cancións e elixir as que se queiran oír, desde o PC ou ben desde dispositivos móbiles.

A través desta canle, de emisión *online*, a Radio Galega aposta por crear produtos diferenciados e de servizo público. Para acceder aos contidos de Radio Picariña, os usuarios só deben entrar na ligazón www.crtvg.es/infantil. As cancións que inclúe a nova emisora dixital están ordenadas de forma alfabética por título. Na información que se mostra ao usuario está o título da canción, o álbum ao que pertence e os autores da mesma. Radio Picariña convértese, deste xeito, nunha radio musical ideal para gozar dela nos centros educativos, garderías, salas de espera, etc., xa que tamén permite a escoita de todos os temas de xeito consecutivo.

### 4.5.5. Concertos para difusión por redes sociais

En maio de 2018, a Radio Galega fixo probas para a posta en marcha dun proxecto baseado na gravación de concertos en directo no Estudo de Produción da Radio Galega con teléfonos móbiles. Estes concertos de curta duración, menos de media hora, serán lanzados vía redes sociais a través do Facebook de Radio Galega. Posteriormente, emitiranse pola vía convencional, a través do FM da Radio Galega e a través da canle de Youtube da emisora pública, integrado na web do “Diario cultural” -diariocultural.gal-. A primeira experiencia foi a emisión por Facebook Live dun concerto de Oh! Ayatollah.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 4.5.6. Estratexia dixital

### 4.5.6.1 Radiogalega.gal

Os medios de servizo público de Galicia lanzaron en novembro un redeseño da imaxe dixital da Radio Galega para potenciar os contidos de produción propia co obxectivo de xerar opinión arredor dos temas que interesan a sociedade galega.

A emisora pública reafirma a súa misión de servizo público cunha proposta que combina a forza do directo coa selección dos contidos máis destacados da súa programación.

Para isto, ponse en marcha unha páxina web más intuitiva e directa, na que os usuarios poden atopar un menú con tres botóns a través dos cales acceder de xeito sinxelo a todos os contidos de valor engadido da súa emisora de referencia. Deste xeito, a audiencia da Radio Galega poderá pinchar directamente nos catro directos cos que conta a canle pública na actualidade, acceder a cada programa de xeito independente ou navegar a través dos *podcast.*

O directo segue sendo a referencia da radio pública, con accesos directos na parte superior da web á emisión da Radio Galega, de Radio Galega Música, Son Galicia Radio e a mencionada canle de música infantil en galego Radio Picariña.

O segundo vértice da nova páxina web serán os contidos de produción propia cos que a Radio Galega xera debate político e social no ámbito xeográfico de Galicia, é dicir, as entrevistas propias e as reportaxes en profundidade que outorgan valor engadido á emisión e ao propio espazo web da radio pública.

O *podcast* eríxese en eixo do consumo radiofónico en Internet, e a Radio Galega impulsárao a través do seu novo deseño web. Por unha banda, potenciará os seus programas especializados para o seu consumo vía *podcast* para chegar ás comunidades nicho ás que se dirixen especificamente eses contidos e, por outra parte, ofrecerá todas as horas de emisión de cada un dos programas para facilitar a recuperación de contidos.

### 4.5.6.2 diariocultural.gal

O cambio de formato na información cultural integrada baixo a marca “Diario cultural” nos distintos bloques horarios da grella de programación complementouse en novembro cunha estratexia dixital con canle propia dentro da web da Radio Galega, actualizada cada día, con espazo para a creación de novos formatos e as `Caras B´ dos programas.

- Creación dunha canle dixital propia. Deseño *mobile first,* concibida en orixe para móbil. Esta páxina inclúe:
    - *Podcast* de todas as edicións do “Diario cultural”.
    - Novas, reportaxes, entrevistas, crónicas.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- Blogs específicos de crítica cultural, con espazo diferenciado para cada unha das catorce persoas expertas nos distintos ámbitos culturais da Radio Galega .
- *Podcast* descargables en iTunes e Ivoox.
- Canle de Youtube con programas completos e concertos.

- Potenciación das redes sociais propias do "Diario cultural" en Facebook, Twitter e Youtube.

### 4.5.7. Programas exteriores de Radio Galega – 68 programas

Na programación da radio pública de Galicia cómpre destacar a presenza en directo en exteriores dos distintos programas que conforman a grella, tal e como se indica:

- 07/02 | Ferrado e Medio | Granxa A Devesa de Ponteceso
- 08/02 | A Tarde | Viana do Bolo
- 09/02 | A Tarde | Verín
- 16/02 | Pensando en Ti | O Carballiño
- 23/02 | Mar de Ardora | A Guarda
- 08/03 | "Diario cultural" | Casa Xohana Torres de Santiago de Compostela
- 15/03 | Galicia por Diante | Evento Eixo Atlántico na Coruña
- 15/03 | Ferrado e Medio | Clúster da Madeira en Cedeira
- 23/03 | A Tarde | Feira da Enerxía de Galicia en Silleda
- 29/03 | Pensando en Ti | Festa da Ostra de Arcade
- 31/03 | Galicia por Diante | Mostra do Encaixe de Camariñas
- 26/04 | A Tarde | Festa da Lamprea de Arbo
- 29/04 | Somos Quen | Festa da Degustación da Tenreira Galega de Láncara
- 03/05 | Ferrado e Medio | Palas de Rei
- 05/05 | Somos Quen | Vigo
- 11/05 | A Tarde | Feira do Viño de Pantón



CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 12/05 | Somos Quen | Festa da Troita de Oroso
- 17/05 | Galicia por Diante | Actos Letras Galegas en Pontevedra
- 08/06 | A Tarde | Semana Verde de Silleda
- 10/06 | Pensando en Ti | Encontro Anual de Oíntes en Silleda
- 14/06 | Mar de Ardora | Cabo Vilán
- 05/07 | A Tarde | Festa da Langosta da Guarda
- 28/07 | Somos Quen | Festa 1900 de Curtis
- 05/08 | Somos Quen | Festa do Cabalo de Curtis
- 13/08 | A Tarde | Festas de San Roque de Melide
- 14/08 | A Tarde | Festa do Xamón da Cañiza
- 24/08 | A Tarde | Festa do Pemento de Mougán, en Guntín
- 01/09 | Somos Quen | Festa dos Callos de Salceda de Caselas
- 19/09 | Galicia por Diante | Feira do Moble da Estrada
- 05/10 | “Diario cultural” | Festival Cortocircuíto de Santiago de Compostela
- 09/10 | Ferrado e Medio | Vilagarcía de Arousa
- 11/10 | “Diario cultural” | Cantos na Maré en Pontevedra
- 12/10 | A Tarde | Xuventude Galicia Net de Silleda
- 01/11 | Galicia por Diante | Festa da Castaña de Riós
- 06/11 | Mar de Ardora | Conferencia Internacional da Muller no mar en Santiago de Compostela
- 09/11 | A Tarde | Expobus Iberia de Silleda
- 14/11 | Mar de Ardora | O Grove
- 21/11 | Mar de Ardora | Celeiro
- 04/12 | A Tarde | La Galiciana de Santiago de Compostela
- 06/12 | Pensando en Ti | Becerreá

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Así mesmo, o programa “Convivir Deportivo” gravouse integramente en exteriores no ano 2018, con edicións dedicadas a clubs, deportes minoritarios e figuras relevantes do deporte galego.

- 05/01 | Deputación de Lugo | Lisardo Gómez, adestrador de baloncesto
- 19/01 | Centro Torrente Ballester de Ferrol | Club de atletismo Ría Ferrol
- 26/01 | Casa da Cultura do Porriño | Balonmán Porriño
- 21/02 | Casa da Cultura Lois Pereiro de Monforte de Lemos | Deporte escolar nos institutos A Pinguela e Daviña Rei
- 27/02 | Casa da Cultura de Olveira - Dumbría | Clubs de fútbol e voleivol
- 06/03 | Centro Torrente Ballester de Ferrol | Universitario Ferrol
- 16/03 | Auditorio de Ribeira | Natación e taekwondo
- 06/04 | Auditorio de Padrón | Boxeo e figura de Alfredo Evangelista
- 09/04 | Auditorio de Burela | Burela F.S.
- 20/04 | Casa da Cultura de Palas de Rei | Juan Carlos Corredoira, ex árbitro asistente en Primeira División de fútbol
- 23/04 | Local da ASCM de Ferrol | Basketmi
- 14/05 | Auditorio de Ponteareas | Álvaro Pino, ciclista
- 21/05 | Deputación de Lugo | Ensino de Lugo
- 06/06 | Concello da Fonsagrada | Deporte escolar no CEIP Santa María
- 08/06 | Concello do Barco de Valdeorras | Club Adas
- 03/07 | Club San Amaro da Coruña | Xabier Carneiro, nadador con bolsa en EE.UU.
- 20/07 | Concello de Forcarei | Dominó e Escola de Fútbol Terra de Montes
- 23/07 | Casa da Cultura da Laracha | Salvamento e socorrismo
- 30/07 | Casa da Cultura de Muros – Esteiro | S.D. Esteirana
- 23/08 | Casa da Cultura da Agolada | S.D. Agolada
- 10/10 | Casa da Cultura de San Sadurniño | Club Deportivo Aldebarán

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 22/10 | Auditorio A Ramllosa de Teo | Club de karate San Francisco de Tero
- 13/11 | Colexio Monfero – Irixoa | Deporte no CEIP Plurilingüe Virxe de Celta
- 23/11 | Salón de Congresos e Exposicións de Cambados | Tenis de mesa
- 27/11 | Auditorio de Rianxo | C.D. Unión de Asados e Barbanza Rugbi Club
- 29/11 | Concello de Cangas | Alondras Club de Fútbol
- 12/12 | Casa da Cultura de Sandiás | Hípica
- 14/12 | Casa do Deporte de Vigo | Famu Vigo de iudo

### 4.5.8. Festivais retransmitidos en directo por Radio Galega Música – 5 festivais

- 03-04/03 | “Estudio 3” e “Lume na Palleira” | Festival do Queixo de Arzúa
- 27-28/04 | “Estudio 3” | FIV Vilalba
- 28-30/06 | “Estudio 3” | O Son do Camiño Santiago de Compostela
- 05-07/07 | “Estudio 3” | Portamérica Caldas de Reis
- 12-15/07 | “Lume na Palleira” | Festival de Ortigueira

### 4.5.9. Emisora oficial de concertos e festivais – 23 concertos e festivais

- 23/02 | Lolalola |Café Cultural Auriense de Ourense
- 20/04 |The Smooggers | Café Cultural Auriense de Ourense
- 03/05 | Festa aniversario | Rock Club de Ourense
- 07/05 | Los Pepes | Café Cultural Auriense de Ourense
- 15/06 | Matt & The Peabody Ducks | Rock Club de Ourense
- 16/06 | Eli Paperboy Reed e High Mighty Brass Band | Auditorio de Ferrol
- 30/06 | A Desfeita 2018 | O Carballiño
- 23/07 | Fur Dixon’s Wtfujushima! | Café Cultural Auriense de Ourense
- 03-04/08 | Castelo Rock | Muros

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 18/08 | Vive Valarés | Ponteceso
- 07/09 | Festas Patronais Teixeiro | Curtis
- 18/09 | Setembro 18 | Parque Raíña Sofía de Ferrol
- 19/10-27/12 | Outono Códax Festival | Santiago de Compostela
- 20/10 | Festa 15 aniversario | Café Cultural Auriense de Ourense
- 20/10 | Carvin Jones | Playa Club da Coruña
- 21/10 | Orkan | Café Cultural Auriense de Ourense
- 22/10 |The Bongo Club | Café Cultural Auriense de Ourense
- 26/10 | The Limboos | Sala Capitol de Santiago de Compostela
- 09/11 | The Devils | Rock Club de Ourense
- 09-11/11 | Real Straits | Sala Rouge de Vigo, Pazo da Cultura de Pontevedra e Sala Capitol de Santiago de Compostela
- 16/11 |The Abstinence | Café Cultural Auriense de Ourense
- 21/12 | Three Dogs | Rock Club de Ourense
- 21-23/12 | Habitación Vudú | Sala Moon de Santiago de La Fábrica de Chocolate de Vigo

## 4.5.10. Recoñecementos

Dous programas da Radio Galega, “Diario cultural” e “Convivir en Igualdade” recibiron senllos premios pola súa contribución á sociedade nos ámbitos cultural e social, respectivamente.

- **“Lume na Palleira”**: O programa de Radio Galega Música recibiu o IX Premio Xabier Prado Lameiro, organizado pola ourensá Coral de Ruada. A entrega celebrouse no Teatro Principal de Ourense o 15 de novembro.

- **“Efervesciencia”**: O comunicador e director do programa da Radio Galega “Efervesciencia”, Manuel Vicente, recibiu o 8 de outubro en Santiago o Premio Galicia de Xornalismo Científico, organizado pola Real Academia Galega de Ciencias e GAIN, pola súa reportaxe titulada 'As ondas gravitacionais que soan en galego', emitida no programa

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

'"Diario cultural"' da Radio Galega. A entrega do premio tivo lugar nun acto encadrado na celebración do Día da Ciencia en Galicia, que este ano recoñeceu a Domingo Fontán.

- **Raúl Villares**: Unha reportaxe sobre o tren de vía estreita que vai de Ferrol a Xixón, realizada por este xornalista da Radio Galega gañou a última edición do Premio Luís Mera. O xurado valorou especialmente que "dá unha visión diáfana do estado de abandono desta liña". O premio resolveuse o 3 de abril de 2018.

- **Ana Romaní**: O Ministerio de Cultura concedeu o Premio Nacional de Periodismo Cultural a esta locutora da Radio Galega pola súa "longa traxectoria" na promoción da cultura e a radio con formatos propios e a súa "visión de feminismo crítico e compromiso social".

- **Ana Romaní**: Premio á traxectoria na difusión da cultura dende o "Diario cultural" da Radio Galega na III Gala do Libro Galego o 20 de maio de 2018, na categoría Xornalismo Cultural.

- **Ana Romaní**: A XLI edición dos Premios da Crítica de Galicia recoñeceu, na modalidade de Iniciativas Culturais e Científicas, o labor de Ana Romaní a prol da promoción e difusión da cultura galega e a súa defensa da lingua propia.

- **Nuria López:** A xornalista da Radio Galega gañou o 26 de abril o XXVIII Premio Aurelio Carracedo de xornalismo por unha serie de reportaxes sobre o patrimonio da familia Franco en Galicia que foron emitidas no "Diario cultural".

## 4.6. Contidos dixitais

A Área de Contidos seguiu a coordinarse coa Área de Informativos e sobre todo coa de Innovación e Negocio para favorecer a xeración de contidos dixitais que se poidan distribuír a través das diversas canles da CRTVG. As liñas estratéxicas son as seguintes:

- Atraer públicos e xeracións tradicionalmente pouco representadas na audiencia da CRTVG.
- Introducir a cultura e a lingua galegas en ámbitos nos que está menos presente, moitas veces polo influxo das xigantescas plataformas que dominan os mercados dixitais.
- Prestar servizos á comunidade educativa.
- Aumentar con custos moderados o valor engadido do patrimonio audiovisual preexistente na CRTVG dándolle percorrido dixital.
- Situar a CRTVG como pioneira en proxectos de contidos dixitais.

En 2018 foi relevante o traslado a canles dixitais de contidos que anteriormente ían dirixidos exclusivamente ao medio televisivo. Desta maneira, e a raíz do proceso de dixitalización, xeneralizouse que a adquisición de contidos de produción propia externa, ademais de incluír os materiais propios para a grella de televisión, inclúan pezas

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

complementarias de diversas características, como promocións e clips, orientadas á circulación polas redes sociais.

Na mesma liña, a reorganización do persoal derivada da transformación dixital interna na CRTVG fixo posible que Área de Contidos pasase a dispor de persoal propio especializado nos contidos dixitais, procedente da antiga área de Dinamización. Persoal que foi moi activo na tarefa de desenvolver formatos audiovisuais amigables coas canles dixitais e inspirados en novas tendencias europeas.

Este traballo viuse acompañado polos programas máis recoñecidos dos medios públicos galegos, que tamén xestionan e amplifican a conversa social polas redes, mesmo en directo cando isto é posible, ofrecendo así unha mellor experiencia de usuario para o público da CRTVG.

Proxectos recollidos nesta memoria como #cultura365, o novo servizo Radio Picariña, a canle temática enserie.gal en constante crecemento da súa oferta de ficción galega, o servizo de televisión á carta a través da páxina web ou a app Xabarín TVG para dispositivos móbiles son exemplos do camiño que se está a andar dentro das liñas de estratexia dixital de contidos.

**“Destino Santiago”, proxecto transmedia**

Especial atención merece o proxecto transmedia “Destino Santiago”. Tras o éxito da primeira experiencia de televisión 'slow tv' ou 'TVG amodiño' de España desenvolvida pola CRTVG en 2017 co programa 'Destino Santiago', os medios públicos galegos volveron apostar pola tecnoloxía e o esforzo humano coa segunda temporada do espazo.

Cada día de programa, nesta edición composta por 16 xornadas de peregrinación do Bierzo a Fisterra, supuxo a emisión en tempo real durante dez horas ininterrompidas e transmedia, transmitidas en *streaming* pola web da CRTVG e a través de todos os soportes dos medios públicos (TVG, Radio Galega, web e redes sociais).

Cada etapa púidose seguir en vivo en liña ata as 20.00 horas. Na primeira canle da TVG achegouse información diaria con conexións en directo e programas especiais na fin de semana, e pola G2 como novidade emitíronse dúas horas diarias en directo. O programa rematou cun concerto especial no Hostal dos Reis Católicos.

A web de Destino Santiago (http://destinosatiagotvg.gal) sumou audiencia ao dominio crtvg.gal. Dende o inicio desta segunda edición conseguiu 10.212 usuarios, 16.573 visitas e 30.188 páxinas vistas. En Facebook obtivo un alcance de 141.388 persoas. En Twitter conseguiu unha audiencia de 2.422.690 e 6.830.693 impresións. En Instagram amosou 135.460 impresións. En Youtube, o tempo de visualización foi de 201.304 minutos e acadou 158.170 impresións con 48.010 visualizacións de 9.255 espectadores únicos.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 4.7 Dixitalización na Área de Contidos

O ano 2018 foi o da dixitalización e de cambios tecnolóxicos que marcan agora a forma de interactuar entre os diferentes sistemas operativos cos que funciona a Área de Contidos. Isto é, dende a compra e recepción dun produto ata a súa posta en antena pasando pola planificación para programalo a unha hora determinada nunha canle determinada.

Neste ano realizouse un traballo continuado para adaptar procesos á nova plataforma dixital. Unha transformación complexa na Área de Contidos porque é responsable de catro servizos fundamentais: programas, contidos propiamente ditos, emisións e continuidade.

Destes servizos dependen, entre outras tarefas:

- A elaboración de programas de produción propia interna na nova plataforma.
- A recepción, control e envío a Documentación de contidos adquiridos a produtoras externas e a relación cos estudos de dobraxe.
- Planificación de emisión das catro canles de televisión (TVG, G2, Europa e América) e seguimento de materiais a programar.
- Posta en antena da programación e seguimento de incidencias.

O traballo foi progresando ao longo dos meses. O debuxo inicial dos procesos foi experimentando cambios ata acadar o mais óptimo para cada caso. As adaptacións estiveron nuns casos marcadas polos fluxos técnicos e noutras polo convencemento de que se podían mellorar cousas na operativa diaria. Todo este traballo de organización discorreu parello á formación que recibiu o persoal. Tamén coincidiu coa planificación e adxudicación de licenzas e equipamentos a cada posto de traballo.

Os programas de produción propia interna que son responsabilidade da Área de Contidos foron os primeiros que traballaron na nova plataforma dixital, como foi o caso de “Vivir aquí”. O equipo comezou en setembro a utilizar as novas ferramentas e o programa saíu no tempo previsto sen incidencias.

O Servizo de Contidos, porta de entrada de toda a produción propia externa e allea, viviu un dos cambios máis radicais na forma de traballar. Aínda que xa hai tempo se recibían produtos en arquivo dixital, variou a forma de facer o control administrativo e o envío a Documentación.

Tamén na área de Emisións mudou a forma de traballar. Dos soportes físicos en cintas pasouse a arquivos dixitais. Toda a planificación se pode facer xa dende a nova ferramenta de software. A dixitalización deste servizo vaise completando ao ritmo que permite o arquivado de material histórico en Documentación.

Continuidade é a última parte do proceso dos materiais para o lanzamento á emisión. Aquí a dixitalización tamén afectou a operativa. Tras meses de adaptación e convivencia de dous sistemas, chegouse á recta final e á práctica desaparición dos soportes físicos.

A interacción entre sistemas e servizos pode apreciarse no seguinte gráfico.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/




| *CONCLUSIÓNS* |
| --- |
| ***Todos os elementos (arquivos) están en TEDIAL e baixo petición de PROVYS son enviadosa NEXIO para a súa emisión cos datos existentes en Harris.*** |

## 4.8 Dinamización da web e redes sociais

Co proceso de dixitalización, os equipos que se encargaban de nutrir tanto a web como as distintas redes sociais da CRTVG reordenáronse en dous equipos: un que se dedica exclusivamente a informativos e outro que traballa en contidos de entretemento.

No que respecta a este último, cómpre destacar a posta en marcha de novos formatos para redes sociais con vistas a promocionar os programas da Televisión de Galicia. En 2018, continuou a edición de vídeos en formato cadrado (máis adaptados ao móbil) e con subtítulos (pensados para que ser consumidos sen audio por parte do receptor). Ao consolidarse este formato, estableceuse unha maior cooperación coas produtoras para a achega de materiais promocionais.

Tamén se traballou con formatos de directo en redes sociais para a promoción de programas, especialmente na retransmisión de eventos institucionais como preestreas, ou actos do sector, por exemplo a alfombra vermella dos premios Mestre Mateo.

Con motivo de datas sinaladas, tamén se creou contido específico desde este departamento, por exemplo na celebración do Día das Letras Galegas, o Día Internacional da Muller, ou no aniversario de noticias relevantes. As redes sociais da TVG -e sobre todo, a conta de Instagram https://www.instagram.com/tvgalicia/- recollen o que non se ve dos programas, material extra para a audiencia, e outros contidos de interese.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

No que respecta ao Instagram, é salientable a creación da sección #Instagal, na que os espectadores participan enviando palabras que se empregan nos seus lugares de orixe, fomentando o debate sobre a lingua.

Desde principios de 2019 tamén se están elaborando vídeos propios para a canle de Youtube baixo o epígrafe "*O test máis persoal de…*". Trátase de vídeos curtos en que se entrevista un personaxe coñecido dunha maneira desenfadada. Ese material só se emite polas redes sociais da TVG. Ademais, e en colaboración coa Radio Galega, estanse incluíndo vídeos de concertos gravados tanto nos estudios de San Marcos, como fóra das instalacións da CRTVG. Algúns destes concertos tamén se emitiron polo Facebook da Radio Galega.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# 5. RELACIÓN CO SECTOR AUDIOVISUAL

Televisión de Galicia desenvolveu en 2018 o seu labor de promoción do sector audiovisual, apoiando o talento con identidade propia, participando en proxectos que destaquen pola súa creatividade, calidade, viabilidade e con capacidade de repercusión na sociedade, tanto polos medios tradicionais como a través da súa presenza mediática nas redes sociais.

A CRTVG, sempre dentro dos límites que marcan os orzamentos dispoñibles, mantén a súa participación nos proxectos máis significativos do sector audiovisual galego. Un sector que conta con máis dun centenar de empresas coas que Televisión de Galicia ten relación permanente na busca de sinerxías e proxectos de interese común.

Ao longo do ano 2018, o equipo da Área de Contidos da CRTVG mantivo numerosas reunións de traballo coas distintas produtoras galegas e participou en diversas actividades e foros do sector, entre elas:

- *Pitchings* do Clúster do Audiovisual Galego, da Facultade de Comunicación da USC, do Máster de La Voz de Galicia, etc.
- Foros especializados celebrados en Galicia, como o *Conecta Fiction*, e conferencias desenvolvidas pola Fundación Araguaney.
- Participación e asistencia en xornadas organizadas por entidades do sector como a Asociación Galega de Produtoras Independentes (Agapi) ou a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic), etc.
- Festivais como o OUFF de Ourense, Cineuropa de Santiago e Celtic Media en Llanelli (Gales, Reino Unido).

## 5.1. Proxectos recibidos

No 2018 entraron en dereitos as seguintes longametraxes, producións que contan coa participación de Televisión de Galicia:

**Longametraxes**

| | |
|---|---|
| AS MIMOSAS | ZEITUN FILMS, S.L. |
| MARÍA (E OS DEMAIS) | FRIDA FILMS, S.L. |
| MIGAS DE PAN | XAMALÚ FILMES, S.L. |

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

### Documentais

| | |
|---|---|
| A BATALLA DE ELVIÑA | EDITORIAL LA CAPITAL, S.L. |
| A PEGADA DO INDIANO | EDICIONES BOLANDA, S.L. |
| ALÉN DO COSMOS | JORGE LUCAS PINO OCAMPO |
| ANO GAOS (VERSIÓN 30') | M INTERNATIONAL AUDIOVISUAL |
| ANO GAOS (VERSIÓN 4') | M INTERNATIONAL AUDIOVISUAL |
| ARTE+MULLER+GALICIA | MARÍA ROSARIO SARMIENTO ESCALONA |
| BENPOSTA.SOÑO E REALIDADE | VIZUALS LAB, S.L. |
| DESERTORES DO ASFALTO | NOS PRODUCTORA CINEMATOGRAFICA GALEGA |
| LLORENS, O PINTOR DAS MARIÑAS | EDITORIAL LA CAPITAL, S.L. |
| MARÍA VICTORIA MORENO | ASOCIACION CULTURAL ALBATROS |
| O ANTROPOCENO NA CASA. UNHA OLLADA AO CAMBIO CLIMÁTICO | S.L. BIERZO PARADISO |
| O PESO DA COCIÑA GALEGA: PICADILLO | FORMATO PRODUCCIONES, S.L. |
| O PURGATORIO DE FRANCISCO LEIRO | ARRAIANOS PRODUCIÓNS S.L. |
| O REINO SUEVO DE GALICIA | LA REGIÓN, S.A. |
| O SOÑO DE PAPÁ | XAMALÚ FILMS |
| PESCADORES DE HISTORIAS III | PRODUCCIONES CELTA, S.L. |
| SÍSIFO CONFUSO. TRABALLOS E DÍAS DE FRANCISCO LEIRO | ARRAIANOS PRODUCIÓNS S.L. |

### Miniseries

| | |
|---|---|
| O SABOR DAS MARGARIDAS | CTV, SA |

### TV movies

| | |
|---|---|
| CONTOU ROSALÍA | ZENIT TELEVISION, S.A. |

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 5.2. Proxectos aprobados en 2018

Durante 2018 foron presentados no rexistro de proxectos un total de 154 obras (entre elas, 13 longametraxes, 3 longametraxes documentais, 10 documentais, 11 series, 3 TV movies, 1 mini serie, 3 series de animación, 4 series documentais e 106 propostas de programas). Ante as dispoñibilidades orzamentarias previstas para o cumprimento do 6%, e despois dun coidadoso e rigoroso exercicio de valoración e selección por parte da Comisión Directiva de Programación, propuxéronse os seguintes acordos de participación:

**Tres longametraxes de alto orzamento**, dúas delas de animación, que teñen ambición e potencial para proporcionar prestixio e recoñecemento ao sector.

- **"UNICORN WARS"**, longametraxe dirixida por Alberto Vázquez, baseada na súa premiada curtametraxe "Sangue de Unicornio", que obtivo máis de 25 premios internacionais e 160 seleccións en festivais de todo o mundo.
- **"A GALIÑA TURULECA"**. Esta longametraxe é unha coprodución internacional coa Arxentina, de Producións A Fonsagrada; está dirixida ao público infantil e reúne de novo os creadores das galardoadas "Pérez, o ratiño dos teus soños" e "O rato Pérez 2". Inspirada na canción que se fixera tan popular no mundo de fala hispana, esta película utilizará a música como un elemento narrativo fundamental.
- **"QUEN A FERRO MATA",** longametraxe rodada en Galicia por Vaca Films no primeiro trimestre do ano. Narra unha turbia historia de vinganza co narcotráfico como pano de fondo.

**Tres longametraxes cun presuposto por debaixo do millón e medio de euros**, dúas cunha clara identidade cultural e unha de autor emerxente con vocación internacional:

- **"MARÍA SOLIÑA":** Proxecto do director Ignacio Vilar, aborda unha das cuestións máis universais do ser humano: o paso da adolescencia á idade madura. Unha historia contemporánea co referente do espírito daquela muller galega, María Soliña.
- **"OLVIDO E LEÓN"**, un novo proxecto de Xamalú Films cos mesmos protagonistas da película "León e Olvido" que lle dera a oportunidade a persoas con síndrome de Down de vérense retratadas con amor e sen paternalismo, que colleitou máis de once premios de recoñecido prestixio.
- **"QUE FIXEMOS MAL?",** de Matriuska Producciones, unha coprodución con México e Bélxica que será a segunda longametraxe de Liliana Torres despois do seu debut con "Family Tour" na sección Zabaltegi de San Sebastián.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Propúxose a participación nunha **película para televisión** presentada por Maruxiña Films.

- **“A MÁSCARA”**. Esta TV movie dunha hora de duración é presentada como “unha historia da brétema”, co misterio, o terror e o medo como fondo. Co selo do director Alfonso Zarauza aborda unha inquietante historia inspirada nun tema clásico do misterio da cultura galega e tamén na tradición europea e americana de terror gótico.

Propúxose tamén a participación nos seguintes **proxectos documentais**:

- **“A-CERO-5”**, un documental de Agallas Films que xorde como terapia persoal na busca de respostas despois dun traumático accidente sufrido polo propio director. A-Cero-5 é unha película documental rodada a 0´5 metros do chan, a distancia á que loitan algunhas persoas na pista de baloncesto sobre as súas cadeiras de rodas. Algúns deles, como o propio director, pasan todo o día a esa altura e non obstante son xogadores de elite.
- **“CLOWN´S PLANET”**, documental de Sun Lúa Producións, é unha película documental chea de humor branco e esperanza para o mundo. Estamos ante unha aventura de ámbito global, un documental creativo que trata sobre o labor de cooperación dunha organización non-gobernamental galega de pallasos que desenvolve o seu traballo internacionalmente, cun punto de vista único e orixinal que pretende favorecer o carácter universal do proxecto.

Tamén se propuxo o apoio a **dúas producións cinematográficas** das que xa foron adquiridos os dereitos de comunicación pública na última resolución de decembro do 2017, das que agora se adquire unha porcentaxe de participación nos seus outros dereitos de explotación:

- **“LONGA NOITE”** propón unha narración coa perspectiva histórica da primeira posguerra española de fondo. Trátase da nova aposta autoral de Eloi Enciso, que acaba de concluír a rodaxe da man da produtora Filmika Galaica.
- **“DHOGS”**, *opera prima* do meirego Andrés Goteira, producida por Acanea Impulsión. Á parte do seu intenso percorrido de éxito por festivais, converteuse na primeira distribuidora realmente independente en aparecer na lista do acumulado do cine español no 2018. Ademais, a longametraxe chegou ás salas de cine de Holanda, Gran Bretaña e Alemaña.

Con estas propostas da Comisión deuse cumprimento ao determinado na resolución da Dirección Xeral de ser TVG unha televisión de referencia para os cidadáns galegos que ofrece contidos próximos e familiares, sen renunciar ao interese e prestixio dunha televisión propia con vocación de maiorías.

## 5.3. Relación global co sector audiovisual

A relación entre a Televisión de Galicia e o sector audiovisual excede a promoción da produción de distintos contidos (cine, series de ficción, documentais, programas infantís e produtos de todo tipo) na pantalla convencional de TV. Trátase dunha relación que abrangue os distintos soportes transmedia con presenza de todos os contidos antes referidos no mundo dixital e as súas redes.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero as achegas realizadas non só se producen a través da compra de produto, senón que a CRTVG dedica importantes recursos para outras actividades do sector audiovisual como a compra de servizos de información, alugueiros de estudios, infografía, traballos exteriores de apoio á produción, colaboracións radiofónicas ou diversos servizos de apoio á circulación dos contidos polas canles dixitais.

## 5.4. Promoción e presenza exterior das producións galegas

A CRTVG continúa, por outra banda, desenvolvendo iniciativas de promoción encamiñadas a achegar os produtos audiovisuais ao público, levando a alfombra vermella á rúa para o lanzamento dalgúns destes produtos con repercusión nacional e internacional, como foron os casos do lanzamento das novas apostas de ficción da canle, "Lobos e Cordeiros", producida por Central de Telecontenidos ou "O Sabor das margaridas", ambiciosa coprodución entre CRTVG, CTV e Comarex cun marcado carácter internacional, xa que se trata da primeira serie galega na que participa a plataforma Netflix.

Neste sentido continúase a traballar na procura de proxectos que, sen perderen de vista a súa identidade co ámbito galego, teñan potencial para atraer tamén a atención doutros circuítos fóra desta Comunidade. A idea é ter presenza no mercado nacional e internacional para posicionar os produtos de TVG. As diversas ficcións de éxito promovidas pola Televisión de Galicia continúan a espertar interese nos circuítos nacionais e internacionais; a modo de exemplo:

**"Vidago Palace",** a primeira serie coproducida entre TVG e RTP, inicia o seu percorrido máis alá das nosas fronteiras da man da distribuidora Banijay Rights xunto con outros produtos de ficción galega como **"Dalia, a modista",** a través da distribuidora Onza, e **"Serramoura",** a través de Imagina sales. A Galega cederá, amais, os dereitos de emisión do programa **"Street down"** a unha televisión eslovena. A serie **"Vidago Palace"** tras o seu paso polo Mipcom en Cannes, o mercado de televisión máis importante do mundo, acaba de conseguir as súas primeiras vendas internacionais. A coprodución galego-portuguesa poderá verse en Estados Unidos na canle por cable Acorn TV. Deste xeito, "Vidago Palace" convértese na primeira serie rodada en galego e portugués que será emitida no territorio norteamericano. Ademais a serie tamén se poderá ver na televisión de Polonia a través da canle pública Telewizja Polska.

A serie **"O final do camiño"**, serie de aventuras, historia e intriga coa construción da catedral de Santiago de fondo, producida para TVG e TVE por Voz audiovisual, tamén foi vendida ao mercado latinoamericano, México e Porto Rico. A miniserie **"Dalia, a modista"** segue a ter unha boa acollida no mercado e emitirase agora en Chile e, tras o seu paso polas canles autonómicas de Aragón e Castela-A Mancha, chegará no próximo 2019 a Valencia a través de Á Punt, a televisión valenciana.

**"Street Down"**, o programa da TVG que ofrece unha visión do mundo cunha mirada única e persoal, a de dous protagonistas con síndrome de Down, será obxecto dunha maior proxección no estranxeiro grazas á cesión dos dereitos de emisión á Radio Televisión Eslovena.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**“As aventuras de Minchi”**, serie infantil dirixida aos máis cativos, foi vendida recentemente pola distribuidora BRB á China.

Os medios públicos galegos, en aplicación das súas liñas estratéxicas, queren potenciar e apoiar a distribución dos seus produtos audiovisuais. Nesta liña a televisión pública galega continúa traballando para que os produtos feitos en Galicia teñan visibilidade no estranxeiro e consigan pechar acordos de comercialización internacional.

É importante resaltar que TVG se esforza por poñer en valor e propiciar o recoñecemento da calidade e da factura dos seus produtos, seleccionando anualmente aqueles que considera máis axeitados para as candidaturas dos premios internacionais Celtic Media e e Prix CIRCOM, que consideramos un excelente escaparate para mostrar a calidade e boa factura dos nosos contidos fóra de España, que ademais de promoveren a nosa identidade cultural, consideramos altamente competitivos. E os resultados adoitan ser satisfactorios. Concretamente na edición Celtic Media 2018 “Destino Santiago” alzouse co premio na categoría de Innovación. O programa, que se enfrontou con tres producións da BBC, unha da irlandesa RTE e tres proxectos independentes, foi a primeira grande experiencia en España da chamada slow TV. Ademais, en 2018 participou coas televisións do grupo Celtic Media nunha presenza conxunta no festival Sunny side of the Doc, o principal evento do mundo dos documentais, que tivo lugar en La Rochelle, Francia.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# 6. O DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO

Ao longo do 2018 tivo lugar a implantación do Sistema de Produción Dixital, que fora adxudicado a Telefónica de España, S.A. en novembro de 2016. Trátase dun ambicioso e complexo sistema pola grande cantidade de sub-sistemas que o compoñen, e que permitiu o comezo da transformación dixital da CRTVG, mellorando a organización, a eficiencia e os fluxos de traballo de todas as áreas da Corporación, e favorecendo a súa sustentabilidade económica nos vindeiros anos.

Esta dixitalización da produción permite unha mellor xestión dos contidos, potenciando a produción multimedia, reducindo os tempos de produción e polo tanto os custos. O novo sistema de arquivo dixital tamén forma parte do Sistema de Produción dixital, constituíndo unha peza fundamental do sistema, xa que permite unha maior integración da área de Documentación coa redacción de Informativos.

Ao longo do ano 2018 tivo lugar ademais a integración da nova plataforma de produción e arquivo dixital co resto de sistemas existentes da CRTVG coma o sistema de tráfico. Esta integración, entre outros fluxos, permite transferir ao sistema de arquivo a información do material audiovisual de produción externa e allea que existe no sistema de tráfico, tratar os envíos a emisión, o tratamento de material para dobraxe e subtitulación, etc. A implementación da plataforma de dixitalización sentou as bases tecnolóxicas para a produción e tamén a emisión de materiais audiovisuais en alta definición.

Así mesmo, no 2018 continuou a liña de renovación progresiva da infraestrutura produtiva da Corporación cara ao soporte de sinais compatibles con alta definición e 3G-SDI, como é o caso da actualización no 2018 de diferentes equipos para tratamento e transporte de sinal de vídeo. Deste xeito, o fluxo do material audiovisual na CRTVG pode ser un fluxo de material en alta definición de principio a fin, é dicir, dende a captura do sinal, pasando por inxesta, edición e arquivo, ata a emisión, todo o proceso ocorre en alta definición.

Na Radio Galega, no 2018 continuouse a mellorar as súas instalacións técnicas, proseguindo as accións emprendidas no 2017 e levando a cabo outras actuacións como consecuencia de diversas necesidades produtivas xurdidas ao longo do ano.

## 6.1. Implementación do Sistema de Produción e Arquivo Dixital

Como xa foi indicado na introdución deste capítulo, ao longo do 2018 tivo lugar a implantación do Sistema de Produción Dixital, poñéndose en marcha ese mesmo ano. A principal característica deste sistema é a desaparición no proceso produtivo do soporte físico, a tradicional cinta, pasando a traballar con ficheiros dispoñibles en rede, permitindo a evolución cara a unha denominada “Tapeless TV”, é dicir, televisión sen cintas. Esta plataforma dixital permite xestionar eficientemente o proceso de produción de contidos, automatizando o movemento de material audiovisual e os seus metadatos asociados. Trátase da converxencia das tecnoloxías da información e da comunicación coas específicas das televisións.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A implementación dun sistema destas características achega unha serie de vantaxes competitivas derivadas da dispoñibilidade case instantánea dos materiais tanto de nova produción como os existentes no arquivo, de maneira simultánea, para diversas áreas e profesionais, o que permite un incremento da produtividade, así como da calidade dos contidos que se elaboren, xunto cunha persoalización dos mesmos en función do medio ao que se destinen: televisión tradicional, web, teléfono móbil e outros, o que se denomina distribución multiplataforma, que é o maior reto ao que se enfronta a Corporación RTVG no curto prazo en clave de sostibilidade e viabilidade competitiva na realidade dixital.

Integrado neste sistema está o novo Sistema de Arquivo Dixital, que permite a posta en valor do material audiovisual seleccionado e catalogado. Un arquivo dixitalizado permite a recuperación de material para a súa utilización no sistema de produción, servindo como fonte de contidos para novos programas e informativos, portal web corporativo, radio, Internet ou outras formas de distribución de contidos, algo que ao mesmo tempo contribúe a mellorar a conservación do patrimonio cultural galego.

O novo sistema de produción dixital da Televisión de Galicia foi posto en marcha segundo o planificado, comezando pola sede de San Marcos e rematando coas delegacións, incluíndo tanto as catro de Galicia coma a de Madrid. O novo sistema de Produción Dixital permite, ademais, habilitar a emisión completa en alta definición (HD), prevista para principios de 2019. Desta forma, a CRTVG está en consonancia co mercado tecnolóxico audiovisual actual.

### 6.2. Adecuación dun set de directos na nova redacción da televisión

A inaugurada nova redacción dixital da televisión, un amplo espazo totalmente reformado baixo os últimos estándares técnicos, permite a súa utilización como set de directos. Con este fin, leváronse a cabo unha serie de actuacións técnicas no 2018. Adquiriuse unha cámara robotizada para a xeración do sinal de vídeo en directo, que permita facer conexións en directo coa redacción, mediante o control remoto da cámara. Tamén, se adquiriron os medios técnicos necesarios para interconectar os sistemas sen fíos de microfonía e de retorno para monitoramento, e a instalación dos paneis necesarios para cableados de vídeo e audio.

### 6.3. Actualización e ampliación do sistema de subtitulación da emisión

Este sistema emprégase para a xeración e inserción de subtítulos na emisión, tanto en formato DVB como en formato teletexto. Outra das prestacións deste sistema é a inclusión dun aplicativo para a xeración de subtítulos en directo.

Cara a permitir a emisión das distintas canles da CRTVG en HD, ata un formato a 1080p50, foi necesaria a actualización do sistema de subtitulación para que fose totalmente compatible cos novos sinais. Unha prestación adicional desta actualización é a posibilidade de `queimado´ dos subtítulos no vídeo en tempo real. Esta prestación emprégase na-

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

quelas emisións que só inclúen a linguaxe orixinal e se desexa forzar a presentación dos subtítulos, sendo necesaria para manter no arquivo unha única esencia de vídeo.

## 6.4. Actualización do sistema de xeración de caracteres

Realizáronse un conxunto de modificacións ao equipamento de xeración de caracteres consistentes na ampliación da súa memoria e substitución das tarxetas gráficas cara ao soporte da nova versión do software empregado nos mesmos, cun interface renovado e maior potencia por traballar cunha arquitectura de 64 bits.

## 6.5. Renovación de cámaras ENG nas Delegacións

A posta en marcha da plataforma dixital de produción, emisión e arquivo, implicou a substitución do equipamento ENG do centro de San Marcos, que pasou a traballar en alta definición, e nun formato de vídeo que emprega o codificador XAVC. Cara á unificación dos procesos na plataforma, permitir unha operación uniforme na fase de captación de imaxes, independente da infraestrutura das delegacións ou de San Marcos, e manter unha calidade coherente, acometeuse a renovación parcial dos equipos ENG asignados ás delegacións de Lugo, Ourense e Vigo, concretamente as cabezas de cámara e accesorios directos, por modelos compatibles cos entregados coa plataforma dixital, reutilizando o resto dos elementos dos devanditos equipos, dada a súa compatibilidade plena.

## 6.6. Nova Mochila para a realización de directos

Na súa aposta polas novas tecnoloxías, a Televisión de Galicia implantou en 2013 a utilización, para a realización de transmisións en directo, de mochilas con conectividade 3G / 4G. Estes equipos permiten a transmisión de vídeo por redes de telefonía móbil, para o que realizan a codificación e compresión de vídeo en alta definición utilizando codificadores de última xeración e reparten o conxunto de datos xerados entre 8 módems telefónicos, que combinan nunha antena. É un equipo compacto aloxado nunha mochila que, conectado á cámara, permite a retransmisión de imaxes en tempo real empregando un dispositivo operativo máis reducido que os necesarios cando se empregan unidades de transmisión vía satélite, DSNG.

A Televisión de Galicia foi unha das primeiras canles en España en utilizar este sistema. Unha das principais vantaxes da mochila, tamén provista dunha pantalla, ademais da súa lixeireza, é que só cun operador/a de cámara e cun redactor/a xa se pode realizar unha conexión en directo, sen necesidade de desprazar unha unidade móbil nin de estar pendente da dispoñibilidade do satélite para o envío das imaxes. Vistos os bos resultados desta aposta polas mochilas, a Televisión de Galicia está a xeneralizar o seu uso na grella, adquirindo no ano 2018 un quinto equipo, con 8 modems 4G, e cunha mellora con respecto aos anteriores, xa que permite facer o envío simultáneo de dous sinais de vídeo. Desta forma, pódense realizar directos con dúas cámaras e unha única mochila.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 6.7. Modernización do parque de receptores profesionais de satélite

Como parte de infraestrutura de circuítos de contribución de sinais de Televisión de Galicia hai un conxunto de sistemas de recepción vía satélite composto por antenas emisoras e receptores. As tecnoloxías empregadas van mudando co paso do tempo incorporando novos sistemas de codificación de vídeo, (MPEG2, MPEG4, H265, etc.), e novas normas de modulación (DVB-S2). Ao mesmo tempo a incorporación destas tecnoloxías permite facer as transmisións con largos de banda reducidos, de aquí que sexa necesaria a incorporación aos receptores das opcións denominadas *low symbol rate* ou taxa binaria reducida. Se ben en anos anteriores foron substituídos receptores de sinais en definición estándar por receptores en alta definición (1080 liñas,  formato entrelazado), a renovación debe continuar para soportar os novos formatos de vídeo e modulacións empregadas na transmisión, para o que se adquiriron no 2018 dous receptores *Ericsson RX 8200*, como continuación aos adquiridos no 2017.

## 6.8. Renovación dos equipos de monitoramento para adaptación ao novo formato de vídeo en alta definición

A posta en marcha da nova plataforma de produción requiriu a renovación de parte do parque de monitores para facelos compatibles co novo formato de vídeo en alta definición. Monitores dos controis técnicos, monitores na inxesta de arquivo, salas de posprodución ou monitores da nova redacción foron renovados baixo este obxectivo.

## 6.9. Adaptación do equipamento do programa "O Tempo" para os estándares da emisión en HD

Toda a programación da TVG pasou a ser producida en alta definición (HD) no 2018. O programa da grella televisiva "O Tempo" adicionalmente precisa dun *software* específico para mostrar os gráficos. Este *software* foi actualizado xunto coa adquisición de novos ordenadores coa capacidade de procesamento necesaria.

## 6.10. Subministración de mesas de mestura de son para a RG nas delegacións de Lugo e Ourense

As mesas de mesturas de son das Delegacións, en servizo dende o ano 2002, atópanse obsoletas e sen soporte de fabricante, e precisan ser renovadas. No 2018 tramitouse a substitución das mesas de son AirLab das delegacións da radio en Lugo e Ourense por unhas mesas de mesturas dixitais DHD, coa previsión da súa instalación e renovación de instalacións no ano 2019.

## 6.11. Equipamento para retransmisión e directos na Radio Galega

Adquiríronse catro novas unidades de equipos portátiles para retransmisións con codificadores que xeran sinais IP, xunto cos correspondentes receptores estacionarios.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 6.12. Adaptación dos estudios das delegacións da Radio Galega para realización de programas de debate

No último cuadrimestre do ano comezaron programas de debate nas delegacións da radio que requiren integrar ata seis tertulianos simultaneamente. Por esta razón, foi necesario ampliar a dotación e infraestruturas existentes nos estudios, tanto nos locutorios coma nos controis.

## 6.13. Renovación do sistema de alimentación ininterrompida para a área técnica da televisión

A CRTVG tramitou no 2018 a substitución do sistema de alimentación ininterrompida, concretamente o que alimenta á area técnica e a redacción de informativos da televisión. O obxecto dun dispositivo destas características é apoiar o subministro eléctrico en caso de avarías ou perturbacións da rede eléctrica, así coma prover un subministro eléctrico de calidade, filtrando caídas e subidas de tensión. O novo sistema de alimentación ininterrompida, composto por dúas novas unidades, substituirá o equipo anterior. Os novos equipos permitirán unha configuración redundante, e polo tanto permitirán aumentar a fiabilidade ante incidencias, así como mellorar o aforro enerxético ao tratarse de equipos de menor consumo que o anterior equipamento.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 7. CANLES DIXITAIS

Para configurar o mapa de canles dixitais que precisa a CRTVG nesta década do século XXI é preciso atender a catro aspectos: Transformación dixital, Big Data, proxectos disruptivos para novos públicos e novas formas de consumo, e necesidades tecnolóxicas innovadoras internas.

Calquera configuración de canles dixitais implica necesariamente coñecer mellor os comportamentos dos usuarios que buscan tanto información coma entretemento, entender a lóxica dixital que debe rexer a configuración do tecido produtivo e de emisión dunha empresa de comunicación, asumir a necesidade de ampliar constantemente os alcances das experiencias audiovisuais e, por suposto, acompañar todos os cambios de solucións tecnolóxicas integradoras e disruptivas.

Durante o ano 2018 a CRTVG acometeu estes catro retos xerando contidos de calidade, apostando por novos proxectos en colaboración con outras institucións, como é o caso do Dico Mindset en colaboración con Amtega, ou o Dico Challenge en colaboración coa empresa de telecomunicacións galega R, e asumindo un proceso de transformación dixital das ferramentas de emisión que dan lugar á construción dunha nova plataforma Over The Top (OTT) que se licitará no ano 2019.

Poré, non se descoidou, nin moito menos, a obriga de seguir prestando servizo público a través dos contidos. Nese sentido, o ano 2018 destacou polo importante incremento dos seguidores dos contidos da CRTVG a través das redes sociais, en prexuízo do seguimento do portal www.crtvg.gal. O aumento de seguidores nas contas das redes máis usadas (Twitter, Facebook, YouTube e Instagram) foi unha constante durante todo o ano, especialmente na rede máis usada polo público máis novo, como é o caso de Instagram, que sufriu un crecemento superior ao 200%.

O ano 2018 foi o ano da aparición dunha nova sección, a de tempo real, vinculada á redacción de informativos, capaz de establecer un protocolo claro de publicación de información de interese en calquera das canles dixitais que xestiona a CRTVG. A esta nova metodoloxía sumóuselle a redacción da Radio Galega, capaz de achegar contidos de xeito constante a través das canles dixitais.

Ao longo do ano producíronse varios fitos relacionados coas canles temáticas, coma o Xabarín ou Musi.gal, que viñeron reforzar a presenza da CRTVG no mundo dixital. Sen dúbida, a maior aposta foi polo modelo #Cultura365, o principal contedor dixital de toda a información de cultura que se emite na TVG e na Radio Galega, ao que se lle suma o importante esforzo pola emisión en directo, a través de *streaming*, de máis dunha vintena de eventos deportivos cada semana.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 7.1. Datos estatísticos

O portal web da Corporación, www.crtvg.gal, remata o ano con 11.262.862 visitas, 3.861.654 usuarios e 32.117.837 páxinas vistas. Isto implica un descenso do 14% das visitas, do 17% dos usuarios e do 8% nas páxinas vistas.

*Gráfico 1. Evolución da audiencia no sitio web crtvg.gal. Fonte: Google Analytics*




## 7.2. Datos demográficos e xeográficos

A idade dos usuarios da web crtvg.gal está repartida como sigue: o 4% no tramo xuvenil, 18-24 anos; un 24% entre os 25 e 34 anos; o 31% no tramo entre os 35 e os 44 anos; un 20% entre as persoas entre 45-54 nos; un 14% de 55 a 64 anos; e un 7% son usuarios maiores de 65 anos. O 54% das visitas son de mulleres e o 46% son visitas de homes.

## 7.3. Provedores de servizo e dispositivos

O operador principal polo que os usuarios se conectan a crtvg.gal é Telefónica, seguido de R Cable, Vodafone, Yoigo e Jazztel. O móbil segue a ser o dispositivo preferido para acceder aos contidos web, cun 63% dos usuarios.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

*Gráfico 2. Operadores máis usados polos usuarios para acceder a crtvg.gal, en porcentaxes. Fonte: Google Analytics*




## 7.4. Canles principais de conversión

O acceso máis habitual a crtvg.gal faise a través de chamadas en redes sociais, seguido de accesos directos (a través de teclear directamente no navegador www.crtvg.gal) e por último, a través de buscas nos principais buscadores. Estes datos son radicalmente distintos aos do ano 2018, onde o sistema principal de acceso eran as buscas. O cambio de algoritmos en Facebook, que penaliza o acceso a medios de comunicación, é unha das principais causas de baixada do consumo da web e da subida do consumo de contidos en redes sociais. Agora, a estratexia non pode ser o desvío de tráfico desde as redes á web, senón a publicación dun maior número de contidos nativos en cada unha das redes, especialmente Facebook.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

*Gráfico 3. Principais xeitos de acceso a crtvg.gal en porcentaxes. Fonte: Google Analytics*




*Gráfico 4. Xeitos de acceso a CRTVG, en porcentaxes, con orixe en redes sociais. Fonte: Google Analytics*




En canto aos hábitos de consumo dixitais, o máis destacado é a confirmación do aumento progresivo do consumo a través de dispositivos móbiles (como teléfonos e tabletas) que xa supera o 60% do consumo.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

*Gráfico 5. Tipo de dispositivo de consumo da web. Fonte: Google Analytics*




## 7.5. Proxectos destacados

A segunda fase do proxecto multimedia "Destino Santiago", despois da primeira edición do 2017, tivo lugar en abril de 2018 a través de todos os soportes dos medios públicos, TVG, Radio Galega, web e redes sociais, e con catro obxectivos: 1/ achegar o proxecto á audiencia máis nova, 2/ novas accións comerciais (incluíndo a presenza do reto de Estrella Galicia #uncamiñodiferente), 3/ ver a repercusión para as marcas TVG, RG e CRTVG e 4/ audiencias conseguidas cun proxecto 360º, sobre todo nos medios sociais e web. Nesta segunda edición a principal canle utilizada, a través da web do proxecto (http://destionosantiagotvg.gal), foi Youtube para a realización dos directos, co obxectivo de contabilizar un único punto de visualización en *streaming* e a busca de achegar o proxecto a un público máis novo.

"Destino Santiago", composto pola emisión en tempo real de 16 xornadas de peregrinación do Bierzo a Fisterra, acabou con 18.055 páxinas vistas, 13.044 usuarios e 18.664 sesións. O Reto Estrella Galicia amosou 2.161 páxinas vistas na web da Corporación RTVG.

Nas redes sociais, en Twitter acadou 809 seguidores e 5.151.649 impresións e 102.946.763 de impresións acumuladas. En Facebook obtivo 2.859 seguidores, 2.752.000 impresións e 1.751.000 usuarios de alcance. A través das contas da CRTVG e TVG conseguiuse o maior número de impresións e alcance, sendo os principais contribuíntes do proxecto. Este proxecto contou, por primeira vez, coa participación activa dun anunciante, Estrella Galicia, que ademais de sufragar o 50% da produción, participou activamente na promoción do programa a través das redes sociais e canles de comunicación propias.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 7.6. Redes sociais, as novas canles de comunicación da CRTVG

As redes sociais das tres marcas corporativas (CRTVG, TVG e RG) remataron o ano cunha evolución positiva. Por unha banda, en Facebook, CRTVG, TVG e RG chegaron a 47.181, 107.647 e 11.380 seguidores, respectivamente, é dicir, un 12%, un 23% e un 36% de incremento con respecto a 2017. En Twitter, CRTVG, TVG e RG acabaron o ano con 109.140, 40.754 e 16.823 seguidores, é dicir, un 4%, un 21% e un 24% de incremento con respecto a 2017. En Youtube acabouse 2018 con 26.610 subscritores e en Instagram con 26.400 seguidores, é dicir, un incremento do 44% e do 237% con respecto a 2017.

**Mellores publicacións en Facebook**

As mellores publicacións en CRTVG, en Facebook, estiveron relacionadas con tres contidos de Pasouoquepasou, cumprindo un dos obxectivos principais desta marca: difundir os proxectos dixitais da Corporación.

No Facebook da TVG, as mellores publicacións son noticias informativas: 'vídeo da neve na Fonsagrada', 'Catamarán do Grove ardendo' e 'O legado de Ernesto Chao'. Na Radio Galega as mellores publicacións estiveron relacionadas coa posta en marcha de Radio Picariña, e dúas sobre reportaxes de Panorámica conseguindo os obxectivos marcados.

**Mellores publicacións en Twitter**

As mellores publicacións en Twitter da CRTVG estiveron relacionadas co proxecto Pasouoquepasou e dúas noticias da TVG. No Twitter de TVG, os chíos relacionados coa morte do actor galego Ernesto Chao, o vídeo de promoción do deporte galego e contido do programa Land Rober son as mellores publicacións. Na conta da Radio Galega, os chíos relacionados co lanzamento de Radio Picariña, o programa deportivo "Galicia en Goles" e o espazo "Un país mundial" son as mellores publicacións do ano.

**Youtube e Instagram**

Porén, os maiores crecementos producíronse nas redes sociais Youtube e Instagram. A rede máis popular de vídeos experimentou un crecemento do 44%, grazas ao cambio de estratexia de elaboración de contidos máis personalizados para ela e unha estratexia de loita contra a piratería, que provocaba que centos de vídeos da CRTVG estivesen publicados en páxinas alleas á Corporación.

No caso de Instagram, seguiuse unha estratexia de adaptación de contidos ás características da rede (a través dos chamados *stories*), que permitiron un crecemento exponencial da rede cunha cota de incremento do 237%

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

*Gráfico 6. Porcentaxe de incremento de usuarios activos en Instagram e Youtube. Fonte: Youtube e Instagram*




## Redes sociais de programas

Os diferentes programas tanto da radio coma da televisión teñen redes propias que, nalgúns casos, funcionan dun xeito satisfactorio. O seguimento en Facebook amosa un total acumulado de máis de 350.000 seguidores, destacando o caso dos espazos "Land Rober Tunai Show", "O tempo TVG", "Luar" e "Galicia por diante". O seguimento en Twitter dos programas amosa un total acumulado de máis de 250.000 seguidores e os que teñen máis impacto son "Land Rober Tunai Show", "Galicia en goles", "Luar" e "O Tempo".

## Comparativa coas RRSS oficiais das televisión autonómicas

Dentro da clasificación en Facebook, as canles da CRTVG ocupan a segunda posición en canto ao número de seguidores, con 148.128, despois de TV3. Pola súa parte, a Radio Galega está na cuarta posición, comparándoa coas radios autonómicas.

En Twitter, CRTVG mantén a cuarta posición, con 150.518 seguidores, entre o perfil corporativo e o da TVG, e despois tamén da canle catalana.

En Instagram, TVG está situada na segunda posición (gañando dúas con respecto a 2017) e despois de TV3. E en Youtube TVG ocupa a quinta posición 5, mellorando nunha a súa posición con respecto a 2017.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# 8. DOCUMENTACIÓN E ARQUIVO DA CRTVG

O 2018 foi o ano do remate do deseño e arranque do modelo de Arquivo Dixital da CRTVG dentro do proceso de transformacion dixital do proceso de produción en CRTVG. Este novo Arquivo convivirá durante anos co Arquivo histórico en soporte "físico" albergado nun depósito tradicional fronte á robótica que soporta a produción actual. A salvagarda do fondo histórico pasa pola dixitalizacion dos seus contidos e, polo tanto, será necesario facer un grande esforzo neste eido para salvagardar contidos audiovisuais únicos

## 8.1. Traballos previos para a conversión do Arquivo dixital

O 2018 foi o ano de aplicación de todo o desenvolvido e aprendido no ano anterior, onde se fixo efectiva a migracion de millón e medio de documentos cara ao novo sistema. Xa no último trimestre se levou a cabo a entrada en produción do novo Arquivo nos últimos días de setembro parellamente á entrada en produción dixital dos Servizos Informativos.

### 8.1.1. Fases do proxecto en 2018

Durante o 2017 traballouse arreo estudando e definindo o esqueleto do novo Arquivo nas seguintes áreas:

- Análise de opción de metadata.
- Estudo da viabilidade das distintas clasificacións (xeográficas, temáticas, etc.).
- Avaliación das bases de datos de BRS para a futura migración.
- Definición de mapeos BRS-Tedial.
- Definición do modelo de datos de partida.

Así, o 2018 foi o ano da posta en produción dos desenvolvementos definidos no ano anterior. Ao longo do ano, as fases do proxecto foron as seguintes:

- Preparativos da migración co axuste de mapeos cara ao proceso de migración.
- Reforma das bases de datos existentes co fin de non herdar erros no novo sistema
- Axuste de mapeos e proceso de migración, executado en tres fases posto que esta migración debería executarse á par que se seguía traballando no vello sistema.
- Formación do persoal no novo sistema de produción.
- Posta en marcha do novo Arquivo dixital coa recepción da produción de Informativos desde os primeiros días de outubro.
- Axuste do novo sistema no que atinxe aos tempos de transferencia de Media e definición de novos fluxos.
- Definición da inxesta de programas para emisión (decembro) en colaboración coa Subdirección de Emisións; as Xefaturas de Contidos e operadores de Inxesta MAM.

O proxecto lévase a cabo coa supervisión do equipo técnico de Telefónica, e a contribución do persoal dos departamentos de Informática e Enxeñería da CRTVG. A posta en produción do sistema veu ademais acompañada pola posta en marcha dun grupo técnico de CRTVG de apoio ("Grupo Soporte") que proporciona atención inmediata aos usuarios do novo sistema.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

### 8.1.2. Remodelación do espazo do Arquivo e equipos

Continúa a necesaria adecuación dos espazos de traballo no Servizo tanto de temas pendentes como de novas necesidades que van xurdindo froito da asunción de novas responsabilidades e do perfilado das xa asignadas. Entre as remodelacións levadas a cabo neste ano destacan:

- Mellora do novo CPD de Arquivo ou Data Center, coa instalación da antiga Robótica de Continuidade que permite elevar as horas de dixitalización de contidos de Arquivo grazas aos seis magnetoscopios que poden funcionar parellamente.
- Adecuación da Sala de Inxesta MAM con mellora da iluminación; novos vtrs e edición de vídeos. Tamén se habilitaron postos externos á sala para os operadores de cara a traballos críticos que requiran concentración (borrados, controis de audios, etc).
- Desmontáronse definitivamente as mesas de edición tradicional.

## 8.2. Servizo público e apoio á sociedade galega

En 2018, o Arquivo de CRTVG colaborou, como todos os anos, cun gran número de institucións públicas, organismos e empresas, achegando as imaxes do seu fondo documental para a realización de proxectos de índole cultural, educativa, etc. Entre as colaboracións con organismos e institucións podemos destacar as seguintes:

- Concellos de Ames, Porto do Son, A Estrada, Ribadeo, Cambados, Trives, etc., para a promoción turística e o desenvolvemento de eventos.
- Academia Galega do Audiovisual, para a edición de vídeos para a edición dos Premios Mestre Mateo.
- Instituto Español de Oceanografía, L Aniversario do Centro da Coruña.
- Intercambio de imaxes co Arquivo do Ministerio de Agricultura.
- Cidade da Cultura, para “Serán 01, Encontro Galego de Cultura Popular: Baile Música tradicional”.
- Delegación CSIC, para o 75 aniversario do IEGPS.
- Fundación Luís Seoane, para a Mostra sobre Maruxa Seoane.
- Centro de Día de Dodro para a proxección de programas “cercanos” aos usuarios do centro que poidan servir de axuda nas terapias diarias.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 8.3. O Arquivo histórico en liña “pasouoquepasou.crtvg.es”

Os esforzos na área do Arquivo *on line* durante o 2018 estiveron centrados en acadar o correcto funcionamento sobre os distintos navegadores posto que se suscitaron problemas na reprodución dos vídeos. Ademais, o momento crítico do cambio de sistema de Produción e Arquivo impediu unha meirande adicación de recursos ao Arquivo en liña.

Aínda así, destacamos a edición de vídeos sobre a autora homenaxeada no Día das Letras Galegas 2018, María Victoria Moreno, da que engadimos captura a continuación.

Este arquivo é accesible en: https://pasouoquepasou.crtvg.gal/




## 8.4. Datos de explotación do arquivo en 2018

### 8.4.1. Explotación interna

O descenso das solicitudes de “préstamo físico” consolidouse definitivamente no segundo semestre de 2018 a partir da posta en marcha do novo Arquivo dixital. O feito de arrancar cun fondo importante de imaxes dixitalizadas asentou a tendencia descendente no préstamo de cintas físicas. Ademais hai que ter en conta que desde o mes de outubro, a maioría do préstamo de cintas vai destinado aos operadores de inxesta MAM encargados da dixitalización parcial ou íntegra dos contidos solicitados por redactores, realizadores, etc.

No novo sistema dixital, os redactores solicitan descargas de contidos xa dixitalizados e visibles no novo sistema para traballar na edición de novas reportaxes e noticias. Os documentalistas son os encargados de validar estas descargas que constitúen



CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o "novo préstamo" e un novo indicador de uso de Arquivo, non computable mediante Informe polo de agora.

Estes son os datos de préstamo físico a 31 de decembro de 2018:

| ase de datos | éstamos | evolucións |
|---|---|---|
| | | |
| RUT | 1897 | 1511 |
| INT | 752 | 752 |
| OPI | [illegible] | |
| EBR | 138 | 112 |
| EXE | 588 | 627 |
| OPO | 039 | 064 |
| URO | 85 | 55 |
| ITE | 37 | 06 |
| AXE | 186 | 929 |
| EDE | [illegible] | [illegible] |
| | | |
| TOTAIS | 12385 | 12768 |

**** Aclaración contidos táboa: BRUT: Orixinais de Cámara dos Servizos Informativos / CINT: Compactados do Arquivo Definitivo dos Servizos Informativos e Programas / COPI: cintas LTO, copias de seguridade Servizo de Informática / DEBR: Orixinais de Cámara do Servizo de Deportes / DEXE: Compactados do Arquivo Definitivo de Deportes / DOPO: Programas de Produción Propia e Externa / DURO: Copias de visionado de Produción Allea / INTE: Compactados de Axencias Internacionais / PAXE: Programas de Produción Allea e Externa / SEDE: Copias de seguridade de programas.***

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 8.4.2. Atención ás delegacións e Explotación de Arquivo

O control da atención ás delegacións lévase como un apartado do servizo externo xa que tanto os recursos humanos como os medios técnicos necesarios para a súa execución son practicamente os mesmos. No curso de 2018 rexistráronse **113 *play-outs*** de temática e minutado variado. É preciso ter en conta que estes envíos se fixeron nos 10 primeiros meses do 2018 posto que a partir de outubro o sistema de petición de imaxes cambia. Hai que aclarar que moitos dos *play-outs* son de varios temas e é imposible, nas circunstancias de recursos e premura das peticións, levar un rexistro exhaustivo de temáticas enviadas diariamente.

No aspecto de cesión e venda de imaxes, xestionáronse 595 solicitudes que inclúen desde cesións de cortesía a colaboradores, cidadáns, etc., ata as vendas de imaxes a produtoras e televisións. Nos últimos anos, este número vén sufrindo un descenso constante parello a un ascenso escaso pero constante das vendas e ingresos.

No seguinte gráfico amósase a distribución por sectores das cesións e vendas de imaxes de Arquivo durante o 2018:




CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 8.5. Arquivo sonoro da Radio Galega

Desde o Servicio de Arquivo Sonoro da Radio Galega vense tratando de realizar un auténtico labor de servizo público, centrado no eido musical nas súas manifestacións en distintos ámbitos. Tamén, poténciase a axuda ás novas iniciativas, ás escolas e aos conservatorios galegos, xermolo das novas xeracións.

Préstase especial atencion ás agrupacións sinfónicas dos dous Conservatorios Superiores, nas súas versións de orquestra e banda, coa gravación dos diversos programas que elaboran como remate de cada unha das temporadas. Tamén son de grande interese os concursos e certames que se organizan desde estas e outras instancias musicais, e préstase todo o apoio posible para facer máis atractivas estas manifestacións musicais que dan lugar, en moitas ocasións, ao nacemento e desenvolvemento de novas figuras que serán os concertistas de mañá.

Neste campo, cómpre suliñar a presenza nos certames internacionais de Piano de Ferrol e do Real Club Náutico de Vigo.

A promoción e apoio á música clásica amósase no seguimento exhaustivo das temporadas regulares das dúas grandes orquestras: a Orquestra Sinfónica de Galicia e a Real Filharmonía de Galicia, coa gravación íntegra dos seus programas de abono e concertos extraordinarios. Tamén son salientables outras iniciativas orquestrais, en ocasións menos coñecidas pero non menos meritorias, como a Orquestra de Cámara de Galicia, a Orquestra Vigo-430, a Orquestra de Cámara de Xove ou a Orquestra de Cámara de Pontevedra, a Orquestra Gaos e a Orquestra Clásica de Vigo.

Así mesmo, o Arquivo Sonoro atende ciclos estables e festivais de música como o Clas-Clas de Vilagarcía, os ciclos da Asociación Galega de Compositores, o Festival Hércules Brass de Celanova, o ciclo de concertos da Academia Galega de Belas Artes, Festival Groba de Ponteareas ou a Semana do Corpus de Lugo. Todo este material serve ademais para a posta en antena dun programa semanal de 90 minutos en Radio Galega Música, titulado “Allegro Moderato”, onde se amosa o desenvolvemento diario do mundo musical de Galicia, emitindo exclusivamente material de gravacións de produción propia.

As bandas de música, as súas actuacións e os diversos certames e concursos que se realizan teñen tamén a súa parcela, coa asistencia regular aos certames da Deputación de Pontevedra e da Asociación Galega de Bandas de Música Populares, á temporada regular das Bandas de Música Municipais da Coruña, de Santiago e de Pontevedra, e a outros certames de banda populares, como os de Castrelo de Cambados, Caldas de Reis, Oleiros, Meaño, etc.

Estas gravacións teñen o seu reflexo na programación da Radio Galega, neste caso a través do programa “Concerto Popular”, que, como no caso anterior, se nutre exclusivamente das gravacións de produción propia do Servicio de Arquivo Sonoro.

Por último, hai que salientar o labor de axuda a novos valores e grupos emerxentes. Entre eles, grupos de pop-rock, grupos de música tradicional, bandas de gaitas,

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cantautores ou grupos de jazz que tamén teñen cabida nos estudios da Radio Galega para realizaren primeiras maquetas ou discos de promoción.

Sirva como mostra de todo este traballo a listaxe de gravacións que se acompaña e que abrangue o período abril 2018-abril de 2019:

**ABRIL 2018**

1.4.2018 Orquestra Xove da Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera. A Coruña.
1.4.2018 Certame de piano de Vigo. Auditorio do Concello. Vigo.
5.4.2018 Eladio y los Seres Queridos. Estudio 5. San Marcos.
6.4.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera. A Coruña.
6.4.2018 Orquestra Filharmónica Cidade de Pontevedra. Pazo da Cultura.
7.4.2018 Asociación galega de Compositores. Paraninfo da USC.
8.4.2018 Banda Municipal da Coruña. Pazo da Ópera.
11.4.2018 Orquestra Clásica de Vigo. Auditorio do Concello. Vigo.
12.4.2018 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.
13.4.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera. A Coruña.
16.4.2018 Xuntanza de gaiteiros vellos. A Fonsagrada.
16.4.2018 Grupo En casa del Herrero. Estudio 5 CRTVG
17.4.2018 Sociedade Filharmónica da Coruña. Teatro Rosalía.
18.4.2019 Óscar Ibáñez, gaiteiro. Teatro Principal. Pontevedra.
20.4.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
20.4.2018 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.
21.4.2018 Orquestra Vigo 430. Auditorio Abanca. Vigo.
21.4.2018 Memorial Henrique Otero. Auditorio do CSM Vigo.
23.4.2018 Cuartero Schubert. Teatro Principal. Pontevedra.
24.4.2019 Grupo instrumental S. XXI. Teatro Rosalía.
26.4.2019 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.
27.4.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera. A Coruña.
28.4.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera. A Coruña.
29.4.2018 Festival de Bandas de Meaño. Praza da Vila.

**MAIO 2018**

2.5.2018 Mad Martin trío. Estudio 5. San Marcos.
2.5.2018 Trío Vicus Mare. Auditorio do CSM Vigo.
4.5.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
5.5.2018 Mostra Musical do Eixo Atlántico. Vila Real, Portugal.
5.5.2018 Banda de Música de Tenorio. Auditorio de Cerdedo.
6.5.2018 Mostra Musical do Eixo Atlántico. Vila Real, Portugal.
11.5.2018 Orquestra do Conservatorio Superior de Vigo.
11.5.2018 Real Filharmonía de Galicia e Banda Municipal Santiago. Audit. Galicia
13.5.2018 Festival Coral de Arbo. Casa da Cultura.
15.5.2019 Coro Universitario de Santiago. Igrexa da Compañía.
15.5.2019 Ciclo de concertos do CGAC. Santiago.
16.5.2018 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.
16.5.2018 Grupo "I Colori Della Harmonia". Igrexa parroquial. Baiona.
17.5.2018 Os Sons Esquecidos de Abraham Cupeiro. Teatro Colón. A Coruña.



CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

17.5.2018 Orquestra Clásica de Vigo. Auditorio do Concello. Vigo.
18.5.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
18.5.2018 Orquestra Vigo 430. Auditorio Abanca. Vigo.
19.5.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
205.2018 Keep in Touch Tuba Project. Pazo da Cultura. Pontevedra.
21.5.2018 Manuscrito Guerra. Igrexa de San Vicente de Pombeiro.
22.5.2018 Manuscrito Guerra. Igrexa de San Vicente de Pombeiro.
23.5.2018 Ciclo da Real Academia Galega de Belas Artes.
23.5.2018 Coro Sister in the House. Estudio 5 CRTVG. San Marcos.
23.5.2018 Ciclo Asociación Galega de Compositores. Auditorio SGAE. Santiago.
25.5.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
25.5.2018 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.
28.5.2018 Orquestra Ars Combinatoria. Igrexa dos Mercedarios. Sarria.
29.5.2018 Coro Acordes. Estudio 5. San Marcos.
30.5.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
31.5.2018 Banda Municipal de A Coruña. Teatro Rosalía.

**XUÑO 2018**
1.6.2018 Airas Ensemble. Paraninfo da USC.
4.6.2018 Coro Aires do Brión. Igrexa de Santa Minia. Brión.
5.6.2018 Banda Municipal de Santiago. Auditorio de Galicia.
6.6.2018 Banda Municipal de Santiago. Auditorio de Galicia.
8.6.2018 Banda de Música de Negreira. Casa da Cultura.
9.6.2018 Festival Coral de Campañó.
10.6.2018 Orquestra de nenos da OSG. Auditorio Ágora. A Coruña.
11.6.2018 Banda da Estrada. Auditorio Municipal.
12.6.2018 Dúo Risco-De Miguel. Auditorio de Ourense.
13.6.2018 Dúo Risco-De Miguel. Auditorio de Ourense.
15.6.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
15.6.2018 Orquestra Vigo 430. Auditorio Abanca. Vigo.
16.6.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
17.6.2018 Banda Municipal da Coruña. Pazo da Ópera.
18.6.2018 Gravación Maestro Vide. Teatro Principal. Pontevedra.
19.6.2018 Ciclo de concertos do CGAC. Santiago.
21.6.2018 Banda Municipal de Santiago. Auditorio de Galicia.
24.6.2018 Os Sons Esquecidos. A. Cupeiro. Sarria.
26.6.2018 Ciclo da Real Academia Galega de Belas Artes. A Coruña.
27.6.2018 Banda de Música de Lalín. Auditorio Municipal.
28.6.2018 Orquestra Gaos. Pazo da Ópera.
29.6.2018 Coro do Conservatorio de Santiago. Igrexa de Bonaval.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**XULLO 2018**

| | |
|---|---|
| 1.7.2018 | Festival Clas-Clas. Vilagarcía. |
| 2.7.2018 | Garufa Big Band. Sala Garufa. A Coruña. |
| 2.7.2018 | Festival Clas-Clas. Vilagarcía. |
| 3.7.2018 | Garufa Big Band. Sala Garufa. A Coruña. |
| 3.7.2018 | Festival Clas-Clas. Vilagarcía. |
| 4.7.2018 | Gravación Mestro Vide. Teatro Principal. Pontevedra. |
| 6.7.2018 | Festival Clas-Clas. Salon García. Vilagarcía. |
| 7.7.2018 | Festival Clas-Clas. Pazo de Rubiáns. |
| 8.7.2018 | Festival Clas-Clas. Auditorio Municipal. Vilagarcía. |
| 10.7.2018 | Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia. |
| 11.7.2018 | Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia. |
| 12.7.2018 | Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia. |
| 14.7.2018 | Festival coral da Gudiña. Igrexa parroquial. |
| 19.7.2018 | Real Filharmonía de Galicia e Sumrrá. Praza da Quintana. |
| 26.7.2018 | Orquestra Galega das Artes. PP Mercedarios. Sarria. |
| 27.7.2018 | Orquestra Galega das Artes. PP Mercedarios. Sarria. |
| 28.7.2018 | Real Filharmonía de Galicia. Praza do Obradoiro. |
| 31.7.2018 | Festival Hércules Brass. Mosteiro de Celanova. |

**AGOSTO 2018**

| | |
|---|---|
| 3.8.2018 | Festival Hércules Brass. Mosteiro de Celanova. |
| 3.8.2018 | Orquestra de Jazz de Galicia. Praza de Fefiñáns. Cambados. |
| 6.8.2018 | Festival de Música Clásica de Melide. |
| 7.8.2018 | Festival de Música Clásica de Melide. |
| 8.8.2018 | Festival de Música Clásica de Melide. |
| 9.8.2018 | Festival de Música Clásica de Melide. |
| 14.8.2018 | Coro Xove da Sinfónica de Galicia. Praza de María Pita. |
| 15.8.2018 | Aula de Jazz do concello da Coruña. Pza. María Pita. |
| 16.8.2018 | Orquestra de Cámara Galega. Pza. María Pita. A Coruña. |
| 17.8.2018 | Orquestra Sinfónica de Galicia. Pza. María Pita A Coruña. |
| 18.8.2018 | Orquestra Sinfónica de Galicia. Pza. María Pita. A Coruña. |
| 19.8.2018 | Banda Municipal da Coruña. Pza. María Pita. A Coruña. |
| 19.8 2018 | Festival Groba. Auditorio Municipal. Ponteareas. |
| 20.8 2018 | Festival Groba. Auditorio Municipal. Ponteareas. |
| 21.8 2018 | Festival Groba. Auditorio Municipal. Ponteareas. |
| 22.8 2018 | Festival Groba. Auditorio Municipal. Ponteareas. |
| 23.8 2018 | Festival Groba. Auditorio Municipal. Ponteareas. |
| 24.8 2018 | Festival Groba. Auditorio Municipal. Ponteareas. |
| 25.8 2018 | Festival Groba. Auditorio Municipal. Ponteareas. |

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**SETEMBRO 2018**
1.9.2018 Borja Quiza. Praza Maior. Ourense.
8.9.2018 Capella Santa María. Igrexa Parroquial. Baiona.
30.9.2018 Festival de B andas de Barro. Polideportivo Municipal.

**OUTUBRO 2018**
4 10.2018 Orquestra Clásica de Vigo. Auditorio Abanca.
5.10.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
6.10.2018 Banda de Valadares. Centro Cultural.
6.10.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
7.10.2018 Grupo barroco La Guirlande. San Vicente de Pombeiro.
8.10.2018 Grupo barroco La Guirlande. San Vicente de Pombeiro.
9.10.2018 Grupo barroco La Guirlande. San Vicente de Pombeiro.
10.10.2018 Grupo barroco La Guirlande. San Vicente de Pombeiro.
11.10.2018 Grupo barroco La Guirlande. San Vicente de Pombeiro.
12.10.2018 Grupo barroco La Guirlande. San Vicente de Pombeiro.
14.10.2018 Festa da Música Galega. Teatro Colón.
16.10.2018 Banda de Música de Santiago. Estudio 5. San Marcos.
17.10.2018 Herdeiros da Crus. Estudio 5. San Marcos.
18.10.2018 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.
19.10.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera. A Coruña.
20.10.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera. A Coruña.
21.10.2018 Rondalla Añoranzas. Auditorio do CPM de Ferrol.
23.10.2018 Ciclo da Real Academia Galega de Belas Artes. A Coruña.
25.10.2018 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.
26.10.2018 Orquestra barroca Vigo 430. Auditorio de CSM vigo.
26.10.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
28.10.2018 Festival de Bandas de Castrelo de Cambados.
30.10.2018 Ciclo do CGAC. Santiago.

**NOVEMBRO 2018**
2 11 2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
2.11.2018 Orquestra Gaos. Auditorio Ágora. A Coruña.
3.11.2018 Certame Galego de Bandas. Auditorio de Galicia.
3.11.2018 Sara Ruiz. Igrexa de San Vicente de Pombeiro.
4.11.2018 Certame Galego de Bandas. Auditorio de Galicia.
4.11.2018 Sara Ruiz. Igrexa de San Vicente de Pombeiro.
5.11.2018 Sara Ruiz. Igrexa de San Vicente de Pombeiro.
6.11.2018 Sara Ruiz. Igrexa de San Vicente de Pombeiro.
7.11.2018 Duo Risco-De Miguel. Estudio 5. San Marcos.
9.11.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera. A Coruña.
10.11.2018 Banda de Merza. Auditorio Municipal. Ourense.
11.11.2018 Banda Municipal da Coruña. Pazo da Ópera.
16.11.2018 Memorial García Picos. Casa da Cultura. Betanzos.
16.11.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
17.11.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.



CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

17.11.2018 Alejo Amoedo. Auditorio de Rianxo.
21.11.2018 Orquestra Clásica de Vigo. Auditorio Abanca. Vigo.
22.11.2018 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.
23.11.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera. A Coruña
26.11.2018 Sito Sedes. Estudio 5 CRT VG, San Marcos.
29.11.2018 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.

**DECEMBRO 2018**
2.12.2018 Banda Municipal da Coruña. Pazo da Ópera.
3.12.2018 Cesáreo Torres. Estudi 5. San Marcos.
4.12.2018 Banda Municipal de Santiago. Auditorio de Galicia.
13.12.2018 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.
14.12.2018 Orquestra Vigo 430. Teatro Afundación. Vigo.
15.12.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
16.12.2018 Banda Municipal da Coruña. Pazo da Ópera.
18.12.2018 Ciclo do CGAC. Santiago.
19.12.2018 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
20.12.2018 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.
21.12.2018 Orquestra Gaos. Teatro Colón. A Coruña.
28.12.2018 Banda Municipal de Santiago. Igrexa de San Francisco.
29.12.2018 Coral Polifónica El Eco. Igrexa dos Capuchinos. A Coruña.
29.12.2018 Orquestra Clásica de Vigo. Auditorio Abanca. Vigo.

**XANEIRO 2019**
3 1 2019 Miguel Curra. Estudio 5 CRTVG. San Marcos.
4.1.2019 Orquestra de nenos da OSG. Teatro Colón.
9.1.2019 Orquestra xove da OSG. Pazo da Ópera.
11.1.2019 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
12.1.2019 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
13.1.2019 Banda Municipal da Coruña. Pazo da Ópera.
16 1 2019 Ciclo da Academia Galega de Belas Artes. A Coruña.
18.1.2019 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
19.1.2019 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
21.1.2019 Manuel Pedreira. Estudio 5 CRTVG. San Marcos.
23.1.2019 Rondalla Añoranzas. Estudio 5 CRTVG. San Marcos.
24.1.2019 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.
25.1.2019 Orquestra Vigo 430. Teatro Afundación.
27.1.2019 Banda Municipal da Coruña. Pazo da Ópera.
31.1.2019 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**FEBREIRO 2019**

| | |
|---|---|
| 1.2.2019 | Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera. |
| 2.2.2019 | Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera. |
| 3.2.2019 | Banda Municipal da Coruña. Pazo da Ópera. |
| 7.2.2019 | Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia. |
| 11.2.2019 | Conservatorio Profesional de Vigo |
| 14.2.2019 | Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia. |
| 14.2.2019 | Banda Municipal da Coruña. Teatro Rosalía. |
| 15.2.2019 | Real Filharmonía de Galicia. Teatro Colón. A Coruña. |
| 22.2.2019 | Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera. |
| 24.2.2019 | Daniel Pereira, piano. Teatro Colón. A Coruña. |
| 26.2.2019 | Ciclo da Real Academia de Belas Artes. A Coruña. |
| 28.2.2019 | Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia. |

**MARZO 2019**

| | |
|---|---|
| 6.3.2019 | Concerto de Su Garrido. Estudio 5. San Marcos. |
| 7.3.2019 | Orquestra Clásica de Vigo. Teatro Afundación. |
| 9.3.2019 | Orquestra Xove Vigo 430. Auditorio do CSM Vigo. |
| 10.3.2019 | Banda Municipal A Coruña. Pazo da Ópera. |
| 12.3.2019 | Orphelion Ensemble. Teatro Rosalía. A Coruña |
| 14.3.2019 | Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia. |
| 15.3.2019 | Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera. |
| 16.3.2019 | Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera. |
| 17.3.2019 | Daniel Pereira, piano. Teatro Colón. A Coruña. |
| 20.3.2019 | Manuel do Juano. A Fonsagrada. |
| 21.3.2019 | Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia. |
| 22.3.2019 | Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera. |
| 24.3.2019 | Banda Municipal da Coruña. Pazo da Ópera. |
| 27.3.2019 | Xesús Vaamonde. Estudio 5. San Marcos |
| 29.3.2019 | Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera. |

**ABRIL 2019**

| | |
|---|---|
| 1.4.2019 | O violín restaurado de Andrés Gaos. Consello da Cultura. |
| 4.4.2019 | Trio Arriaga. Teatro Principal. Ourense. |
| 5.4.2019 | Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera. |
| 5.4.2019 | Orquestra Vigo 430. Teatro Afundación. Vigo |
| 6.4.2019 | Real Filharmonía de Galicia. Pazo da Ópera. |
| 6.4.2019 | Orquestra Clásica de Vigo. Auditorio do Concello. |
| 7.4.2019 | Orquestra da USC. Igrexa da Compañía. |
| 8.4.2019 | Cuarteto Atlántico. Teatro Afundación. Vigo |
| 11.4.2019 | Banda Municipal da Coruña. Teatro Colón. |
| 12.4.2019 | Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera. |
| 13.4.2019 | Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera. |
| 14.4.2019 | Festival de Bandas de Teo. A Ramallosa. |
| 15.4.2019 | Banda de Vilatuxe. Auditorio Municipal. Lalín. |
| 16.4.2019 | Banda de Vilatuxe. Auditorio Municipal. Lalín. |

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

17.4.2019 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.
17.4.2019 Orquestra e Coro Gaos. Teatro Colón. A Coruña.
20.4.2019 Concurso de piano de Vigo. CSM Vigo.
21.4.2019 Orquestra Xove da Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
24.4.2019 Ciclo da Academia Galega de Belas Artes.
25.4.2019 Real Filharmonía de Galicia. Auditorio de Galicia.
26.4.2019 Orquestra Sinfónica de Galicia. Pazo da Ópera.
27.4.2019 Asociación de Gaiteiros Galegos. Auditorio do CSM Vigo
28.4.2019 Bandas de Lalín, Merza e Silleda. Auditorio Semana Verde. Silleda.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# 9. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O traballo do equipo de lingüistas da CRTVG consiste en supervisar e corrixir o uso da lingua galega nos diferentes medios da Corporación, tanto de informativos como de entretemento, así coma orientar e asesorar en materia de lingua e revisar os textos escritos xerados na Corporación desde outras áreas como Administración, Recursos Humanos ou Proxección Social.

Este cometido supón que os textos se axusten á normativa gramatical e lexicográfica emanadas da Real Academia Galega, e tendan a seguir definindo un modelo de lingua de comunicación en galego que, dentro da corrección expresada, sexa recoñecida pola audiencia, amose a riqueza expresiva da lingua, saiba diferenciar rexistros diastráticos adaptados aos diversos programas, adapte terminoloxía ou neoloxismos que se van introducindo na lingua e sobre os que a RAG aínda non se pronunciou, e manteña coherencia neste modelo de lingua.

Tamén o colectivo de profesionais lingüistas resolve adaptacións de realidades novas e de tratamento de topónimos e xentilicios do mundo non tratados pola RAG. Neste sentido, os lingüistas da CRTVG sempre aceptaron ser, pola natureza do seu medio, os primeiros que se enfrontan a certos problemas terminolóxicos e de adaptación lingüística, o que supuxo sempre un plus de dificultade que non existe para outros equipos de lingüistas doutros ámbitos.

E desde o equipo de lingüistas da CRTVG tamén se desenvolven iniciativas de investigación e divulgación da lingua, con propostas pedagóxicas e de participación dos cidadáns, asumindo así un cometido de normalizadores da lingua.

## 9.1. Adaptación ao proceso de transformación dixital da Corporación

Na adaptación das correccións lingüísticas no proceso de transformación dixital da Corporación, os lingüistas implicados integráronse desde o primeiro momento no seu desenvolvemento e traballan desde a nova redacción dixital na revisión dos contidos informativos.

Convén ter en conta que a revisión lingüística non figura nos estándares dos sistemas dixitais dunha redacción, e iso supuxo desde o primeiro momento unha dificultade engadida á propia complexidade do cambio. Pero a revisión lingüística dentro do proceso de elaboración das noticias é algo necesario para garantir unha calidade de lingua que se esixe á CRTVG como medio público.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 9.2. Equipo de asesores/as lingüistas

Nove asesores lingüistas repártense nas distintas redaccións e departamentos da CRTVG. Radio, televisión e Internet contan con asesores que dan cobertura aos diferentes servizos, revisan a totalidade da produción informativa e de entretemento, así como documentación administrativa e corporativa na Radio Galega, nos informativos de Televisión de Galicia, no departamento de Contidos de Televisión de Galicia (propios e alleos) e na área de Contidos web.

## 9.3. Principais cometidos

Os principais cometidos do equipo de asesores lingüísticos son:

- Corrixir a lingua das emisións e da documentación xerada de todo tipo.
- Coidar de que a lingua se axusta á doutrina gramatical e lexicográfica da Real Academia Galega. Dado que non existe unha gramática oficial como tal, e posto que o dicionario oficial está en fase de elaboración, os lingüistas da CRTVG encóntranse continuamente con dificultades que teñen que solventar con oficio lingüístico e sentido corporativo de medio público.
- Axudar a manter con coherencia un rexistro idiomático unha vez que se elixiu. As distintas propostas informativas e de entretemento poden presentar tamén distintas opcións diastráticas, dentro da corrección, que unha vez decididas se deben manter.
- Proporcionar recursos orais tradicionais e literarios como metaloxismos, figuras lóxicas, ironía, retranca, ou riqueza de imaxes nas redaccións e descricións (aínda que haxa ilustración sonora e visual).
- Proporcionar material lexicográfico e fraseolóxico para conseguir un texto rico e afinado.
- Axudar no modelo entoativo e prosódico.

Ademais destes asuntos xenéricos, os asesores lingüísticos encárganse doutros extralingüísticos:

- Revisar e corrixir topónimos. Por defecto, revisan todas as entidades de poboación segundo o criterio do Nomenclátor de Galicia. Ademais de ser de obrigado cumprimento, como servizo público a CRTVG debe coidar de que ningún galego vexa o seu topónimo usado incorrectamente.
- Revisar e corrixir textos con criterios de edición. Podendo tratarse de temas convencionais e que en moitos casos presentan distintas solucións noutros medios de comunicación, estamos obrigados a ofrecer unha liña coherente.
- Corrección de erratas ou equívocos. A inmediatez e a habitual celeridade e prontitude propios das redaccións informativas fan inevitables este tipo de descoidos, que o asesor lingüista detecta e corrixe en numerosas ocasións.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tamén o equipo de lingüistas mantén contactos coas autoridades institucionais e académicas en materia de lingua galega, co fin de aplicar as súas decisións, consultar dúbidas, recibir formación e manter, en xeral, unha comunicación enriquecedora. Dentro destas relacións, cabe mencionar:

- Coa Real Academia Galega, en desenvolvemento do convenio asinado con esta institución.
- Co Centro Ramón Piñeiro, para achega de material informativo para fins investigadores, particularmente para as investigacións do Corpus de referencia do galego actual (CORGA).
- Coa Facultade de Filoloxía da USC e o Instituto da Lingua Galega, para consultas e formación dos asesores lingüistas da CRTVG.

## 9.4. Colaboracións de normalización lingüística

A CRTVG desenvolve as seguintes iniciativas de normalización lingüística:

- *Saborea a lingua*. É un blog sobre o uso do galego, que foi posto en marcha en 2016 co obxectivo de contaxiar o gusto pola lingua (http://blogs.crtvg.es/saborea-a-lingua/). Semanalmente, as súas entradas propoñen curiosidades, coincidencias ou diferenzas con outras linguas, ou indagan na orixe de expresións ou no uso de palabras en distintos contextos.
- *Instagal*. É unha proposta en Instagram creada a finais de 2018 na que, con carácter semanal, se fai unha proposta de palabra sobre a que ofrezan suxestións das voces que empregan os seguidores. Posteriormente, faise unha ordenación das propostas e ofrécese unha explicación lingüística básica. Ten interese lexicográfico por recoller voces usadas por unha franxa de idade teórica nova e por achegar o lugar de procedencia.
- *Apalabradas*. É unha colaboración no magazin da mañá dos sábados da Radio galega do coordinador de lingüistas de CRTVG. Explícanse curiosidades lexicográficas, coméntanse correccións para un bo uso da lingua e recórdanse palabras que van estando en desuso.

## 9.5. Formación de asesores lingüistas

En 2018, a través do Servizo de Formación e Xestión de Persoal, organizouse o curso de formación proposto polos asesores lingüistas "O tratamento léxico entre os profesionais da comunicación", impartido por María Dolores Sánchez Palomino, profesora titular da UDC e unha das responsables do Seminario de Lexicografía da Real Academia Galega.

O obxectivo do curso era coñecer de primeira man a mecánica das decisións léxicas e terminolóxicas da RAG, resolver dúbidas que non teñen resposta no dicionario en liña da RAG e establecer unha comunicación recíproca entre a CRTVG e o Seminario de

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Lexicografía. Concretamente, desta relación espérase que exista coherencia de criterios, que a CRTVG traslade dificultades terminolóxicas e posibles solucións adoptadas e que a RAG ofreza solucións ou refrende as devanditas propostas.

O tratamento informativo da actualidade presenta aos lingüistas da CRTVG dificultades que deben afrontar coa mesma inmediatez do propio medio informativo. Estas dificultades resólvense con oficio e coa experiencia que dan os anos de exercicio. E despois, xa que os lingüistas da CRTVG non poden resolvelas unilateralmente, será a RAG quen, tamén co seu estudo, decida e confirme as formas léxicas definitivas e normativas.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# 10. A PROXECCIÓN SOCIAL DA CRTVG

O departamento de Proxección Social da Corporación, integrado na Oficina do Director Xeral, desenvolve un amplo abano de funcións no eido da relación da CRTVG cos seus públicos. Desde esta Dirección deséñase a comunicación corporativa e a comunicación externa e interna dos medios públicos galegos e a súas accións de responsabilidade social corporativa. Tamén, desde esta Dirección coordínase o servizo de relacións públicas que atende as visitas ás sedes da CRTVG e o servizo de Normalización lingüística.

## 10.1. Accións de Responsabilidade Social Corporativa

A Corporación de Radio e Televisión de Galicia, no exercicio da seu servizo público de comunicación, apoio á cultura galega e defensa da lingua, leva a cabo anualmente unha liña de acción arredor da responsabilidade social corporativa, así como nos últimos dous anos, do proceso de Dixitalización da corporación. A "Dixitalización de Galicia" é o Territorio de Comunicación no que se leva a cabo esa planificación. E a base das accións da súa estratexia de RSC son os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da ONU.

No 2018, a CRTVG, que é socia do Pacto Mundial das Nacións Unidas desde 2011, propúxose dar un paso máis e visibilizar os ODS, difundíndoos en Galicia e contribuíndo a eles a través de accións como a xeración de contidos e a difusión de proxectos que xeren valor social ou que contribúan á solución de retos sociais. E fíxoo co obxectivo de facer un mellor servizo público, e de rexenerar a súa oferta de comunicación de calidade á audiencia.

### 10.1.1 Catro campañas anuais de RSC

O plan de acción de 2018 incluíu catro campañas, deseñadas e producidas íntegramente con medios propios da CRTVG, e que se presentaron como campañas 360º, para ser difundidas en todos os soportes dos medios públicos galegos, para amplificar o seu impacto, interna e externamente, a través da TVG, da Radio Galega, das redes sociais da Corporación e do seu portal web www.crtvg.gal.

Na web, dentro do Portal de Transparencia da Corporación, foi habilitado un espazo propio para as accións de RSC, http://www.crtvg.es/crtvg/accions-g, e a intención é mantelo como punto de recompilación de todas as campañas, accións e documentación de interese relativa a ellas, e que desde 2019 pasarán a integrarse baixo a marca #AcciónsG.

As catro campañas de 2018 estiveron centradas na Educación Dixital, na Sostibilidade e Educación Vial; nas Letras Galegas; e finalmente a derradeira arredor da Muller e a Ciencia. Ademais de Proxección Social, outras áreas da CRTVG foron involucradas: a área de soporte tecnolóxico e medios, para a súa produción e realización, e as de Contidos, Informativos e Innovación e Negocio para a súa difusión.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

As catro campañas foron as seguintes:

- **#AinternetSegura.** Do 6 ao 11 de febrero de 2018, co gallo do Día de Internet Segura. Obxectivo: sensibilizar sobre a seguridade en Internet dos máis novos, e promover boas prácticas no eido dixital, xa que os máis cativos afrontan en ocasións situacións de perigo na rede que se poden evitar tomando certas prevencións en canto a privacidade ou protección dos dispositivos. O futuro de Galicia, como o dos medios públicos, require da dixitalización, e a CRTVG quere contribuír a que a sociedade galega aproveite o mellor de Internet e evitar riscos por descoñecemento ou exceso de confianza.

- **#ViveABici.** Do 16 ao 22 de abril de 2018 Obxectivo: impulsar a asociación dos medios públicos co coidado do medio ambiente, o seu compromiso coa seguridade vial e a difusión de hábitos saudables, así como o fomento de solucións e a innovación no eido do transporte en Galicia. Para esta campaña, co gallo da celebración do Día Mundial da Bicicleta (19 abril) creáronse especificamente catro cortiniñas, realizadas coa técnica de *píxel art* e inspiradas na estética dos vídeoxogos de principios dos anos 90. Baixo o cancelo #ViveABici emitíronse mensaxes de concienciación, e fíxose un concurso e sorteo de regalos en colaboración coa Federación Galega de Ciclismo.

- **#LetrasGalegas2018**. Terceira semana de maio. Obxectivo: os medios públicos galegos súmanse cada ano á celebración do Día das Letras Galegas ofrecendo unha programación especial ao longo de toda unha semana dedicada ao autor/autora homenaxeada cada ano. Esta campaña constou de catro cortiniñas para televisión e para a web en referencia a catro obras de María Victoria Moreno, ademais dunha intensa acción divulgativa nos contidos da TVG e a RG.

- **#CorazonDeInvestigadora.** Do 9 ao 16 de novembro de 2018. Obxectivo: facer unha posta en valor da muller e das vocacións científicas, técnicas e artísticas entre as nenas galegas. Coa colaboración das tres universidades galegas, e a participación de máis dunha ducia de investigadoras, profesionais ou estudantes, o spot de #CorazonDeInvestigadora quixo romper prexuízos e presentar 12 referentes con carreiras de éxito no eido das chamadas asignaturas STEAM, (Science, Technology, Engineering, Arts, and Maths). Na web de #AcciónsG, hai material complementario e vídeos das doce protagonistas.

Esta estratexia de RSC da CRTVG foi galardoada nos Premios do Marketing e a Comunicación de Galicia “Premios Paraugas” (Ourense, 23 de novembro) como a mellor “Practica de Responsabilidade Empresarial 2018”. As campañas están accesibles en: http://www.crtvg.es/crtvg/accions-g

### 10.1.3 Informe de Progreso de Pacto Mundial de Nacións Unidas

Así mesmo, no 2018 a CRTVG editou a súa **memoria anual de RSC,** baixo a forma de Informe de Progreso do Pacto Mundial de Nacións Unidas, institución da que é membro desde hai oito anos. Este documento recolle todas as melloras e avances en materia de

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

RSC, e desde o enfoque da relación da Corporación cos seus públicos de interese (audiencia, empregados/as, sociedade civil, comunidade autónoma galega como propietaria da CRTVG e provedores).

O informe publicado en 2018 -correspondente ao exercicio 2017- está accesible en: http://www.crtvg.es/crtvg/portal-de-transparencia/responsabilidade-social-corporativa/pacto-mundial

Esta é unha iniciativa de carácter voluntario e a CRTVG foi a primeira televisión en seguir este modelo de rendición de contas en España. Entre outras cuestións, o documento explica como traballa a CRTVG na mellora da súa interacción co público e a accesibilidade dos seus servizos.

Ademais, inclúe indicadores relacionados tamén cos recursos humanos da CRTVG, coa relación da Corporación co sector audiovisual galego, ou sobre a rendición de contas que se desenvolve diante dos mecanismos de control, como o Consello de Administración ou o Parlamento de Galicia. A edición do documento é supervisada por Pacto Mundial, que indica se cumpre ou non os requisitos necesarios para facelo público e para poder incluílo no seu portal web, pactomundial.org, no que se publica unha versión en castelán.

### 10.1.3 Transparencia

No eido da transparencia, no 2018 continuou a promoción sistemática do acceso á páxina de transparencia do portal na Rede en todos os soportes e accións de comunicación institucional da Corporación.

O Portal de Transparencia contén seccións de información institucional (organigrama, definición estratéxica, anuncios corporativos, referencias legais...), actividade corporativa (orzamentos, contratos, Plan de Actuación...), de responsabilidade social (sección #AcciónsG, informes de Pacto Mundial e contidos do eido da autorregulacion), así como unha área de interacción cos usuarios, ligada tamén ao Portal de Transparencia da Comunidade Autónoma. O Portal é accesible en: http://www.crtvg.es/crtvg/portal-de-transparencia.

## 10.2. Coordinación creativa

Outra función do departamento de Proxección Social, a través da súa área de Coordinación Creativa, é prover de soporte gráfico os distintos departamentos e crear contidos audiovisuais de promoción, así como de comunicación externa e interna. Creada no 2017, esta área levou a cabo a coordinación e creación artística das catro campañas de RSC, da campaña de Nadal “As mans comunican”, e das campañas promocionais de novas temporadas e contidos.

Entre outras accións, no 2018, tamén se fixo cargo do deseño de material corporativo (felicitacións de Nadal, axendas, material corporativo, pequenos agasallos institucionais…) e fixo un apoio continuado, en estreita colaboración coa área de Deseño

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

gráfico, aos distintos departamentos da TVG e da Radio Galega na produción de soportes divulgativos.

Máis concretamente, no eido da Comunicación Interna e entre outras tarefas, editou o dossier de acollida para os bolseiros da CRTVG, encargouse do fotografado do cadro de persoal da CRTVG para a nova tarxeta identificadora, e creou contidos para as presentacións internas do proceso de dixitalización.

Na área de Prensa, deseñou publicidade para diversos eventos e publicacións corporativas (Conecta Fiction, Cluster Galego do Audiovisual, preestreas de series da TVG, Culturgal…).

Para a Radio Galega, esta área desenvolveu os soportes de lanzamento de Radio Galega Música, fixo o deseño dos carteis de todas as saídas a exteriores dos programas da radio ou da campaña "Gústame o outono" para prensa galega en 6 xornais. Así mesmo, creou a imaxe da festa de celebración dos "20 anos Pensando en ti", e a identidade corporativa dos programas "Galicia En Goles", "Ao Contraataque", "Zona Mixta" ou "Déitate", entre outros.

Para TVG, graváronse os recursos para a campaña "Gústame o outono" e deseñáronse as cortiniñas para campañas como "Líderes Para Ti", dos servizos informativos, e as do concurso da canción do Nadal. Tamén se deseñaron as fotografías para as cortiniñas da sección de "O Tempo". Outras accións do 2018 foron a adaptación da identidade corporativa ás redes sociais da CRTVG, así como o deseño e execución de vídeos de prevención de incendios, dos colaboradores do espazo "Diario Cultural" ou dos vídeos animados sobre *fake news* (noticias falsas) para Instagram.

## 10.3 Comunicación e conversa co público

### 10.3.1 O Buzón da Galega

Desde o departamento de Proxección Social xestiónase diariamente un servizo de atención ao público a través do que os espectadores, persoas de todo o mundo ou institucións remiten as súas demandas, peticións, dúbidas e queixas á Corporación. A conversa é continua todo o ano a través do chamado "Buzón da Galega", no correo info@crtvg.es, e no que se atenderon ao longo do 2018, 1.623 mensaxes.

Entre outros, chegan peticións de cesión de material audiovisual ou solicitudes de participación en programas, presentación de propostas e comentarios sobre os servizos en liña da CRTVG. Ademais, para facilitar a comunicación coa sociedade, hai unha sección permanente de "preguntas frecuentes" na web corporativa.

### 10.3.2 Información sobre os produtos e servizos

O servizo de Prensa da CRTVG traballa diariamente para informar sobre a programación e a actividade corporativa a través de diversas canles, especialmente a

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

páxina web e os medios de comunicación galegos e de fóra de Galicia. Manter unha comunicación fluída de cara aos demais medios é tamén obxectivo desta área.

No 2018 desde este servizo producíronse e emitíronse 2.386 comunicacións ou notas de prensa. Polas mañás, este servizo distribúe unha nota que recolle o máis sinalado da entrevista do informativo "Bos Días", que adoita xirar sobre cuestións sociais, políticas ou económicas de actualidade.

Os comunicados da CRTVG reflíctense tamén noutros soportes e canles, como as redes sociais corporativas. Por outro lado, en 2018 continuou o servizo de subministración diaria de información sobre a programación de televisión á páxina web corporativa e ao sistema EPG de guía na pantalla do televisor conectado á rede dixital terrestre (TDT), onde se atopa tamén a información de clasificación por idade ou control parental.

Ao longo do ano, os distintos servizos da CRTVG son convidados a achegar o seu labor á sociedade de moi distintas formas. A colaboración co eido educativo é unha das que se consideran prioritarias, e concorda coa misión de servizo público e no exercicio da estratexia de Responsabilidade Social Corporativa.

No 2018, pódese salientar a actividade divulgativa levada a cabo polo equipo de xornalistas de "O Tempo", que desde o 7 de marzo ata o 21 de maio ofreceu un ciclo de charlas meteorolóxicas por colexios de toda Galicia. Os integrantes do servizo levaron a súa experiencia sobre a predición do tempo, o clima e todo que ocorre na atmosfera a un total de 14 centros de ensino e de formación de toda Galicia. Dirixidas a alumnos de diferentes idades, de entre 3 e 16 anos, estas achegas espertan a curiosidade dos rapaces pola meteoroloxía, polo traballo xornalístico que se produce ao trasladar esta información á audiencia e por como se elabora esta en todo o mundo. Desde preguntas curiosas como quen lles cede a roupa que amosan na televisión ata como se sabe cando vai chover, nestas visitas aos centros escolares fálase de meteoroloxía, do labor dos satélites á hora de xerar datos ou predicir fenómenos e do papel de Aemet ou Meteogalicia.

Tamén, a xefa do servizo de Programación da CRTVG ofreceu unha charla na universidade de Vigo o Día Mundial da Televisión, 21 de novembro, aos alumnos de terceiro curso do grao en Comunicación Audiovisual, para achegar a realidade do mercado televisivo galego aos estudantes, os seus procesos de traballo. Na súa intervención, explicou os distintos factores que inflúen á hora de articular a programación dunha canle pública e incidiu na misión de servizo público da Corporación e no seu papel normalizador da lingua.

E o director de Proxección Social participou, en representación de FORTA e xunto co director xeral de UTECA, o realizador de TVE e académico Fernando Navarrete, e o vicedecano de Relacions Institucionales da Facultade de Ciencias da Información da Universidade Complutense de Madrid, entre outros persoeiros, na presentación do proxecto de investigación liderado pola Universidade de Vigo "Debates electorales televisados en España: modelos, proceso, diagnóstico y propuesta". Este estudo está financiado polo Ministerio de Ciencia e nel participan tamén as universidades da Coruña, a Rey Juan Carlos de Madrid e a Northeastern de Boston (EE.UU).

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 10.4. Igualdade e tratamento da violencia de xénero

Ademais do apoio da canle pública galega ás políticas e campañas que loitan contra a violencia de xénero e fomentan a igualdade entre homes e mulleres, desde a Corporación dase exemplo e difúndese o respecto á igualdade entre homes e mulleres, tanto na programación como nas políticas de recursos humanos que se aplican na TVG e a Radio Galega.

No 2018 promovéronse accións encamiñadas a visibilizar o compromiso da CRTVG coa igualdade:

- creación dunha Comisión de Igualdade na CRTVG, constituída por representantes dos traballadores e por representantes da Corporación, para traballar na implantación dun Plan de Igualdade, de acordo coa definición dese principio que establece a Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- asistencia ao VII Congreso do Observatorio contra la Violencia Doméstica y de Género dunha representante da Corporación (Madrid, 18 e 19 outubro).
- renovación do convenio de colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade no que se recolle o apoio da Corporación para a visibilidade e audibilidade das mulleres dentro da programación da Televisión de Galicia e a Radio Galega (novembro 2018)
- así mesmo, a cuarta campaña RSC da CRTVG de 2018 estivo dedicada á igualdade, cunha acción de comunicación arredor do Día Mundial da ONU para a Ciencia e para a Paz (10 de novembro), e coa finalidade de facer unha posta en valor da muller e das vocacións científicas, técnicas e artísticas entre as nenas galegas. Esta acción contou coa colaboración das tres universidades galegas, coa finalidade de achegar a CRTVG á sociedade, e coa participación de máis dunha ducia de investigadoras, profesionais ou alumnas no eido coñecido como STEAM (Science, Technology, Engineering, Arts, and Maths). Procurouse o maior impacto posible a través da imaxe verdadeira de galegas que poidan representar modelos de valor para as nenas e mozas.

Así mesmo:

- o Consello de Administración da CRTVG conta cunha Comisión de Igualdade que celebrou no 2018 un total de seis reunións.
- a CRTVG forma parte do Observatorio Galego de Violencia de Xénero constituído no 2014 e que conta con representantes das administracións, da Xustiza, sindicatos, asociacións de mulleres e medios de comunicación.
- a CRTVG é membro da Comisión Asesora de Publicidade non sexista do Observatorio Galego de Violencia de Xénero, no que participa activamente e no que se valoran as denuncias daqueles casos de publicidade que fan un posicionamento non axeitado do papel da muller na sociedade.
- a CRTVG está integrada na asociación Autocontrol de Publicidade, na que participa todo o sector da publicidade de España.
- a web da CRTVG conta cunha canle temática que reúne os contidos sobre igualdade.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- unha representante da CRTVG participa como xurado nas convocatorias de concursos de creatividade da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia para a edición dos carteis divulgativos (8 de marzo e 25 de novembro).
- a CRTVG estableceu que nas contratacións públicas, no caso de empate entre varios candidatos un criterio de desempate sería o licitador que acredite a condición de Marca Galega de Excelencia en Igualdade.
- a CRTVG autorizou a emisión da longametraxe "Sara" (2003), unha coprodución da televisión catalá e TVG, nas xornadas contra a violencia machista organizadas en novembro pola vocalía de Dones de Casc Antic de Barcelona.

No que respecta aos recursos humanos dos medios públicos, é salientable que son mulleres o 38,14% do total do persoal da CRTVG, así como o 50% da directiva, 18 homes e 18 mulleres.

Máis concretamente, a área de Soporte Tecnolóxico, que engloba toda a xestión dos departamentos técnicos de produción, e a área de Información e Documentación, a de maior peso na parte xornalística, están dirixidas por dúas mulleres. Son mulleres, ademais, a adxunta ao director xeral, a directora do Departamento Operativo dos Servizos Informativos, a directora de Recursos Humanos, a subdirectora de Contidos, a xefa de Programas da Radio Galega e unha redactora xefa de Informativos, xunto a outras nove xefas de servizo e outras responsables de área. E no Consello de Administración, composto por 7 persoas, incluído o director xeral, hai un 42,8% de mulleres.

En pantalla, a presenza de presentadoras e xornalistas é tamén maioritaria. E non só iso, nos mandos intermedios en informativos, o "Telexornal Mediodía" e o "Telexornal Serán" teñen dúas directoras, o mesmo que o programa "A Revista". Só o "Bos Días" e a "A Revista Fin de Semana" están dirixidos por homes. Na pantalla, a presenza das mulleres en informativos é maioritaria. En todos os informativos hai mulleres, pero non homes. O "Galicia Noticias" ou o "Telexornal Serán" son exemplos disto.

Tamén nos deportes temos facianas femininas e non só presentando as noticias, senón tamén narrando os partidos de fútbol e comentando a xornada. E no Departamento de Predición Meteorolóxica hai tres mulleres en pantalla por un só home.

No que respecta á conciliación laboral, a CRTVG implementa distintas medidas para facilitar a compatibilización do traballo e da vida persoal para os empregados e empregadas. A porcentaxe deles que goza de medidas de conciliación é do 7,6%, 1 punto máis que no 2017.

Durante 2018, a CRTVG seguiu aplicando as recomendacións sobre o tratamento informativo da violencia contra as mulleres propostas polo Consello de Administración da CRTVG. Este documento, accesible no portal corporativo (http://www.crtvg.es/crtvg/portal-de-transparencia/responsabilidade-social-corporativa/autoregulacion/recomendacions-do-consello-de-administracion-da-crtvg-sobre-o-tratamento-informativo-da-violencia-contra-as-mulleres) propón como criterio xeral que as informacións relacionadas coa violencia de xénero deben ser obxecto dun tratamento serio, delicado e rigoroso que prime ante todo o respecto extremo ás vítimas.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Entre outros criterios, destácase a conveniencia de extremar o celo no manexo das fontes de información e das declaracións, incidindo tamén na idea de que os medios públicos galegos non se limitan ao tratamento dos feitos dramáticos senón que tamén divulgan os casos de éxito en que as mulleres conseguen liberarse dos malos tratos para que sirvan de exemplos a outras vítimas. Sempre se inclúe nas informacións o número de teléfono de atención aos casos de violencia machista.

Por outra parte, renovouse no 2018 o acordo entre a Vicepresidencia da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Igualdade, e a CRTVG para realizar accións conxuntas nesta materia, a promoción da igualdade a a loita para a eliminación da violencia de xénero. Segundo o acordo, os medios públicos galegos potenciarán a visibilidade das mulleres na súa programación e prestaranlles especial atención ás noticias relativas a delitos de violencia de xénero.

### 10.4.1.- Actuacións na TVG e na Radio Galega

En canto aos contidos, os medios públicos traballan pola promoción da igualdade a a loita para a eliminación da violencia de xénero. Deste xeito, poténciase a visibilidade das mulleres na programación, con especial atención ás noticias relativas a delitos de violencia de xénero. A modo de exemplo, emítense máis de 1.000 noticias sobre igualdade entre a radio e a televisión ao ano. A cobertura dos medios públicos galegos para sensibilizar sobre esta lacra e previr novos casos esténdese durante todo o ano e en grande cantidade de programas, con centos de pezas e con diversos enfoques, tal como suxiren as recomendacións do Consello de Administración da CRTVG.

Os Servizos Informativos da TVG tiveron moi en conta o Día da Celebración da Eliminación da Violencia contra a Muller, e así se reflectiu nos tres espazos informativos do día, que en 2018 cadrou en domingo. "A Revista Fin de Semana" comezou salientando o tema e anunciando a cobertura dos actos que tiveron lugar en toda Galicia así como unha conversa cunha psicológa e cunha avogada expertas en violencia de xénero.

No "Telexornal Mediodía", a conmemoración do 25 de novembro foi titular destacado do informativo, coa andaina desde o Monte do Gozo, e as concentracións celebradas en toda Galicia. Tamén, se incluíu unha peza de análise baixo o título de "Despois das denuncias", sobre a situación psicosocial na que quedan as víctimas de violencia de xénero unha vez interposta a denuncia ante as autoridades. E no "Telexornal Serán" afondouse neste tratamento informativo.

Como complemento a estas accións desenvolvidas nos informativos, desde o departamento de Proxección Social xa se alertaba aos espectadores a través da web cunha nota de prensa específica.

No caso da Radio Galega, todos os informativos dos días anteriores avanzaron contidos arredor do 25 de novembro, complementando a información xenérica con entrevistas e reportaxes sobre entidades que traballan no eido da prevención e da atención ás vítimas. Tamén nos espazos especializados, como o "Diario Cultural" da semana do 20 ao 25 de novembro houbo tempo para salientar esta realidade. Cada día da semana neste espazo procedeuse á lectura dun fragmento do libro "Sinfonía de Muller",

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de Claudio Rodríguez Fer. Xa na xornada do domingo, o “Galicia por Diante Fin de Semana” tivo contidos monográficos, e pódese salientar a emisión de fragmentos de relatos de vítimas da violencia machista distribuídos en cada hora do programa, acompañados de fragmentos do libro ‘Invisibles’, de Montse Fajardo. Tamén o “Crónica das dúas” tomaba a remuda e afondaba no acontecer dese día no que houbo centos de actos por toda a xeografía galega.

## 10.5. Apoio ás persoas con discapacidade

Facer accesibles os contidos dos medios públicos galegos ao maior número posible de cidadáns é un obxectivo da CRTVG, sendo salientable o especial esforzo que leva a cabo para que as minorías e as persoas con discapacidade sintan como propias a TVG e a Radio Galega. Nesta liña, a TVG emite un informativo diario en lingua de signos, programación subtitulada en galego e atende, na medida das súas posiblidades, ás distintas federacións e asociacións do sector social.

En 2018, TVG emitiu 280 horas en lingua de signos (LSE), das que 271 son do “Telexornal Mediodía” na súa redifusión na segunda canle. Outros programas especiais como o acto de entrega das Medallas do Parlamento, o Debate do Estado da Autonomía, e o Discurso de Fin de Ano do presidente da Xunta de Galicia, tamén son emitidas en LSE.

Ademais, e no que respecta ao subtitulado, a TVG tivo 3.658 horas de emisión subtitulada, das que 1.232 corresponden á primeira canle e 2.426 á segunda. A canle emite diariamente un informativo, o “Galicia Noticias Mediodía”, xusto antes do Telexornal Mediodía, cunha duración de 30 minutos, o que suma 130 horas ao ano. Como xa se adiantou no capítulo de Contidos, na primeira canle o tipo de programas con maior contido subtitulado son os dedicados ao entretemento, con 327 horas, seguidos dos concursos con 240 horas, as series con 190 horas e os programas divulgativos e informativos, con 186 horas. Na segunda canle o contido máis subtitulado son os debuxos animados, con 1.168 horas, seguido das series con 565 horas, os documentais, con 271 horas, e as longametraxes, con 126 horas. Estas lendas son accesibles a través da opción correspondente no menú da TDT.

Por outra parte, son varios os programas que prestan especial atención ao colectivo de persoas con discapacidade, entre eles o veterano “Convivir” da Radio Galega e o espazo “Convivir Deportivo”, que abre unha fiestra ao deporte desde a mesma óptica que o programa de actualidade social 'Convivir', para dar acubillo ao deporte base e a historias de superación e voluntariado, entre outros contidos. Tamén o programa “Lambóns dixitais”, que se emite desde 2017, conta cunha sección semanal sobre tecnoloxía inclusiva, na que se fala de avances tecnolóxicos para a integración de persoas con discapacidade.

Por outra banda, o ano pasado aplicáronse os criterios de recoñecemento do tratamento da discapacidade establecidos na Resolución da Dirección Xeral do 28.06.2011. Amais, a CRTVG incluíu en todos os servizos que licitou a obriga do contratista de cumprir as disposicións vixentes en materia de integración social de persoas con discapacidade.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E a contratación de persoal na CRTVG e as súas sociedades fíxose a través dunhas listaxes de contratación, onde cada aspirante ten unha posición e unha puntuación en función da cualificación obtida no Proceso Selectivo Extraordinario de Consolidación de Emprego finalizado en 2012, en que se reservou o 7% das prazas a persoas con discapacidade.

Ademais, mantivéronse dous contratos con centros especiais de emprego sen ánimo de lucro, de acordo coa reserva establecida de entre o 3 e o 5% dos contratos da Administración da Xunta de Galicia aos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro.

En xuño, os informativos da fin de semana da Televisión de Galicia resultaron gañadores da segunda edición do Premio Cegasal de Xornalismo 2018 por unha reportaxe sobre as persoas con discapacidade, que competía na categoría de televisión/radio á *Mellor Información de Economía Social*. O traballo, emitido no Telexornal e elaborado pola xornalista Jessica Pintor e o reporteiro Rubén Milego, afonda nos cambios que introduce a nova Lei de Contratación Pública para as persoas con discapacidade. Os premios Cegasal están organizados pola Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego Sen Ánimo de Lucro.

En outubro, a CRTVG participou na xornada "As tecnoloxías da lingua, unha oportunidade para a sociedade galega", no Consello da Cultura Galega, na que se debateron as distintas opcións e investigacións actuais arredor das tecnoloxías da fala e da linguaxe en galego.

## 10.6. Accións internacionais

En 2018 a actividade internacional da CRTVG destacou en tres eixos, Europa, Portugal, e países da cultura celta.

A CRTVG goza dun especial peso e prestixio en CIRCOM, a asociación das televisións públicas rexionais europeas que reúne unhas 250 televisións e centros emisores de 30 países, entre elas 11 autonómicas españolas, e da cal é secretario xeral o director de Contidos da Corporación, desde 2015.

O secretario xeral de CIRCOM lidera un equipo multinacional que organiza as actividades da entidade como a Conferencia anual pero tamén uns 15 eventos ao ano en diversos lugares de Europa, incluíndo a celebración dos principais premios da televisión rexional europea, aos que habitualmente se presentan unhas 200 candidaturas. Tamén ten entre as súas funcións como secretario xeral de CIRCOM a de representar institucionalmente o colectivo das televisións públicas rexionais europeas, como sucedeu en outubro cun encontro en Estrasburgo co Presidente do Parlamento Europeo, Antonio Tajani, para asinar un convenio de colaboración. Igualmente forma parte do Comité Asesor do Observatorio Audiovisual Europeo.

Finalmente, tamén en 2018 o grupo Celtic Media convidou a CRTVG a entrar na súa directiva. Neste grupo están representadas as radiotelevisións BBC Escocia, MG/BBC Alba, BBC Gales, BBC Irlanda del Norte, as públicas irlandesas RTÉ e TG4, a galesa S4C

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e varios organismos públicos. Sen estar na directiva, tamén participa a bretona France 3 Breith. O director de Contidos da CRTVG pasou así a ser membro do Comité Executivo de Celtic Media.

Toda esta presenza institucional exterior está a achegar á CRTVG un acceso directo e privilexiado ao coñecemento do que está a acontecer noutros sistemas públicos e mercados audiovisuais, tanto no que atinxe á evolución do sector en materia de xestión coma en formatos de programas, boas prácticas profesionais, novidades no xornalismo ou a relación coas novas canles e plataformas.

Por outra parte, o acceso a estas organizacións fixo posible un ano máis que a CRTVG puidera participar en formacións especializadas que CIRCOM organizou en distintas cidades europeas. Formación de formadores en contidos dixitais, xornalismo de datos, xestión de organizacións audiovisuais, xestión do cambio en contornas dixitais, ou novos formatos do relato, foron os temas dalgúns destas actividades formativas ás que asistiron oito profesionais da CRTVG ao longo de 2018.

### 10.6.1 Aproximación á lusofonía e á cultura portuguesa

Outra liña de traballo internacional é o achegamento aos medios públicos portugueses, e a busca de sinerxías entre as culturas e as linguas dos dous países para un mellor servizo público. De feito, no 2019, a Radio Televisión Portuguesa (RTP) e a CRTVG tramitarán a renovación da súa colaboración coa sinatura dun novo convenio no que enmarcar diversos desenvolvementos entre Galicia e Portugal no eido audiovisual.

A colaboración cos medios públicos portugueses avanzou en 2018 en diversos eidos relacionados coa información, os contidos e o intercambio de experiencias, ata o punto de que a Televisión de Galicia foi o único medio convidado por RTP ao Festival de Eurovisión, o maior evento televisivo de Europa e posiblemente do mundo. Celebrado en Lisboa en maio, contou coa representación do director de Contidos e o subdirector de Produción da CRTVG, que puideron coñecer de primeira man a gran produción dun evento como o festival da canción europea, que Portugal acolleu por primeira vez na súa historia.

Anteriormente, en xaneiro de 2018, e a proposta da CRTVG, a rede de canles de televisións rexionais FORTA organizou unha reunión dos directivos de canles españolas en Lisboa, na que participaron directivos da canle pública RTP.

Ademais, desde 2016 a CRTVG traballa de maneira permanente cun xornalista na cidade do Porto. o que repercutiu na ampliación da cobertura informativa e na presenza de falantes de portugués nos programas informativos dos medios públicos galegos. Tamén, a CRTVG incorpora cabeceiras portuguesas xunto ás galegas á revista de prensa que se emite dentro do programa informativo “Bos Días”.

No que respecta aos seus contidos, TVG estreou en 2018, pola súa segunda canle, a serie xuvenil lusa “Morangos com Açucar”, en versión orixinal, a primeira que emitiu en portugués, e subtitulada en galego. A CRTVG emitiu 60 capítulos da serie, ata a primeira semana de xuño. O departamento de Contidos fixo outras compras de produción

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

portuguesa, como a serie “Ouro verde” da canle TVI, que acaba de obter o Premio Emmy á Mellor Telenovela Internacional.

Tamén no 2018, e como xa se detallou no capítulo correspondente aos Contidos da TVG, a CRTVG abordou unha nova coprodución coa RTP, que se rodou entre o norte de Portugal e localizacións galegas. Titulada 'Verão M' e composta por 13 episodios, é unha aposta fresca, de verán, dirixida a toda a familia, que se emitirá no 2019. Esta produción enmárcase na liña de cooperación audiovisual establecida co país veciño que ten moito futuro pola nosa identidade cultural.

A serie ten un compoñente transfronteirizo puro: acontece ao outro lado da raia e con personaxes galegos, cunha presenza de Galicia nas propias historias e, incluso, cunha parte da rodaxe en Galicia. 'Verão M' naceu como continuidade á estreita cooperación entre a TVG e a RTP, que deu lugar a variados desenvolvementos entre as dúas canles, como programas conxuntos nos últimos anos ('Aquí Galicia', 'Camiños da Irmandade'), ou coproducións de ficción como 'Vidago Palace' emitida no 2017. A CRTVG tivo tamén un activo papel na supervisión lingüística da rodaxe, traballando cos actores lusos que empregaban o galego para garantir a súa calidade e precisión.

O Servizo de Asesoramento Lingüístico da CRTVG segue as recomendacións da Academia Galega da Lingua Portuguesa, para que os medios públicos galegos coiden a fonética portuguesa á hora de pronunciar os nomes propios e topónimos lusos. Así mesmo, nas noticias sobre Portugal respéctanse as grafías en portugués dos nomes propios e topónimos, cos tiles que se usan en portugués e con marcas de nasalidade en vogais. Ademais, en marzo de 2018, a CRTVG puxo en marcha a iniciativa *“Aprendendo portugués con 'Morangos con açúcar*', a serie lusa que emitiu entre marzo e maio na tvG2. A través da canle de YouTube (.youtube.com/user/TVG/videos) e tamén no portal web crtvg.gal, emitíronse vídeos didácticos para a aprendizaxe da lingua portuguesa, xogando coas semellanzas e curiosidades respecto do galego, sempre arredor dos guións da serie.

Por último, as redes sociais da Corporación fixéronse eco da campaña que A Mesa pola Normalización Lingüística e a Associaçom Galega da Língua (AGAL), xunto coa Fundación Vía Galego, desenvolveron para promover os nomes dos días da semana tradicionais, que se seguen a empregar en Portugal: domingo, segunda feira, terza feira, cuarta feira, quinta feira, sexta feira e sábado.

No 2018, a CRTVG asinou un convenio coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para apoiar a difusión do proxecto aRitmar, de divulgación de música e poesía galego portuguesa e que organiza anualmente a Escola de idiomas de Santiago de Compostela. As canles da Corporación difunden os traballos presentados, así como a gala de entrega de premios. No 2019, este protocolo será renovado.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 10.7. Eventos no eido da Responsabilidade Social Corporativa

O departamento de Proxección Social coordina accións ao longo do ano para achegarse á sociedade, colaboración con organizacións públicas e privadas e entidades do terceiro sector.

### 10.7.1. Culturgal

Cada mes de decembro, no Culturgal, a feira das industrias culturais de Galicia, que se celebra no Pazo da Cultura de Pontevedra, o público pode coñecer máis de preto como se fai un informativo da TVG grazas ao *stand* que instala a Corporación cun plató virtual. A participación dos asistentes á feira, que se converten por uns minutos en presentadores do telexornal lendo unha noticia diante das cámaras, é gravada e ponse a disposición do público na páxina web da CRTVG.

### 10.7.2. Unicef

A CRTVG e UNICEF uníronse un ano máis en novembro para poñer en marcha a “Semana coa Infancia”, unha iniciativa solidaria para sensibilizar sobre a situación de miles de nenos e nenas que non ven cumpridos os seus dereitos no mundo.

O obxectivo da campaña “Un nome, unha Vida” era evitar as mortes dos bebés no seu primeiro mes de vida sen chegar a ter un nome, xa que moitos pais non llelo poñen por medo a que non sobrevivan. Con este obxectivo, os programas máis destacados da grella da Televisión de Galicia e da Radio Galega, así como o seu portal web e medios sociais, fixeron un chamamento especial á audiencia galega. Co recadado, Unicef puido proporcionar 36 *kits* de partos a 1.800 nais. Presentadores, xornalistas e actores de series da CRTVG axudaron a que, un ano máis, UNICEF tivera impacto na sociedade cos seus testemuños e vídeos de promoción da campaña.

### 10.7.3. Campaña de Nadal: #asmanscomunican

No Nadal de 2018, a CRTVG creou unha campaña propia, baixo o lema #asmanscomunican, coa que compartiu unha mensaxe de integración, especialmente do colectivo de persoas xordas, e coa que felicitou as festas a todos os galegos e galegas. Desde o departamento de Proxección Social creáronse 18 spots, cada un con distintos presentadores/as dos distintos espazos da TVG e a Radio Galega, nas que felicitaban o Nadal en lingua de signos. Para completar a campaña, creouse unha páxina web *ad hoc* e mensaxes para as redes sociais que foron o soporte da campaña.

### 10.7.4. Cabalgata de Reis, desde A Coruña

Cada 5 de xaneiro, a CRTVG fai un despregue técnico e humano para facer conexións coas cabalgatas dos Reis Magos de toda Galicia. E cada ano escóllese unha cidade para retransmitir íntegra e en directo a súa cabalgata na que participa un autobús panorámico da TVG no que viaxan o Xabarín e os Bolechas.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

No 2018, esa cidade foi A Coruña onde se instalou un set que visitaron algunhas das caras máis coñecidas da pequeña pantalla. Esta acción anual ten a finalidade de promocionar a lingua galega entre os máis pequenos nas festas de Nadal.

## 10.8. Convenios e colaboración con organismos

Desde Proxección Social aténdense e canalízanse peticións de colaboración de numerosas organizacións sociais. Son tamén habituais as peticións de información que remiten profesores/as universitarios de toda España, para a realización de estudos, enquisas ou traballos especializados arredor do audiovisual e a formación.

Moitas desas colaboracións teñen como factor común o apoio á lingua galega, un aspecto prioritario para a CRTVG, cuxa creación veu vinculada á súa misión de normalización lingüística. Nesta liña, no 2018 houbo unha edición máis do concurso de produción audiovisual infantil “Nós tamén creamos”, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, concurso que promove a lingua galega a través da creatividade e a incorporación das TIC nas aulas, mediante a creación de curtametraxes en galego.

Así mesmo, en xuño a CRTVG colaborou de novo co Consello Xeral do Poder Xudicial a quen se lle organizou unha sesión formativa na sede de San Marcos para un grupo de xuíces e maxistrados galegos que visitaron a TVG e a Radio Galega e aprenderon como traballa o medio e como atender os xornalistas nunha sesión moi práctica.

Ao longo do ano, desde a CRTVG leváronse a cabo diversas accións de cooperación con organizacións sociais, como Médicos sen Fronteiras ou Down Galicia, Entre outras accións, apoiuse tamén a campaña do Sorteo de Ouro de Cruz Vermella, a quen se cedeu un espazo durante varios días na sede de San Marcos. E a Radio Galega participou un ano máis na iniciativa solidaria “A Radio Conta” coas emisoras locais da cidade da Coruña.

E o departamento de Documentación da CRTVG atende peticións de cesión de material audiovisual por parte de asociacións, concellos, editoriais, fundacións, entre outras organizacións. No 2018 houbo 50 cesións deste tipo, referenciadas no capítulo dedicado ao Arquivo neste mesmo informe. Entre elas, a UGT Galicia, á Escuela Naval Militar de Marín, ao Ministerio de Agricultura e Pesca, á Secretaría Xeral para o Deporte, á Secretaría Xeral de Cultura, á Fundación Luís Seoane ou á Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica.

## 10.9. Responsabilidade social na publicidade

O uso da publicidade é igualmente un eido no que a CRTVG exerce a responsabilidade social, para que prevalezan uns principios éticos acordes coa súa misión e coa protección da infancia e do público en xeral. No 2017 foran aprobadas polo Consello de Administración as novas normas reguladoras da comunicación comercial audiovisual da

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CRTVG que contan cun capítulo específico sobre a imaxe da muller (Capítulo 3). O documento é accesible en:
http://www.crtvg.es/files/Normasreguladorascomunicacincomercial24102017.pdf

E os medios públicos están comprometidos cunha serie acordos e regulacións:

- A Asociación para a Autorregulación da Comunicación Comercial, entidade da que CRTVG é membro e que vela polas boas prácticas da publicidade en España, seguindo un Código de Conduta.
- Normas internas de "product placement" para evitar a confusión da publicidade con outros contidos dos programas da CRTVG
- En 2018, unha representante da CRTVG continuou a participar na Comisión de Prevención da Publicidade Sexista, creada no ámbito do Observatorio Galego de Violencia de Xénero constituído en 2014, e que celebrou dúas reunións o ano pasado. A mesma representante participa como xurado no certame escolar anual de carteis do Día Internacional da Muller da Xunta de Galicia e do Día Internacional Contra a Violencia de Xénero

## 10.10. Visitas á CRTVG

Desde a área de Relacións Públicas da CRTVG aténdese a intensa actividade de xestión e asistencia a todos os convidados/as dos programas de entrevistas e faladoiros da TVG e a Radio Galega. Así mesmo, son moitas as organizacións, centros escolares e grupos que solicitan coñecer por dentro a sede de San Marcos.

No 2018, atendeuse un total de 34.161 persoas:

- Informativos e programas TVG: 28.648 persoas.
- Programas especiais: 2.627 persoas.
- Informativos e programas RG: 1.571 persoas.
- Visitas institucionais: 115 persoas.
- Visitas escolares: 1.200 persoas.

Neste ano, foi salientable a visita institucional dos membros da Comisión de Control da CRTVG no Parlamento galego, o 30 de xaneiro, ás instalacións dos medios públicos. Os 12 deputados asistentes, representantes do PP, PSdeG-PSOE, BNG e En Marea coñeceron a profunda transformación das instalacións e da estrutura organizativa da Corporación, a causa do proceso de dixitalización.

Os deputados e deputadas fixeron un percorrido polos distintos edificios dos medios públicos galegos, onde coñeceron o arquivo, as redaccións, controis e estudios da TVG e da Radio Galega, así como o Consello de Administración da Corporación. Posteriormente, desde o control 300 de San Marcos asistiron á realización, en directo, do espazo informativo "A Revista".

Así mesmo, entre as visitas de grupos escolares e campamentos, houbo unha dos rapaces do Work Camp, con participantes de ámbito nacional e internacional, chegados de

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xapón, México e Taiwán que visitaron a CRTVG como parte das actividades do campamento 2018. Durante dita visita, atendida en inglés e galego, amosaron especial interese polos medios técnicos e presenciaron a realización en directo de “A Revista”, onde incluso apareceron en pantalla.

## 10.11. A CRTVG en FORTA. A campaña “Lo Veo”

*“Lo Veo”* é a iniciativa de FORTA que pretende poñer en valor o importante papel que desenvolven os servizos audiovisuais públicos autonómicos e na que a CRTVG participa activamente. Con esta campaña, as canles adheridas a FORTA poñen en valor o seu importante papel en todo o estado e comunican conxuntamente as súas iniciativas, ás que a CRTVG achega datos, imaxes e recursos para a súa difusión. Na comisión de comunicación de FORTA, a Corporación está representada por Xaime Arias, director de Proxección Social.

En novembro, a Corporación de Radio e Televisión de Galicia participou en Madrid nunha xornada sobre os modelos, recursos e financiamento da televisión de proximidade en Europa. Neste encontro interveu amais FORTA, a Academia da TV e a Oficina do Parlamento Europeo e a Comisión Europea en España. A xornada, que levou por título ‘Modelos de TV de proximidade en España e en Europa. Como mellorar a información europea’, contou coa participación de Fernando R. Ojea, director de Contidos da CRTVG e secretario xeral de Circom. Nesta mesa redonda analizouse un estudo recente elaborado pola Universidade de Santiago de Compostela sobre o panorama actual dos medios audiovisuais públicos estatais e autonómicos, así como as tendencias da radiotelevisión pública en Europa.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# 11. O CONTROL SOBRE A CORPORACIÓN RTVG

## 11.1. Consello de Administración da Corporación RTVG

Son órganos da Corporación RTVG o Consello de Administración e o director xeral. O primeiro componse de sete membros, un deles o director xeral da Corporación RTVG.

### 11.1.1 Competencias e funcións do Consello de Administración

Correspóndelle a administración e o control da Corporación RTVG, mentres que o director xeral desempeña a dirección executiva. E ten como competencias e funcións:

- As facultades indelegables consonte a lexislación mercantil, isto é, a rendición de contas da xestión social e a presentación de balances á Xunta Xeral de Accionistas, así como o exercicio daquelas facultades que esta lle atribúa.

- Nomear o persoal directivo designado polo director xeral e formalizar o seu cesamento no suposto de destitución por parte deste (a Dirección Xeral da Corporación RTVG designa con criterios de profesionalidade e destitúe o persoal directivo, logo de notificarllo ao Consello de Administración da Corporación RTVG).

- Aprobar as directrices básicas en materia de persoal e o cadro de persoal (a Dirección Xeral da Corporación RTVG exerce a xefatura superior do persoal e desenvolve os preceptos básicos do Consello de Administración da Corporación RTVG en materia de persoal). Esta competencia precísase no artigo 36 (“Funcións en materia de persoal”) dos estatutos sociais:

1. Corresponde ao Consello de Administración:

a) A aprobación das directrices básicas en materia de persoal.
b) A aprobación do cadro de persoal.

2. Correspóndelle á directora ou director xeral:

a) A designación, con criterios de profesionalidade, e a destitución do persoal directivo, despois da notificación ao Consello de Administración.
b) O exercicio da xefatura superior de persoal da Corporación e o desenvolvemento das directrices básicas do Consello de Administración en materia de persoal.
c) A aprobación da estrutura organizativa básica de carácter xeral da Corporación.
d) A aprobación da estrutura organizativa do persoal directivo, determinando os postos directivos necesarios e as funcións que estes deben desenvolver.
e) A convocatoria e resolución de probas selectivas e a aprobación das súas bases.
f) A convocatoria e resolución dos concursos de traslados.
g) O exercicio das facultades disciplinarias.
h) A provisión dos contratos do persoal excluído da aplicación do convenio colectivo.
i) A aprobación dos regulamentos de réxime interior, así como os de organización interna, estrutural e funcional, para o cal ditará as circulares e instrucións precisas.
l) O impulso da formación profesional dos traballadores.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

◆ Aprobar o regulamento interno e demais normas de funcionamento do propio Consello de Administración da Corporación RTVG.

◆ Aprobar a creación dos órganos ou das comisións de participación, asesoramento ou de control interno.

◆ Aprobar o plan anual de actividades, a memoria anual e os anteproxectos de orzamentos elaborados pola Dirección Xeral da Corporación RTVG.

◆ Vixiar o cumprimento da misión de servizo público encomendada polo mandato marco e o contrato programa.

◆ Aprobar a organización básica e as súas modificacións.

◆ Aprobar, por proposta do director xeral da Corporación RTVG, o plan xeral de actuación e os plans de programación das distintas canles de radio e televisión públicas.

◆ Aprobar as normas reguladoras da emisión de publicidade tendo en conta os criterios de autorregulación do sector.

◆ Aprobar o informe anual sobre a xestión e sobre o cumprimento da misión de servizo público atribuída.

◆ Aprobar o proxecto de orzamentos anuais de explotación e capital, así como os plans financeiros plurianuais previstos na normativa.

Como órgano representativo do pluralismo político e social, correspóndelle o establecemento dos criterios reitores da dirección editorial da Corporación RTVG. Entendese por criterios reitores a fixación dos principios que deben inspirar a dirección editorial da Corporación RTVG. As dúbidas que no transcurso da actividade da sociedade poidan xurdir en relación coa atribución dunha competencia ao Consello de Administración ou á persoa titular da Dirección Xeral da Corporación RTVG resolveranse sempre a prol desta.

Así mesmo, son competencias do devandito órgano colexiado:

- A formulación das contas anuais.

As contas anuais formúlanse polo Consello de Administración da Corporación RTVG e sométense, xunto coa proposta de distribución de resultados, a aprobación por parte da Xunta Xeral de Accionistas de acordo coa lexislación mercantil. Logo de aprobadas e remitidas ao Parlamento de Galicia para o seu coñecemento, o director xeral da Corporación RTVG comparece ante a comisión de control parlamentario correspondente.

- Aprobar o estatuto profesional, tras escoitar as organizacións sindicais representativas.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

• Defínese como un instrumento destinado a fortalecer a calidade, profesionalidade e independencia dos contidos informativos ofrecidos polas distintas canles de radio, televisión e Internet, en resposta aos principios xerais que inspiran a Lei 9/2011, do 9 de novembro.

• Aprobar as normas de organización e funcionamento do consello de informativos, logo de escoitar as organizacións sindicais representativas. Determinado como o órgano interno de participación dos profesionais da información da Corporación RTVG co fin de velar pola independencia, veracidade e obxectividade dos contidos informativos difundidos por todas as súas canles.

• No capítulo do dereito de acceso, a fixación de espazos específicos na televisión e radio, oída a autoridade audiovisual independente que se constitúa.

• No artigo 18 do mandato marco indícase que "O dereito de acceso, entendido como a participación dos grupos políticos e sociais significativos e en concreto dos partidos políticos con representación parlamentaria, na programación da Corporación RTVG, será regulado polo Consello de Administración da Corporación, conforme o establecido pola lexislación vixente".

• Antes da súa aprobación por parte da Dirección Xeral da Corporación RTVG, a emisión de informe non vinculante en relación coa regulamentación complementaria para o procedemento de actuación corporativa en materia de xestión inspirada no principio de transparencia, e que teña en conta, en materia de réxime de contratación, a suxeición aos principios de publicidade e concorrencia, nos termos establecidos no artigo 47 da Lei 9/2011, do 9 de novembro. Por último, está facultado para modificar o enderezo social da Corporación RTVG.

### 11.1.2 Elección dos membros do Consello de Administración

Por acordo do 5 de marzo de 2012, a Mesa do Parlamento de Galicia aprobou as normas de elección dos membros do Consello de Administración da Corporación RTVG. Esta, ao abeiro do disposto no artigo 2 das devanditas normas, na xuntanza celebrada o 14 de xullo de 2015, escoitada a Xunta de Voceiros, iniciou o procedemento para a elección dos seus seis membros.

Concluído o prazo para a presentación das propostas de candidatos, e substanciadas as comparecencias ás que se refiren os artigos 2 e 3 das normas anteriormente citadas (que se produciron na sesión extraordinaria da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da CRTVG celebrada o 23 de xullo de 2015), a Mesa do Parlamento elaborou unha listaxe pechada cos nomes das seis persoas propostas e os grupos parlamentarios que as propuxeron, dando así cumprimento ao disposto nos artigos 14, alínea 3, da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 12, alínea 3, dos estatutos sociais. Por Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 29 de xullo de 2015, ordenouse a publicación das candidaturas para formar parte do Consello de Administración da Corporación RTVG.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

### 11.1.3 Proclamación

Na sesión plenaria que celebrou o lexislativo galego o 3 de agosto de 2015, por acadar todos eles a maioría de dous terzos determinada nos artigos 14, alínea 1, da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 12, alínea 1, dos estatutos sociais, proclamáronse elixidos membros do Consello de Administración da Corporación RTVG:

- Don Xosé Antón García Ferreiro.
- Don Luis I. de la Matta Cantó.
- Don Higinio Meijide Gómez.
- Dona Ana I. Peón Piñeiro.
- Dona Beatriz Soler Vázquez-Guillén.
- Dona Leticia Vilar Pumares.

### 11.1.4 Nomeamento

Constituíu o derradeiro trámite o seu nomeamento por parte da Xunta Xeral de Accionistas, de acordo co preceptuado nos artigos 14, alínea 4, da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 12, alínea 4 dos estatutos sociais, dilixencia que aquela levou a cabo mediante acta de decisións do 31 de decembro de 2015, asinada pola Srª secretaria xeral técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, dando así cumprimento ao establecido no artigo 14, alínea 2, dos estatutos sociais.

### 11.1.5 Mandato

Segundo o establecido no artigo 16 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, o mandato dos membros do Consello de Administración da Corporación é de cinco anos, contados desde o seu nomeamento. O mandato é renovable por unha soa vez. Esgotado o mandato, continúan no exercicio das súas funcións ata a toma de posesión dos novos conselleiros.

Cesan no cargo por: expiración do prazo do seu mandato, renuncia expresa notificada formalmente ao Consello de Administración da CRTVG, defunción, inhabilitación para o exercicio de cargo público ou por condena por delito doloso (declaradas en sentenza firme) e por incompatibilidade sobrevida. Tamén cesan por separación aprobada polo Parlamento de Galicia, por maioría de dous terzos, por proposta motivada da Xunta Xeral de Accionistas ou, polo menos, de catro membros do Consello de Administración da Corporación, logo da instrución do correspondente expediente, con audiencia do interesado, por non desenvolver as súas funcións de acordo cos requirimentos que determinan a Lei 9/2011, do 9 de novembro, e as normas que a desenvolvan. Dende o seu nomeamento, ningún dos seis membros do Consello de Administración da CRTVG cesou no cargo por calquera das causas anteriormente descritas.

De producirse algunha vacante, esta será cuberta na forma determinada nas alíneas 1, 2, 3 e 4 do artigo 14 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, respectando a pluralidade de orixe. O mandato dos novos conselleiros terá unha duración equivalente ao tempo que lles quedase de mandato aos membros aos que substitúen. Dende a constitución do

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Consello de Administración da Corporación RTVG, non se produciu ningunha vacante neste.

### 11.1.6 Aceptación do cargo

A aceptación do cargo de membro do Consello de Administración da Corporación RTVG por cada unha das persoas anteriormente mencionadas produciuse na reunión ordinaria celebrada o 4 de xaneiro de 2016, cargo para o que, como se indicou, foron nomeados pola Xunta Xeral de Accionistas.

Nesa mesma xuntanza manifestaron non estar incursos en ningunha das prohibicións ou incompatibilidades legais para o exercicio do cargo, especialmente as reflectidas expresamente nas leis 9/2011, do 9 de novembro, 9/1996, do 18 de outubro, de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autonómica, e 53/1984, do 26 de decembro, e demais normativa que puidera ser de aplicación, ou calquera disposición estatutaria sobre a materia.

### 11.1.7 Réxime dos membros do Consello de Administración

Os membros do Consello de Administración da Corporación RTVG, incluído o seu director xeral, están vinculados coa Corporación RTVG por unha relación mercantil, sen prexuízo das especialidades establecidas na Lei 9/2011, do 9 de novembro.

O Consello da Xunta, na reunión do 21 de xaneiro de 2016, por proposta da Consellería de Facenda, dando cumprimento ao disposto nos artigos 29, alínea 2, da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 13, alínea 6, dos estatutos sociais, aprobou as retribucións dos integrantes do Consello de Administración da Corporación RTVG, especificándose que, ao abeiro do disposto no artigo 15, alínea 2, do Decreto 119/2012, do 3 de maio, que establece como límite máximo a percibir por retribucións e indemnizacións por preparación e asistencias a consellos de administración as de director xeral, non procedía percibir retribución ou indemnización ningunha por este concepto.

### 11.1.8 Presidencia

A Presidencia é puramente funcional e exércese de forma rotatoria polos seus membros, excluído o director xeral da Corporación RTVG, por un período de seis meses.

Ten como funcións: convocar as sesións, ordenar os debates e conducir as deliberacións asegurando a súa boa marcha, conforme dispoña o regulamento interno e demais normas de funcionamento do propio órgano. Así mesmo, ten os seguintes cometidos: organizar e coordinar coa Comisión de Economía e Control a avaliación periódica do Consello de Administración da Corporación RTVG e a coordinación deste e a Dirección Xeral da Corporación RTVG. Quen exerce a Presidencia non ten ningunha función de representación ou dirección executiva da empresa, correspondéndolle á Dirección Xeral da Corporación RTVG.

Durante 2018, ocuparon a Presidencia do Consello de Administración da Corporación RTVG:



CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- Xosé Antón García Ferreiro, elixido, por unanimidade, no pleno ordinario celebrado o 26 de xullo de 2017. Desempeñou o cargo entre o 1 e o 31 de xaneiro de 2018. Nomeamento inscrito, o 30 de outubro de 2017, no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela (folio 207, tomo 212, sección 8, folla número SC-4608, inscrición 53ª –BORME número 217, do 15 de novembro de 2017-).
- Luis I. de la Matta Cantó, elixido, por unanimidade, no pleno ordinario celebrado o 31 de xaneiro de 2018. Desempeñou o cargo entre o 31 de xaneiro e o 31 de xullo de 2018. Nomeamento inscrito, o 25 de maio de 2018, no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela (folio 208, tomo 212, sección 8, folla número SC-4608, inscrición 55ª -BORME número 105, do 4 de xuño de 2018-).
- Higinio Meijide Gómez, elixido, por unanimidade, no pleno ordinario celebrado o 31 de xullo de 2018. Desempeñou o cargo entre o 31 de xullo e o 31 de decembro de 2018. Nomeamento inscrito, o 19 de outubro de 2018, no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela (folio 208, tomo 212, sección 8, folla número SC-4608, inscrición 56 -BORME número 207, do 26 de outubro de 2018).

### 11.1.9 Secretaría

En virtude do determinado nos artigos 21 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, e 19 dos estatutos sociais, o Consello de Administración da Corporación RTVG ten unha secretaria ou secretario, que deberá ser licenciada ou licenciado en dereito. Non poderá ter a condición de membro do devandito órgano colexiado e actúa con voz mais sen voto. A súa designación e a destitución correspóndelle ao Consello de Administración da Corporación RTVG, así como a súa substitución temporal nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade.

Funcións:

- Prestar asesoramento xurídico ao Consello de Administración da Corporación RTVG para o correcto desempeño das súas funcións.

- Preparar as reunións.

- Expedir acta do que aconteza en tales reunións e levar un rexistro axeitado para o correcto desempeño da sociedade.

- Certificar os acordos deixando constancia exhaustiva dos seus aspectos e das deliberacións.

Aplícaselle o réxime de incompatibilidades e deberes previsto para os membros do Consello de Administración da Corporación RTVG, agás o relativo a dedicación exclusiva. No pleno ordinario do 25 de outubro de 2016, por maioría, dona María García de la Concha Álvarez foi elixida secretaria non conselleira por un período de un ano (no pleno ordinario celebrado o 21 de decembro de 2017, tamén por maioría, ratificouse a súa designación para o cargo ata o 31 de decembro de 2018).

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

### 11.1.10 Dirección Xeral da Corporación

Como se indicou anteriormente, o Consello de Administración da Corporación RTVG componse de sete membros, un deles o director xeral

Ao abeiro do disposto na disposición transitoria terceira da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, modificada pola disposición derradeira cuarta da Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, a Srª secretaria xeral técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, actuando como representante da accionista única da Corporación RTVG (a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia), mediante a acta de decisións do 31 de decembro de 2015, designou a don Alfonso Sánchez Izquierdo director xeral da Corporación RTVG, ostentando as funcións de administración e representación da empresa a partir das 00:00 horas do 1 de xaneiro de 2016.

O Sr. Sánchez Izquierdo foi nomeado director xeral da Corporación RTVG na primeira sesión do Consello de Administración da Corporación RTVG, a celebrada o 4 de xaneiro de 2016, quen, presente no acto, aceptou o cargo, manifestando no estar incurso en ningunha das prohibicións ou incompatibilidades legais para o exercicio deste, especialmente as recollidas expresamente nas leis 9/2011, do 9 de novembro, 9/1996, do 18 de outubro, de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autonómica, e 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, e demais normativa que puidera ser de aplicación ou calquera disposición estatutaria sobre a materia.

## 11.2. Funcionamento do Consello de Administración da Corporación RTVG

A actividade do Consello de Administración da Corporación RTVG réxese polo establecido na Lei 9/2011, do 9 de novembro, nos estatutos sociais e no regulamento de funcionamento interno (aprobado, por unanimidade, o 19 de xullo de 2016).

### 11.2.1 Relación das doce (12) sesións plenarias de 2018 (todas ordinarias)

#### 31 de xaneiro de 2018

Orde do día:

➔ Aprobación da acta do pleno ordinario celebrado o 21 de decembro de 2017.

➔ Elección do Sr. presidente ou da Srª presidenta do Consello de Administración da Corporación RTVG (elixido, por unanimidade, o Sr. de la Matta Cantó).

➔ Aprobación, se procede, da modificación do cadro de persoal da Corporación RTVG para a execución das sentenzas xudiciais firmes de recoñecemento de relacións laborais de carácter indefinido non fixo (aprobada por cinco votos a favor e dous en contra).

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

➔ Informes do Sr. director xeral da Corporación RTVG.

Evolución da cota de pantalla da TVG durante 2017.

Situación estratéxica da Corporación RTVG ao comezo de 2018.

➔ Contestación por parte do Sr. director xeral da Corporación RTVG aos rogos e preguntas formulados polos Sres. conselleiros.

Medidas previstas para corrixir a negativa evolución dos ingresos comerciais da Corporación RTVG (formulada no pleno ordinario do 21 de decembro de 2017).

Tratamento informativo outorgado pola TVG ao encontro mantido, o 11 de decembro de 2017, entre os Sres. presidentes do Principado de Asturias e da Xunta de Galicia (formulada no pleno ordinario do 21 de decembro de 2017).

Relación de novas emitidas no pasado próximo centradas nas polémicas substitucións de media ducias de xefes de servizo de varios centros hospitalarios galegos e nas consecuencias xurídicas que tiveron (formulada no pleno ordinario do 21 de decembro de 2017).

Razóns polas que a información baseada no grande avance da desigualdade en Galicia non foi obxecto de tratamento na TVG (formulada no pleno ordinario do 21 de decembro de 2017).

Rogo referido a demanda de tutela de dereitos fundamentais e indemnización de danos e perdas promovida por unha traballadora perante o Xulgado do Social número 1 de Santiago de Compostela, consistente en que, na medida do posible, se desenvolvesen os trámites pertinentes para que non fose necesaria a celebración do xuízo, sempre e cando coubera esa posibilidade de negociación, se dispuxese do prazo pertinente, etc. (formulado no pleno ordinario do 21 de decembro de 2017).

Relación de novas difundidas pola TVG baseadas na venda do Centro Galego de Bos Aires (formulada no pleno ordinario do 21 de decembro de 2017).

Demora na emisión do informe requirido das direccións xerais da Función Pública e de Planificación e Orzamentos (formulada no pleno ordinario do 21 de decembro de 2017 e abordada no punto da orde do día denominado “Aprobación, se procede, da modificación do cadro de persoal da Corporación RTVG para a execución das sentenzas xudiciais firmes de recoñecemento de relacións laborais de carácter indefinido non fixo”).

Situación da empresa que presta o servizo de asesoramento de imaxe e estilismo integral para a Corporación RTVG (formulada no pleno ordinario do 21 de decembro de 2017).

Solicitude de información sobre a obra audiovisual titulada “Historias de lenda” e sobre outros proxectos de similar natureza nos que participou a Corporación RTVG e calquera outro dos organismos agrupados en FORTA (formulada no pleno ordinario do 21 de decembro de 2017).



CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Atribución do custo derivado do posible incremento do número de audímetros por parte de Kantar Media, S.A. no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (formulada no pleno ordinario do 21 de decembro de 2017).

➔ Asuntos de trámite.

A Presidencia comunicou a finalización dos traballos por parte da Comisión de Regulamento e Réxime Interior en relación coa redacción do borrador dos criterios reitores da dirección editorial, texto remitido o 25 de xaneiro de 2018 á Dirección Xeral da Corporación RTVG para a súa consideración.

➔ Rogos e preguntas.

Estado das relacións entre a Corporación RTVG e a Sociedade Xeral de Autores e Editores (contestada no pleno ordinario do 27 de febreiro de 2018).

Determinacións a adoptar nalgunhas dependencias da empresa ao abeiro da revisión das medicións de concentración de gas radón (contestada no pleno ordinario do 27 de febreiro de 2018).

Tratamento informativo outorgado pola Radio Galega e pola TVG ao colapso das urxencias hospitalarias polo andazo de gripe (contestada no pleno ordinario do 27 de febreiro de 2018).

Proceder seguido no programa “Sesión vermú” da Radio Galega na entrevista da que foi protagonista o responsable da área de comunicación dunha empresa que posúe establecementos hoteleiros e balnearios (contestada no pleno ordinario do 27 de febreiro de 2018).

Situación da canle Galicia TV América en virtude do cambio que se produciu no marco regulador do audiovisual na República Arxentina (contestada no pleno ordinario do 27 de febreiro de 2018).

Solicitude de información sobre o contido do acordo negociado entre a Corporación RTVG e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) no ámbito educativo (contestada no pleno ordinario do 27 de febreiro de 2018).

## 27 de febreiro 2018

Orde do día:

➔ Aprobación da acta do pleno ordinario celebrado o 31 de xaneiro de 2018.

➔ Informes do Sr. director xeral da Corporación RTVG.

Proceso de autorización da banda de frecuencias de 700 MHz para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas de banda ancha sen fíos (segundo dividendo dixital).



CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se trasponen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Comité Editorial de FORTA.

Evolución da cota de pantalla da TVG en xaneiro de 2018.

Evolución dos ingresos comerciais da Corporación RTVG.

Contestación por parte do Sr. director xeral da Corporación RTVG aos rogos e preguntas formulados polos Sres. conselleiros.

➔ Asuntos de trámite.

➔ Rogos e preguntas.

Intencións en relación coa atención aos xéneros musicais emerxentes na programación da Radio Galega Música (contestada no pleno ordinario do 22 de marzo de 2018).

Razóns polas que nos informativos da TVG do 13 de febreiro de 2018 non se incluíu ningunha referencia á reunión ordinaria que, nesa mesma data e na Deputación Provincial de Pontevedra, celebrou a Comisión de Deputacións, Cabidos e Consellos Insulares da Federación Española de Municipios e Provincias (contestada no pleno ordinario do 22 de marzo de 2018).

Tratamento informativo dispensado pola TVG aos seguintes asuntos de carácter xudicial:

- A citación como investigado do Sr. xerente do Centro Tecnolóxico de Galicia (Gradiant) por parte do Xulgado de Instrución número 1 de Vigo pola suposta fraude nas achegas de I+D+i outorgadas con fondos da Unión Europea (contestada no pleno ordinario do 22 de marzo de 2018).

- O inicio do xuízo no que estaba procesado o Sr. alcalde de Barreiros pola construción de tres mil vivendas na devandita localidade, seguido perante o Xulgado do Penal número 2 de Lugo (contestada no pleno ordinario do 22 de marzo de 2018).

- A advertencia realizada polo Sr. voceiro do Grupo Municipal do PP no Concello de Lugo á Srª alcaldesa sobre a comisión dun presunto delito de prevaricación e malversación de fondos públicos por manter no seu posto a Srª directora xeral de Recursos Humanos (contestada no pleno ordinario do 22 de marzo de 2018).

Diversas consideracións referidas á política informativa instaurada polos responsables da Área de Información e Documentación, entre outras a relacionada coa, no parecer do Sr. conselleiro que realizou a pregunta, excesiva presenza do Sr. presidente da Xunta de Galicia nos telexornais da TVG (contestada no pleno ordinario do 22 de marzo de 2018).

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tratamento informativo dispensado pola TVG á folga do persoal da Administración de Xustiza en Galicia que comezou o 7 de febreiro de 2018 (contestada no pleno ordinario do 22 de marzo de 2018).

Atención outorgada pola TVG ás protestas das que foron protagonistas xubilados en demanda de pensións dignas (contestada no pleno ordinario do 22 de marzo de 2018).

Causas polas que a TVG obviou o incidente do que foi protagonista o Sr. voceiro do Grupo Municipal do PP no Concello de Santiago, o 14 de febreiro de 2018, cando tentaba denunciar a contaminación do río Sar (contestada no pleno ordinario do 22 de marzo de 2018).

Tratamento informativo outorgado ao pregón do Entroido en Santiago de Compostela, ofrecido, o 10 de febreiro de 2018, por don Carlos Santiago Villaverde Balsa, e ás reaccións que se produciron polo seu contido (contestada no pleno ordinario do 22 de marzo de 2018).

Abordaxe pola TVG da chamada folga feminista convocada para o 8 de marzo de 2018 (contestada no pleno ordinario do 22 de marzo de 2018).

Razóns pola que unha traballadora que prestaba servizos na Área de Innovación e Negocio, que tiña como cometido principal a contratación de campañas publicitarias de diferentes institucións públicas para a súa difusión a través da Radio Galega, foi trasladada, con efectos do 1 de febreiro de 2018, á redacción de informativos desta emisora (contestada no pleno ordinario do 22 de marzo de 2018).

Motivos da convocatoria, en agosto de 2017, para a formalización dun contrato en prácticas, categoría de titulado superior, e cometidos atribuídos á persoa seleccionada (contestada no pleno ordinario do 22 de marzo de 2018).

Proceder seguido polo Departamento de Proxección Social logo do convite efectuado aos integrantes do Consello de Administración para asistir, o 6 de febreiro de 2018, á exposición na que se amosou o Pergamiño Vindel (Museo do Mar de Galicia) (contestada no pleno ordinario do 22 de marzo de 2018).

Comercialización das series da Corporación RTVG (contestada no pleno ordinario do 22 de marzo de 2018).

Posibles determinacións a adoptar coa obra audiovisual “Matalobos” (contestada no pleno ordinario do 22 de marzo de 2018).

Balance sobre a evolución da oferta de programación configurada para a franxa da tarde da TVG (contestada no pleno ordinario do 22 de marzo de 2018).

Solicitude de información sobre a situación do servizo de cafetería e restauración para a Corporación RTVG nas instalacións situadas en San Marcos, Santiago de Compostela (contestada no pleno ordinario do 25 de abril de 2018).



CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

22 de marzo de 2018

Orde do día:

➔ Aprobación da acta do pleno ordinario celebrado o 27 de febreiro de 2018.

➔ Formulación das contas anuais correspondentes ao exercicio 2017 (artigo 253, alínea 1 do Real Decreto Lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital).

Formuláronse nesta sesión plenaria as contas anuais da Corporación RTVG correspondentes ao exercicio 2017 (comprensivas do balance, as contas de perdas e ganancias, os estados de cambios no patrimonio neto, os estados de fluxos de efectivo e a memoria), o informe de xestión e a proposta de aplicación do resultado (asinados os documentos por todos os Sres. conselleiros antes da súa elevación á Xunta Xeral para a súa aprobación).

➔ Informes do Sr. director xeral da Corporación RTVG.

Corte na emisión sucedido o 11 de marzo de 2018.

Presunto caso de acoso sexual durante a realización da obra audiovisual “Con amor e compañía” de Ficción Producciones, S.L.

Servizo de asesoramento de imaxe e estilismo integral para a Corporación RTVG.

➔ Contestación por parte do Sr. director xeral da Corporación RTVG aos rogos e preguntas formulados polos Sres. Conselleiros.

➔ Asuntos de trámite.

➔ Rogos e preguntas.

Diferente repercusión dalgunhas series de ficción emitidas polas canles xeneralistas de ámbito estatal no ámbito galego e no conxunto de España (respondida no pleno ordinario do 25 de abril de 2018).

Previsións en relación co esquema de programación previsto para o horario de máxima audiencia do mércores (respondida no pleno ordinario do 25 de abril de 2018).

Determinación baseada en non dar conta por parte na TVG da filiación política da Srª alcaldesa de Lugo, do Sr. López Orozco e do Sr. Fernández Liñares en diversas informacións centradas en procesos xudiciais dos que son parte (respondida no pleno ordinario do 25 de abril de 2018).

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

25 de abril de 2018

Orde do día:

➔ Aprobación da acta do pleno ordinario celebrado o 22 de marzo de 2018.

➔ Aprobación dos criterios reitores da dirección editorial da Corporación RTVG (artigo 19, alínea 2, da Lei 9/2011, do 9 de novembro) (aprobados por unanimidade).

➔ Aprobación da modificación do cadro de persoal da Corporación RTVG para incorporar determinadas variacións asociadas, entre outras, á execución de sentenzas xudiciais firmes de relación laboral indefinida (aprobada por cinco votos a favor, ningún en contra e dúas abstencións).

➔ Informes do Sr. director xeral da Corporación RTVG.

Resultados derivados da primeira onda do EXM de 2018 (Radio Galega e TVG) e cota de pantalla atribuída por Kantar Media a TVG en marzo de 2018.

Plan de acción para o impulso dos contidos dixitais en Galicia.

➔ Contestación por parte do Sr. director xeral da Corporación RTVG aos rogos e preguntas formulados polos Sres. Conselleiros.

➔ Asuntos de trámite.

Notificación da celebración, o 4 de maio de 2018, da Xunta Xeral Ordinaria de Accionistas.

➔ Rogos e preguntas.

Razóns polas que se convocou a profesionais para substituír nas súas funcións traballadoras que secundaron a folga feminista do 8 de marzo e polas que non se chegou a un acordo coa representación da parte social para a fixación dos servizos mínimos (contestada no pleno ordinario do 30 de maio de 2018).

Causas polas que:

- TVG non recolleu as manifestacións de dona Ruth Ortiz Ramos, nai dos nenos asasinados polo Sr. Bretón Gómez, cando cualificou de “indignante e patético” que o PP politizase un acto en defensa da prisión permanente revisable (contestada no pleno ordinario do 30 de maio de 2018).

- A Radio Galega non cubriu as mobilizacións do 8 de marzo de 2018, ata o punto de que a edición das 20:00 horas do espazo “A crónica” se abriu coa celebrada en Madrid (contestada no pleno ordinario do 30 de maio de 2018).



CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- Se protexeu a Srª Cifuentes Cuencas nas recentes informacións das que foi protagonista, outorgándolle prioridade a fontes que lle podían ser favorables (contestada no pleno ordinario do 30 de maio de 2018).

Apelación para a recuperación do pluralismo político e social nos faladoiros da Radio Galega (contestada no pleno ordinario do 30 de maio de 2018).

Actuacións desenvolvidas a partir do enfrontamento mantido por un profesional contra a Srª xefa do Servizo de Contidos (respondida na mesma sesión plenaria e completada na do 30 de maio de 2018).

Grao de cumprimento en 2018 do disposto no artigo 5, alínea 3, da Lei 7/2010, do 31 de marzo, Xeral da Comunicación Audiovisual (contestada no pleno ordinario do 30 de maio de 2018).

Reacción da TVG, baseada nunha promoción realizada por un dos actores da obra audiovisual “Matalobos”, para facer fronte á repercusión da obra audiovisual titulada “Fariña”, así como se a produtora Bambú Producciones, S.L. presentou nos últimos anos algún proxecto diante da Corporación RTVG e cal foi a resposta (contestada no pleno ordinario do 30 de maio de 2018).

Motivos polos que, a través da Intranet corporativa, se promoveu a oferta dirixida aos traballadores da Corporación RTVG por parte dunha compañía privada de seguros e reaseguros (contestada no pleno ordinario do 30 de maio de 2018).

Por mor do acontecido no pleno ordinario do 22 de marzo de 2018, concretamente no apartado denominado “Contestación por parte do Sr. director xeral da Corporación RTVG aos rogos e preguntas formulados polos Sres. conselleiros”, rogo dirixido á Presidencia sobre a ordenación dos debates (no mesmo pleno, os Sres. presidente e director xeral da Corporación RTVG, por alusións, realizaron unha serie de puntualizacións en relación co antedito comentario).

Motivos polos que non se realizaron entrevistas en profundidade aos voceiros dos colectivos configurados polo persoal ao servizo da Administración de Xustiza e polos pensionistas (contestada no pleno ordinario do 30 de maio de 2018).

Apelación para que se corrixa a liña de actuación baseada no ateigamento dos informativos da TVG de sucesos de carácter sensacionalista (contestada no pleno ordinario do 30 de maio de 2018).

Razóns do marcado carácter agresivo apreciado na derradeira parte da entrevista da que foi protagonista a Srª Santos Queiruga, emitida, o 13 de marzo de 2018, no espazo da Radio Galega “Galicia por diante” (contestada no pleno ordinario do 30 de maio de 2018).

(*) Neste mesmo pleno ordinario, ao fío do acontecido nesa entrevista, o Sr. presidente elevou o rogo consistente en que se lle manifestase o seu apoio ao Sr. director e presentador do devandito espazo, fundando a proposta en que é función dos integrantes do Consello de Administración da Corporación RTVG apoiar o traballo que desenvolven os



CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

profesionais da empresa. O Sr. conselleiro que realizou a interpelación clarexou que na súa intervención non cuestionara os traballadores da empresa, senón a concreta actuación do profesional director e presentador do programa.

En relación coa implantación da plataforma de produción dixital, causas polas que, polo menos os días 6 e 7 de abril de 2018, se lles entregou a un número indeterminado de profesionais escritos individuais polos que se procede a modificar substancialmente as súas condicións de traballo (contestada no pleno ordinario do 30 de maio de 2018).

Posible aplicación na Corporación RTVG das medidas contempladas no acordo subscrito, o 9 de marzo de 2018, entre, dunha banda, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e, doutra banda, CCOO, UXT e CSI-F para a mellora do emprego público e das condicións de traballo (contestada no pleno ordinario do 30 de maio de 2018).

Ademais:

Por parte dunha Srª conselleira felicitouse os traballadores da Radio Galega dona Nuria López Presedo e don Raúl Villares Villar, recoñecida na edición de 2018 do premio de xornalismo Xosé Aurelio Carracedo e galardoado co IV premio de xornalismo Luís Mera.

A mesma integrante do Consello de Administración da Corporación RTVG apoiou a campaña desenvolvida pola Corporación RTVG para promover a serie "Matalobos".

A Presidencia realizou unha apelación á responsabilidade en relación cos posibles contidos da obra audiovisual baseada na biografía de don José Ramón Prado Bugallo en fase de preparación pola TVG, no senso de que na mesma non se amosase unha realidade inventada de diferentes persoas condenadas en firme por múltiples actos delituosos.

### 30 de maio de 2018

Orde do día:

- ➔ Aprobación da acta do pleno ordinario celebrado o 25 de abril de 2018.

- ➔ Informes do Sr. director xeral da Corporación RTVG.

Expediente aberto pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) contra Atresmedia Corporación de Medios de Comunicación, S.A. e Mediaset España de Comunicación, S.A. por suposta concentración do mercado publicitario.

Docuficción "O caso de Diana Quer. 500 días".

Programación da Radio Galega para o outono de 2018.

Evolución da cota de pantalla dos informativos das canles que emiten en aberto.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

➔ Contestación por parte do Sr. director xeral da Corporación RTVG aos rogos e preguntas formulados polos Sres. Conselleiros.

➔ Asuntos de trámite.

➔ Rogos e preguntas.

Mantemento da complicidade da Dirección Xeral da Corporación RTVG coas prácticas de manipulación informativa (tal e como veñen argumentando en cada pleno dous dos integrantes do Consello de Administración da Corporación RTVG con casos concretos), ou se tiña previsto adoptar algunha medida ao respecto, e parecer daquela sobre as denuncias dos traballadores (respondida no pleno ordinario do 26 de xuño de 2018).

Tratamento informativo outorgado pola TVG, o 24 de maio de 2018, á sentenza ditada no denominado caso Gürtel e á presentación da moción de censura, neste caso o 25 de maio de 2018, contra o Sr. Rajoy Brey (respondida no pleno ordinario do 26 de xuño de 2018).

Tratamento informativo dos seguintes asuntos na TVG:

- Detención, o 22 de maio de 2018, do Sr. Zaplana Hernández-Soro (respondida no pleno ordinario do 26 de xuño de 2018).

- Xuízo aberto contra o Sr. ex-alcalde de Coristanco no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 1 de Carballo (respondida no pleno ordinario do 26 de xuño de 2018).

- Acusación formulada contra o Sr. Louzán Abal, actual presidente da Real Federación Galega de Fútbol (respondida no pleno ordinario do 26 de xuño de 2018).

- Investigación aberta ao Sr. secretario de Estado de Facenda, don José Enrique Fernández de Moya, por posibles delitos de prevaricación administrativa continuada, falsidade en documento mercantil, etc. (respondida no pleno ordinario do 26 de xuño de 2018).

- Declaración do Sr. xefe da Policía Autonómica de Vigo por un presunto caso de acoso laboral e sexual (pendente).

Razóns da omisión na TVG do pronunciamento público realizado polo Sr. Núñez Feijóo sobre a eventualidade de que Sr. Guerra Fernández abandone a militancia no PP e se afilie a Ciudadanos (respondida no pleno ordinario do 26 de xuño de 2018)

Rogo consistente na procura dunha canle interna para dar a coñecer a actividade despregada no Consello de Administración da Corporación RTVG (pendente).

Situación en relación coa sentenza ditada, o 26 de abril de 2018, pola Sala do Social do TSXG nos autos número 10/2018, sobre dereitos fundamentais (respondida no pleno ordinario do 26 de xuño de 2018).

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Responsabilidades atribuídas na organización ao abeiro da entrada en vigor do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) (respondida no pleno ordinario do 26 de xuño de 2018).

Razóns do proceso de comunicación iniciado en relación cos códigos que identifican os diferentes postos de traballo e se foi negociado coa representación legal dos traballadores (respondida no pleno ordinario do 26 de xuño de 2018).

Plans establecidos para reconducir a situación no capítulo de ingresos publicitarios (respondida no pleno ordinario do 26 de xuño de 2018).

Solicitude de diversa información sobre os expedientes números 2018000084, servizo de apoio á posta en marcha do sistema de produción dixital da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., e 2017000638, servizo de elaboración, deseño e implantación da organización da CRTVG dixital (respondida no pleno ordinario do 26 de xuño de 2018).

Posible relación entre a convocatoria relativa á realización da proba para un contrato en prácticas na categoría de laboral de oficial administrativo e a decisión adoptada recentemente cunha traballadora adscrita na actualidade á Radio Galega, a cal, en parte, desenvolvía os cometidos que se lle atribuirán ao seleccionado (respondida no pleno ordinario do 26 de xuño de 2018).

Posibilidades de FORTA en función do establecido nas bases para a solicitude de ofertas para a comercialización dos dereitos de explotación de contidos audiovisuais dos campionatos nacionais de liga de primeira e segunda división para as temporadas 2019/2020 a 2021/2022 (respondida no pleno ordinario do 26 de xuño de 2018)

Evolución das relacións establecidas coa Rádio e Televisão de Portugal (respondida no pleno ordinario do 26 de xuño de 2018)

Repercusión do espazo de Antena 3 denominado “La noche de Rober” na cota de pantalla da TVG no horario de máxima audiencia do venres (respondida no pleno ordinario do 26 de xuño de 2018).

Obxectivos establecidos no convenio formalizado, o 23 de maio de 2018, coa Secretaría Xeral para o Deporte, para o fomento na programación do deporte de base, o feminino e outros alternativos (respondida no pleno ordinario do 26 de xuño de 2018).

Ademais:

- Felicitouse unanimemente aos profesionais da Corporación RTVG que participaron na cobertura informativa centrada no suceso ocorrido, o 23 de maio de 2018, na parroquia de San Xoán de Paramos de Tui (explosión dun almacén clandestino no que se acumulaba material pirotécnico).



CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

26 de xuño de 2018

Orde do día:

➔ Aprobación da acta do pleno ordinario celebrado o 30 de maio de 2018.

➔ Aprobación, se procede, do plan anual de actividades e dos anteproxectos de orzamentos da Corporación RTVG para 2019 (aprobados por cinco votos a favor, dous en contra e ningunha abstención).

➔ Aprobación, se procede, do informe anual sobre a xestión da Corporación RTVG e sobre o cumprimento da misión de servizo público atribuída (exercicio 2017) (aprobado por cinco votos a favor, dous en contra e ningunha abstención).

➔ Informes do Sr. director xeral da Corporación RTVG.

➔ Contestación por parte do Sr. director xeral da Corporación RTVG aos rogos e preguntas formulados polos Sres. Conselleiros.

➔ Asuntos de trámite.

➔ Rogos e preguntas.

Tratamento informativo das seguintes cuestións:

- Razóns polas que o “Tx-I” do 10 de xuño de 2018 se abriu co titular baseado nos posibles relevos na dirección do PP, incluíndo un inserto do Sr. Núñez Feijóo de trinta e un segundos, relegando a manifestación celebrada en Compostela, na que milleiros de persoas pediron a paralización da mina de cobre en Touro (pendente).

- Causas polas que no “Tx-I” do 15 de maio de 2018, dentro da información titulada “Os sete sindicatos sentan coa Xunta na mesa sectorial da Xustiza”, non se incluíu ningún inserto para coñecer o parecer das organizacións sindicais (respondida no pleno ordinario do 31 de xullo de 2018).

- Motivos polos que no “Tx-I” do 13 de xuño de 2018, ao dar conta da polémica xerada arredor de don Màxin Huerta Hernández, condenado por defraudar a Facenda, fronte a unha única reacción do PSdeG-PSOE (a de dona Begoña Rodríguez Rumbo), incluíronse dúas do PPdeG (Sres. Tellado Filguera e Núñez Feijóo) (respondida no pleno ordinario do 31 de xullo de 2018).

- Razóns polas que no “Tx-II” do 5 de xuño de 2018, ao divulgar a reacción do Sr. Núñez Feijóo en relación coa traxectoria do Sr. Rajoy Brey, non se reproduciron as declaracións realizadas por aquel e recollidas no “Tx-I” da mesma data, é dicir, mentres unha persoa paseaba cun cartel no que se podía ler “Partido Popular. Morreu por corrupción. Descanse en paz” (respondida no pleno ordinario do 31 de xullo de 2018).



CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Solicitude de información sobre o inmediato comezo das emisión da TVG en alta definición (contestada no pleno ordinario do 31 de xullo de 2018).

Suceso ocorrido o 21 de xuño de 2018, nas instalacións da Radio Galega, e do que foron protagonistas dous traballadores que prestan servizos para esta (respondida no pleno ordinario do 31 de xullo de 2018).

Situación do expediente aberto a un traballador da Corporación RTVG pola comisión dun suposto caso de acoso contra a Srª xefa do Servizo de Contidos (respondida no pleno ordinario do 31 de xullo de 2018).

Estratexia a seguir para incrementar a presenza da Corporación RTVG no exterior, nomeadamente en América (respondida no pleno ordinario do 31 de xullo de 2018).

Diversas consideracións sobre cuestións tales como as determinacións que adoptará a Dirección para desactivar o conflito interno que se vive na Corporación RTVG, nomeadamente na Área de Información e Documentación; o documento subscrito por arredor de cincocentos traballadores en relación con aspectos da programación da Radio Galega; a necesidade de mellorar as vías de diálogo coa representación da parte social; as accións deseñadas polo Departamento de Proxección Social para combater o descrédito da empresa, etc. (contestada na mesma sesión plenaria).

Solicitude de información actualizada e concreta sobre o contrato programa da Corporación RTVG, especificamente as xestións desenvolvidas para desbloquear este asunto coa Xunta de Galicia e que aquel se converta nunha realidade (contestada no pleno ordinario do 31 de xullo de 2018).

Causas polas que, o 19 de xuño de 2018, se lle impediu o acceso ás instalacións de San Marcos a representantes sindicais no Centro Territorial de Galicia da Corporación de Radio y Televisión Española, S.A. (respondida no pleno ordinario do 31 de xullo de 2018).

Rogo para que se suspendesen algunhas das medidas que estaba previsto adoptar en relación coa programación que a Radio Galega tiña previsto pór en antena a partir do 10 de setembro de 2018 (supresión das desconexións locais, do “Diario cultural” e da marca “Galicia en goles” de luns a venres) (respondida no pleno ordinario do 31 de xullo de 2018).

Eventualidade de que unha traballadora en prácticas coordinase durante o verán a programación da noite da Radio Galega (respondida no pleno ordinario do 31 de xullo de 2018).

Impacto na cota de pantalla da TVG derivada da atención que estaban a lograr as canles dependentes de Mediaset España Comunicación, S.A. coa retransmisións dos encontros da Copa Mundial FIFA Rusia 2018 (respondida no pleno ordinario do 31 de xullo de 2018).

Ademais, unha das integrantes do Consello de Administración da Corporación RTVG felicitou:

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- A don Antonio López García, traballador da Radio Galega, polo recoñecemento do que foi obxecto na VI edición dos Premios do Deporte Feminino Galego, promovidos pola Deputación de Pontevedra e a asociación Mulleres Deportistas Galegas (premio no eido da comunicación e do xornalismo), polo seu labor a prol do deporte feminino nos programas “Galicia en goles” e “Galicia en Toquio”.

- Ao equipo da produción “Luar” pola fidelidade da que goza entre a audiencia no seu longo percorrido e pola súa capacidade á hora de renovar os contidos deste espazo.

A mesma Srª conselleira manifestou a súa solidariedade co equipo directivo e traballadores da Corporación RTVG pola campaña de acoso á que estaban sometidos, desbotando a existencia de calquera conflito interno, como algúns queren facer ver.

31 de xullo de 2018

Orde do día:

➔ Aprobación da acta do pleno ordinario celebrado o 26 de xuño de 2018.

➔ Elección do Sr. presidente ou da Srª presidenta do Consello de Administración da Corporación RTVG (elixido, por unanimidade, o Sr. Meijide Gómez).

➔ Informes do Sr. director xeral da Corporación RTVG.

Servizo OTT (Over The Top).

Folla de ruta para a liberación do segundo dividendo dixital.

Constitución dunha sociedade comercializadora da publicidade por parte de FORTA.

Evolución da cota de pantalla da TVG no período comprendido entre o 14 de setembro de 2017 e o 17 de xuño de 2018.

Audiencia atribuída ás canles dependentes da Corporación RTVG na segunda onda do EXM de 2018.

(*) Ademais, no apartado de “Rogos e preguntas”, deu conta da determinación adoptada pola Dirección en relación con calquera nova falsa que se publique sobre os medios públicos de comunicación galegos.

➔ Contestación por parte do Sr. director xeral da Corporación RTVG aos rogos e preguntas formulados polos Sres. Conselleiros.

➔ Asuntos de trámite.

➔ Rogos e preguntas.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Data prevista para a aprobación do plan de igualdade e comunicación dos traballos desenvolvidos ao 31 de xullo de 2018, así como os participantes nestes (contestada no pleno ordinario do 31 de agosto de 2018).

En relación cos faladoiros organizados nas canles dependentes da Corporación RTVG: solicitude da listaxe de colaboradores que toman parte nos mesmos (incluíndo as retribucións percibidas en 2018 neste concepto), rogo para que se estruturen de xeito paritario e comunicación do protocolo establecido á hora de comunicarlles os asuntos que se abordarán en cada debate (contestada no pleno ordinario do 31 de agosto de 2018).

Tratamento outorgado no "Tx-I" do 19 de xullo de 2018 ao pedimento realizado pola Fiscalía en relación coa imputación do Sr. López Orozco no denominado caso Pokemon (sobresemento provisional das actuacións contra este), concretamente por que non se elaborou unha peza específica sobre esta decisión (contestada no pleno ordinario do 31 de agosto de 2018).

Actuacións previstas para coñecer as audiencias das canles internacionais e, correlativamente, as posibilidades de incrementar os ingresos conseguidos a través destas (contestada no pleno ordinario do 31 de agosto de 2018).

Razóns polas que se lle encomendou a un despacho de avogados externo a xestión do dereito de rectificación instado diante do xornal dixital www.sermosgaliza.gal en virtude da información publicada por este na súa edición do 5 de xullo de 2018 (número 303) (contestada no pleno ordinario do 31 de agosto de 2018).

Actuacións desenvolvidas a partir do presunto uso por parte dunha redactora da Corporación RTVG de recursos da empresa nun acto organizado por unha entidade benéfica, privada e sen ánimo de lucro e disposicións adoptadas para regular a participación de profesionais da empresa en actos semellantes (contestada no pleno ordinario do 31 de agosto de 2018).

Presunta utilización dun plató da TVG por parte dun membro do equipo directivo para fins privados (contestada no pleno ordinario do 31 de agosto de 2018).

Rogo consistente na redución do tempo das entrevistas incluídas no espazo "Bos días" (contestada no pleno ordinario do 31 de agosto de 2018).

Causas polas que se lle outorgou ao Sr. Barreiro Rivas a condición de figura central na programación emitida pola TVG por mor do pasamento de don Xerardo Fernández Albor (pendente).

Actuacións desenvolvidas por FORTA perante Kantar Media, S.A. relacionadas co actual sistema de medición da audiencia das canles de televisión (contestada no pleno ordinario do 31 de agosto de 2018).

Razóns polas que non se observou o criterio proporcional nas entrevistas concedidas polos Sres. Fernández Leiceaga e Puy Fraga emitidas no "Bos días" dos días 30 e 31 de xullo de 2018, respectivamente (contestada no pleno ordinario do 31 de agosto de 2018).



CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ademais:

- Por parte dun Sr. conselleiro, realizáronse diversas consideracións indirectamente relacionadas co recente despedimento dun traballador da Corporación RTVG, concretamente con determinadas accións desenvolvidas por un familiar do aludido e que tiveron como destinataria a Srª xefa do Servizo de Contidos.

O mesmo Sr. conselleiro elevou o rogo consistente en que se axilizasen os traballos relacionados coa elaboración do estatuto profesional e coas normas de organización e funcionamento do consello de informativos.

Outra Srª conselleira felicitou a todos os profesionais implicados na programación especial emitida pola TVG os días 24 e 25 de xullo de 2018, especialmente a aqueles que participaron na elaboración do documento "Pórtico da Gloria, polos séculos dos séculos".

Unanimemente, expresouse o desexo dos maiores éxitos nos traballos finais de implantación do sistema de produción dixital.

31 de agosto de 2018

Orde do día:

➔ Aprobación da acta do pleno ordinario celebrado o 31 de xullo de 2018.

➔ Informes do Sr. director xeral da Corporación RTVG.

Sistema de produción dixital.

Proceso reivindicativo en curso na Corporación RTVG.

Evolución da cota de pantalla da TVG durante o verán.

➔ Contestación por parte do Sr. director xeral da Corporación RTVG aos rogos e preguntas formulados polos Sres. Conselleiros.

➔ Asuntos de trámite.

A Presidencia notificou que, en virtude da documentación solicitada da Corporación RTVG por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma (Consellería de Facenda), vinculada co "Plan de Colaboración - Control Financeiro FAC01/2018", referido ao exercicio 2016, mediante escrito datado o 1 de agosto de 2018 (rexistro de saída número 12), remitíranselle á Dirección Xeral da Corporación RTVG, para o seu traslado á requirinte, as actas das sesións plenarias celebradas polo Consello de Administración da Corporación RTVG durante 2016, incluída a correspondente á Xunta Xeral de Accionistas.

Notificación por parte do Sr. director xeral da Corporación RTVG da solicitude de baixa voluntaria do Sr. xefe do Servizo de Seguridade Laboral e Relacións Laborais e do nomeamento da súa substituta no devandito cargo directivo.



CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

➔ Rogos e preguntas.

Razóns da paralización dos traballos no seo da Comisión de Regulamento e Réxime Interior para dotar a Corporación RTVG do estatuto profesional, derivada da falta de comunicación por parte da Dirección Xeral da Corporación RTVG da relación dos membros do equipo directivo que comparecerán diante daquela, ao abeiro da proposta elevada polos integrantes da comisión de traballo en cuestión con data 13 de xuño de 2018 (contestada no pleno ordinario celebrado o 25 de setembro de 2018).

Estratexia da TVG diante da posible estrea durante a temporada a piques de comezar da segunda temporada da serie “Fariña” e doutra obra audiovisual da mesma natureza gravada en Galicia (contestada no pleno ordinario celebrado o 25 de setembro de 2018).

Tratamento informativo outorgado ás reaccións provocadas logo do suceso ocorrido durante a celebración do Marisquiño (madrugada do 12 ao 13 de agosto de 2018) (resposta avanzada na mesma sesión plenaria e completada no pleno ordinario celebrado o 25 de setembro de 2018).

Solicitude de diversa información relacionada co profesional que presta servizos como correspondente en Nova York (se a vinculación é directa ou a través dunha empresa produtora, duración desta, custo, etc.) (pendente).

Repreguntas ou matizacións en relación con cuestións sobre as que inquiriu no pleno ordinario do 31 de xullo de 2018:

Estado do expediente de autorización de compatibilidade elevado perante a Dirección Xeral da Función Pública por parte dun redactor da Corporación RTVG e dos demais profesionais que cursaron a mesma solicitude.

Anuncio da concreción nunha futura sesión plenaria da pregunta realizada sobre o suposto uso de medios da Corporación RTVG por parte do Sr. xefe do Servizo de Sistemas con fins particulares.

Recordatorio consistente na pregunta formulada sobre a conveniencia da elección do Sr. Barreiro Rivas como protagonista principal da programación especial emitida pola TVG para lembrar a figura do Sr. Fernández Albor.

Razóns da entrevista realizada ao Sr. presidente da Fundación Francisco Franco no programa “Bos días” do 30 de agosto de 2018 e causas polas que se identificou no mesmo espazo ao Sr. Núñez Seixas como voceiro dunha asociación para a recuperación da memoria histórica (contestada no pleno ordinario celebrado o 25 de setembro de 2018).

Utilización dos medios da Corporación RTVG con fins particulares por parte de traballadores desta, incluídos membros do seu equipo directivo (contestada na mesma sesión plenaria).

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Operatividade e repercusións dos trocos nos cometidos de catorce profesionais da Radio Galega ao abeiro dos cambios determinados na súa programación (contestada no pleno ordinario celebrado o 25 de setembro de 2018).

Solicitude da listaxe de colaboradores da área de deportes da Radio Galega, incluída a relación daqueles que prestaron servizos para a emisora durante a temporada 2017/2018 e dos que se prescindiu na 2018/2019, informando sobre se empregan tecnoloxía da canle nos seus enderezos particulares (contestada no pleno ordinario celebrado o 25 de setembro de 2018).

No contexto da actuación xeral levada a cabo pola Inspección de Traballo contra o encadeamento ilegal de contratos laborais, eventual recepción dun comunicado na Corporación RTVG por ese motivo (contestada no pleno ordinario celebrado o 25 de setembro de 2018).

Razóns da recente formalización de nove contratos menores con despachos de avogados ou consultorías por importe total de 25.381,00 euros (contestada no pleno ordinario celebrado o 25 de setembro de 2018).

Estado das negociacións no seo de FORTA para a implantación do novo modelo de comercialización publicitaria (contestada no pleno ordinario celebrado o 25 de setembro de 2018).

25 de setembro de 2018

Orde do día:

➔ Aprobación da acta do pleno ordinario celebrado o 31 de agosto de 2018.

➔ Informes do Sr. director xeral da Corporación RTVG.

Sistema de produción dixital.

Imposto sobre o Valor Engadido (IVE).

Liga Nacional de Fútbol Profesional (LNFP).

Sentenza ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo, Sección Primeira, do TSXG (procedemento para a protección dos dereitos fundamentais da persoa número 50/2018 -e acumulado 51/2018-).

➔ Contestación por parte do Sr. director xeral da Corporación RTVG aos rogos e preguntas formulados polos Sres. Conselleiros.

➔ Asuntos de trámite.

➔ Rogos e preguntas.



CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En relación coas entrevistas que se inclúen no espazo “Bos días”, razóns:

- Da excesiva presenza de conselleiros e demais altos cargos da Xunta de Galicia (contestada no pleno ordinario celebrado o 23 de outubro de 2018).

- Polas que non foron protagonistas os voceiros dos pensionistas galegos (pendente).

- Polas que o Sr. presidente provincial do Partido Popular na Coruña foi convidado en máis de seis ocasións no último ano (contestada no pleno ordinario celebrado o 23 de outubro de 2018).

Posible establecemento de listaxes singulares para substitucións nas seccións de deportes da TVG e da Radio Galega e consideracións arredor do sistema de listaxes xeral para substitucións na Corporación RTVG (contestada no pleno ordinario celebrado o 23 de outubro de 2018).

Críticas atinentes:

- Á promoción empregada para comunicar a volta á grella do espazo “Land Rober tunai show” (emprego dunha expresión que banaliza a violencia machista) (contestada no pleno ordinario celebrado o 23 de outubro de 2018).

- Á imaxe da muller que se contribúe a divulgar en determinados espazos da TVG, como “Vaia troula!” (contestada no pleno ordinario celebrado o 23 de outubro de 2018).

Solicitude do parecer da Dirección Xeral da Corporación RTVG en relación coa reprobación da que foi obxecto esta por parte dos grupos da oposición no lexislativo galego (ao abeiro desta pregunta, unha Srª conselleira realizou unha reflexión arredor da maioría existente no Parlamento de Galicia) (contestada no pleno ordinario celebrado o 23 de outubro de 2018).

Tratamento informativo dispensado pola TVG á manifestación organizada polos traballadores dos medios públicos de comunicación galegos (celebrada, o 8 de setembro de 2018, en Compostela) (contestada no pleno ordinario celebrado o 23 de outubro de 2018).

Causas polas que no “Tx-I” e “Tx-II” do 21 de setembro de 2018 se incluíu a nova titulada “Dúas comunidades de Vigo presentaron denuncias por tradear as fachadas para poñer as luces de nadal” (contestada no pleno ordinario celebrado o 23 de outubro de 2018).

Adhesión simbólica de dous dos membros do Consello de Administración da Corporación RTVG ao pedimento expresado por cincocentos sesenta e dous traballadores da empresa para que se arquive o expediente aberto a unha redactora da TVG (na mesma sesión plenaria, o Sr. director xeral da Corporación RTVG, por indeterminadas, solicitou do Sr. conselleiro que formulou a cuestión que concretase algunhas afirmacións realizadas na súa exposición) (contestada no pleno ordinario celebrado o 23 de outubro de 2018).



CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Expresión do desexo de que a implantación do sistema de produción dixital conclúa con éxito, realizándose unha serie de consideracións arredor do grao de implicación do persoal e equipo directivo da Corporación RTVG (contestada no pleno ordinario celebrado o 23 de outubro de 2018).

Solicitude de información sobre os custos dos expedientes directa e indirectamente relacionados co número 2016000122, dando conta da relación, xustificación en cada caso, adxudicatario, importe da adxudicación, etc. (contestada no pleno ordinario celebrado o 23 de outubro de 2018).

Solicitude de retirada da Intranet corporativa do comunicado publicado nesta o 12 de setembro de 2018 e titulado “Dinámicas de convivencia, orde e limpeza na redacción dixital” (respondida na mesma sesión plenaria e completada no pleno ordinario celebrado o 23 de outubro de 2018).

Pedimento de acceso aos rexistros que poidan existir para determinar o grao de seguimento da web corporativa e das contas abertas nas diferentes redes sociais por parte dos distintos programas da Corporación RTVG. De non ser posible, rogo consistente en que se proporcione información periódica deses datos (contestada no pleno ordinario celebrado o 23 de outubro de 2018).

Información sobre se algún alto cargo da Administración autonómica ou alcalde galego se negou a facer declaracións a TVG, procedendo de xeito contrario en relación coas canles de cobertura estatal (contestada no pleno ordinario celebrado o 23 de outubro de 2018).

Razóns polas que non se aplica o criterio proporcional na información orixinada no Parlamento galego (contestada no pleno ordinario celebrado o 23 de outubro de 2018).

Ademais:

O Sr. director xeral da Corporación RTVG reafirmouse na súa determinación de non se inmiscuir no traballo diario que se desenvolve nas redaccións da Radio Galega e da TVG.

A Dirección Xeral da Corporación RTVG dirixiu un rogo a un Sr. conselleiro que participou na manifestación celebrada en Compostela, o 8 de setembro de 2018, convocada polos traballadores dos medios públicos de comunicación galegos.

Anunciouse a concesión do Premio Nacional de Periodismo Cultural 2018 (outorgado polo Ministerio de Cultura) a dona Ana Romaní Blanco, traballadora da Corporación RTVG, sendo esta felicitada unanimemente polo devandito recoñecemento.

Por parte dunha Srª conselleira realizáronse diversas consideracións arredor da validez ou improcedencia do emprego no Consello de Administración da Corporación RTVG de documentos elaborados polos traballadores da empresa e nos ordenadores desta, como os borradores dos textos das novas.



CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

23 de outubro de 2018

Orde do día:

➔ Aprobación da acta do pleno ordinario celebrado o 25 de setembro de 2018.

➔ Informes do Sr. director xeral da Corporación RTVG (a Dirección Xeral da Corporación RTVG indicou que nesta sesión plenaria non tiña previsto elevar informes por mor de que algunhas das respostas a preguntas formuladas na celebrada o 25 de setembro de 2018 merecían ser cualificadas como extensos relatorios sobre materias específicas).

➔ Contestación por parte do Sr. director xeral da Corporación RTVG aos rogos e preguntas formulados polos Sres. Conselleiros.

➔ Asuntos de trámite.

➔ Rogos e preguntas.

Referente ao sector cinematográfico galego: axudas comprometidas durante 2018 (especificando cando se farán efectivas, en que contías e que proxectos concretos serán obxecto das mesmas) e relación das achegas efectuadas nos últimos cinco anos (significando os proxectos, empresas que os desenvolveron e sumas percibidas por estas, así como as cotas de pantalla alcanzadas polas obras audiovisuais derivadas) (contestada no pleno ordinario celebrada o 27 de novembro de 2018).

Solicitude da listaxe daqueles produtos audiovisuais contratados pola Corporación RTVG que non é posible coñecer a través do portal de transparencia da web, actualizando a última relación sobre esta cuestión facilitada ao Consello de Administración da Corporación RTVG (atendida no pleno ordinario celebrado o 27 de novembro de 2018).

Posible introdución de cláusulas sociais ou fórmulas xurídicas nos contratos que se formalicen con empresas subministradoras de producións para a Corporación RTVG que velen polos dereitos dos traballadores dependentes daquelas (contestada no pleno ordinario celebrado o 27 de novembro de 2018).

Ao fío dos cambios introducidos na programación da Radio Galega, requirimento de información sobre a dotación orzamentaria, técnica e de persoal das delegacións e decisión arredor da eventual recuperación de operadores de son en cada unha delas (contestada no pleno ordinario celebrado o 27 de novembro de 2018).

Previa expresión da solidariedade de dous dos membros do Consello de Administración da Corporación RTVG en relación coas reivindicacións que realizan os profesionais que secundan as mobilizacións coñecidas como venres negros, pregunta sobre se a Dirección Xeral da Corporación RTVG mantivo algún contacto, directo ou indirecto, con este colectivo (pendente).

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parecer da Dirección Xeral da Corporación RTVG en relación:

- Coa nova publicada na revista Tempos Novos titulada “Feijóo mantén secuestrada a lei do 2011. A TVG e a Radio Galega en vía morta” (contestada no pleno ordinario celebrado o 27 de novembro de 2018).

- Coa inexistencia de voces discrepantes de quen apoiaban as teses do Partido Popular no faladoiro nocturno da Radio Galega do 9 de outubro de 2018, primeiro día do Debate do Estado da Autonomía (contestada no pleno ordinario celebrado o 27 de novembro de 2018).

- Coa ausencia de intervencións de colaboradores nos faladoiros da Radio que confronten as daqueles que se significan polos seus ataques ás entidades políticas da esquerda (contestada no pleno ordinario celebrado o 27 de novembro de 2018).

Consideracións arredor das intervencións dos integrantes do equipo directivo que compareceron ante a Comisión de Regulamento e Réxime Interior centradas no estatuto profesional e no consello de informativos, criticando o feito de que non se ateñan ao disposto na Lei 9/2011, do 9 de novembro (contestada na mesma sesión plenaria e completada a resposta no pleno ordinario celebrado o 27 de novembro de 2018).

(*) Os outros dous integrantes da devandita comisión de participación, pregáronlle ao Sr. director xeral da Corporación RTVG que transmitise o seu respecto e consideración a todos os membros do equipo directivo que compareceron perante esta para colaborar cos seus integrantes na redacción do estatuto profesional.

Solicitude de información sobre o suceso ocorrido, o 18 de outubro de 2018, nas dependencias da Radio Galega e do que foi protagonista un traballador que ten atribuídos cometidos na programación da Radio Galega Música (pendente).

Pedimento consistente en que nas reunións da Comisión de Recursos Humanos, cando se aborde a cuestión da situación do cadro de persoal e da evolución orzamentaria ao remate de cada mes natural, se inclúan, de xeito innominado, os datos concretos relativos aos complementos de posto de traballo (contestada no pleno ordinario do 27 de novembro de 2018).

Posibilidades das unidades móbiles da Corporación RTVG e do estudio 5 para emitir en alta definición (contestada no pleno ordinario do 27 de novembro de 2018).

Razóns polas que a TVG, o 12 de outubro de 2018, transmitiu por vez primeira o acto central do Día da Festa Nacional (contestada no pleno ordinario do 27 de novembro de 2018).

Rogo consistente en que, como se facía ata mediados de setembro de 2018, se proporcione información previa sobre as persoas que serán protagonistas das entrevistas programadas da Radio Galega (contestada no pleno ordinario do 27 de novembro de 2018).



CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ademais:

Unanimemente, felicitouse a todos os traballadores e membros do equipo directivo implicados na implantación do sistema de produción dixital, así como polo feito de que se atendese o requirimento consistente en traducir determinados manuais postos aos dispor dos usuarios da plataforma.

Un Sr. conselleiro felicitou a Dirección pola decisión de arquivar o expediente aberto a unha redactora que presta servizos na TVG.

27 de novembro de 2018

Orde do día:

➔ Aprobación da acta do pleno ordinario celebrado o 23 de outubro de 2018.

➔ Aprobación, se procede, da modificación do cadro de persoal da Corporación RTVG para incorporar determinadas variacións asociadas, entre outras, á execución de sentenzas xudiciais firmes de relación laboral indefinida (aprobada por cinco votos a favor, ningún en contra e dúas abstencións).

➔ Informes do Sr. director xeral da Corporación RTVG.

Situación da Corporación RTVG no ámbito laboral.

Evolución da implantación do sistema de produción dixital e incidencia técnica sufrida, o 15 de novembro de 2018, na matriz de vídeo do control central.

Comercialización dos dereitos sobre diversos acontecementos deportivos.

➔ Contestación por parte do Sr. director xeral da Corporación RTVG aos rogos e preguntas formulados polos Sres. Conselleiros.

➔ Asuntos de trámite.

Ao abeiro do disposto na dilixencia de ordenación ditada, o 14 de novembro de 2018, polo Xulgado do Social número 1 de Santiago de Compostela no procedemento modificación substancial condicións laborais número 700/2018, o Sr. Presidente notificou que, mediante correo electrónico da mesma data, o Departamento de Asesoría Xurídica se dirixira á Secretaría do Consello de Administración da Corporación RTVG demandando "copia das actas do Consello de Administración da CRTVG nas que participou o actor Xabier Ares Sánchez, dende o ano 2009" (o devandito requirimento foi atendido pola Secretaría do Consello de Administración da Corporación RTVG o 15 de novembro de 2018, xuntando fotocopias das actas das comisións de Programación e de Igualdade do Consello de Administración da CRTVG nas que tomou parte o demandante no período comprendido entre o 14 de decembro de 2010 e o 11 de setembro de 2013 (concretamente 4 reunións da Comisión de Programación e 2 da de Igualdade).

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O Sr. director xeral da Corporación RTVG notificou o seu propósito de proceder a ditar, o 15 de novembro de 2018, as seguintes resolucións:

- De destitución de don Julio Ildefonso Jiménez Agreda, con efectos do 2 de decembro de 2018, como xefe do Servizo de Produción e Realización.

- De nomeamento de don Emilio Vila Covelo, con efectos do 3 de decembro de 2018, como xefe do Servizo de Produción e Realización.

➔ Rogos e preguntas.

Solicitude de información actualizada do mapa de frecuencias de emisión das canles dependentes da Corporación RTVG, especificando as denominadas zonas de sombra e as interferencias provocadas polos sinais doutras operadoras (contestada no pleno ordinario do 20 de decembro de 2018).

Data estimada para a aprobación do plan de igualdade e pretensión da Dirección Xeral da Corporación RTVG coa difusión, a través da Intranet corporativa, da declaración denominada “O compromiso da Corporación Radio e Televisión de Galicia coa igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes” (contestada no pleno ordinario do 20 de decembro de 2018).

Razóns da atención dispensada pola TVG ao casamento dunha das fillas do máximo accionista de Inditex, S.A. (contestada no pleno ordinario do 20 de decembro de 2018).

Solicitude de información detallada sobre o desenvolvemento do acordo subscrito entre a Corporación RTVG e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), denominado “Plan de acción para o impulso aos contidos dixitais en Galicia. DICO-Mindset” (contestada no pleno ordinario do 20 de decembro de 2018).

Consideracións xerais referidas ás comparecencias de membros do equipo directivo que se producen perante a Comisión de Regulamento e Réxime Interior relacionadas co traballo de elaboración do estatuto profesional, gabando a específica da Srª adxunta ao director xeral (7 de novembro de 2018) (contestada na mesma sesión plenaria).

Valoración feita dos servizos mínimos establecidos en relación coa convocatoria de folga, cualificados de abusivos pola representación da parte social (contestada no pleno ordinario do 20 de decembro de 2018).

Solicitude da relación de programas catalogados como de produción allea, de produción propia interna e de produción propia externa na actual grella da TVG (contestada no pleno ordinario do 20 de decembro de 2018).

Estado do expediente de solicitude de compatibilidade cursada por un traballador (locutor da Radio Galega) e rogo consistente no arquivo do expediente aberto a este (contestada no pleno ordinario do 20 de decembro de 2018).

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Valoración dos danos sufridos na matriz de vídeo do control central, determinando estes, a súa contía económica e quen debe asumilos (contestada no pleno ordinario do 20 de decembro de 2018).

Explicación dunha precisión contida na nota que se fixo pública por parte da Corporación RTVG a raíz da avaría da matriz de vídeo do control central (pendente).

Plans establecidos para a dixitalización do denominado arquivo histórico da Corporación RTVG (contestada no pleno ordinario do 20 de decembro de 2018).

Información existente sobre a eventualidade de que Mediaproducción, S.L. configure unha plataforma dixital para a difusión de contidos deportivos (contestada no pleno ordinario do 20 de decembro de 2018).

Determinacións adoptadas logo do 27 de febreiro de 2018 na cuestión da revisión das medicións de concentración de gas radón nas instalacións de San Marcos (contestada no pleno ordinario do 20 de decembro de 2018).

Grao de coñecemento da Corporación RTVG sobre a situación no ámbito laboral dunha empresa subministradora de contidos audiovisuais cando se formalizaron os últimos contratos con esta (contestada no pleno ordinario do 20 de decembro de 2018).

Observación referida á decisión baseada na difusión por parte da TVG, no horario de máxima audiencia, de determinadas producións centradas en localizacións moi concretas, así como en eventos específicos desenvolvidos nestas, e posibles retornos conseguidos a través desta iniciativa (contestada no pleno ordinario do 20 de decembro de 2018).

Ademais:

Unha das integrantes do Consello de Administración da Corporación RTVG, en nome doutro membro e no seu propio, en relación coa convocatoria de folga desenvolvida e a desenvolver en diversas datas de novembro e decembro de 2018, elevou o rogo consistente en instar a apertura de negociacións e expresou o seu desexo de que concluísen do xeito máis positivo posible para as partes.

Dous dos integrantes da Comisión de Regulamento e Réxime Interior pregáronlle á Dirección Xeral da Corporación RTVG que trasladase o seu agradecemento aos membros do equipo directivo que xa compareceron, así como aos que o farán proximamente, perante a devandita comisión de participación para deixar constancia do seu parecer arredor do estatuto profesional.

Ao fío da pregunta realizada sobre o particular, unha Srª conselleira valorou o tratamento dispensado pola TVG á voda dunha das fillas do máximo accionista de Inditex, S.A.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

20 de decembro de 2018

Orde do día:

➔ Aprobación da acta do pleno ordinario celebrado o 27 de novembro de 2018.

➔ Designación dos membros da Comisión de Economía e Control (con efectos do 4 de xaneiro de 2019).

Por unanimidade, designados e designada os Sres. García Ferreiro e Meijide Gómez e a Srª Peón Piñeiro (elixido presidente o Sr. Meijide Gómez).

➔ Designación dos membros da Comisión de Regulamento e Réxime Interior (con efectos do 19 de xaneiro de 2019).

Por unanimidade, designado e designadas o Sr. Meijide Gómez e as Sras. Peón Piñeiro e Vilar Pumares (elixida presidenta a Srª Peón Piñeiro).

➔ Designación, se procede, de dona María García de la Concha Álvarez como secretaria non membro do Consello de Administración da Corporación RTVG por un prazo adicional dun ano contado a partir do 1 de xaneiro de 2019.

Designada a Srª García de la Concha Álvarez como secretaria non membro do Consello de Administración da Corporación RTVG por un prazo adicional dun ano contado a partir do 1 de xaneiro de 2019 (5 votos a favor, 0 en contra e 2 abstencións).

➔ Informes do Sr. director xeral da Corporación RTVG.

Situación da Corporación RTVG no ámbito laboral.

Tributación do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE).

Decisión da Corporació Catalana de Mitjans Audiovisuals, S.A. en relación co plan de comercialización conxunta establecido en FORTA.

➔ Contestación por parte do Sr. director xeral da Corporación RTVG aos rogos e preguntas formulados polos Sres. Conselleiros.

➔ Asuntos de trámite.

➔ Rogos e preguntas.

Situación do nomeamento anunciado no anterior pleno ordinario (27 de novembro de 2018), concretamente o referido á Xefatura do Servizo de Produción e Realización (contestada pola Dirección Xeral da Corporación RTVG na mesma sesión plenaria).

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tratamento informativo dispensado pola TVG á querela formulada pola fiscalía contra dous altos cargos da Xunta de Galicia por un suposto caso de coacción inmobiliaria a unha anciá veciña de Ourense.

Razóns da distinta atención dispensada pola TVG a dúas novas de natureza xudicial: a desestimación por parte da Audiencia Provincial de Ourense do recurso formulado polo Sr. Pérez Rodríguez, ex-alcalde de Xinzo (ratificando a condena que se lle impuxo polo Xulgado do Penal número 1 de Ourense -oito anos e medio de inhabilitación especial para emprego ou cargo público-) e a declaración da Srª alcaldesa de Lugo perante o Xulgado de Instrución número 1, neste caso polo atraso na execución dunha sentenza en materia de persoal.

Motivos polos que a TVG non divulgou as declaracións feitas, o 30 de novembro de 2018, polo Sr. Pérez Alonso diante do titular do Xulgado Central de Instrución número 5 da Audiencia Nacional, referidas á denominada caixa B do PP.

Tratamento outorgado pola TVG á cadea de declaracións e decisións adoptadas pola Srª Vale López, exmembro do Grupo Municipal do PP en Viveiro, a raíz das consecuencias derivadas do asolagamento provocado, o 18 de novembro de 2018, polo río Xunqueira ao seu paso polo barrio do mesmo nome.

Atención prestada pola TVG á decisión adoptada por parte do Sr. Núñez Feijóo na rolda de prensa que ofreceu logo da celebración do Consello da Xunta do 13 de decembro de 2018, concretamente a súa negativa a responder a unha pregunta realizada por un reporteiro gráfico da Corporación de Radio y Televisión Española, S.A. centrada nos denominados venres negros.

Causas polas que a TVG na cobertura informativa do acto no que o Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia celebrou o corenta aniversario do seu primeiro Congreso Nacional, concretamente o 22 de novembro de 2018, esta organización sindical quedou totalmente excluída.

Solicitude de información desagregada sobre o custo anual de cada efectivo da Corporación RTVG e motivos polos que a Dirección Xeral da Corporación RTVG aludiu no apartado cinco da orde do día ao propio do Comité Interempresas, ademais do rogo consistente en perseverar nas negociacións coa representación legal dos traballadores.

En función do tráxico suceso ocorrido o 19 de decembro de 2018 na zona de Fisterra (afundimento do pesqueiro *Sin querer dos*), tendo en conta que nesa data tivo lugar unha folga de vinte e catro horas na empresa, se as necesidades para atendelo foron postas en coñecemento do Comité de Folga.

Criterios seguidos pola TVG e a Radio Galega á hora de realizar a cobertura informativa da visita cursada, o 3 de decembro, polo Sr. secretario xeral do PSdeG-PSOE á Srª ministra de Defensa.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Razóns polas que nos informativos da TVG do 10 de decembro de 2018 non se situou nun lugar destacado a información atinente á dimisión en bloque de vinte e dous xefes de centros de saúde do SERGAS en Vigo.

Causas polas que nos espazos informativos da TVG do 15 de decembro de 2018 se incluíron as críticas dirixidas pola Srª conselleira de Infraestruturas e Mobilidade ao Ministerio de Fomento e centradas en varias cuestións relacionadas coa AP-9, mentres que, pola contra, se omitiu a información de que a Xunta de Galicia incrementou as peaxes das autoestradas que xestiona un 2,15%, case medio punto por riba das estatais.

Solicitude de información sobre o presunto recurso formulado en relación coa adxudicación do expediente número 2018000251, arrendamento de vehículos para cubrir as necesidades de desprazamento e transporte de equipos de cámara (ENG) e subministración dun vehículo tipo furgoneta para a Corporación RTVG.

Posible utilización de equipamento informático da Corporación RTVG para incluír mensaxes na conta de Twitter denominada “O pego” (@OPEGO2) nas que se conteñen datos persoais de traballadores da empresa e ameazas dirixidas a estes.

Tratamento informativo dispensado na TVG á nova baseada na resolución ditada polo Xulgado do Social número 6 de Madrid en virtude da demanda presentada polo exdirector da canle 24 Horas contra a Corporación de Radio y Televisión Española, S.A.

Atención outorgada pola TVG aos insultos proferidos, o 30 de outubro de 2018, pola actual máxima responsable da Corporación Radio y Televisión Española, S.A. e dirixidos ao Sr. voceiro do G.P. no Congreso na Comisión Mixta de Control Parlamentario da Corporación RTVE e as súas sociedades.

No estudo elaborado por Barlovento Comunicación, S.L. (Informe Barlovento. Novembro 2018), baseado en datos proporcionados por Kantar Media, S.A., revélase que a denominada “cuarta idade” (público de entre cincuenta e sesenta e catro anos), con alto poder adquisitivo e activa no consumo, representa o vinte e sete por cento da audiencia total de televisión, á que dedica unha media de cinco horas diarias, situándose precisamente en último lugar os residentes en Galicia (catro horas e trinta e oito minutos). Posto que ese segmento da audiencia constitúe o máis pretendido polas diferentes operadoras, en función dos datos anteriormente indicados, intencións da Dirección para 2019 respecto ao mesmo.

En relación co accidente sufrido, o 19 de decembro de 2018, pola embarcación *Sin querer dos*, tendo en conta que nesa data se desenvolveu unha folga na empresa, se profesionais adscritos ao Departamento de Información e Documentación que secundaron a mesma se ofreceron para tomar parte no operativo disposto para dar conta do antedito suceso, ou se o Comité de Folga realizou un ofrecemento para suspendela momentaneamente.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ademais:

Elevouse a proposta consistente en avaliar a posibilidade de que o Consello de Administración da Corporación RTVG redacte unha declaración pública en defensa dos medios públicos de comunicación, abordando esta cuestión no seo da Comisión de Regulamento e Réxime Interior (o Sr. presidente amosouse de acordo coa anterior proposición, facendo a puntualización de que primeiramente se debería determinar se ten encaixe nas competencias atribuídas ao Consello de Administración da Corporación RTVG).

Un Sr. conselleiro realizou diversas consideracións arredor da comunicación realizada pola Dirección Xeral da Corporación RTVG no pleno ordinario do 27 de novembro de 2018 (anuncio de proceder ao nomeamento do Sr. xefe do Servizo de Produción e Realización).

Resumo de asuntos tratados nas devanditas doce sesións plenarias ordinarias:

| SESIÓN PLENARIA | Nº DE ASUNTOS TRATADOS NO APARTADO "INFORMES DO SR. DIRECTOR XERAL DA CORPORACIÓN RTVG" [1] | OUTROS INFORMES DA DIRECCIÓN XERAL DA CORPORACIÓN RTVG [1] | CUESTIÓNS INCLUÍDAS NO APARTADO "ASUNTOS DE TRÁMITE" | OUTRAS DECISIÓNS |
|---|---|---|---|---|
| 31 de xaneiro | 2 | 1 | 1 | 1 |
| 27 de febreiro | 5 | 0 | 0 | 0 |
| 22 de marzo | 3 | 1 | 0 | 0 |
| 25 de abril | 2 | 1 | 1 | 1 |
| 30 de maio | 4 | 0 | 0 | 0 |
| 26 de xuño | 0 | 2 | 0 | 0 |
| 31 de xullo | 5 | 1 | 0 | 1 |
| 31 de agosto | 3 | 0 | 2 | 0 |
| 25 de setembro | 4 | 0 | 0 | 0 |
| 23 de outubro | 0 | 0 | 0 | 0 |
| 27 de novembro | 3 | 1 | 3 | 0 |
| 20 de decembro | 3 | 0 | 0 | 3 |
| **TOTAL** | **34** | **7** | **7** | **6** |

[1] Contabilízanse exclusivamente os informes facilitados en función dos títulos atribuídos a estes nas actas das sesións plenarias, é dicir, obviando que algúns deles abranguían varios asuntos.



CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tampouco se computan as cuestións colaterais xurdidas a partir dos devanditos informes. Ademais, respostas a determinadas preguntas cualificáronse como informes en senso estrito.

Rogos e preguntas dirixidos á Dirección Xeral da Corporación RTVG e atendidos por esta (na mesma sesión plenaria ou noutra posterior):

| SESIÓN PLENARIA | FORMULADOS | ATENDIDOS NO MESMO PLENO | ATENDIDOS DE ANTERIORES PLENOS | OUTROS ROGOS OU CONSIDERACIÓNS |
|---|---|---|---|---|
| 31 de xaneiro | 6 | 0 | 10 | 0 |
| 27 de febreiro | 18 | 0 | 6 | 0 |
| 22 de marzo | 3 | 0 | 17 | 0 |
| 25 de abril | 15 | 2 | 4 | 4 |
| 30 de maio | 19 | 0 | 14 | 1 |
| 26 de xuño | 14 | 1 | 17 | 3 |
| 31 de xullo | 11 | 0 | 12 | 4 |
| 31 de agosto | 11 | 1 | 10 | 0 |
| 25 de setembro | 16 | 1 | 9 | 4 |
| 23 de outubro | 14 | 1 | 15 | 3 |
| 27 de novembro | 15 | 1 | 12 | 2 |
| 20 de decembro | 18 | 0 | 13 | 2 |
| **TOTAL** | **160** | **7** | **139** | **23** |

Cómpre salientar que non se enumeran:

As múltiples respostas ofrecidas nas intervencións posteriores dos Sres. conselleiros en relación cos asuntos sobre os que informou a Dirección Xeral da Corporación RTVG en cada sesión plenaria, como tampouco as numerosas aclaracións demandadas por aqueles e atendidas por esta.

As repreguntas ou aclaracións sobre preguntas previas.

Igualmente, é necesario subliñar que algunhas cuestións concretas suscitadas en sesións plenarias foron respondidas e/ou completadas por representantes da Dirección Xeral da Corporación RTVG en xuntanzas das comisións de participación.

### 11.2.2 Decisións adoptadas polo socio único da CRTVG

4 de maio de 2018, a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (representada pola Srª secretaria xeral técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia), na súa condición de socio único da Corporación RTVG, por ser titular do 100% do seu capital social, decidiu, de conformidade co artigo 15 do Texto Refundido

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

da Lei de Sociedades de Capital, exercer as competencias da Xunta Xeral Universal para adoptar as seguintes decisións:

Despois de proceder á súa lectura e exame, aprobar as contas anuais, o informe de xestión e a proposta de aplicación do resultado da Corporación RTVG correspondentes ao exercicio social pechado a 31 de decembro de 2017, previa formulación das mesmas, por unanimidade, por parte do Consello de Administración da Corporación RTVG no pleno ordinario que este celebrou o 22 de marzo de 2018.

Aprobar a xestión desenvolvida polo Consello de Administración da Corporación RTVG durante o exercicio social pechado a 31 de decembro de 2017.

Facultar expresamente á Srª secretaria non conselleira do Consello de Administración da Corporación RTVG para que puidese elevar a público as decisións adoptadas polo socio único nesa data, quedando habilitada, así mesmo, para realizar cantas actuacións fosen necesarias para a validez das devanditas decisións e a súa inscrición, total ou parcial, nos rexistros públicos correspondentes.

### 11.2.3 Órganos ou comisións de participación, asesoramento ou de control interno

O artigo 12, alínea 3, da Lei 9/2011, do 9 de novembro, obriga a constituír no seo do Consello de Administración unha Comisión de Economía e Control (mandato reiterado no artigo 11, alínea 2, dos estatutos sociais).

Así mesmo, o artigo 19, alínea 1, letra e), da Lei 9/2011, do 9 de novembro, facúltao para aprobar a creación dos órganos ou das comisións de participación, asesoramento ou de control interno (potestade na que se reincide no artigo 11, alínea 2, dos estatutos sociais).

Ao abeiro do indicado, creáronse as seguintes seis comisións: Economía e Control, Igualdade e Responsabilidade Social Corporativa, Programación, Recursos Humanos, Regulamento e Réxime Interior e Renovación Tecnolóxica e Novas Canles.

#### 11.2.3.1. Comisión de Economía e Control

A Lei 9/2011, do 9 de novembro, determina no seu artigo 28 que o número de membros e as normas de funcionamento da Comisión de Economía e Control se fixaran estatutariamente (ou, se é o caso, polas normas de funcionamento interno da entidade, que, en todo caso, favorecerán a independencia do seu funcionamento). Dando cumprimento a ese mandato, o artigo 20, alínea 1, dos estatutos sociais, dispón a creación dunha Comisión de Economía e Control, que será formada na primeira sesión do Consello de Administración da Corporación RTVG e estará composta por tres membros. Engade que seus integrantes desempeñarán o cargo por un período de tres anos e cesarán cando o fagan na súa condición de conselleiros, cando así o acorde o Consello de Administración da Corporación RTVG ou polo transcurso do prazo establecido para o desempeño do seu cargo.

CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Competencias:

➔ O seguimento do estado financeiro da Corporación RTVG, así como o estrito cumprimento do servizo público para o cal foi creada. Para iso, poderá requirir canta información coide necesaria para poder exercer as súas funcións.

➔ A supervisión das contas anuais de cada exercicio e a formulación das observacións que considere axeitadas.

➔ A supervisión do plan anual de actividades, da memoria anual e dos anteproxectos de orzamentos da Corporación RTVG.

➔ A análise das liñas xerais de asignación orzamentaria de cada exercicio e dos criterios utilizados para a súa elaboración.

➔ A supervisión dos plans financeiros plurianuais.

➔ A realización dun seguimento e análise da xestión e evolución da execución orzamentaria.

➔ O seguimento da evolución dos ingresos comerciais.

➔ A supervisión, con carácter trimestral, da posición financeira da Corporación RTVG.

Na alínea 4 do artigo 20 dos estatutos sociais especifícase que o funcionamento da Comisión de Economía e Control debe fixarse no regulamento de funcionamento aprobado polo Consello de Administración da Corporación RTVG, debendo reunirse, en todo caso, con periodicidade, polo menos, trimestral, e cada vez que a convoque o seu presidente, que será elixido polo Consello de Administración da Corporación RTVG na súa primeira sesión.

| Creada no pleno ordinario celebrado o 4 de xaneiro de 2016 | |
|---|---|
| Integrantes: | Sres. García Ferreiro e Meijide Gómez e Srª Peón Piñeiro |
| Presidente | Sr. Meijide Gómez, elixido no pleno ordinario do 26 de febreiro de 2016 |

<u>Reunións celebradas durante o exercicio 2018</u>:

Data: 10 de xaneiro de 2018.
Comparecente: Sr. xefe do Servizo de Coordinación e Control da Xestión.
Asunto: informe sobre a posición financeira ao 31 de decembro de 2017.

Data: 16 de xaneiro de 2018.
Comparecente: Sr. director da Área de Innovación e Negocio.



CSV: BOPGDSPGXYDni1qy86
Verificación:
